Os tres equipos gañadores foron premiados con galardóns de 1.000 , 700 e 400 cada un. O equipo que máis puntuación obtivo foi XORprecha, composto por Ismael Melchor Juan, Esteban Segura Ripoll, Álvaro Manso Porteiro, Pedro José Navas Pérez e José Ángel Álvarez Sánchez; o segundo premio acadouno o equipo HackOn, formado por Oirois García, Armando Nogueira Río, Rubén Pérez Jove, Gabriel Díaz Guimaraens e Olalla Rama García; e o terceiro premio recaeu no equipo CumbiaOnTheFlag formado por Anxo Otero Dans, Javier Pérez Arias, Julián González Muñoz, Javier Rodríguez Campo e Nicolás Alonso Ojea.

Programa da CITIC Cyber Competition

O acto de apertura contou coa presenza do Reitor da Universidade da Coruña, Julio E. Abalde Alonso; o director do CITIC da UDC, Manuel F. González Penedo; a subdirectora do atlanTTic da Universidade de Vigo, Yolanda Blanco Fernández; directora da Cátedra R en Ciberseguridade e coordinadora do MUnICS na UVigo, Ana Fernández Vilas; o decano da Facultade de Informática da UDC, Mariano Javier Cabrera Canosa; e a delegada de Protección de Datos do Grupo MASMOVIL, Susana Rey Baldomir. Todos eles coincidiron en destacar a necesidade de estar protexidos ante as ameazas que acompañan ao desenvolvemento dun mundo hiperconectado e a importancia de apostar por eventos destas características que fomenten o interese por esta disciplina entre a mocidade.

O director da Cátedra R na UDC, Carlos Dafonte Vázquez; a directora da Cátedra R en Ciberseguridade e coordinadora do MUnICS na UVigo, Ana Fernández Vilas; o decano da Facultade de Informática da UDC, Mariano Javier Cabrera Canosa; e a delegada de Protección de Datos do Grupo MASMOVIL, Susana Rey Baldomir, foron os encargados da entrega de premios e clausura do evento.

Sobre o CITIC

O CITIC é un centro de investigación que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC, creado en 2008 pola Universidade da Coruña. A actividade científica do centro estrutúrase en catro áreas de investigación principais: Intelixencia Artificial; Ciencia e Enxeñaría de Datos; Computación de Altas Prestacións; e Servizos e Redes Intelixentes, e unha área de investigación transversal a todas elas: a de Ciberseguridade.

Na actualidade, o CITIC está acreditado como Centro de Investigación do Sistema Universitario Galego (CIGUS). A acreditación, estruturación e mellora do CITIC está cofinanciada pola Xunta de Galicia e a Unión Europea no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, co obxectivo temático de promover o desenvolvemento tecnolóxico a innovación e unha investigación de calidade.

Un dos obxectivos do CITIC pasa por poñer ao alcance da sociedade os resultados das súas investigacións, polo que o centro promove accións de ciencia cidadá e actividades divulgativas que potencien as vocacións científicas e garantan a renovación do talento no ámbito das TIC.

Foto 1: Primeiro premio da Cyber Competition 2023

Foto 2: O CITIC da UDC acolleu a 50 dos 119 participantes, o resto competían desde a Uvigo (29) e en modo virtual (40).



Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

119 estudantes participaron na 2ª edición da CITIC Cyber Competition

original

xoves, 30 de marzo do 2023



Máis dun cento estudantes de Bacharelato, Formación Profesional, Grao e Máster de centros educativos de España, organizados en 32 equipos, [participaron onte na segunda edición da CITIC Cyber Competition](#), unha competición no ámbito da seguridade informática organizada polo Centro de Investigación en TIC (CITIC) da Universidade da Coruña, e o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic) da Universidade de Vigo. O evento contou co patrocinio da Cátedra R en Ciberseguridade e o apoio da Facultade de Informática da UDC, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo e o Máster Inter-Universitario en Ciberseguridade (MUniCS).

A [CITIC Cyber Competition](#) contou con 119 estudantes, 50 dos cales participaron desde a sede do CITIC na Coruña, 29 desde a sede de atlanTTic en Vigo e 40 deles o fixeron en modalidade virtual.

Competición CTF (Capture The Flag)



A competición desenvolveuse en formato CTF (Capture The Flag) ou captura a bandeira, de modo que os e as participantes tiveron que resolver diferentes retos en ciberseguridade e no menor tempo posible "capturar a bandeira". Durante 4 horas, os 32 equipos enfrontáronse a 21 retos relacionados con diversas temáticas como a esteganografía, é dicir, as técnicas que permiten ocultar mensaxes ou datos dentro doutros de xeito que non se perciba súa existencia; a ciencia forense ou o pentesting, unha práctica consistente en atacar un sistema informático coa intención de atopar as súas debilidades de seguridade.

Os tres equipos gañadores foron premiados con galardóns de 1.000 euros, 700 euros e 400 euros cada un. O equipo que máis puntuación obtivo foi XORprecha, composto por Ismael Melchor Juan, Esteban Segura Ripoll, Álvaro Manso Porteiro, Pedro José Navas Pérez e José Ángel Álvarez Sánchez; o segundo premio acadouno o equipo HackOn, formado por Orois García, Armando Nogueira Río, Rubén Pérez Jove, Gabriel Díaz Guimaraens e Olalla Rama García; e o terceiro premio recaeu no equipo CumbiaOnTheFlag formado por Anxo Otero Dans, Javier Pérez Arias, Julián González Muñoz, Javier Rodríguez Campo e Nicolás Alonso Ojea.

Programa da CITIC Cyber Competition



O acto de apertura contou coa presenza do Reitor da Universidade da Coruña, Julio E. Abalde Alonso; o director do CITIC da UDC, Manuel F. González Penedo; a subdirectora doatlanTTic da Universidade de Vigo, Yolanda Blanco Fernández; directora da Cátedra R en Ciberseguridade e coordinadora do MUnICS na UVigo, Ana Fernández Vilas; o decano da Facultade de Informática da UDC, Mariano Javier Cabrera Canosa; e a delegada de Protección de Datos do Grupo MASMOVIL, Susana Rey Baldomir. Todos eles coincidiron en destacar a necesidade de estar protexidos ante as ameazas que acompañan ao desenvolvemento dun mundo hiperconectado e a importancia de apostar por eventos destas características que fomenten o interese por esta disciplina entre a mocidade.

O director da Cátedra R na UDC, Carlos Dafonte Vázquez; a directora da Cátedra R en Ciberseguridade e coordinadora do MUnICS na UVigo, Ana Fernández Vilas; o decano da Facultade de Informática da UDC, Mariano Javier Cabrera Canosa; e a delegada de Protección de Datos do Grupo MASMOVIL, Susana Rey Baldomir, foron os encargados da entrega de premios e clausura do evento.

A UDC celebrou unha competición de ciberseguridade para promover o interese na disciplina

original

Máis dun cento estudantes de Bacharelato, Formación Profesional, Grao e Máster de centros educativos de España, organizados en 32 equipos, participaron na tarde do mércores 29 de marzo na segunda edición da **CITIC Cyber Competition**, unha competición no ámbito da seguridade informática organizada polo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (USC) e o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic) da Universidade de Vigo.

O evento contou co patrocinio da Cátedra R en Ciberseguridade e o apoio da Facultade de Informática da UDC, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo e o Máster Inter-Universitario en Ciberseguridade (MUniCS). A **CITIC Cyber Competition** contou con **119 estudantes**, 50 dos cales participaron desde a sede do CITIC na Coruña, 29 desde a sede de atlanTTic en Vigo e 40 deles o fixeron en modalidade virtual.

Competición CTF (*Capture The Flag*)

A competición desenvolveuse en formato CTF (*Capture The Flag*) ou captura a bandeira, de modo que os e as participantes tiveron que resolver diferentes retos en ciberseguridade e no menor tempo posible "capturar a bandeira". Durante 4 horas, os 32 equipos enfrontáronse a 21 retos relacionados con diversas temáticas como a **esteganografía**, é dicir, as técnicas que permiten ocultar mensaxes ou datos dentro doutros de xeito que non se perciba súa existencia; a ciencia forense ou o *pentesting*, unha práctica consistente en atacar un sistema informático coa intención de atopar as súas debilidades de seguridade.

Os tres equipos gañadores foron premiados con galardóns de 1.000 €, 700 € e 400 € cada un. O equipo que máis puntuación obtivo foi XORprecha, composto por **Ismael Melchor Juan, Esteban Segura Ripoll, Álvaro Manso Porteiro, Pedro José Navas Pérez e José Ángel Álvarez Sánchez**; o segundo premio acadouno o equipo HackOn, formado por **Orois García, Armando Nogueira Río, Rubén Pérez Jove, Gabriel Díaz Guimaraens e Olalla Rama García**; e o terceiro premio recaeu no equipo CumbiaOnTheFlag formado por **Anxo Otero Dans, Javier Pérez Arias, Julián González Muñoz, Javier Rodríguez Campo e Nicolás Alonso Ojea**.



O equipo "Xorprecha" recollendo o primeiro premio.

Todos eles coincidiron en destacar a necesidade de estar protexidos ante as **ameazas que acompañan ao desenvolvemento dun mundo hiperconectado** e a importancia de apostar por eventos destas características que fomenten o interese por esta disciplina entre a mocidade.

O director da Cátedra R na UDC, **Carlos Dafonte Vázquez**; a directora da Cátedra R en Ciberseguridade e coordinadora do MUnICS na UVigo, **Ana Fernández Vilas**; o decano da Facultade de Informática da UDC, **Mariano Javier Cabrera Canosa**; e a delegada de Protección de Datos do Grupo MASMOVIL, **Susana Rey Baldomir**, foron os encargados da entrega de premios e clausura do evento.

Campeones de la ciberseguridad

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

original

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).



Campións da ciberseguridad

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

original

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).





Campeones de la ciberseguridad

Más de cien estudiantes organizados en 32 equipos participaron en la CITIC Cyber Competition, una competición de seguridad informática organizada por centros de investigación de A Coruña y Vigo. Los estudiantes tuvieron que resolver retos de ciberseguridad en el menor tiempo posible. Los equipos XORprecha, HackOn y CumbiaOnTheFlag se hicieron con los tres primeros premios.

LOC

La Xunta instalará una cubierta en la pista polideportiva del instituto de Elviña

REDACCIÓN
A CORUÑA

La Xunta invertirá cerca de medio millón de euros en las obras de reforma del instituto de Elviña. El delegado de la Xunta en A Coruña, Gonzalo Trenor, visitó el centro educativo para anunciar una inversión de más de 440.000 euros para llevar a cabo la instalación de una cubierta en la pista de fútbol, para contar así con una pista polideportiva cerrada para el uso de toda la comunidad educativa. La obra prevista consistirá en la realización de una cubierta para un mayor aprovechamiento de los espacios exteriores del centro en todo tipo de condicio-

nes meteorológicas, en la zona de la parcela donde actualmente existe una pista de fútbol. Este volumen constará de una estructura prefabricada de hormigón y un revestimiento vertical de chapa galvanizada perforada, que resguarde, pero al mismo tiempo permita el paso de la luz.

Trenor recordó que en este centro también se está llevando una actuación de más de 510.000 euros para la sustitución de la cubierta del tejado, la impermeabilización de terrazas interiores y la reparación de las fachadas exteriores. En paralelo se está ejecutando una habilitación de espacios docentes en el interior y modernización de las aulas existentes.

R e as universidades da Coruña e Vigo revalidan a súa aposta pola Cátedra R en Ciberseguridade un ano máis

Os reitores das Universidades da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo), Julio Abalde e Manuel J. A Cátedra, na súa nova andaina, introduce unha novidade substancial no seu programa de actividades, pois dende agora entre elas figurará a promoción e fomento da contratación de prácticas curriculares e extracurriculares do alumnado, explicaron.

original



Os reitores das Universidades da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo), Julio Abalde e Manuel J. Reigosa, respectivamente, xunto a Alfredo Ramos, director de R, asinaron na mañá deste venres 31 de marzo, na sede coruñesa do operador galego, o convenio para a renovación da Cátedra R en Ciberseguridade, a primeira cátedra interuniversitaria galega que se creou en 2018 para responder ás crecentes necesidades de coñecemento desta materia na sociedade e na empresa. A Cátedra, na súa nova andaina, introduce unha novidade substancial no seu programa de actividades, pois dende agora entre elas figurará a promoción e fomento da contratación de prácticas curriculares e extracurriculares do alumnado, explicaron.

Porén, a Cátedra R manterá intactos os alicerces que a sosteñen dende hai máis de catro anos para promover o desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado universitario, mellorar a capacitación e ampliar os coñecementos técnicos e habilidades dos membros da comunidade universitaria e doutros profesionais. Segundo engadiron Abalde, Reigosa e Ramos, a meta última é adaptar ese coñecemento ás necesidades da empresa, fomentando a formación continua, a innovación e a investigación na área da ciberseguridade. Trátase, sinalaron, dunha cátedra pioneira que abriu as portas á colaboración entre universidades do territorio autónomo, dispostas esta vez a traballar de xeito conxunto co operador galego R na contorna da seguridade dixital.

O reitor da Universidade de Vigo, Manuel J. Reigosa, transmitiu a súa satisfacción por formar parte dunha alianza público-privada na que se xuntan as universidades da Coruña e Vigo, onde temos importantes centros de investigación relacionados coas TIC en xeral, e contamos con especialistas de recoñecido prestixio a nivel internacional. De feito, apuntou, a cátedra xa ten amosado ser unha ferramenta excelente para combinar as capacidades en I+D+i dos tres axentes que formamos parte desta alianza.

Á súa vez, o reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, agradeceu á empresa R que respalde a continuidade das accións promovidas con esta Cátedra R e celebrou que ese

cartafol se amplíe arestora incluíndo, nas dúas universidades, prácticas para estudantes, actividades fundamentais de cara a que o alumnado poida desenvolver o seu perfil profesional nutríndose da realidade laboral . Ademais, resaltou a relevancia do apoio da Cátedra R ao fomento da investigación e a innovación en seguridade dixital nun contexto de incremento dos delitos a través de Internet.

Pola súa banda, Alfredo Ramos asegurou que para R segue sendo unha noticia magnífica dar percorrido a este traballo compartido coas universidades da Coruña e de Vigo, unha iniciativa que ten marcado un antes e un despois na relación entre os centros universitarios e o sector das telecomunicacións galegas . Queda aberto o camiño para que o público e o privado traballen conxuntamente a prol da divulgación de coñecemento e experiencia sobre ciberseguridade, afondando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións . A súa relevancia evidénciase de xeito exponencial nos últimos tempos, actualmente na conxuntura de guerra en Europa e a crise económica derivada dela. Temos que seguir traballando para garantir a seguridade dixital de particulares e empresas; e a Cátedra R é unha vía idónea para realizar con excelencia este obxectivo, manifestou.

Prácticas en R e máis ciber-retos



Como dixemos, as universidades galegas e máis R deseñaron unha Cátedra á que agora lle dan continuidade incorporando o capítulo das prácticas curriculares e extracurriculares en R. Trátase de dúas bolsas anuais para a Facultade de Enxeñaría Informática da UDC e outras dúas para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de UVigo dirixidas a estudantes de Grao e de Máster, que poden incluír a realización do traballo de fin de grao ou de fin de máster (TFG ou TFM). A idea é capacitar profesionalmente os/as alumnos/as realizando esas prácticas en R baixo a dirección e supervisión dun/dunha titor/a académico/a do centro onde realizan os seus estudos. Para afrontar estes novos proxectos, a dotación económica da Cátedra R aumenta nun 50 % con respecto á edición anterior. Deste xeito, aplicaron os reitores e o director da compañía, a Cátedra R revalida, por unha banda, a súa vocación de abertura a novas liñas de actuación e, por outra, a vixencia das actividades que a fundamentan (formación, divulgación e investigación). Ademais, mantense o patrocinio das Xornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade (XNIC), que este ano celebrarán a súa VIII edición no mes de xuño para promover, coma sempre, o contacto, intercambio e discusión de ideas, coñecementos e experiencias entre a rede académica e de investigación, por unha banda, e profesionais e empresas por outra.

A Cátedra R seguirá igualmente organizando o concurso *Capture The Flag* (CTF), o reto de ciberseguridade onde compiten profesionais e/ou estudantes que poñen a proba os seus

límites, habilidades e destrezas para resolver os desafíos presentados. A segunda edición de CTF celebrouse esta mesma semana no CITIC coruñés con participación telemática de estudantes do Máster de Ciberseguridade de Vigo.

PUBLICIDADE



Adega Eidos



Terxy - Quercus

R e as universidades da Coruña e Vigo revalidan a súa aposta pola Cátedra R en Ciberseguridade un ano máis

Os reitores das universidades da Coruña e Vigo e o director de R asinaron esta mañá na sede do operador galego o convenio para renovar a Cátedra R en Ciberseguridade, pioneira en Galicia cando se creou hai catro. As actividades da Cátedra R incorporan esta vez a promoción e contratación de prácticas curriculares e extracurriculares e manteñen o foco nas áreas da formación, divulgación e investigación arredor da ciberseguridade.

[original](#)



- *Os reitores das universidades da Coruña e Vigo e o director de R asinaron esta mañá na sede do operador galego o convenio para renovar a Cátedra R en Ciberseguridade, pioneira en Galicia cando se creou hai catro*
- *As actividades da Cátedra R incorporan esta vez a promoción e contratación de prácticas curriculares e extracurriculares e manteñen o foco nas áreas da formación, divulgación e investigación arredor da ciberseguridade.*
- *Para afrontar estes novos retos, a dotación económica da Cátedra R aumenta nun 50 % con respecto á edición anterior.*
- *Revalidase o patrocinio das Xornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade e accións participativas promovidas pola Cátedra R como o concurso Capture the Flag, que vén de celebrar a súa segunda edición.*

Venres, 31 de marzo de 2023.- Os reitores das Universidades da Coruña (UDC) e de Vigo (UVIGO), Julio Abalde e Manuel J. Reigosa respectivamente, xunto a Alfredo Ramos, director de R, asinaron esta mañá na sede coruñesa do operador galego o convenio para a renovación da **Cátedra R en Ciberseguridade**, a primeira cátedra interuniversitaria galega que se creou en 2018 para responder ás crecentes necesidades de coñecemento desta materia na sociedade e na empresa, parellas ao desenvolvemento progresivo das novas tecnoloxías.

A **Cátedra R en Ciberseguridade**, hoxe renovada, introduce esta vez unha novidade substancial no seu programa de actividades, pois dende agora entre elas figurará a promoción e fomento da **contratación de prácticas curriculares e extracurriculares** do alumnado.

Ao tempo, a **Cátedra R** mantén intactos os alicerces que a sosteñen dende hai máis de catro anos para promover o desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado universitario, mellorar a capacitación e ampliar os coñecementos técnicos e habilidades dos membros da comunidade universitaria e doutros profesionais. A meta última é **adaptar ese coñecemento ás necesidades da empresa**, fomentando a formación continua, a innovación e a investigación na área da ciberseguridade.

Trátase dunha cátedra pioneira que abriu as portas á colaboración entre universidades do territorio autónomo, dispostas esta vez a traballar de xeito conxunto co operador galego **R** na da seguridade dixital.

O reitor da Universidade de Vigo, Manuel J. Reigosa, transmitiu a súa satisfacción por *formar parte dunha alianza público-privada na que se xuntan as universidades da Coruña e Vigo, onde temos importantes centros de investigación relacionados coas TIC en xeral, e contamos con especialistas de recoñecido prestixio a nivel internacional. De feito, a cátedra xa ten amosado ser unha ferramenta excelente para combinar as capacidades en I+D+i dos tres axentes que formamos parte desta alianza.*

Á súa vez, o reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, agradeceulle á empresa **R** que respalde a continuidade das accións promovidas con esta Cátedra **R** e celebrou que ese cartafol se amplíe arestora incluíndo, nas dúas universidades, prácticas para estudantes, actividades *fundamentais de cara a que o alumnado poida desenvolver o seu perfil profesional nutríndose da realidade laboral.* Ademais, resaltou a relevancia do apoio da Cátedra **R** ao fomento da investigación e a innovación en seguridade dixital nun contexto de incremento dos delitos a través de Internet.

Paralelamente, Alfredo Ramos asegurou que *para R segue sendo unha noticia magnífica darlle percorrido a este traballo compartido coas universidades da Coruña e de Vigo, unha iniciativa que ten marcado un antes e un despois na relación entre os centros universitarios e o sector das telecomunicacións galegas. Queda aberto o camiño para que o público e o privado traballen conxuntamente a prol da divulgación de coñecemento e experiencia sobre ciberseguridade, afondando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións. A súa relevancia -engadiu Ramos- evidénciase de xeito exponencial nos últimos tempos, actualmente na conxuntura de guerra en Europa e a crise económica derivada dela. Temos que seguir traballando para garantir a seguridade dixital de particulares e empresas; e a Cátedra R é unha vía idónea para realizar con excelencia este obxectivo.*

Prácticas en R e máis ciber-retos.

As universidades galegas e máis **R** deseñaron unha Cátedra á que agora lle dan continuidade incorporando o capítulo das **prácticas curriculares e extracurriculares en R**. Trátase de dúas bolsas anuais para a Facultade de Enxeñaría Informática da UDC e outras dúas para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de UVIGO dirixidas a estudantes de Grao e de Máster, que poden incluír a realización do traballo de fin de grao ou de fin de máster (TFG ou TFM). A idea é capacitar profesionalmente os/as alumnos/as realizando esas prácticas en **R** baixo a dirección e supervisión dun/dunha titor/a académico/a do centro onde realizan os seus estudos. Para afrontar estes novos proxectos, a **dotación económica da Cátedra R aumenta nun 50 %** con respecto á edición anterior. Así, a Cátedra **R** revalida, por unha banda, a súa vocación de abertura a novas liñas de actuación e, por outra, a vixencia das actividades que a fundamentan (formación, divulgación e investigación).

Ademais, mantense o **patrocinio das Xornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade (XNIC)**, que este ano celebrarán a súa VIII edición no mes de xuño para promover, coma sempre, o contacto, intercambio e discusión de ideas, coñecementos e experiencias entre a rede académica e de investigación, por unha banda, e profesionais e empresas por outra.

A **Cátedra R** seguirá igualmente organizando o concurso **Capture The Flag (CTF)**, o reto de ciberseguridade onde compiten profesionais e/ou estudantes que poñen a proba os seus límites, habilidades e destrezas para resolver os desafíos presentados. A segunda edición de CTF celebrouse esta mesma semana no CITIC coruñés con participación telemática de estudantes do máster de Ciberseguridade de Vigo.

Ciberseguridade, materia troncal dos novos tempos

A seguridade informática é un terreo que se converteu en imprescindible en poucos anos, tanto a nivel particular como empresarial ou institucional, pois compromete cuestións tan sensibles como a privacidade, a protección dos datos de corporacións de todo tipo e mesmo segredos de Estado, por citar tan só algúns exemplos da amplitude de implicacións que o termo conleva. A ciberseguridade aféctalle ao *software* (bases de datos, metadatos, arquivos), o *hardware* (equipamentos) e todo o que, relacionado coa información contida nos sistemas dunha organización, supoña para ela un risco no caso de chegar a mans de terceiros, converténdose moitas veces, deste xeito, en información privilexiada.

Por iso, para as empresas a ciberseguridade xa non é unha cuestión optativa nin un plus ou complemento das súas actividades senón un deber que, de non coidarse adecuadamente, pode comprometer mesmo a continuidade do propio negocio. E, paralelamente, para as persoas, que só con prácticas ciberseguras serán quen de protexer a súa intimidade e de evitar, por exemplo, a manipulación fraudulenta dos seus datos persoais e sensibles.

Nunha contorna cada vez máis dixital tanto en ámbitos persoais como profesionais, é imprescindible a formación das persoas como **cidadáns e cidadás dixitais responsables**, comezando mesmo dende a educación Primaria e Secundaria, como xa reclaman voces do sector dun tempo para acó. Trátase, en suma, de potenciar o coñecemento do universo da seguridade informática para fomentar vocacións que se converterán nos nosos/as profesionais da ciberseguridade nun futuro xa presente.

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

O operador R e as universidades da Coruña e Vigo revalidan a Cátedra R en Ciberseguridade

Os reitores das Universidades da Coruña e de Vigo, Julio Abalde e Manuel J. A renovada Cátedra R en Ciberseguridade introduce esta vez unha novidade substancial no seu programa de actividades, pois dende agora entre elas figurará a promoción e fomento da contratación de prácticas curriculares e extracurriculares do alumnado.

Metropolitano • original

Os reitores das Universidades da Coruña e de Vigo, Julio Abalde e Manuel J. Reigosa respectivamente, xunto a Alfredo Ramos, director de R, asinaron este venres na sede coruñesa do operador galego o convenio para a **renovación da Cátedra R en Ciberseguridade**, a primeira cátedra interuniversitaria galega que se creou en 2018 para responder ás crecentes necesidades de coñecemento desta materia na sociedade e na empresa, parellas ao desenvolvemento progresivo das novas tecnoloxías.

A renovada Cátedra R en Ciberseguridade introduce esta vez unha novidade substancial no seu programa de actividades, pois dende agora entre elas **figurará a promoción e fomento da contratación de prácticas curriculares e extracurriculares do alumnado**. Ao tempo, a cátedra mantén intactos os alicerces que a sosteñen dende hai máis de catro anos para promover o desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado universitario, mellorar a capacitación e ampliar os coñecementos técnicos e habilidades dos membros da comunidade universitaria e doutros profesionais. A meta última é adaptar ese coñecemento ás necesidades da empresa, fomentando a formación continua, a innovación e a investigación na área da ciberseguridade.

Másnoticias

[La UVigo ofertará el curso próximo más de 5.600 plazas de grado y máster de nuevo ingreso](#)

Trátase dunha cátedra pioneira que abriu as portas á colaboración entre universidades do territorio autónomo, dispostas esta vez a traballar de xeito conxunto co operador galego R na contorna da seguridade dixital.

A cátedra xa ten amosado ser unha ferramenta excelente

O reitor da Universidade de Vigo, Manuel J. Reigosa, transmitiu a súa satisfacción por formar parte dunha alianza público-privada na que se xuntan as universidades da Coruña e Vigo, onde temos importantes centros de investigación relacionados coas TIC en xeral, e contamos con especialistas de recoñecido prestixio a nivel internacional. De feito, insistiu o reitor vigués, a cátedra xa ten amosado ser unha ferramenta excelente para combinar as capacidades en I+D+i dos tres axentes que formamos parte desta alianza.

Á súa vez, o reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, agradeceulle á empresa R que respalde a continuidade das accións promovidas con esta Cátedra R e celebrou que ese cartafol se amplíe arestora incluíndo, nas dúas universidades, prácticas para estudantes, actividades fundamentais de cara a que o alumnado poida desenvolver o seu perfil profesional nutríndose da realidade laboral. Ademais, resaltou a relevancia do apoio da Cátedra R ao fomento da investigación e a innovación en seguridade dixital nun contexto de incremento dos delitos a través de Internet.

Paralelamente, Alfredo Ramos asegurou que para R segue sendo unha noticia magnífica darlle percorrido a este traballo compartido coas universidades da Coruña e de Vigo, unha iniciativa que ten marcado un antes e un despois na relación entre os centros universitarios e o sector das telecomunicacións galegas. Queda aberto o camiño para que o público e o privado traballen conxuntamente a prol da divulgación de coñecemento e experiencia sobre ciberseguridade, afondando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións. A súa relevancia -engadiu Ramos- evidénciase de xeito exponencial nos últimos tempos, actualmente na conxuntura de guerra en Europa e a crise económica derivada dela. Temos que seguir

traballando para garantir a seguridade dixital de particulares e empresas; e a Cátedra R é unha vía idónea para realizar con excelencia este obxectivo.

Prácticas en R e máis ciber-retos

As universidades galegas e máis R **deseñaron unha cátedra á que agora lle dan continuidade incorporando o capítulo das prácticas curriculares e extracurriculares en R**. Trátase de dúas bolsas anuais para a Facultade de Enxeñaría Informática da UDC e outras dúas para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de UVIGO dirixidas a estudantes de grao e de máster, que poden incluír a realización do Traballo de Fin de Grao ou de Traballo Fin de Máster (TFG ou TFM). A idea é capacitar profesionalmente ao alumnado realizando esas prácticas en R baixo a dirección e supervisión dun titor ou titora do centro onde realizan os seus estudos. Para afrontar estes novos proxectos, a dotación económica da Cátedra R aumenta nun 50 % con respecto á edición anterior. Así, a Cátedra R revalida, por unha banda, a súa vocación de abertura a novas liñas de actuación e, por outra, a vixencia das actividades que a fundamentan (formación, divulgación e investigación).

Ademais, mantense o **patrocinio das Xornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade (XNIC)**, que este ano celebrarán a súa VIII edición no mes de xuño para promover, coma sempre, o contacto, intercambio e discusión de ideas, coñecementos e experiencias entre a rede académica e de investigación, por unha banda, e profesionais e empresas por outra.

A Cátedra R seguirá igualmente organizando o concurso Capture The Flag (CTF), o reto de ciberseguridade onde compiten profesionais e/ou estudantes que poñen a proba os seus límites, habilidades e destrezas para resolver os desafíos presentados, que se celebre esta mesma semana no CITIC coruñés con participación telemática de estudantes do máster de Ciberseguridade da UVigo.



R y las universidades de A Coruña y Vigo renuevan la Cátedra R en Ciberseguridad

La Cátedra R en Ciberseguridad introduce en esta renovación una novedad substancial en su programa de actividades, pues desde ahora entre ellas figurará la promoción y fomento de la contratación de prácticas curriculares y extracurriculares del alumnado. La meta última, adaptar ese conocimiento a las necesidades de la empresa, fomentando la formación continua, la innovación y la investigación en el área de la ciberseguridad.

original



Manuel Reigosa, Alfredo Ramos y Julio Abalde, en la renovación del convenio de la Cátedra R en Ciberseguridad.

La Cátedra R en Ciberseguridad introduce en esta renovación una novedad substancial en su programa de actividades, pues desde ahora entre ellas figurará la promoción y **fomento de la contratación de prácticas curriculares y extracurriculares** del alumnado.

Al tiempo, la Cátedra R mantiene intactos los pilares que la sostienen desde hace **más de cuatro años** para **promover el desarrollo de las competencias profesionales del alumnado universitario**, mejorar la capacitación y ampliar los conocimientos técnicos y habilidades de los miembros de la comunidad universitaria y de otros profesionales. La meta última, adaptar ese conocimiento a las necesidades de la empresa, fomentando la formación continua, la innovación y la investigación en el área de la ciberseguridad.

El **rector de la Universidad de Vigo, Manuel j. Reigosa**, transmitió su satisfacción por formar parte de una alianza público-privada en la que se unen las universidades de A Coruña y Vigo, donde tenemos importantes centros de investigación relacionados con las TIC en general y contamos con especialistas de reconocido prestigio a nivel internacional. De hecho, la cátedra ya ha demostrado ser una herramienta excelente para combinar las capacidades en I+D+i de los tres agentes que formamos parte de esta alianza

A su vez, el **rector de la Universidad de A Coruña, Julio Abalde**, agradeció a la empresa R que respalde la continuidad de las acciones promovidas con esta Cátedra R y celebró que este catálogo se amplíe ahora incluyendo, en ambas universidades, prácticas para el alumnado, actividades fundamentales para que los/ estudiantes puedan desarrollar su perfil profesional nutriéndose de la realidad laboral. Abalde resaltó la relevancia del apoyo de la Cátedra R en Ciberseguridad al **fomento de la investigación y la innovación en seguridad digital**, en un contexto de incremento de los delitos a través de internet.

Paralelamente, el **director de R, Alfredo Ramos**, aseguró que para R sigue siendo una noticia magnífica dar recorrido a este trabajo compartido con las universidades de A Coruña y de Vigo, una iniciativa que ha marcado un antes y un después en la relación entre los centros universitarios y el sector de las telecomunicaciones gallegas. Se ha abierto el camino para que lo público y lo privado trabajen conjuntamente en pro de la divulgación de conocimiento y experiencia sobre ciberseguridad, profundizando en sus riesgos y amenazas, desafíos y soluciones. Su relevancia -añadió Ramos- se evidencia de manera exponencial en los últimos tiempos, actualmente en la coyuntura de guerra en Europa y crisis económica derivada de ella. Tenemos que seguir trabajando para garantizar la seguridad digital de particulares y empresas; y la Cátedra R es una vía abierta para realizar con excelencia este objetivo.

Prácticas en R

Las universidades gallegas y R han diseñado una Cátedra a la que ahora dan continuidad incorporando el capítulo de las prácticas curriculares y extracurriculares en R. Se trata de **dos becas anuales para la Facultad de Enxeñaría Informática de la UDC y otras dos para la Escola de Enxeñaría de Telecomunicación de la UVigo** dirigidas a estudiantes de Grado y de Máster, que pueden incluir la realización del trabajo de fin de grado o de fin de máster (TFG o TFM). La idea es capacitar profesionalmente a los/ alumnos realizando esas prácticas en R bajo la dirección y supervisión de un tutor académico/ del centro donde realizan sus estudios. Para afrontar estos nuevos proyectos, **la dotación económica de la Cátedra R aumenta en un 50%** con respecto a la edición anterior.

Además, se mantiene el patrocinio de las **Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad** y la Cátedra R seguirá igualmente organizando el concurso **Capture The Flag**, un reto de ciberseguridad celebrado esta semana en el CITIC coruñés donde compiten profesionales y estudiantes que ponen a prueba sus límites, habilidades y destrezas para resolver los desafíos planteados.

O investigador do CITIC Richard Duro participou no Foro Europeo de Robótica 2023

O pasado mes de marzo celebrouse na cidade danesa de Odense o Foro Europeo de Robótica 2023 (ERF 2023), a reunión máis influente da comunidade robótica en Europa. O foro contou coa participación dos principais axentes clave do sector quen, durante catro días (do 14 ao 16 de marzo), debateron sobre o impulso tecnolóxico e a innovación en robótica, así como da IA (Intelixencia Artificial) relacionada con esta disciplina.

original



O pasado mes de marzo celebrouse na cidade danesa de Odense o Foro Europeo de Robótica 2023 (ERF 2023), a reunión máis influente da comunidade robótica en Europa. O foro contou coa participación dos principais axentes clave do sector quen, durante catro días (do 14 ao 16 de marzo), debateron sobre o impulso tecnolóxico e a innovación en robótica, así como da IA (Intelixencia Artificial) relacionada con esta disciplina.

O Centro de Investigación TIC (CITIC) da UDC estivo representado polo investigador Richard Duro, quen aproveitou a ocasión para promocionar o proxecto PILLAR Robots xunto con membros de PAL Robotics, empresa integrante do consorcio internacional que desenvolve o proxecto e que está liderado polo CITIC. O proxecto busca desenvolver unha nova xeración de robots dotados dun maior nivel de autonomía e independencia durante a súa aprendizaxe.



Richard Duro, durante a súa estancia en Odense, tamén participou na Asemblea Xeral de Eurobotics, asociación internacional con sede en Bruxelas que ten o obxectivo de impulsar a I+D+i en robótica en Europa e da que o CITIC é membro desde 2021.

PUBLICIDADE

Bandalux
máis que moda en cortinas

Z-BOX

Cortina enrolable con caixon e guía lateral con cremalleira e movemento a motor


Xestiona a luz e decora a fachada



O CITIC recibe a visita de alumnado do Centro Integrado de Formación Profesional de Ferrol

original

martes, 4 de abril do 2023



Na mañá deste luns 3 de abril a sede do CITIC no Campus de Elviña (UDC) recibiu a visita dun grupo de 8 estudantes do curso de Administración e Deseño de Redes Departamentais do Centro Integrado de Formación Profesional de Ferrol. A visita comezou no Demostrador Tecnolóxico onde o responsable de Sistemas do CITIC, Alejandro Mosteiro, mostroulles os diferentes ámbitos de aplicación das investigacións realizadas no centro.



Tamén se lles amosaron algúns proxectos no ámbito da robótica, como o *Robobo*, deseñado integralmente por persoal investigador do CITIC, e os robots *NAO* e *TIAGO*, robots comerciais que contan con diversos mecanismos e sensores para realizar todo tipo de movementos e tarefas.



Posteriormente, o grupo puido coñecer o laboratorio de Realidade Virtual e Localización, no que se mostrou o funcionamento do OptiTrack, sistema de captura de movementos baseado en cámaras, e un guindastre de pórtico que calcula o posicionamento exacto de obxectos en interiores.

A visita finalizou no CPD (Centro de Proceso de Datos) do CITIC, onde os e as visitantes puideron coñecer as principais características de computación, refrixeración, consumo enerxético e seguridade desta instalación chave do centro.

Algoritmos vs. cambio climático: así combate a inteligencia artificial o gasto energético

original

O **cambio climático** é un dos grandes desafíos do século XXI. O aumento das temperaturas e do nivel do mar, o desxeo dos polos, o buraco da capa de ozono e incluso a *ecoansiedade* acaparan conversacións informais e portadas de xornais. A conclusión é clara: urxe buscar unha solución dende todos os prismas, incluíndo a intelixencia artificial. Os denominados **algoritmos verdes** son unha **opción de futuro para reducir o gasto energético** e para que a tecnoloxía -cada vez máis imprescindible no cotián- sexa o máis sostible posible. Galicia tamén está contribuíndo a este obxectivo a través do **Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC)** da Universidade da Coruña. Dende alí, a investigadora **Verónica Bolón** lidera un **estudo pioneiro** no país que busca, precisamente, reducir o consumo enérxico derivado da intelixencia artificial.

Que son os *algoritmos verdes*?

"A intelixencia artificial é moi útil para resolver problemas derivados do cambio climático pero, ao mesmo tempo, pode ser parte do problema", asegura a experta. Segundo explica, **hai algoritmos que consomen grandes cantidades de enerxía**, o que inevitablemente provoca a emisión de dióxido de carbono á atmosfera. Por iso, **estanse a buscar alternativas que permitan reducir o impacto ambiental dos algoritmos**. "Fálase da posibilidade de que sexan verdes. É dicir, máis respectuosos co medio ambiente", puntualiza Bolón, condensando tamén os obxectivos da investigación que lidera.

Para conseguir que os algoritmos emitan menos CO₂ á atmosfera empréganse diferentes estratexias. Bolón enumera a primeira, que consistiría en adaptalos para que poidan executarse usando un **número reducido de bits**. É dicir, unha cifra menor á habitual, que é a de 64 *bits*, e que empregan a maioría dos procesadores. Porén, esta redución tamén ten os seus inconvenientes: **"Implica unha perda de precisión nas operacións que realizan os algoritmos"**, di Bolón. Esta desvantaxe é unha das que se están a estudar hoxe en día. É imprescindible saber se a perda de *bits* é asumible e, polo tanto, se o sistema continúa a funcionar correctamente.

"Os algoritmos poden ser máis respectuosos co medio ambiente se se acurta o seu proceso de adestramento"

VERÓNICA BOLÓN, investigadora do CITIC

Outra das estratexias que menciona a experta do CITIC é a de **acurtar o proceso de adestramento dos algoritmos**. Noutras palabras: que haxa menos iteracións, menos parámetros e tamén menos capas. "Hai que recordar que un só proceso de adestramento de GPT-3 consome a enerxía equivalente a 126 fogares daneses nun ano", detalla a investigadora para, a continuación, mencionar a terceira das estratexias. Para facer os algoritmos o máis *verdes* posible tamén sería preciso cambiar o paradigma de aprendizaxe no borde en ligar da computación na nube. É dicir, en palabras de Bolón: "Explicar como se adaptan os algoritmos, respectar a privacidade, resposta máis rápida, aforro en sistemas de refrixeración...".

Para que serven?

Os *algoritmos verdes* serían uns bos aliados para facerlle fronte aos desafíos medioambientais. Bolón explica que son útiles para **resolver problemas derivados da eficiencia enerxética en edificios**, permitindo caracterizar patróns de consumo e recomendando actuacións máis eficientes. Pero tamén servirían para **predicir a aceptación de políticas en materia de eficiencia enerxética** por parte dos cidadáns. "Temos que lembrar que a intelixencia artificial proporciona unha mellora na análise de información e toma de decisións de calquera ámbito, polo que se pode utilizar para monitorizar tendencias e impactos no medio ambiente, así como para predicir consumos", expón a investigadora do CITIC.

Son útiles na vida cotiá, sobre todo para resolver problemas derivados da eficiencia enerxética en edificios

No día a día, os algoritmos tamén poderían ser unha boa ferramenta para combater o cambio climático dende o interior das nosas casas. **Serían útiles, por exemplo, para programar a calefacción de maneira que se aforrasen o maior número de custos posible.** "Na nosa vida cotiá si, son moi útiles para temas de eficiencia enerxética", insiste Bolón. Ao tempo que lembra que os *algoritmos verdes*, máis alá de que contribúen á sostibilidade e a combater o cambio climático, tamén teñen outra importante vertente. "Hai que encontrar o camiño para que os propios algoritmos sexan máis sostibles e permitan reducir a pegada de CO₂ dos actuais", apunta a investigadora.

Unha iniciativa con visión de futuro

Bolón e o seu equipo do CITIC teñen a vista posta no futuro. E o futuro pasa, precisamente, polos *algoritmos verdes*. Niso está centrado o proxecto que ela mesma lidera, co foco posto nun determinado tipo de algoritmos de intelixencia artificial para que sexan o máis *verdes* posible. En particular, investigan sobre os **algoritmos de selección de características** que buscan, precisamente, as características relevantes a un problema dado. "Por exemplo, que particularidades dun paciente ou resultados de probas que se lle realizaron son importantes para saber se ten unha determinada enfermidade", explica a experta en intelixencia artificial.

Nun futuro, os *algoritmos verdes* poderían servir para fomentar prácticas computacionais máis sostibles


Segundo continúa trasladando Bolón, **o verdadeiro reto está en que eses algoritmos de selección, que xa existen, consuman a menor cantidade de enerxía posible.** Sobre todo porque, nalgúns casos, fanse buscas moi exhaustivas que requiren de moito esforzo computacional. "Por unha banda, intentamos que os algoritmos usen menos de 64 bits, o que tamén posibilita o seu uso en dispositivos *on the edge*. Por outra banda, intentamos acelerar a optimizar a súa execución con técnicas de paralelización", apunta a experta.

Malia que o campo no que está a investigar o equipo do CITIC aínda é recente e, polo tanto, novidoso, os ollos xa miran cara ao futuro; cara a outras liñas de estudo que poidan supor un salto cualitativo. Por exemplo, coa **optimización do uso de fontes de enerxía renovable.** "Cando sexan máis habituais, poderase mellorar a través de sistemas informáticos. Por exemplo, con algoritmos que administren o uso de fontes de enerxía renovable nos grandes centros de datos", aclara. Tamén serán útiles para **fomentar prácticas computacionais máis sostibles**, como a identificación de aplicacións cun alto consumo de enerxía ou programas que animen os usuarios a adoptar comportamentos informáticos máis sostibles. Malia que Bolón matiza que "aínda se están explorando liñas de investigación para ver o seu potencial", non perde de vista que o futuro está a só un paso.



II Foro Económico Español en Galicia

Tatiana López • original



quincemil



treintayseis

El evento

Los días **12 y 13 de abril**, **EL ESPAÑOL** organiza junto a Quincemil y Treintayseis el **II Foro Económico Español 'La Galicia que viene'**, en el Palexco de A Coruña.

Este simposio contará con la participación de **Alfonso Rueda**, presidente de la Xunta de Galicia; **Francisco Conde**, vicepresidente primero y conselleiro de Economía, Empresa e Innovación de la Xunta de Galicia; **Diego Calvo Pouso**, vicepresidente segundo y conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes de la Xunta de Galicia; los diferentes alcaldes de las principales ciudades gallegas; así como también personalidades y profesionales relevantes de grandes y medianas compañías claves para el futuro de Galicia.

Se trata de un ambicioso proyecto con diferentes sesiones en las que analizaremos los **desafíos y retos a los que se enfrenta Galicia**, tales como su política y economía, la sanidad gallega, la industria y la tecnología o los objetivos de la Agenda 2030.

El ciclo será retransmitido en directo desde las HOME de EL ESPAÑOL, Invertia, nuestro diario económico, Quincemil y Treintayseis.

Ponentes

- Presidente de la Xunta de Galicia
- Vicepresidente primero y conselleiro de Economía, Empresa e Innovación de la Xunta de Galicia
- Vicepresidente segundo y conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes de la Xunta de Galicia
- **Inés Rey**
-



Julio Abalde

Rector de la Universidade da Coruña (UDC)

•



Lara Méndez

Alcaldesa de Lugo

• **Ángel Mato**

• Alcalde de Arteixo

• **Luis Nobre**

Alcalde de Viana do Castelo

• **Isabel Pardo de Vera**

Exsecretaria de Estado de Transportes y expresidenta de Adif

• Presidente de la Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao



- Presidente de la Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal

- **António Coimbra**

Presidente de Vodafone España

- **Javier Domínguez Lino**

Presidente ejecutivo de Sogama

- Presidente de la Confederación de Empresarios de Galicia

- Presidente de Startup Galicia

- **Dora Casal**

CEO de Roberto Verino

- **Carmen Lence**

É autora de dous libros, varios capítulos de libro, un libro editado, 48 artigos en revistas Journal Citation Reports (JCR) e máis de 50 artigos en congresos internacionais. Son investigacións altamente citadas (catro das súas publicacións son Highly Cited Papers e en 2022 recibiu máis de 1.100 citas en Google Scholar) e cunha clara aplicación social, tanto a temas médicos (diagnóstico de retinopatía do prematuro, diagnóstico de síndrome de ollo seco, detección de complexos K en apnea do sono), así como problemas de enxeñaría (detección de verteduras de petróleo no océano), ou do ámbito educativo (corrección automática de exames).

En 2018 recibiu unha Bolsa Leonardo da Fundación BBVA para o seu proxecto de investigación Cando o tamaño importa: Selección de características para wearables. Ademais de ser investigadora principal de dous proxectos competitivos nacionais, participou como investigadora en cinco proxectos competitivos nacionais, dez autonómicos, un proxecto europeo e cinco redes. Dirixiu quince traballos fin de grao, quince traballos fin de máster e dúas teses de doutoramento, con nove actualmente en marcha.

Foi secretaria da Asociación Española para la Inteligencia Artificial entre 2018 e 2021. En 2020 recibiu o premio Dona Tic Revelación da Generalitat de Catalunya, e nese mesmo ano foi seleccionada como académica de número da Academia Joven de España en recoñecemento a súa excelente traxectoria científica e profesional. Desde 2022 é académica correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España, converténdose na muller máis nova da corporación.

Inspira Steam

Verónica Bolón destaca tamén pola súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, xa que segundo lembra, actualmente só entre un 12 e un 13% do alumnado de enxeñaría informática son mulleres. A enxeñaría informática é unha disciplina fortemente marcada polo estereotipo friki, e tamén por un gran descoñecemento da profesión, así como a falta de referentes femininos. Creo que é absolutamente necesario que nos centros educativos coñezan a nosa profesión e vexan que as mulleres estamos perfectamente capacitadas para desenvolverla sinala.

Para loitar contra estes problemas, Verónica Bolón participa en numerosas actividades de divulgación (Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia o 11 de febreiro, o Día da Muller do 8 de marzo, ou mesmo o Día das Rapazas nas TIC que se conmemorou a pasada semana) e coordina o nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM. É un proxecto para o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, no que mulleres profesionais de calquera disciplina STEM achéganse a centros educativos de 6º de Primaria e de 1º da ESO para traballar con nenos e nenas sobre que son as STEM, os estereotipos de xénero, mulleres referentes, etc.

GCiencia estrea O Descodificador, un pódcast para entender mellor as tecnoloxías da información

original

Como se mide a contaminación lumínica? É a primeira pregunta á que quere contestar **O Descodificador**, no nóvo podcast de GCiencia, que se estrea este venres co obxectivo de entender mellor as tecnoloxías da información. O espazo conta coa colaboración do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós (CITIC) e forma parte do proxecto colaborativo [Coñece o CITIC](#).

Nesta primeira entrega do *Descodificador*, contaremos coa presenza de **José Carlos Dafonte**, director dun proxecto do CITIC que desenvolve un fotómetro para medir a contaminación lumínica, e de **Daniel Boubeta**, responsable da parte do proxecto que se centra nos dispositivos de medición. O seu fotómetro é máis barato que os que hai actualmente no mercado e tamén é de código aberto. Máis alá do seu uso por parte de institucións e afeccionados, os investigadores buscan concienciar a poboación sobre os riscos deste tipo de contaminación.

Nesta primeira temporada, o pódcast constará de **oito episodios** nos que os investigadores do CITIC abordarán os novos retos das tecnoloxías da información e a da comunicación, e achegarannos as principais investigacións e proxectos que se desenvolven no centro de investigación impulsado pola Universidade da Coruña. **O podcast intégrase no proxecto global de GCiencia Coñece o CITIC**, iniciado o pasado mes de abril, no que se abordan as actividades dos grupos de investigación que forman parte de centro e proxectos concretos dos mesmos.

Punto de encontro

Creado en 2008 para potenciar o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC, **o CITIC é un punto de encontro entre a universidade e a empresa** no que conflúen departamentos de I+D de empresas do sector TIC con investigadores procedentes do ámbito universitario.

O CITIC recibiu en 2016 o distintivo de Centro singular de investigación de Galicia. É o único centro TIC de Galicia recoñecido con este distintivo, cofinanciado pola Xunta de Galicia e mais pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. En 2019 renovou esta acreditación, pasando a denominarse "Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia" 2019-2022.

Chat GPT fascíname como investigadora, como usuaria dáme medo

A informática Verónica Bolón recibe o Premio Ada Byron polo seu estudo dos algoritmos verdes e o fomento das vocacións STEM. Con 18 anos, Verónica Bolón (Carballo, 1984) non tiña clara a súa vocación. Comezou unha enxeñaría en Telecomunicacións pero deixouno a mediados de curso. Aquela carreira non era para ela.

Laura Filloy • original

A informática Verónica Bolón recibe o Premio Ada Byron polo seu estudo dos algoritmos verdes e o fomento das vocacións STEM



A investigadora Verónica Bolón acaba de ser premiada co Ada Byron, que concede anualmente o Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia.

Con 18 anos, **Verónica Bolón** (Carballo, 1984) non tiña clara a súa vocación. Comezou unha enxeñaría en Telecomunicacións pero deixouno a mediados de curso. Aquela carreira non era para ela. Decidiu probar coa informática e decatouse de que iso era exactamente o que estaba buscando. Licenciouse en 2009, doutorouse en 2014 e logo dunha estada na Universidade de Manchester converteuse en profesora titular na Universidade da Coruña e en investigadora no CITIC.

Actualmente centra a súa liña de investigación no estudo da intelixencia artificial, especialmente aquela que trata de ser o máis sostible posible. É autora de dous libros, 48 artigos e máis de 50 en congresos internacionais. E segundo os datos de 2022, xa supera as 1.100 citas en Google Scholar. **Unha carreira brillante que sempre permaneceu, sen présa pero sen pausa, polo camiño da informática.** Agora, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) acaba de galardoala co **Premio Ada Byron** polo fomento das vocacións STEM e polas súas liñas de investigación. Verónica xa pode dicir, sen medo, que atopou a súa vocación.

Ada Byron foi a primeira persoa en desenvolver un algoritmo. E fíxoo xa no século XIX. Que significa para vostede recibir un premio co seu nome?

Gustárame que se coñeceran máis científicas como Ada Byron. De feito, este xoves estiven nun colexio falando da miña profesión e explíqueilles aos nenos que non todo é Marie Curie,

que tamén había outras científicas da historia moi importantes, como é Ada Byron. Así que recibir un premio co nome da precursora da informática é un honor e un pracer.

Está suficientemente recoñecido o labor de Ada Byron nas ciencias da computación?

É certo que hai premios co seu nome. Hai este e outro que dan en Deusto. En informática si que a coñecemos. Digamos que é a Marie Curie da informática. Pero se saímos deste ámbito non, non é coñecida. Igual o é por ser filla de Lord Byron. Tamén sae nun dos libros da saga *Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes*, sendo unha das 100 científicas que aparecen. Dende que saíu ao mercado este libro penso que a figura de Ada Byron se coñece máis.

Fan falla máis referentes coma ela? Falamos dunha pioneira da informática a principios do século XIX.

Ada Byron ten moito mérito. Foi unha pioneira cando nin se soñaba con ter ordenadores. E si, precisamos máis referentes porque as que existen non están claramente visibilizadas e fan falta máis modelos neste campo. A informática é un ámbito no que hai poucas mulleres, arredor dun 12% ou 13% de matriculadas. É moi pouco. Se hai poucas matriculadas tamén hai poucas exercendo despois a profesión. Obviamente todo o mundo coñece a Steve Jobs, Bill Gates e Mark Zuckerberg. Pero hai poucas mulleres. Hai que facer un esforzo por coñecer as que está en postos de poder. Pero, en xeral, hai poucas e hai que traballar en visibilizalas.

As carreiras técnicas non se coñecen ben e por iso se matriculan menos nenas

Un dos motivos polos que recibe o Premio Ada Byron é polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas. De feito, é a coordinadora do proxecto Inspita STEM no nodo da Coruña. En que consiste este programa?

O programa naceu no País Vasco e estendeuse por diferentes comunidades autónomas e provincias. No proxecto temos a figura de mentoras, que son mulleres profesionais de calquera ámbito STEM, e que non teñen por que ser informáticas. Poden ser outro tipo de enxeñeiras, científicas Estas mulleres van a colexios, ben a sexto de Primaria ou a primeiro da ESO, e traballan durante seis sesións cos nenos e nenas. Traballan temas como os estereotipos de xénero, que son as STEM, como son, como nos rodean, as mulleres referentes da historia Tamén se xoga co feito de que estas mentoras traballan nunha disciplina STEM e van elas en persoa, e así ao alumnado coñece a unha referente feminina. Así, o alumnado sabe que esa muller é enxeñeira, informática ou o que sexa.

Que vos transmiten os rapaces?

Detectamos que xa hai bastante diferenza entre nenos e nenas a esas idades. Xa hai bastante estereotipo e normalmente é unha experiencia que lle gusta bastante ao alumnado. Pero confirmamos que este tipo de actividades fan falla. Hai algunhas sesións nas que se separan nenos e nenas. Non o facemos por segregación, senón para ver se se comportan igual. Ás veces as nenas están máis cohibidas cando están en grupo e sóltanse máis cando se separan. De todas formas, cando se separan os nenos reciben igual a formación. As mentoras sempre contan que entre os nenos sobre todo xa hai bastante estereotipo a esas idades e algúns incluso preguntan por que teñen que coñecer a esas mulleres. Un pouco preocupante para ter 12 anos

Segue habendo pais que lle din aos fillos que hai carreiras de homes e carreiras de mulleres

Por que as nenas seguen sen escoller as carreiras técnicas?

Non cremos que haxa só unha razón. Se houbese só unha sería máis facil de solucionar. Pero sobre todo hai moito descoñecemento arredor deste tipo de profesións. Hai carreiras nas que isto non vai pasar porque son maioritariamente femininas, como a enfermería. Todos os nenos e nenas saben o que é ser enfermeiro. Haberá outras cousas pero non é a ignorancia. Porén, nas enxeñarías e na informática hai moito descoñecemento, é dicir, non se coñecen ben as profesións. É difícil querer ser algo que non se coñece. Por iso en Inspira se traballa moito en explicar que son esas profesións. En informática sobre todo hai o estereotipo *friki*. Ás veces as

expectativas familiares Polo visto, segue habendo pais que lle siguen dicindo aos seus fillos esta carreira é de homes ou de mulleres.

Como se pode revertir este proceso e aumentar a cifra de alumnas nestas carreiras?

Con este tipo de iniciativas. O bo de Inspira STEM é que vai a Primaria porque moitos dos programas que había, sobre todo ata ese momento, ían á etapa do instituto. E xa está demostrado que os estereotipos de xénero xa aparecen antes e canto antes se poidan ir traballando, mellor. Polo tanto, este tipo de iniciativas, charlas de divulgación, bacharelato STEM para que o alumando poida ir facendo proxectos de calquera destas disciplinas Eu creo que hai moitos factores pero para min o coñecemento é clave porque son profesións que son descoñecidas pola sociedade en xeral. Por exemplo, a enxeñaría informática parece unha profesión solitaria, de *frikis*, de estar todo o día programando Non é así. Os enxeñeiros informáticos o que facemos é resolver problemas grazas á computación. Para poder resolvelos hai que pasar horas con xente doutras disciplinas e entender o problema que teñen para poder solucionar. Realmente é unha profesión social na que fai falla saber socializar, empatía, ter un pensamento computacional de como resolver problemas Pero isto é algo que non se coñece e descubrimos cando xa estamos exercendo.

Chat GPT non é un profesional. O único que fai é predicir a palabra máis probable en función das anteriores

É dicir, prevalencen os estereotipos.

Si, si. Se lle fas unha enquisa á xente da rúa verás que moitos pensan que os enxeñeiros informáticos son os que arreglan ordenadores. E eu non teño nin idea O que resolvemos coa enxeñaría informática son outro tipo de problemas. Hai un descoñecemento da sociedade, de igual modo que a maioría da xente non sabe o que fai un enxeñeiro de camiños. Hai profesións que coñecemos moito porque estamos acostumbrados. Por exemplo, todo o mundo vai ao médico e sabe o que é un médico pero hai outras nas que hai máis descoñecemento. Se se coñeceran máis, non vexo por que unha carreira lle vai gustar máis aos homes e non ás mulleres.

Vostede sempre tivo clara a súa vocación?

Non, eu non tiña unha vocación clara. Eu si que estudara un bacharelato científico-tecnolóxico e sabía que me gustaban as matemáticas e a física. Como non tiña vocación decidín facer enxeñaría e dentro delas chamoume a atención Telecomunicacións e empecei. Despois, a metade de curso, vin que non me gustaba e non me acababa de encher. Pero iso foi unha decisión moi difícil porque eu sempre fora unha alumna de boas notas e, de repente, iso era como un fracaso. Ao final fun valiente e decidín que iso non me gustaba e que quería probar outra cousa. Nese momento fáláronme de enxeñaría informática e aí descubrín a miña vocación. Pero eu tampouco sabía que se facía nesta carreira ata que me vin alí. De feito, eu sempre que vou dar unha charla a un instituto conto a miña experiencia. Non temos que ter medo a equivocarnos. Os erros teñen solución e non pasa nada.



Algoritmos vs. cambio climático: así combate a intelixencia artificial o gasto enerxético

A investigadora Verónica Bolón, do CITIC, lidera un estudo pioneiro en Galicia para facer máis sostibles os procesos informáticos



Copia e pega este URL no teu sitio WordPress para incrustalo

Copia e pega este código no teu sitio para incrustar

Unha das súas principais liñas de investigación é o estudo dos algoritmos verdes? Como de preto estamos de que sexan cada vez máis sostibles? E, sobre todo Para que serven?

Agora estamos lonxe porque realmente non é algo que lle interese ás grandes empresas ou, polo menos, non se lles vai esixir. As grandes empresas son as que consomen a meirande parte da intelixencia artificial, as que poñen os cartos e das que vemos os avances. E os algoritmos verdes de momento non lles interesan porque están en contraposición a avances como Chat GPT, que aínda que non sabemos cal é o consumo enerxético ten que ser enorme. De feito, hai algúns estudos que intentan estimalo.

É interesante porque a intelixencia artificial ten un impacto bastante grande no consumo enerxético. Había un estudo sobre GP3, o primeiro modelo no que estaba baseado Chat GPT, que na súa etapa de adestramento, cando aprende, consumía o equivalente a 126 fogares daneses. É unha barbaridade. E iso só na súa fase de adestramento, pero este tipo de sistemas volven adestrar máis veces para refinarse. Hai que pensar tamén que Chat GPT ten que ter un consumo de uso moi grande. Estes grandes modelos están aloxados en grandes supercomputadores, na nube. Había un estudo de Greenpeace que dicía que os grandes centros de datos son responsables de entre o 2% e o 3% do consumo enerxético global. E isto era antes, cando aínda non aparecera Chat GPT.

Os algoritmos verdes o que buscan é conseguir un resultado competitivo pero diminuindo o coste enerxético. Se temos unha solución en termos do que quere predicir pero consome moito menos Mellor, pero depende para o que sexa. Se é para algo médico, búscase precisión. Se é para recomendar unha película en Netflix e falla un pouco pero é máis sostible, paréceme un bo compromiso.

Mellor a concepción social da intelixencia artificial? O Chat GPT acapara diaramente portadas dos medios.

Que contribuíu a que se coñecera máis a intelixencia artificial Seguro. Como investigadora, as ferramentas como Chat GPT fascínanme. Cando o probei por primeira vez levei unha gran sorpresa e non imaxinaba algo tan sofisticado. Como usuaria, dáme medo. Están lanzando todos estes avances en produtos novos que en realidade están en desenvolvemento e están chegando á poboación sen pasar ningún tipo de control, sen que haxa regulación e isto ten os seus perigos. Por exemplo, Chat GPT invéntase moitas cousas e iso sábese e recoñéceno os seus creadores. Pero se non pasa por controis, ninguén te avisa e a xente pensa que o pode usar para facer un traballo Sen coñecer os seus riscos. Ademais doutros problemas éticos como a privacidade dos datos que emprega. E como Chat GPT outras moitas ferramentas similares que estamos utilizando sen saber se son discriminatorias, se respectan os dereitos das persoas Ti tes un electrodoméstico na túa casa e pasou por controis de calidade. Pero estes sistemas de intelixencia artificial non pasan controis e a xente está a usalos igual.

Gustárame seguir investigando para converter a intelixencia artificial en algo máis sostible, máis democrático e máis ético

Talvez un dos grandes riscos pode ser o autodiagnóstico. Pese a que a intelixencia artificial ten moitas e interesantes aplicacións biomédicas.

Si. O outro día comentáronme que en TikTok hai moitos vídeos de xente pedíndolle a Chat GPT unha dieta para adelgazar. Obviamente esta ferramenta non é un nutricionista e o que fai é soltar datos de dietas que aprendeu. Eu non digo que non poida ser un apoio para un profesional, pero por si só non, porque nin sequera preguntaba o peso da persoa. Soltaba aí

un texto con sentido e xa está. A min dáme un pouco de medo que a xente vexa iso, o crea e o faga. Imaxina para que máis se pode utilizar sen ningún tipo de control. E Chat GPT non é nutricionista porque o único que fai é predicir a palabra máis probable en función das anteriores.

Cales son os seus próximos proxectos? Que lle gustaría?

Gustárame seguir investigando na intelixencia artificial verde. Os grandes modelos de linguaxe como Chat GPT ou a posibilidade de crear unha intelixencia artificial xeral iso é para as grandes empresas. Os investigadores temos que buscar outras áreas e a min paréceme interesante este desafío de conseguir métodos de intelixencia artificial que funcionen relativamente ben pero que sexan máis sostibles, máis inclusivos, que non faga falla ter acceso a eses supercomputadores. Unha intelixencia artificial máis democrática, máis sostible e máis ética.

La ingeniera informática carbalesa Verónica Bolón recibe el Premio Ada Byron

El premio se entregará en la XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará el próximo 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela. Bolón, doctora en Informática (2014) por la Universidad de A Coruña (UDC), ha participado en numerosas actividades de divulgación y coordinando el nodo de A Coruña del proyecto Inspira Steam.

Redacción • [original](#)

La ingeniera informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) ha sido galardonada con el Premio Ada Byron por su labor investigadora en inteligencia artificial sostenible y su apuesta por fomentar la vocación científico-tecnológica entre las niñas, según informó ayer el Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (Cpeig), que concede esta distinción. El premio se entregará en la XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará el próximo 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela.

Labor divulgativa

Bolón, doctora en Informática (2014) por la Universidad de A Coruña (UDC), ha participado en numerosas actividades de divulgación y coordinando el nodo de A Coruña del proyecto Inspira Steam. Tras una estancia postdoctoral en la Universidad de Mánchester en 2015, actualmente es profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información de la UDC e investigadora del Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic), de la institución académica coruñesa.

La tesis doctoral de la ingeniera informática carbalesa, sobre métodos de aprendizaje automático, recibió varios galardones de la Asociación Española de Inteligencia Artificial, así como el premio extraordinario de doctorado de la Universidade da Coruña (UDC).



A enxeñeira informática carballesa Verónica Bolón recibe o Premio Ada Byron

O premio entregárase na XV Noite dá Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará o próximo 16 de xuño no Hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela. Bolón, doutora en Informática (2014) pola Universidade da Coruña (UDC), participou en numerosas actividades de divulgación e coordinando o nodo da Coruña do proxecto Inspira Steam.

Redacción • original

A enxeñeira informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) foi galardoada co Premio Ada Byron polo seu labor investigador en intelixencia artificial sustentable e a súa aposta por fomentar a vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, segundo informou onte o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (Cpeig), que concede esta distinción. O premio entregárase na XV Noite dá Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará o próximo 16 de xuño no Hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela.

Labor divulgativo

Bolón, doutora en Informática (2014) pola Universidade da Coruña (UDC), participou en numerosas actividades de divulgación e coordinando o nodo da Coruña do proxecto Inspira Steam. Tras unha estancia posdoutoral na Universidade de Mánchester en 2015, actualmente é profesora titular no Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da UDC e investigadora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (Citic), da institución académica coruñesa.

A tese doutoral da enxeñeira informática carballesa, sobre métodos de aprendizaxe automática, recibiu varios galardóns da Asociación Española de Intelixencia Artificial, así como o premio extraordinario de doutoramento da Universidade da Coruña (UDC).





Verónica Bolón. // FdV

La investigadora en IA Verónica Bolón, Premio Ada Byron

REDACCIÓN
VIGO

La ingeniera informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) ha sido galardonada con el Premio Ada Byron por su labor investigadora en inteligencia artificial sostenible y su apuesta por fomentar la vocación científico-tecnológica entre las niñas, según informó ayer el Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), que concede esta distinción. El premio se entregará en la "XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia", que se celebrará el 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago.

Bolón, doctora en Informática (2014) por la Universidad de A Coruña (UDC), ha participado en numerosas actividades de divulgación y coordinando el nodo de A Coruña del proyecto Inspira STEAM. Tras una estancia postdoctoral en la Universidad de Mánchester en 2015, actualmente es profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información de la UDC e investigadora del Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (CITIC) de la UDC. Su tesis doctoral, sobre métodos de aprendizaje automático, recibió varios premios de la Asociación Española de Inteligencia Artificial, así como el premio extraordinario de doctorado de la UDC.

La investigadora en IA Verónica Bolón, Premio Ada Byron

REDACCIÓN • [original](#)

La ingeniera informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) ha sido galardonada con el Premio Ada Byron por su labor investigadora en inteligencia artificial sostenible y su apuesta por fomentar la vocación científico-tecnológica entre las niñas, según informó ayer el Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), que concede esta distinción. El premio se entregará en la XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará el 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago.

Bolón, doctora en Informática (2014) por la Universidad de A Coruña (UDC), ha participado en numerosas actividades de divulgación y coordinando el nodo de A Coruña del proyecto Inspira STEAM. Tras una estancia postdoctoral en la Universidad de Mánchester en 2015, actualmente es profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información de la UDC e investigadora del Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (CITIC) de la UDC. Su tesis doctoral, sobre métodos de aprendizaje automático, recibió varios premios de la Asociación Española de Inteligencia Artificial, así como el premio extraordinario de doctorado de la UDC.

[Facebook](#) [Twitter](#) [Linkedin](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)



A investigadora en IA Verónica Bolón, Premio Ada Byron

REDACCIÓN • original

A enxeñeira informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) foi galardoada co Premio Ada Byron polo seu labor investigador en intelixencia artificial sustentable e a súa aposta por fomentar a vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, segundo informou onte o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), que concede esta distinción. O premio entregárase na XV Noite dá Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará o 16 de xuño no Hotel Porta do Camiño de Santiago.

Bolón, doutora en Informática (2014) pola Universidade da Coruña (UDC), participou en numerosas actividades de divulgación e coordinando o nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM. Tras unha estancia posdoutoral na Universidade de Mánchester en 2015, actualmente é profesora titular no Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da UDC e investigadora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC. A súa tese doutoral, sobre métodos de aprendizaxe automática, recibiu varios premios da Asociación Española de Intelixencia Artificial, así como o premio extraordinario de doutoramento da UDC.

[Facebook](#) [Twitter](#) [Linkedin](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)



REDACCIÓN
A CORUÑA

La ingeniera informática Verónica Bolón (Carballo, 1984) ha sido galardonada con el Premio Ada Byron por su labor investigadora en inteligencia artificial sostenible y su apuesta por fomentar la vocación científico-tecnológica entre las niñas, según informó ayer el Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (Cpeig), que concede esta distinción. El premio se entregará en la XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que se

La ingeniera informática carballesa Verónica Bolón recibe el Premio Ada Byron

El galardón reconoce la investigación en Inteligencia Artificial de la profesora de la Universidade da Coruña

celebrará el próximo 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela.

Labor divulgativa

Bolón, doctora en Informática (2014) por la Universidad de A

Coruña (UDC), ha participado en numerosas actividades de divulgación y coordinando el nodo de A Coruña del proyecto Inspira Steam. Tras una estancia postdoctoral en la Universidad de Mánchester en 2015, actualmente es



Verónica Bolón. // Victor Echave

profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información de la UDC e investigadora del Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic), de la institución académica coruñesa.

La tesis doctoral de la ingeniera informática carballesa, sobre métodos de aprendizaje automático, recibió varios galardones de la Asociación Española de Inteligencia Artificial, así como el premio extraordinario de doctorado de la Universidade da Coruña (UDC).

La ingeniera carballesa Verónica Bolón recibe el Premio Ada Byron

El Cpeig valoró sus investigaciones en inteligencia artificial y su fomento de la vocación científica entre las niñas

REDACCIÓN CARBALLO

El Colexio Profesional de Inxeñaría en Informática de Galicia (Cpeig) acaba de conceder el Premio Ada Byron de la "XV Noche da Enxeñaría en Informática de Galicia" de este año a la doctora en Informática Verónica Bolón por sus trabajos de investigación en áreas de la inteligencia artificial (IA) y su apuesta por el fomento de la vocación científico-tecnológica entre las niñas.

Verónica Bolón Canedo nació en Carballo hace 39 años. Es ingeniera informática y doctora en informática por la Universidad de A Coruña.

Después de una estancia de posdoctorado en la Universidad de Manchester (Reino Unido) en 2015, actualmente es profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información de la UDC e investigadora en el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la UDC.



Verónica Bolón recibirá su premio el 16 de junio en el Hotel Puerta del Camino de Santiago

doctorado de la UDC.

Actualmente, Verónica Bolón trabaja en temas de investigación relacionados con varias áreas de la inteligencia artificial, colaborando con otros grupos de investigación nacionales e inter-

ternacionales. Son investigaciones altamente citadas (cuatro de sus publicaciones son Highly Cited Papers y en 2022 recibió más de 1.100 citas en Google Scholar) y con una clara aplicación social, tanto a temas médicos (diagnóstico de retinopatía del prematuro, diagnóstico de síndrome de ojo seco, detección de complejos K en apnea del sueño), así como problemas de ingeniería (detección de vertidos de petróleo en el océano), o del ámbito educativo (corrección automática de exámenes).

En 2020 recibió el premio Doña Tite Revelación de la Generalitat de Catalunya, y en ese mismo año fue seleccionada como académica de número de la Academia Joven de España en reconocimiento su excelente trayectoria científica y profesional. Desde 2022 es académica correspondiente de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España, convirtiéndose en la mujer más joven de la corporación.

Verónica Bolón destaca también por su apuesta por el fomento de la vocación científico-tecnológica entre las niñas, ya que según recuerda, actualmente solo entre un 12 y un 13% del alumnado de ingeniería informática son mujeres. "La ingeniería informática es una disciplina fuertemente marcada por el estereotipo friki, y también por un gran desconocimiento de la profesión, así como la falta de referentes femeninos.

A enxeira informática Verónica Bolón, Premio Ada Byron do CPEIG

original



A [enxeira informática Verónica Bolón](#) vai recibir o Premio Ada Byron do CPEIG (Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia) que se entrega no marco da XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, prevista para o 16 de xuño en Santiago. A distinción vén dada polos traballos da doutora en Informática na investigación en Intelixencia Artificial sustentábel e a súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, participando en numerosas actividades de divulgación e coordinando o nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM.

Como deixemos, farase entrega do premio na XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, que se celebrará o 16 de xuño no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago. O evento é un punto de encontro entre os colexiadas/os do CPEIG e un gran número de empresas e profesionais TIC de Galicia, que conta cunha destacada participación de cargos empresariais, institucionais e políticos e é un referente para o sector.

Verónica Bolón Canedo (Carballo, 1984) é enxeira informática (2009) e doutora en Informática (2014) pola Universidade da Coruña (UDC). Despois dunha estancia de posdoutoramento na Universidade de Manchester (Reino Unido) en 2015, actualmente é profesora titular no Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da UDC e investigadora no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC.

A súa tese de doutoramento, sobre métodos de aprendizaxe automática, recibiu varios premios por parte da Asociación Española para la Intelixencia Artificial, así como o premio extraordinario de doutoramento da UDC.

Comezos

Xa sendo unha rapaza de boas notas, Verónica Bolón tiña claro que lle gustaba a rama científico-tecnolóxica, e aínda que comezou matriculándose en Enxeñaría de Telecomunicacións, decidiu a metade do primeiro curso deixar esta carreira e optar pola de Enxeñaría en Informática grazas a unha compañeira de instituto que cursaba esta disciplina e que a animou a probar para descubrir así a súa vocación.

Actualmente, Verónica Bolón traballa en temas de investigación relacionados con varias áreas da Intelixencia Artificial, especialmente na IA sustentábel, colaborando con outros grupos de investigación nacionais e internacionais.

Inicialmente, orientou a súa investigación en tecnoloxías intelixentes aplicadas á resolución de problemas reais, como pode ser axudar no diagnóstico de doenzas ou a recomendacións de restaurantes, pero nos últimos anos centrouse no eido da IA verde e os algoritmos sustentábeis, é dicir, conseguir que os algoritmos da IA fagan un consumo máis responsábel

dos recursos enerxéticos. "Intentamos producir resultados que sigan sendo novidosos, pero buscando unha forma máis eficiente de facelo e tendo sempre en conta o custo enerxético e computacional", manifesta a investigadora. Nesta liña de traballo, conseguiu en 2022 un proxecto para facer que os métodos de selección de características (un subcampo da IA) sexan máis sustentábeis e eficientes.

É autora de dous libros, varios capítulos de libro, un libro editado, 48 artigos en revistas *Journal Citation Reports* (JCR) e máis de 50 artigos en congresos internacionais. Son investigacións altamente citadas (catro das súas publicacións son *Highly Cited Papers* e en 2022 recibiu máis de 1.100 citas en Google Scholar) e cunha clara aplicación social, tanto a temas médicos (diagnóstico de retinopatía do prematuro, diagnóstico de síndrome de ollo seco, detección de complexos K en apnea do sono), así como problemas de enxeñaría (detección de verteduras de petróleo no océano), ou do ámbito educativo (corrección automática de exames).



En 2018 recibiu unha Bolsa Leonardo da Fundación BBVA para o seu proxecto de investigación *Cando o tamaño importa: Selección de características para wearables*. Ademais de ser investigadora principal de dous proxectos competitivos nacionais, participou como investigadora en cinco proxectos competitivos nacionais, dez autonómicos, un proxecto europeo e cinco redes. Dirixiu quince traballos fin de grao, quince traballos fin de mestrado e dúas teses de doutoramento, con nove actualmente en marcha.

Foi secretaria da Asociación Española para la Inteligencia Artificial entre 2018 e 2021. En 2020 recibiu o premio Dona Tic Revelación da Generalitat de Catalunya, e nese mesmo ano foi seleccionada como académica de número da Academia Joven de España en recoñecemento a súa excelente traxectoria científica e profesional. Desde 2022 é académica correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España, converténdose na muller máis nova da corporación.

"A enxeñaría informática é unha disciplina fortemente marcada polo estereotipo *f riki*, e tamén por un gran descoñecemento da profesión, así como a falta de referentes femininos"

Verónica Bolón destaca tamén pola súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, xa que segundo lembra, actualmente só entre un 12 e un 13% do alumnado de Enxeñaría Informática son mulleres. "A Enxeñaría Informática é unha disciplina fortemente marcada polo estereotipo friki, e tamén por un gran descoñecemento da profesión, así como a falta de referentes femininos. Creo que é absolutamente necesario que nos centros educativos coñezan a nosa profesión e vexan que as mulleres estamos perfectamente capacitadas para desenvolvela", sinala.

Para loitar contra estes problemas, Verónica Bolón participa en numerosas actividades de divulgación (Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia o 11 de febreiro, o Día da Muller do 8 de marzo, ou mesmo o Día das Rapazas nas TIC que se conmemorou a pasada

semana) e coordina o nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM. É un proxecto para o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, no que mulleres profesionais de calquera disciplina STEM achéganse a centros educativos de 6º de Primaria e de 1º da ESO para traballar con nenos e nenas sobre que son as STEM, os estereotipos de xénero, mulleres referentes, etc.

Nestas actividades divulgativas, Verónica Bolón trasládalle ás estudantes que o futuro está relacionado coas materias STEM e que as mulleres deben estar involucradas e presentes no desenvolvemento tecnolóxico que se está a vivir. "Non se trata de obrigar ás rapazas a que escollan unha carreira que non lles gusta, senón que poidan facelo en liberdade e co coñecemento de todas as profesións. A informática é moito máis que estar todo o día programando, senón que está enfocada a resolver problemas de distintas disciplinas utilizando ferramentas computacionais. Ao contrario do que moita xente pensa, non é unha profesión solitaria, senón que se necesitan moitas habilidades sociais como a empatía, pensamento de resolución de problemas, habilidade de traballo en equipo, e moitas cousas máis. A enxeñería informática é unha disciplina apaixonante que no momento actual permítenos non só ser testemuñas desta nova revolución industrial que estamos vivindo, senón tamén ser parte importante dos avances".



La ingeniera informática gallega Verónica Bolón recibe el Premio Ada Byron por sus trabajos de IA

Redacción Quincemil • [original](#)



Verónica Bolón en la UDC.

El **Colegio Profesional de Ingeniería Informática de Galicia (CPEIG)** ha concedido el **Premio Ada Byron de la 'XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia'** de este 2023 a la **doctora en informática gallega Verónica Bolón** por sus trabajos de investigación en áreas de Inteligencia Artificial (IA) y su apuesta por el fomento de la vocación científico-tecnológica entre las jóvenes, participando en numerosas actividades de divulgación coordinadas en A Coruña dentro del **proyecto Inspira STEAM**.

La entrega será el **16 de junio en el Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago**, en un evento en el que estarán presentes colegiados del CPEIG y profesionales TIC de Galicia. La profesional es natural de Carballo, ingeniera y doctora en Informática por la **Universidade da Coruña (UDC)** y tuvo una estancia de posdoctorado en la Universidad de Manchester (Reino Unido) en 2015. Actualmente es profesora titular en el Departamento de Ciencias de la Computación y Tecnologías de la Información, además de investigadora en el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y Comunicaciones (CITIC).

Su tesis para el doctorado versó sobre métodos de aprendizaje automático y **recibió varios premios por parte de la Asociación Española para la Inteligencia Artificial** y un premio extraordinario de doctorado de la UDC. Actualmente, Bolón está orientada a la Inteligencia Artificial sostenible, en colaboración con grupos de investigación nacionales e internacionales. Orientó su investigación en IA a la resolución de problemas reales, como por ejemplo para ayudar en el diagnóstico de enfermedades o para recomendaciones de restaurantes.

Especialmente se ha centrado en la **IA verde y los algoritmos sostenibles**, para que hagan un consumo más responsable de los recursos energéticos. "Intentamos producir resultados que sigan sendo novidosos, pero buscando unha forma máis eficiente de facelo e tendo sempre en conta o custo enerxético e computacional", ha manifestado, y en esta línea de trabajo ha conseguido el año pasado llevar a cabo un proyecto para hacer que los métodos de selección de características (un subcampo de la IA) sean más sostenibles y eficientes.

Autora de dos libros y futuro en las materias STEM

Bolón es **autora de dos libros, 48 artículos en revistas Journal Citation Reports y más de 50 artículos en congresos internacionales**. Son investigaciones altamente citadas (cuatro de ellas



en 2022 recibieron más de 1.100 citas en Google Scholar) y con una clara aplicación social, tanto a temas médicos como problemas de ingeniería o del ámbito educativo.

En 2018 recibió una **Bolsa Leonardo de la Fundación BBVA** para su proyecto de investigación 'Cando o tamaño importa: Selección de características para *wearables*' y es investigadora principal de dos proyectos competitivos nacionales. Participó como investigadora en cinco proyectos competitivos nacionales, 10 autonómicos, un proyecto europeo y cinco redes. Dirigió 15 trabajos de fin de grado, 15 de fin de máster y dos tesis de doctorado.

Ha sido **secretaría de la Asociación Española para la Inteligencia Artificial entre 2018 e 2021**. En 2020 recibió el premio Dona Tic Revelación da Generalitat de Catalunya y fue seleccionada como académica de número de la Academia Joven de España. Desde 2022 es académica de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España, siendo la mujer más joven de la corporación.

"A enxeñaría informática é unha disciplina fortemente marcada polo estereotipo friki"

Bolón remarca que actualmente solo **entre un 12 y un 13% del alumnado de ingeniería informática son mujeres**. *"A enxeñaría informática é unha disciplina fortemente marcada polo estereotipo friki, e tamén por un gran descoñecemento da profesión, así como a falta de referentes femininos. Creo que é absolutamente necesario que nos centros educativos coñezan a nosa profesión e vexan que as mulleres estamos perfectamente capacitadas para desenvolverla"*, señala.

Verónica Bolón participa en numerosas actividades de divulgación (Día Internacional de las Mujeres y las Niñas en la Ciencia el 11 de febrero, el Día de la Mujer el 8 de marzo, o el Día de las Jóvenes en las TIC) y coordina en A Coruña el proyecto **Inspira STEAM**. *"É un proxecto para o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, no que mulleres profesionais de calquera disciplina STEM achéganse a centros educativos de 6º de Primaria e de 1º da ESO para traballar con nenos e nenas sobre que son as STEM, os estereotipos de xénero, mulleres referentes, etc"*, detalla.

*"Non se trata de obrigar ás rapazas a que escollan unha carreira que non lles gusta, senón que poidan facelo en liberdade e co coñecemento de todas as profesións. A informática é moito máis que estar todo o día programando, senón que está enfocada a **resolver problemas de distintas disciplinas utilizando ferramentas computacionais**"*, explica.

A esto añade que *"non é unha profesión solitaria, senón que se necesitan moitas habilidades sociais como a empatía, pensamento de resolución de problemas, habilidade de traballo en equipo, e moitas cousas máis. A enxeñaría informática é unha disciplina apaixonante que no momento actual permítenos non só ser testemuñas desta nova revolución industrial que estamos vivindo, senón tamén ser parte importante dos avances"*, concluye.

Pódcast | Como podemos medir a contaminación lumínica?

original



A contaminación lumínica vai moito máis alá de non poder ver as estrelas. De feito, as xeracións do futuro xa non poderán mirar cara ao ceo sen cegarse coa luz artificial. Urxe buscar unha solución o antes posible pero, para iso, é preciso saber cuantificar as dimensións do problema. Dende o **Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions** (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) están a deseñar uns dispositivos para determinar como de contaminado está o ceo. *Como podemos medir a contaminación lumínica?* é o primeiro episodio de O Descodificador, o novo pódcast de GCiencia en colaboración co CITIC. Participan os investigadores **Juan Carlos Dafonte** e **Daniel Boubeta**.

Estes fotómetros deseñados dende o centro coruñés non só buscan medir a contaminación lumínica, senón tamén **concienciar a poboación** dun problema crecente. Estudos recentes están demostrando que máis alá das dificultades de observación das estrelas, este tipo de contaminación está a ter un **impacto na saúde das persoas**, pero tamén na fauna. Ademais, o *software* co que funcionan estes fotómetros é de acceso aberto e non só vai destinado aos profesionais, senón tamén a afeccionados. Un paso máis para combater dende o local un problema global. E así nolo contan neste primeiro episodio de O Descodificador:

Episodio realizado por Laura Filloy

Edición: Carlos Tresandí

Escoita O Descodificador nas plataformas de pódcast: [Spreaker](#), [Spotify](#), [Ivoox](#), [iHeart](#), [Deezer](#), [Podcast Addict](#) e [Podchaser](#).

La inteligencia artificial en el entorno laboral

La III Feria del Empleo que, en esta edición, versará sobre la inteligencia artificial en el entorno laboral. y que contará con la participación de más de una treintena de empresas se celebra el próximo miércoles, 10 de mayo, organizada por la Escuela Universitaria de Relaciones Laborales de A Coruña (ERLAC) .

Diario Luso-Galaico • [original](#)



Feria Empleo ERLAC. ARCHIVO.

La III Feria del Empleo que, en esta edición, versará sobre la inteligencia artificial en el entorno laboral


y que contará con la participación de más de una treintena de empresas se celebra el próximo miércoles, 10 de mayo, organizada por la Escuela Universitaria de Relaciones Laborales de A Coruña (ERLAC) .

Un encuentro abierto a todas las personas interesadas que encontrarán más de un centenar de ofertas de trabajo en las más diversas áreas, así como un espacio en el que encontrarse con las empresas participantes, con las que se realizará un networking. Los interesados en asistir y optar a alguna de los puestos ofertados podrán inscribirse gratuitamente en <http://www.erlac.es/iii-feria-de-empleo-erlac/>

La jornada será inaugurada por el restaurador Luis Veira responsable del restaurante Árbore da Veira, galardonado con una Estrella Michelin. Tras su intervención se abrirán los stands de las empresas participantes que llevarán para esta jornada más de un centenar de ofertas laborales. Del mismo modo durante toda la mañana los participantes podrán participar en el taller que se realizará en torno a las claves para mejorar la presentación de los cv.

Se realizará una mesa redonda que versará sobre Inteligencia Artificial en el Entorno Laboral en la que intervendrán la investigadora del Centro de Investigación TIC (Citic) Verónica Bolón y el doctor e investigador Marcos Ortega, del Grupo Varpa del Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (Inibic). Un encuentro que estará moderado por la Ceo de Evo Vento, Mónica Vereá.

Medio	diarioluso-galaico.com	Fecha	07/05/2023
Soporte	Prensa Digital	País	España
U. únicos	143	V. Comunicación	489 EUR (548 USD)
Pág. vistas		V. Publicitario	150 EUR (168 USD)



Posteriormente se realizará el Diálogo ERLAC El impacto de la Digitalización en las Relaciones Laborales y RRHH, con la participación de María Dorrego, en representación de Kelea, y Marta Pereiro, en nombre de Eos Spain.

En las dos primeras ediciones la feria reunió a más de 200 asistentes y en ellas se gestionaron más de 100 ofertas laborales.

La Inteligencia Artificial puede permitir al estudiante tener un tutor las 24 horas del día

Mutlu Cukurova es profesor del University College de Londres e investiga cómo la Inteligencia Artificial (IA) puede ayudar al aprendizaje humano. El miércoles de esta semana estuvo en el Centro de Investigación en TIC (Citic) de la Universidade da Coruña para hablar del potencial de la IA como apoyo a la enseñanza.

Enrique Carballo • original

Mutlu Cukurova es profesor del University College de Londres e investiga cómo la Inteligencia Artificial (IA) puede ayudar al aprendizaje humano. El miércoles de esta semana estuvo en el Centro de Investigación en TIC (Citic) de la Universidade da Coruña para hablar del potencial de la IA como apoyo a la enseñanza. La entrevista se realizó mediante cuestionario.

Muchos profesores temen que herramientas como ChatGPT puedan ser utilizadas por los alumnos para hacer trampas, como escribir redacciones o deberes.

El riesgo de que los estudiantes utilicen herramientas como ChatGPT para hacer trampas es real, ya que es posible que utilicen las respuestas generadas sin comprender adecuadamente los conceptos o sin realizar el esfuerzo necesario para aprender. Como educadores, es nuestra responsabilidad revisar nuestros enfoques de evaluación de forma que se adapten a nuestra sociedad moderna, y enseñar a nuestros alumnos comportamientos éticos: utilizar respuestas generadas por IA como trabajo propio no es aceptable. Y no basta con enseñar a los alumnos qué es lo correcto: los profesores pueden incluir instrucciones específicas en los deberes que exijan a los alumnos explicar su razonamiento o proceso de pensamiento.

¿Cómo pueden utilizar los estudiantes la IA para aprender?

Finalmente, durante las jornadas de **puertas abiertas**, que cerraron la tarde del domingo, se entregaron los premios del público en las categorías **Minimakers, Makers, Divulgación e Innovación social**. En la primera de las categorías recibió el **1º clasificado fueron Makers PRO - VermisLab de Santiago de Compostela**, por su app Securitas Jacobe, de manejo de seguridad de los edificios. En la categoría **Maker**, **el premio fue para Art &Technology, de Basilisco estudio**, con sus esculturas hechas a mano y con impresión 3D. El primer clasificado de la categoría **Divulgación fue Robots de Cine, de Project Droid**, con un proyecto de creación de réplicas de robots de cine y diseño de prótesis funcionales para niños y niñas. Y por último, en la categoría de **Innovación social el primer clasificado fue Brazo Robótico dell Colexio Salesianos A Mercé**, con un proyecto de un brazo robótico que es controlado por bluetooth a través de un guante con sensores.

Este día también vio la entrega de **dos premios con desafíos que se lanzaron el primer día, el Hackaton de tecnologías de apoyo**, con la colaboración de ASPACE Coruña, ONCE y COGAMI en representación de las personas usuarias **y la 4ª edición de la Game Maker Jam, que en este caso fue para el videojuego Color-AI**.

Por último se entregó el **Premio Maker de Mérito**, con el que la organización distingue aquellas personas o proyectos que más hacen por la comunidad maker, que recayó en el **colectivo Autofabricantes**

La 9ª edición de Maker Faire Galicia se celebró en el Museo Gaiás y cuenta con el apoyo de la Xunta de Galicia, el Ayuntamiento de Santiago, la Fundación Cidade da Cultura, la Asociación Para El Progreso de la Dirección (APD), el Círculo Financiero de Galicia y el Club Empresarial Nordés. Además, cuenta con la colaboración de la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología - Ministerio de Ciencia e Innovación.

O CITIC participou na Maker Faire Galicia con diversas iniciativas e obtivo un premio na xornada de industria

original



Entre os días 1 e 4 de xuño celebrouse en Santiago de Compostela unha nova edición da [Maker Faire Galicia](#), feira internacional de inventores de ámbitos tan diversos como a arte, os videoxogos, a Intelixencia Artificial ou a biotecnoloxía, e un dos grandes protagonistas, amais da cada vez máis creativa e participa comunicada *maker* galega, foi o [Centro de Investigación TIC da UDC \(CITIC\)](#).

O CITIC é unha das entidades que apoia esta iniciativa e contou coa presenza de persoal investigador do centro durante todas as xornadas da feira. O xoves desenvolveuse a xornada da industria, cunha presentación de Amparo Alonso sobre dilemas éticos da Intelixencia Artificial. Ademais, o CITIC estivo presente nunha caseta expositora co proxecto *Emprego de contornas virtuais para o traballo de habilidades físicas e cognitivas en poboación maior e persoas con diversidade funcional*, desenvolvido polo investigador Manuel Lagos. Este proxecto tamén foi presentado durante a xornada, obtendo o terceiro premio dos proxectos presentados na categoría de industria.

O venres, dedicado á xornada educativa, o CITIC estivo presente co proxecto *Talentos inclusivos*, mostrando algunhas das solucións desenvolvidas polo estudiantado dos centros de educación secundaria aos retos tecnolóxicos expostos por ASPACE Coruña.

Ademais, durante toda a Maker Faire celebrouse a segunda edición dun Hackaton de Tecnoloxías Inclusivas, que pretendía responder a necesidades expostas por usuarios de COGAMI, a ONCE, e ASPACE Coruña. A fin de semana varios grupos estiveron a traballar en solucións tecnolóxicas e presentaron os seus proxectos o domingo pola tarde, baixo a atención do xurado formado por representantes destas entidades e do CITIC. A entrega do premio ao proxecto SENSUWalk, unha aplicación móbil para mobilidade urbana de persoas con sordocegueira, foi realizada por Thais Pousada, con varios agasallos promovidos polo propio centro de investigación coruñés.

Vigo acollerá do 21 ao 23 de xuño as xornadas nacionais de investigación en ciberseguridade JNIC 2023

original



Organizadas polo Centro en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo,atlanTTic, e Gradiant, as 'Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad' son o principal encontro científico-técnico sobre ciberseguridade a nivel estatal.

As 'VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad', JNIC 2023, celebraranse do 21 ao 23 de xuño na Sede AFundación de Vigo. As JNIC'2023 están organizadas polo Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo,atlanTTic, e o centro tecnolóxico Gradiant, co apoio do Instituto Nacional de Ciberseguridad, INCIBE.

Estas xornadas preséntanse como un foro científico-técnico de presentación de contribucións relevantes e recentes en todos os campos relacionados coa ciberseguridade e as súas aplicacións. Trátase dun congreso que promove o contacto, intercambio e discusión de ideas, coñecementos e experiencias entre a rede académica e de investigación por unha banda, e profesionais e empresas pola outra. Servirá de escaparate dos últimos avances científicos na materia, á vez que será un foro de debate no que presentar perspectivas e enfoques innovadores en ciberseguridade, posibilitando a conexión entre a acción investigadora e innovadora e o desenvolvemento de produtos e servizos de valor para a sociedade. Investigadores e profesionais de diferentes puntos da xeografía española presentarán o resultado das súas investigacións científicas dende diversas perspectivas, coa ciberseguridade como nexo de unión.

Centraranse en tres eixes: investigación, transferencia e formación en ciberseguridade. Durante as tres xornadas do evento presentaranse traballos de investigación, haberá charlas, mesas redondas, sesións de póster, etc. Así mesmo, inclúen actividades orientadas a captación de talento, como un CTF (*Capture The Flag*) que se realizará en días previos ás xornadas e un CFF (*Call For Flags*) que se integra no apartado de formación. Ademais, as persoas participantes tamén terán a oportunidade de gozar doutras actividades como navegación pola ría de Vigo ou unha ruta guiada para coñecer os puntos de interese turístico máis importantes da cidade.

Nesta edición, ademais da valoración das contribucións científicas máis destacadas, púxose en marcha unha iniciativa para poñer en valor os mellores retos en ciberseguridade desde un punto de vista práctico. Os artigos científicos orixinais publicaranse en IEEEExplore e as versións estendidas dos artigos de máis calidade incluíranse nun número especial da revista Wireless Networks (WINET).

Programa das xornadas



A xornada inaugural, o mércores 21 de xuño, contará coa conferencia invitada "Air-Gap Security: Attacks and Defense" da man de Mordechai Guri, informático e investigador israelí con máis de 20 anos de experiencia en seguridade cibernética para os sectores comercial, industrial e gobernamental. Neste primeiro día haberá diversos relatorios de investigación e transferencia nas que se abordarán cuestións como a ciberseguridade en contornas distribuídas, intelixencia artificial, técnicas de ciberseguridade e ciencia forense. Pola tarde celebrarase unha mesa redonda sobre tecnoloxías disruptivas e o rol da ciberseguridade organizada por Women4Cyber Spain.

O segundo día, xoves 22 de xuño, inclúe na axenda unha mesa redonda sobre o horizonte nas tecnoloxías cuánticas, organizada pola Cátedra R en Ciberseguridade, ademais de novas xornadas de transferencia e de investigación con temas como a xestión avanzada de riscos e seguridade. "As JNIC celebráronse por primeira vez en 2015 en León e tras pasar tamén por Granada, Madrid, San Sebastián, Cáceres e Bilbao chegan agora a Vigo reafirmándose como unha das citas fundamentais para o intercambio de coñecemento e experiencias no ámbito da ciberseguridade entre persoal académico, investigador e empresarial". O cartel da última xornada, venres 23 de xuño, complétase coa última das sesións sobre criptografía na era cuántica e coa conferencia invitada de Carmela Troncoso titulada "Privacidade por deseño: do papel á práctica" na que a investigadora experta en dixitalización falará, a través de varios exemplos, sobre a posibilidade de utilizar tecnoloxías pensadas para mellorar a privacidade (*Privacy Enhancing Technologies*) e combinarse en sistemas que permiten funcionalidades complexas sen necesidade de reunir nin procesar datos. Antes da clausura, farase entrega dos premios RENIC, *Capture The Flag* e *Call For Flags*.

Ademais da colaboración do INCIBE e do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, a organización das xornadas é posible grazas ao apoio de: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Nodo Galego de Ciberseguridade Ciber.gal, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Seresco, Plexus Tech, Cátedra R en Ciberseguridade, Red de Excelencia Nacional de Investigación en Ciberseguridade (RENIC), ATOS, Optare Solutions, ViewNext, Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da Universidade da Coruña (CITIC).

Toda a información sobre as inscricións no evento e [o programa completo das xornadas pode consultarse na súa páxina web.](#)

Vitae amósanos en xullo como mellorar o noso papel de líderes e compañeiros en equipos TI

original

martes, 13 de xuño do 2023



Vitae

Consultores, a través da súa aula virtual, vai organizar este verán a nova edición (a quinta) dunha actividade formativa que presenta importantes claves para extraer o mellor profesional (líder e/ou compañeira/o) que hai dentro de nós. Trátase da quinta convocatoria do curso *Liderado e xestión de equipos en proxectos TI áxiles*, unha formación de dez horas de contidos prevista para os días 3, 5, 10 e 12 de xullo. Inclúese a opción para obter o Certificado Scrum Manager (75 PDA). Impárteoo a experta en desenvolvemento de programas e asesoramento profesional e empresarial Josefina Nocelo.

En palabras de Vitae, trátase dun curso concibido para atender as nosas necesidades actuais, diferentes xa das que había antes da pandemia: "O escenario mudou e precisamos afianzar e desenvolver as novas formas de traballar e aprender". Neste contexto, sinala Vitae, o papel do líder, así como das relacións entre os integrantes do equipo, resulta fundamental para que os proxectos tecnolóxicos poidan acadar o éxito.

Vitae lembra que as organizacións dispoñen de coñecemento técnico, pero "no momento en que un profesional pasa a xestionar proxectos require dunha serie de habilidades para exercer a coordinación do equipo, a comunicación cara aos seus membros e cara aos seus responsábeis, evitar conflitos, etc". Para a consultora galega, a xestión destes grupos de traballo é unha "parte nuclear" da xestión de proxectos, por iso os mellores líderes son os que contan "coas habilidades sociais precisas para a xestión de equipos".

O curso está dirixido a calquera persoa que queira mellorar en liderado e en xestión de equipos TI (Tecnoloxías da Información).

A encargada de impartir estes contidos será novamente Josefina Alonso Nocelo, enxeñeira superior en Informática e na actualidade directora da área de Operacións en DIHGIGAL HUB (Asociación para la Transformación Digital de la Industria Gallega). Josefina Alonso, ademais, posúe unha ampla experiencia nos eidos do desenvolvemento de software e do asesoramento empresarial e a centros de I+D (traballou para a Axencia Europea do Espazo, o CTAG, o CITIC, TecnoCom, SIVSA, Seresco, Coremain ou Balidea, entre outras moitas entidades).

El Gobierno tramitará de forma urgente el decreto para crear la Aesia

AGENCIAS MADRID

El Gobierno tramitará de forma urgente el proyecto de real decreto por el que se crea la Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial (cuya sede se ubicará en A Coruña) y en el que también se aprueban sus estatutos, según se recoge en las referencias del Consejo de Ministros de ayer, martes.

Entre los objetivos que se prevé que se atribuirán a este organismo figuran la supervisión de la puesta en marcha, uso o comercialización de sistemas que incluyan inteligencia artificial (IA) y, especialmente, aquellos que puedan suponer riesgos significativos para la salud, seguridad y los derechos fundamentales.

Divulgación

También la concienciación, divulgación y promoción del desarrollo y uso responsable, sostenible y confiable de la IA; la definición de mecanismos de asesoramiento y atención; la colaboración y coordinación con otras autoridades (nacionales y supranacionales) de supervisión de IA y el fomento de entornos reales de prueba de los sistemas de IA para reforzar la protección de los usuarios.

En este contexto, en la reunión del Consejo de Ministros de ayer, martes, también se ha aprobado la tramitación administrativa urgente del proyecto de real decreto para el establecimiento de un "entorno controlado de pruebas" para el ensayo del cumplimiento de la propuesta de reglamento del Parlamento Europeo y del Consejo Europeo por el que se establecen "normas armonizadas en materia de inteligencia artificial".

En todo caso, el hecho de ser sede de la Aesia consolida a la ciudad de A Coruña como un verdadero referente en el sector de la Inteligencia Artificial, que es uno de los elementos que van a ser más relevantes en el futuro. De hecho, desde la UDC y el Citic ya se trabaja en diferentes proyectos que se basan en las posibilidades que ofrece la In-

La Cátedra Cruz Roja aborda los apoyos y cuidados para mejorar de la calidad de vida de las personas mayores

Las temáticas que se abordarán en este curso permitirán analizar de modo crítico los apoyos sociales y los cuidados, tanto sanitarios como sociosanitarios, orientados a las personas mayores y proponer políticas o acciones de mejora en un contexto social de complejidad y tecnologización creciente. Aspectos legales y éticos del cuidado y apoyos a las personas mayores.

original

La Cátedra Cruz Roja Española para la Mejora de la Calidad de Vida de las Personas Mayores imparte el Curso de Verano «*Perspectivas sobre apoyo y cuidados para la mejora de la calidad de vida en personas mayores*», que tendrá lugar del 11 al 14 de julio en el centro sociocultural O Vello Cárcere de Lugo.

Las temáticas que se abordarán en este curso permitirán **analizar de modo crítico los apoyos sociales y los cuidados**, tanto sanitarios como sociosanitarios, orientados a las personas mayores y **proponer políticas o acciones de mejora** en un contexto social de complejidad y tecnologización creciente.

Los **principales contenidos** serán:

- Aspectos legales y éticos del cuidado y apoyos a las personas mayores.
- Perspectivas y tendencias futuras en los cuidados gerontológicos.
- Tecnologías de apoyo para una sociedad inclusiva.
- Análisis y prospectiva de los apoyos y cuidados a las personas mayores en los ámbitos institucional y comunitario.



La Cátedra Cruz Roja imparte el Curso de Verano «Perspectivas sobre apoyo y cuidados para la mejora de la calidad de vida en personas mayores»

Conoce el **programa** completo es el siguiente:

Martes, 11 de julio

Módulo Introductorio

10:00-10:30. **Presentación del curso y sus objetivos**

- Dr. Arturo X. Pereiro Rozas
Profesor Titular USC. Departamento de Psicología Evolutiva y de la Educación. Director de la

Cátedra Cruz Roja USC

10:30-12:00. **Personas mayores y cuidado. Abordaje desde los derechos de la persona**

- Dr. José Antonio Seoane Rodríguez
Catedrático de Filosofía del Derecho (Universidad de A Coruña, UDC) y miembro del Comité de Bioética de España

12:00-14:00. **Eutanasia y cuidados al final de la vida**

- Isabel Blanco Domínguez
Médico y Vicepresidente de la Asociación Galicia Derecho a Morir con Dignidad
- Andrea Gallego Valdeiglesia
Médico de Atención Primaria. Experto en Bioética. Miembro de la Comisión Garantía y Evaluación de la Eutanasia en Galicia

Módulo Introductorio (Parte II)

16:00-17:30. **La nueva economía del cuidado: reflexiones sobre el cambio de modelo**

- Dr. Melchor Fernández Fernández
Catedrático USC. Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales

Módulo Atención y apoyo en el ámbito comunitario y familiar (Parte I)

17:30-19:00. **Apoyo socioemocional para cuidadores con sobrecarga**

- Dr. Fernando Lino Vázquez González
Profesor USC. Grupo de Investigación en Salud Mental y psicopatología Facultad de Psicología

Miércoles, 12 de julio

Módulo Atención y apoyo en el ámbito comunitario y familiar (Parte II)

10:00-12:00. **Cuidadores familiares**

- Dr. Andrés Losada
Catedrático de la Universidad Rey Juan Carlos y Vicepresidente de la Sociedad Española de Geriátrica y Gerontología

12:00-14:30 **Atención a personas mayores a través de Tecnologías de apoyo para una Sociedad Inclusiva**

- Dr. Javier Pereira
Subdirector del Centro de Investigaciones en Tecnologías de la Información y Comunicaciones (CITIC) de la Universidad de A Coruña (UDC)
- María Carmen López Pérez
Responsable de I+D+i en Balidea
- Carla Negreira París
Terapeuta ocupacional en el Complejo Gerontológico La Milagrosa (A Coruña), Máster en Gerontología Clínica (UDC)

16:30-19:00. **Intervención en el duelo**

- José Ignacio Bermúdez Fernández
Psicóloga coordinadora del Servicio de Acompañantes Emocional, Salamanca

Jueves, 13 de julio

Módulo de atención y apoyo en el ámbito institucional (Parte I)

10:00-12:30. Situación actual de los centros asistenciales en la comunidad gallega: Problemática y perspectivas

- Lucía Couso
Presidente de la Asociación de Centros de Día de Galicia (ACDGal).
- Dr. Carlos Dosil
Vocal de la Junta Directiva de la Asociación Gallega del Sector de la Dependencia
- Ximena Campos Pérez
Consortio de Servicios para la Igualdad y Bienestar de Galicia, Xunta de Galicia.

12:30-14:30 Retos y creación de respuestas en apoyo cognitivo y emocional desde el ámbito sociocomunitario

- Maxi Rodríguez Fernández
Psicóloga sanitaria AFAGA-Alzheimer

16:30-18:30. Innovación de apoyo y atención en el ámbito institucional

- Lucía Saborido
Director-Fundador de Saraiva Senior

Viernes, 14 de julio

Módulo de atención y apoyo en el ámbito institucional (Parte II)

10:00-11:30. La integración asistencial como eje de la atención en Geriatría y Gerontología

- María del Mar Magariños Losada
Asistente geriatra del Servicio de Geriatría del Hospital Universitario Lucus Augusti

11:30-13:30. Análisis de tendencias en la atención gerontológica

- Doncella Azurmendi
Directora de Atención Domiciliaria y Comunitaria de Fundación Matia

13:30-14:30. Conferencia de Clausura: Síntomas neuropsiquiátricos en la fase prodrómica de demencias: predicción e impacto en la calidad de vida

- Dr. Ismail Zahinoor
Profesor de Neurología; INSTITUTO CEREBRAL HOTCHKISS; Facultad de Medicina de Cumming; Universidad de Calgary, (Canadá)

Para más información e inscripciones:

Cátedra Cruz Roja Española USC

<https://www.usc.gal/es/servicios/area/cultura/formacion/universidad-verano/>

O CPEIG celebra este venres 16 a XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

original



O CPEIG celebra este venres 16 de xuño en Santiago a a súa [XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia](#). Contarase coa presenza de máis de 350 convidados e no marco da celebración farase entrega dos premios anuais da profesión. O evento estará presentado polo humorista e ilusionista coruñés Luis Piedrahita, que ofrecerá un monólogo e un truco de maxia ao auditorio, e contará coa actuación da banda galega de rock e soul Broken Peach. Será no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago de Compostela, a partir das 19:00 horas.

Como dixemos, está previsto que máis de 350 convidados asistan ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do ámbito empresarial, da Administración Pública, do ámbito universitario e profesionais do sector. "A Noite é xa unha gala consolidada onde o CPEIG pretende mostrar á sociedade o traballo desenvolto por enxeñeiros en informática dentro da sociedade da información e as iniciativas relacionadas co ámbito das TIC", explican fontes do colexio que preside Fernando Suárez, quen será o encargado de inaugurar a décimo quinta edición do evento.

Contarase coa asistencia do ministro de Sanidade, José Miñones; o concelleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, Miguel Corgos López-Prado; a secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, Covadonga Toca Carús; o delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, Gonzalo Trenor; o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Julián Cerviño; o concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña, José Manuel Lage Tuñas; o reitor da Universidade da Coruña (UDC), Julio Abalde; o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago (USC), Gumersindo Feijoo Costa; o presidente do Clúster TIC de Galicia, Antonio Rodríguez del Corral; a directora da Agencia Española de Protección de Datos, Mar España Martí; e o secretario do Consoo General de Colegios Oficiales de Ingeniería en Informática (CCII), José García Fanjul; así como outras personalidades e representantes do sector TIC galego que exercerán como patrocinadores do evento e as colexiadas e colexiados do CPEIG.



Luis Piedrahita será o encargado de conducir o transcurso da gala

A gala será conducida por Luis Piedrahita (A Coruña, 1977), artista multidisciplinar, humorista, escritor, ilusionista, presentador e director de cine. É colaborador e guionista do programa de entretemento *El hormiguero 3.0*, onde presenta os seus monólogos e maxia antes personalidades invitadas como Tom Cruise, Gwyneth Paltrow, Will Smith, Denzel Washington ou Jennifer Aniston, entre outros. Os seus inicios foron como colaborador e guionista do programa pioneiro do *stand-up comedy* en España, *El club de la comedia*. Foi tamén director, guionista e mago do programa televisivo *Nada por aquí*. Escribiu, dirixiu e produciu coa súa compañía, Producciones El Espectador, varios espectáculos de humor. As súas últimas creacións son *Es mi palabra contra la mía*, *Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas* e *El castellano es un idioma loable, lo hable quien lo hable*. Así mesmo, Piedrahita en coprodución co Teatro Real de Madrid, desenvolveu dous espectáculos musicais para nenos e nenos, dous contos sinfónicos escritos e narrados polo artista acompañado dunha orquestra sinfónica.



A banda viguesa Broken Peach

Tamén se contará coa actuación da banda viguesa Broken Peach. formada a principios de

2009 para crear unha nova forma de fusionar a música co entretemento a través da interpretacións de *covers*, nos que tamén inclúen algúns *mashups*, todo vestido cunha estética extravagante, dando una frescura visual aos seus espectáculos en vivo.

Os premios

Premio Iniciativa Emprendedora

O enxeñeiro informático Diego Cid recibe esta distinción por lograr que se poida usar o DNLe en móbiles co sistema operativo iOS mediante unha conexión NFC para diferentes trámites coa administración pública.

Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática

A enxeñeira informática Verónica Bolón recibe esta distinción polos seus traballos de investigación en Intelixencia Artificial sustentábel e a súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas como coordinadora do nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM, no que científicas e tecnólogas imparten charlas a estudantes de 6º de Primaria e 1º da ESO sobre as STEM ou os estereotipos de xénero.

Premio Traxectoria Profesional

A distinción recaeu en Eduard Martín, CIO da Fundación Mobile World Capital Barcelona, polo seu "liderado de proxectos en organizacións de vangarda e o seu traballo incansable na defensa da profesión de enxeñaría en informática". Dirixe a área de Conectividade Intelixente de MWCcapital e impulsou o Observatorio Nacional 5G e a iniciativa 5G Barcelona para fomentar a evolución, o despregue e o desenvolvemento desta tecnoloxía co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas.

Premio Especial CPEIG

-Distínguese nesta categoría ao Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias pola súa loita para a inclusión dos enxeñeiros en informática no corpo de enxeñeiros na Ley de Empleo Público da autonomía.

-Recibe a distinción o Ministerio de Sanidade polo seu compromiso coa *Europa de la Salud*, espazo europeo de datos sanitarios, para mellorar prestación de asistencia sanitaria en toda Europa.

Premio Iniciativa Empresarial

Navantia recibe este recoñecemento polo seu proxecto *Astillero 4.0*, aposta de futuro pola innovación e a tecnoloxía de vangarda. Incorpora tecnoloxías intelixentes -catorce ferramentas habilitadoras como *Big Data*, vehículos autónomos, robótica, Intelixencia Artificial, *Blockchain*, 5G ou drons- para alcanzar unha maior competitividade e sustentabilidade.

Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

Recibe o galardón Code.org, a plataforma formativa en programación máis grande do mundo, destinada para que cada estudante en cada escola do mundo teña a oportunidade de aprender informática.

Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS)

O proxecto Calvo Residuo Cero, da compañía galega Grupo Calvo, recibe esta distinción por ser una iniciativa global destinada a conseguir unha xestión sustentábel de todos os residuos xerados, tanto en fábricas como en oficinas, asegurando un mínimo impacto na contorna e a contribución efectiva a un proceso de economía circular.

Premio Iniciativa da Administración

Distínguese á Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, departamento creado hai un ano, que puxo en marcha iniciativas innovadoras, como a Rede de Polos de Emprendemento na que se usan ferramentas intelixentes, e outras accións para impulsar a inclusión e a igualdade.

Premio e-Inclusión

A distinción recaeu en Envita, *start-up* viguesa de innovación social, pola súa plataforma tecnolóxica para a dixitalización da historia de vida das persoas maiores.

Premio Proxecto Fin de Máster

Recibe o recoñecemento Rubén Pérez Jove polo deseño dunha ferramenta de identificación de sistemas operativos baseada en Intelixencia Artificial. Os outros finalistas foron Alejandro Mosteiro, que desenvolveu unha ferramenta de axuda para os administradores no seu traballo baseada en Internet das Cousas, e Hilda Romero, que creou unha web e aplicación móbil para axudar aos pianistas nos seus ensaios e actuación.

Premio 15º Aniversario CPEIG

Cisco, Eviden, Inforhouse, R e Vodafone reciben esta distinción polo seu apoio continuo á

gala de A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia.

Premio Colaboración Interadministrativa

Esta distinción concédese a Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, ao Nodo Galicia da Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña pola creación da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA).

Premio Colexiada/o de Honra

O recoñecemento recaeu en Amparo Alonso Betanzos, catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial na Universidade da Coruña (UDC) e investigadora do CITIC. O Colexio outórgalle esta distinción por ser unha das "máximas referentes e pioneiras en España no uso de Intelixencia Artificial (IA) aplicada ás ciencias sociais".

Acto de peche da terceira edición do proxecto Talentos Inclusivos 2022-2023

A terceira edición do programa Talentos Inclusivos celebra o seu acto de clausura cunha feira científica na que se exporán os proxectos desenvolvidos polos 10 centros educativos participantes, da provincia da Coruña e, por primeira vez, de Ourense. Entre os proxectos desenvolvidos poderanse ver exemplos de retos como videoxogos clásicos para utilizar en terapias de rehabilitación, bingos adaptados, mesas sensoriais ou diferentes adaptacións de boquillas para pintar ou 3D de premedores dos cabezais das cadeiras de rodas.

original

CONVOCATORIA DE MEDIOS

ACTO: Clausura III edición proxecto TALENTOS INCLUSIVOS

HORARIO: venres 16 de xuño, de 11:00 a 13:30h.

LUGAR: Planta baixa da Domus- Museos Científicos Coruñeses

A terceira edición do programa Talentos Inclusivos celebra o seu acto de clausura cunha feira científica na que se exporán os proxectos desenvolvidos polos **10 centros educativos participantes**, da provincia da Coruña e, por primeira vez, de Ourense.

Entre os proxectos desenvolvidos poderanse ver exemplos de retos como videoxogos clásicos para utilizar en terapias de rehabilitación, bingos adaptados, mesas sensoriais ou diferentes adaptacións de boquillas para pintar ou 3D de premedores dos cabezais das cadeiras de rodas.

Durante a celebración da feira terá lugar ademais unha **xincana** por equipos que consistirá en responder unha pregunta sobre cada expositor. Entre os equipos con máis respostas correctas realizarase un sorteo. O gañador do sorteo recibirá como premio unha impresora 3D.

Sobre Talentos Inclusivos

Trátase dun proxecto colaborativo posto en marcha polo CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións) da Universidade da Coruña e ASPACE Coruña (Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral), co apoio do Consello Social da Universidade da Coruña, o Concello da Coruña, a FECYT (Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía), dependente do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e a Xunta de Galicia. O proxecto ten o dobre obxectivo de fomentar as vocacións TIC entre estudantes de secundaria e bacharelato e, á súa vez, dar visibilidade á discapacidade. Para iso, créanse grupos de traballo colaborativos formados por usuarios e usuarias de ASPACE Coruña e estudantes de centros educativos da Coruña, apoiados polo seu profesorado e persoal investigador do CITIC. Así, os usuarios e usuarias de ASPACE Coruña propoñen diferentes retos tecnolóxicos para ser solucionados por parte do alumnado.

PROGRAMA

11:00 11:15 h

Benvida e saúdo aos medios no vestíbulo do Museo Domus a cargo de:

- Manuel F. González Penedo, director do CITIC
- Carmen Barreiro Santos, presidenta de ASPACE Coruña
- Jesús A. Spósito Prado, secretario do Consello Social da UDC
- Judith Fernández Novoa, directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta de Galicia
- M^a Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC
- Representante Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia
- Representante do Concello da Coruña

11:15 12-.15 h.- Visita guiada polos expositores (10) dos centros educativos participantes no proxecto

Entrega de diplomas e recoñecementos por parte das autoridades

12:15 13:30 h.- Visita libre pola exposición dos proxectos e sorteo do premio ao equipo gañador da xincana

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

O CITIC recibe unha visita escolar no marco da iniciativa Atrévete a pescudar con elas!

original



Este martes 13 de xuño os centros de investigación do Campus de Elviña (CITIC, CICA e CITEEC) recibiron a visita dun grupo de 20 alumnos e alumnas do IES Camilo José Cela de Padrón. A estadia nos centros da UDC das e dos estudantes está enmarcada na iniciativa *Atrévete a pescudar con elas!*, organizada pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña.

Na visita ao CITIC o alumnado puido coñecer o Demostrador Tecnolóxico onde se mostraron proxectos de robótica e localización en interiores. Logo coñeceron o laboratorio de impresión 3D onde se explicou o funcionamento das impresoras de extrusión de plástico, resina e fusión de po.



A visita rematou no Laboratorio de Realidade Virtual e Localización, no que se lles mostrou o funcionamento do OptiTrack, sistema de captura de movementos baseado en cámaras, e un guindastre de pórtico que calcula o posicionamento exacto de obxectos en interiores. Por último, realizouse una demostración de contornas de realidade virtual destinadas á rehabilitación de persoas co discapacidade.

Atrévete a pescudar con elas! é unha iniciativa na que investigadoras da UDC mostran aos escolares a súa traxectoria científica e vital, logros profesionais e anécdotas coa finalidade de incentivar a curiosidade pola profesión investigadora e científica.

Talentos Inclusivos (CITIC e ASPACE Coruña) pecha a súa III edición cunha feira científica

original

venres, 16 de xuño do 2023



O programa **Talentos Inclusivos** celebrou este venres 16 de xuño, na Domus de A Coruña, o peche da súa terceira edición, correspondente ao curso 2022-2023. Fíxoo unha feira científica na que se expuxeron os proxectos desenvolvidos polos dez centros educativos participantes, da provincia da Coruña e, por primeira vez, de Ourense.

No acto participou a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC, María Jesús Movilla Fernández, quen agradeceu "a confianza depositada na Universidade da Coruña por parte de todas as institucións implicadas (Consello Social, Concello de A Coruña, Xunta de Galicia e FECYT) para a realización de este tipo de proxectos que, sen dúbida, enriquecen a todas as partes implicadas" e resaltou o "esforzo e a dedicación do profesorado e dos investigadores e investigadoras do CITIC".

Na mesma liña, Carmen Barreiro Santos, presidenta de ASPACE Coruña, destacou o feito de que "para nós é moi importante este proxecto porque mellora a calidade de vida dos nosos usuarios e usuarias, dedicando moita ilusión e moito traballo".



Pola súa banda, Manuel F. González Penedo, director do Centro de Investigación TIC (CITIC), salientou que "este ano demos un paso máis, ampliando o proxecto a institutos de toda Galicia. Talentos é un proxecto único, non só na nosa comunidade, senón en toda España e todos os anos superamos as expectativas facendo chegar a tecnoloxía a un sector que moitas veces é o gran esquecido neste ámbito".

Entre os proxectos desenvolvidos nesta terceira edición puideron verse exemplos de retos como videoxogos clásicos para utilizar en terapias de rehabilitación, bingos adaptados, mesas sensoriais ou diferentes adecuacións de boquillas para pintar ou 3D de premedores dos cabezais das cadeira de rodas.

Durante a celebración da feira organizouse ademais unha xincana por equipos que consistiu en responder unha pregunta sobre cada expositor. Entre os equipos con máis respostas correctas realizouse un sorteo. O gañador do sorteo recibiu como premio unha impresora 3D. O proxecto Talentos Inclusivos é un programa que ten o dobre obxectivo de fomentar as vocacións TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) entre o alumnado e dar visibilidade á discapacidade. Arredor de 200 estudantes de Secundaria participaron nesta terceira edición.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da UDC xunto con ASPACE Coruña promove este proxecto colaborativo que conta co apoio do Consello Social da Universidade, a FECYT do Ministerio de Ciencia, o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia. Precisamente, o convenio asinado recentemente coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta propiciou que o programa Talentos Inclusivos se estendese a centros educativos de toda Galicia coa participación do Colexio Carmelitas de Ourense, xa que anteriormente estaba centralizado na provincia da Coruña.

Talentos Inclusivos na Domus

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

Carlos Pardellas · [original](#)

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).



Talentos Inclusivos na Domus

Carlos Pardellas

Actualizado: 16/06/2023 17:31 [Ver galería >](#)

o proxecto Talentos inclusivos do Centro de Investigación TIC da Universidade dá a Coruña está destinado a fomentar as vocacións TIC entre mozos ao mesmo tempo que dá visibilidade aos problemas das persoas con discapacidade e contribúe a facilitar a súa día a día mediante solucións tecnolóxicas innovadoras.



Talentos Inclusivos en la Domus

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

Carlos Pardellas • [original](#)

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).



Talentos Inclusivos en la Domus

Carlos Pardellas

Actualizado: 16/06/2023 17:31 [Ver galería >](#)

El proyecto Talentos inclusivos del Centro de Investigación TIC de la Universidade da Coruña está destinado a fomentar las vocaciones TIC entre jóvenes al mismo tiempo que da visibilidad a los problemas de las personas con discapacidad y contribuye a facilitar su día a día mediante soluciones tecnológicas innovadoras.



La 'XV Noite da Enxeñaría Informática de Galicia' premia a 13 profesionales, administraciones e iniciativas

El Colegio de Ingeniería Informática de Galicia (CPEIG) ha celebrado este viernes en Santiago su 'XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia', en la que se ha reconocido la labor de más de una docena de profesionales, empresas, administraciones e iniciativas. También ha sido reconocido el ingeniero informático Diego Cid, con el Premio Iniciativa Emprendedora, por lograr que se pueda usar el DNI electrónico en móviles con sistema operativo iOS mediante una conexión NFC.

Europa Press • original



Junta de Gobierno del Colegio Profesional de Ingeniería Informática de Galicia en la gala 'XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia'.

El Colegio de Ingeniería Informática de Galicia (CPEIG) ha celebrado este viernes en Santiago su 'XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia', en la que se ha reconocido la labor de más de una docena de profesionales, empresas, administraciones e iniciativas.

Así, el colegio ha galardonado a la ingeniera informática Verónica Bolón, que ha recogido el Premio Ada Byron, por su trabajo en investigación de inteligencia artificial sostenible en el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones (CITIC) de la Universidad de A Coruña.

También ha sido reconocido el ingeniero informático Diego Cid, con el Premio Iniciativa Emprendedora, por lograr que se pueda usar el DNI electrónico en móviles con sistema operativo iOS mediante una conexión NFC.

El Premio Trayectoria Profesional ha recaído en Eduard Martín, CIE de la Fundación Mobile World Capital Barcelona. En la categoría Premio Especial CPEIG se ha distinguido al Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias por su lucha para la inclusión de este colectivo en el cuerpo de ingenieros en la ley asturiana de empleo público; y al Ministerio de Sanidad por su compromiso con la 'Europa de la Salud', espacio europeo de datos sanitarios.

Navantia ha recogido el Premio Iniciativa Empresarial por su proyecto 'Astillero 4.0'; y el Premio Innovación Tecnológica no Ensino ha sido para Code.org, la plataforma formativa en programación más grande del mundo.

El proyecto 'Calvo Residuo Cero' ha sido merecedor del Premio Obxectivos de

Desenvolvemento Sostible (ODS); y se ha distinguido a la Dirección Xeral de Emprenemento e Apoio ao Emprego de la Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de la Xunta, por la puesta en marcha de iniciativas innovadoras.

El Premio e-Inclusión ha recaído en Envita, una startup viguesa de innovación social; y el Premio Proxecto Fin de Máster ha sido para el ingeniero del CITIC Rubén Pérez Jove, por el desarrollo de una herramienta de identificación de sistemas operativos basada en la inteligencia artificial.

Finalmente, se ha dado la distinción 15º aniversario CPEIG a Cisco, Eviden, Inforhouse, R y Vodafone; y se ha otorgado el Premio Colaboración Interadministrativa a la Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, al Nodo GalicIA de la Xunta y al Ayuntamiento de A Coruña por la creación de la Agencia Española de Supervisión de la Inteligencia Artificial (AESIA). También se ha premiado, como Colegiada de Honor, a la catedrática de Ciencias de la Computación e Inteligencia Artificial de la Universidad de A Coruña, Amparo Alonso Betanzo.



Junta de Gobierno del Colegio Profesional de Ingeniería Informática de Galicia en la gala 'XV Noite da Enxelaría en Informática de Galicia'.

La 'XV Noite da Enxeñería Informática de Galicia' premia a 13 profesionales, administraciones e iniciativas

original

El Colegio de Ingeniería Informática de Galicia (CPEIG) ha celebrado este viernes en Santiago su 'XV Noite da Enxeñería en Informática de Galicia', en la que se ha reconocido la labor de más de una docena de profesionales, empresas, administraciones e iniciativas.

Así, el colegio ha galardonado a la ingeniera informática Verónica Bolón, que ha recogido el Premio Ada Byron, por su trabajo en investigación de inteligencia artificial sostenible en el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones (CITIC) de la Universidad de A Coruña.

También ha sido reconocido el ingeniero informático Diego Cid, con el Premio Iniciativa Emprendedora, por lograr que se pueda usar el DNI electrónico en móviles con sistema operativo iOS mediante una conexión NFC.

El Premio Trayectoria Profesional ha recaído en Eduard Martín, CIE de la Fundación Mobile World Capital Barcelona. En la categoría Premio Especial CPEIG se ha distinguido al Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias por su lucha para la inclusión de este colectivo en el cuerpo de ingenieros en la ley asturiana de empleo público; y al Ministerio de Sanidad por su compromiso con la 'Europa de la Salud', espacio europeo de datos sanitarios.

Navantia ha recogido el Premio Iniciativa Empresarial por su proyecto 'Astillero 4.0'; y el Premio Innovación Tecnológica no Ensino ha sido para Code.org, la plataforma formativa en programación más grande del mundo.

El proyecto 'Calvo Residuo Cero' ha sido merecedor del Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS); y se ha distinguido a la Dirección Xeral de Emprenemento e Apoio ao Emprego de la Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de la Xunta, por la puesta en marcha de iniciativas innovadoras.

El Premio e-Inclusión ha recaído en Envita, una startup viguesa de innovación social; y el Premio Proxecto Fin de Máster ha sido para el ingeniero del CITIC Rubén Pérez Jove, por el desarrollo de una herramienta de identificación de sistemas operativos basada en la inteligencia artificial.

Finalmente, se ha dado la distinción 15º aniversario CPEIG a Cisco, Eviden, Inforhouse, R y Vodafone; y se ha otorgado el Premio Colaboración Interadministrativa a la Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, al Nodo Galicia de la Xunta y al Ayuntamiento de A Coruña por la creación de la Agencia Española de Supervisión de la Inteligencia Artificial (AESIA). También se ha premiado, como Colegiada de Honor, a la catedrática de Ciencias de la Computación e Inteligencia Artificial de la Universidad de A Coruña, Amparo Alonso Betanzo.

O CPEIG celebra a súa Noite enxalzando á Enxeñaría en Informática como forza impulsora do progreso

O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou este venres 16 de xuño a XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. Fíxoo cunha cea de gala no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago na que se entregaron os premios anuais da profesión. Asistiron máis de 350 convidados ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do ámbito empresarial, da Administración Pública, do ámbito universitario e profesionais do eido tecnolóxico.

original



O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou este venres 16 de xuño a [XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia](#). Fíxoo cunha cea de gala no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago na que se entregaron os premios anuais da profesión. Asistiron máis de 350 convidados ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do ámbito empresarial, da Administración Pública, do ámbito universitario e profesionais do eido tecnolóxico.

Foron trece as distincións anuais que se entregaron hoxe na gala, premios que corresponden a diversas categorías onde os colexiados/as recoñecen as iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da enxeñaría en informática. O enxeñeiro informático Diego Cid; a enxeñeira informática Verónica Bolón; o CIO da Fundación Mobile World Capital Barcelona, Eduard Martín; o Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias; o Ministerio de Sanidad; a empresa Navantia; a plataforma formativa Code.org; o Grupo Calvo; a Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; a start-up Envita; a Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial (AESIA) a través da Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, Nodo Galicia da Xunta de Galicia e Concello da Coruña; o enxeñeiro informático Rubén Pérez Jove; as empresas Cisco, Eviden, Inforhouse, R e Vodafone; e a catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da UDC, Amparo Alonso, son as persoas, organismos e entidades distinguidas.

Así, o presidente do CPEIG, Fernando Suárez Lorenzo, agradeceu a presenza de todos os convidados na entrega dos premios da Enxeñaría en Informática, xuntanza na que se celebran os logros e recoñecementos de persoas excepcionais e entidades de vangarda que demostraron dedicación, paixón e talento nos seus esforzos. Rendemos un merecido

recoñecemento á excelencia como denominador común de todas e todos os premiados neste punto de encontro entre mentes creativas, innovadoras e líderes nos seus respectivos campos brindando a posibilidade de crear sinerxías e establecer novas colaboracións, apuntou, ao tempo que agradeceu a confianza das entidades patrocinadoras da gala nestes 15 anos da Noite e o seu compromiso co avance da Enxeñaría en Informática e manifestou que a súa dedicación e apoio son fundamentais para o crecemento e a evolución da nosa industria.

Analogía entre a Enxeñaría en Informática e o bambú

A Enxeñaría en Informática transformou por completo a forma na que vivimos, traballamos e nos relacionamos. Cada día somos testemuñas do poder da tecnoloxía e de como inflúe nas nosas vidas. Con esta contundente sentenza se dirixiu Fernando Suárez a un auditorio repleto de entidades e empresas tecnolóxicas, destacando os avances en Intelixencia Artificial e aprendizaxe automática ata o desenvolvemento de aplicacións móbiles e a cibesequidade. Aínda que tamén lembrou que a Enxeñaría en Informática non trata só de tecnoloxía, programas e algoritmos, senón que explicou que detrás de cada liña de código hai seres humanos que traballan incansablemente, enfrontando desafíos e colaborando para lograr resultados extraordinarios.

Para explicar máis en detalle o valor da enxeñaría en informática, Fernando Suárez, formulou un símil co ciclo de maduración do bambú xaponés, unha planta que, tras ser sementada, abonada e regada constantemente, tarda sete anos en emerxer da terra, pero tras ese período medra de repente máis de 30 metros grazas ao seu complexo sistema de raíces. Con esta idea de fondo, o presidente sinalou que a clave do éxito é loitar pacientemente e con perseveranza, xa que asegurou que o éxito non é máis ca un proceso que leva tempo e dedicación e que esixe aprender novos hábitos e obriga a descartar outros. Nun mundo cada vez máis dixital, a Enxeñaría en Informática converteuse nunha forza impulsora para o progreso, revolucionando industrias enteiras, creando novas oportunidades de emprego e fomentando a creación de empresas innovadoras. A demanda de profesionais neste campo continúa en aumento, e é imprescindible que sigamos inspirando ás xeracións futuras a abrazar o poder da tecnoloxía e converterse nos enxeñeiros informáticos do mañá, indicou. Fernando Suárez tamén analizou os desafíos da profesión, centrados na ética e a responsabilidade. A Enxeñaría en Informática ten o potencial de transformar a sociedade, pero debemos asegurarnos de utilizar ese poder para o ben común, protexendo a privacidade, promovendo a equidade e garantindo a seguridade nun mundo dixital cada vez máis complexo.

Esta décimo quinta edición foi inaugurada polo presidente do CPEIG, e contou coa asistencia do ministro de Sanidad, José Miñones; o concelleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, Miguel Corgos López-Prado; a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, Elena Rivo; o delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, Gonzalo Trenor; o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Julián Cerviño; a concelleira de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local do Concello de Santiago, Marta Abal; o concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña, José Manuel Lage Tuñas; o reitor da Universidade da Coruña (UDC), Julio Abalde; o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago (USC), Gumersindo Feijoo Costa; e o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade da Universidade de Vigo (UVigo), José Luis Míguez.

Tamén asistiron o presidente do Clúster TIC de Galicia, Antonio Rodríguez del Corral; a directora da Agencia Española de Protección de Datos, Mar España Martí; e o secretario do Consello General de Colegios Oficiales de Ingeniería en Informática (CCII), José García Fanjul; así como outras personalidades e representantes do sector TIC galego que exerceron como patrocinadores do evento e as colexiadas e colexiados do CPEIG.

Ademais, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, que non puido asistir á gala, quixo dar a benvinda aos convidados cun saúdo institucional a través dun vídeo, á vez que pronunciou unhas agarimosas palabras para o Colexio de agradecemento polo traballo que fai, o labor de divulgación e a disposición para colaborar coa Xunta: Nestes últimos anos o mundo está mudando a pasos de xigante. As novas tecnoloxías, a Intelixencia Artificial, tan de moda agora, a xestión de datos ou a innovación sanitaria e educativa supoñen grandes saltos adiante que nos están permitindo mellorar a eficacia das organizacións e, sobre todo, a vida das persoas. Esta evolución é grazas a vós, comezando polo premiados que hoxe reciben o seu merecido galardón, a todo o ecosistema que fai isto posible, empresas, sistema

universitario, traballadores do sector e Administración Pública. Este é un traballo en equipo, como foi o caso da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, un logro colectivo que será un antes e un despois para o sector e toda Galicia.

A gala foi presentada por Luis Piedrahita (A Coruña, 1977), artista multidisciplinar, humorista, escritor, ilusionista, presentador e director de cine. Tamén os asistentes desfrutaron coa actuación do grupo galego de covers de rock e soul, os coñecidos Broken Peach.

Os premios

Premio Iniciativa Emprendedora

O enxeñeiro informático Diego Cid recibe esta distinción por lograr que se poida usar o DNle en móbiles co sistema operativo iOS mediante unha conexión NFC para diferentes trámites coa administración pública.

Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática

A enxeñeira informática Verónica Bolón recibe esta distinción polos seus traballos de investigación en Intelixencia Artificial sustentábel e a súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas como coordinadora do nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM, no que científicas e tecnólogas imparten charlas a estudantes de 6º de Primaria e 1º da ESO sobre as STEM ou os estereotipos de xénero.

Premio Traxectoria Profesional

A distinción recaeu en Eduard Martín, CIO da Fundación Mobile World Capital Barcelona, polo seu liderado de proxectos en organizacións de vangarda e o seu traballo incansable na defensa da profesión de enxeñaría en informática. Dirixe a área de Conectividade Intelixente de MWCcapital e impulsou o Observatorio Nacional 5G e a iniciativa 5G Barcelona para fomentar a evolución, o despregue e o desenvolvemento desta tecnoloxía co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas.

Premio Especial CPEIG

-Distínguese nesta categoría ao Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias pola súa loita para a inclusión dos enxeñeiros en informática no corpo de enxeñeiros na Ley de Empleo Público da autonomía.

-Recibe a distinción o Ministerio de Sanidade polo seu compromiso coa *Europa de la Salud*, espazo europeo de datos sanitarios, para mellorar prestación de asistencia sanitaria en toda Europa.

Premio Iniciativa Empresarial

Navantia recibe este recoñecemento polo seu proxecto *Astillero 4.0*, aposta de futuro pola innovación e a tecnoloxía de vangarda. Incorpora tecnoloxías intelixentes catorce ferramentas habilitadoras como *Big Data*, vehículos autónomos, robótica, Intelixencia Artificial, *Blockchain*, 5G ou drons para alcanzar unha maior competitividade e sustentabilidade.

Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

Recibe o galardón Code.org, a plataforma formativa en programación máis grande do mundo, destinada para que cada estudante en cada escola do mundo teña a oportunidade de aprender informática.

Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel (ODS)

O proxecto Calvo Residuo Cero, da compañía galega Grupo Calvo, recibe esta distinción por ser una iniciativa global destinada a conseguir unha xestión sustentábel de todos os residuos xerados, tanto en fábricas como en oficinas, asegurando un mínimo impacto na contorna e a contribución efectiva a un proceso de economía circular.

Premio Iniciativa da Administración

Distínguese á Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, departamento creado hai un ano, que puxo en marcha iniciativas innovadoras, como a Rede de Polos de Emprendemento na que se usan ferramentas intelixentes, e outras accións para impulsar a inclusión e a igualdade.

Premio e-Inclusión

A distinción recaeu en Envita, *start-up* viguesa de innovación social, pola súa plataforma tecnolóxica para a dixitalización da historia de vida das persoas maiores.

Premio Proxecto Fin de Máster

Recibe o recoñecemento Rubén Pérez Jove polo deseño dunha ferramenta de identificación de sistemas operativos baseada en Intelixencia Artificial. Os outros finalistas foron Alejandro Mosteiro, que desenvolveu unha ferramenta de axuda para os administradores no seu traballo baseada en Internet das Cousas, e Hilda Romero, que creou unha web e aplicación móbil

para axudar aos pianistas nos seus ensaios e actuación.

Premio 15º Aniversario CPEIG

Cisco, Eviden, Inforhouse, R e Vodafone reciben esta distinción polo seu apoio continuo á gala de A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia.

Premio Colaboración Interadministrativa

Esta distinción concédese a Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, ao Nodo GaliciA da Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña pola creación da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA).

Premio Colexiada/o de Honra

O recoñecemento recaeu en Amparo Alonso Betanzos, catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial na Universidade da Coruña (UDC) e investigadora do CITIC. O Colexio outórgalle esta distinción por ser unha das máximas referentes e pioneiras en España no uso de Intelixencia Artificial (IA) aplicada ás ciencias sociais.



Equipo de realidad virtual del Citic. // Castelleiro/Roller Agencia

La Federación Galega de Dano Cerebral premia al Citic de la Universidade da Coruña

Reconoce sus investigaciones y su “compromiso con los derechos a la inclusión social” del colectivo

REDACCIÓN
A CORUÑA

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) otorgará el día 29 de este mes su premio Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (Citic) de la Universidade da Coruña. Entre los motivos que llevan a la federación a elegir el centro como galardonado, explica Fegadace, está el reconocimiento al “compromiso del Citic con los derechos a la inclusión social y al ejercicio de una vida plena y autónoma” de las personas con daño cerebral adquirido.

La federación también señala que el centro de investigación ha apostado por “aplicar la innovación y la I+D+i al ámbito de los servicios sociales”, favoreciendo de esta manera “la inclusión y la autonomía personal” del colectivo con daño cerebral y de las personas con discapacidad en general. El Citic también ha buscado, según argumenta Fegadace, “que sus proyectos se orienten a la consecución de una sociedad más justa, igualitaria y accesible”.

Fegadace forma parte de la Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva, creada por el propio Citic para reunir a entidades representativas de personas con discapacidad o en situaciones de depen-

dencia, y que sirve para poner en común “necesidades y posibles soluciones para la autonomía personal y la calidad de vida”. Además de Fegadace están en la red la agrupación de daño cerebral coruñesa Adaceco y la compostelana Sarela.

Acto de entrega

La ceremonia en la que se otorgará el galardón formará parte de la II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, que se realizará el jueves de dentro de dos semanas en la Cidade da Cultura de Santiago. Acudirán usuarios de los colectivos Adaceco, Adace Lugo, Alento, DCA Ourense y Sarela.

El acto será a las 12.30 horas en la planta -1 del Edificio Museo da Cidade da Cultura y por parte del Citic acudirá el subdirector, Javier Pereira Loureiro, así como los investigadores Thais Pousada García y Manuel Lagos Rodríguez. Como es tradicional, el encargado de entregar el galardón será un representante de la entidad que lo consiguió el año anterior: en este caso Javier Pitillas, el fundador de Discamino. El premio, que ya va por su 11º edición y que lleva el nombre del neurólogo Miguel Blanco, fallecido prematuramente en 2015, ha sido diseñado y elaborado por las personas con daño cerebral adquirido de Alento (en Vigo).

La Federación Galega de Dano Cerebral premia al Citic de la Universidade da Coruña

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) otorgará el día 29 de este mes su premio Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós (Citic) de la Universidade da Coruña. Entre los motivos que llevan a la federación a elegir el centro como galardonado, explica Fegadace, está el reconocimiento al compromiso del Citic con los derechos a la inclusión social y al ejercicio de una vida plena y autónoma de las personas con daño cerebral adquirido.

REDACCIÓN • [original](#)

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) otorgará el día 29 de este mes su premio Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós (Citic) de la Universidade da Coruña. Entre los motivos que llevan a la federación a elegir el centro como galardonado, explica Fegadace, está el reconocimiento al compromiso del Citic con los derechos a la inclusión social y al ejercicio de una vida plena y autónoma de las personas con daño cerebral adquirido.

La federación también señala que el centro de investigación ha apostado por aplicar la innovación y la I+D+i al ámbito de los servicios sociales, favoreciendo de esta manera la inclusión y la autonomía personal del colectivo con daño cerebral y de las personas con discapacidad en general. El Citic también ha buscado, según argumenta Fegadace, que sus proyectos se orienten a la consecución de una sociedad más justa, igualitaria y accesible.

Fegadace forma parte de la Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva, creada por el propio Citic para reunir a entidades representativas de personas con discapacidad o en situaciones de dependencia, y que sirve para poner en común necesidades y posibles soluciones para la autonomía personal y la calidad de vida. Además de Fegadace están en la red la agrupación de daño cerebral coruñesa Adaceco y la compostelana Sarela.

Acto de entrega

La ceremonia en la que se otorgará el galardón formará parte de la na II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, que se realizará el jueves de dentro de dos semanas en la Cidade da Cultura de Santiago. Acudirán usuarios de los colectivos Adaceco, Adace Lugo, Alento, DCA Ourense y Sarela.

El acto será a las 12.30 horas en la planta -1 del Edificio Museo da Cidade da Cultura y por parte del Citic acudirá el subdirector, Javier Pereira Loureiro, así como los investigadores Thais Pousada García y Manuel Lagos Rodríguez. Como es tradicional, el encargado de entregar el galardón será un representante de la entidad que lo consiguió el año anterior: en este caso Javier Pitillas, el fundador de Discamino. El premio, que ya va por su 11ª edición y que lleva el nombre del neurólogo Miguel Blanco, fallecido prematuramente en 2015, ha sido diseñado y elaborado por las personas con daño cerebral adquirido de Alento (en Vigo).

[Facebook](#) [Twitter](#) [Linkedin](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)



La Federación Galega de Dano Cerebral premia al Citic de la Universidade da Coruña

Equipo de realidade virtual do Citic. | // CASTELEIRO/ROLLER AXENCIA. La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) otorgará el día 29 de este mes su premio Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (Citic) de la Universidade da Coruña. Entre los motivos que llevan a la federación a elegir el centro como galardonado, explica Fegadace, está el reconocimiento al compromiso del Citic con los derechos a la inclusión social y al ejercicio de una vida plena y autónoma de las personas con daño cerebral adquirido.

REDACCIÓN • [original](#)

Equipo de realidade virtual do Citic. | // CASTELEIRO/ROLLER AXENCIA

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) otorgará el día 29 de este mes su premio Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns (Citic) de la Universidade da Coruña. Entre los motivos que llevan a la federación a elegir el centro como galardonado, explica Fegadace, está el reconocimiento al compromiso del Citic con los derechos a la inclusión social y al ejercicio de una vida plena y autónoma de las personas con daño cerebral adquirido.

La federación también señala que el centro de investigación ha apostado por aplicar la innovación y la I+D+i al ámbito de los servicios sociales, favoreciendo de esta manera la inclusión y la autonomía personal del colectivo con daño cerebral y de las personas con discapacidad en general. El Citic también ha buscado, según argumenta Fegadace, que sus proyectos se orienten a la consecución de una sociedad más justa, igualitaria y accesible.

Fegadace forma parte de la Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva, creada por el propio Citic para reunir a entidades representativas de personas con discapacidad o en situaciones de dependencia, y que sirve para poner en común necesidades y posibles soluciones para la autonomía personal y la calidad de vida. Además de Fegadace están en la red la agrupación de daño cerebral coruñesa Adaceco y la compostelana Sarela.

Acto de entrega

La ceremonia en la que se otorgará el galardón formará parte de la na II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, que se realizará el jueves de dentro de dos semanas en la Cidade da Cultura de Santiago. Acudirán usuarios de los colectivos Adaceco, Adace Lugo, Alento, DCA Ourense y Sarela.

El acto será a las 12.30 horas en la planta -1 del Edificio Museo da Cidade da Cultura y por parte del Citic acudirá el subdirector, Javier Pereira Loureiro, así como los investigadores Thais Pousada García y Manuel Lagos Rodríguez. Como es tradicional, el encargado de entregar el galardón será un representante de la entidad que lo consiguió el año anterior: en este caso Javier Pitillas, el fundador de Discamino. El premio, que ya va por su 11^º edición y que lleva el nombre del neurólogo Miguel Blanco, fallecido prematuramente en 2015, ha sido diseñado y elaborado por las personas con daño cerebral adquirido de Alento (en Vigo).

[Facebook](#) [Twitter](#) [Linkedin](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)



As ventosidades das vacas e a intelixencia artificial - Pontevedra Viva

original



Algunha que outra vez escoitamos que unha parte importante dos gases que **provocan o quecemento do planeta** veñen das ventosidades das vacas. Mesmo en prensa que podíamos considerar "seria" veñen estas afirmacións. Os ruminantes, que van dende as vacas ata as cabras pasando por ovellas, bisontes, búfalos, gacelas, ñus, camelos, cervos, renos, xirafas, impalas e outros máis, emiten metano. Din que os ruminantes emiten este gas non polas ventosidades, que vai nos peidos. Mais non, non é certo, emíteno polos eructos.

Os moi brutos cando ven nos documentais das televisións a matanza dos bisontes das pradeiras americanas ou os ñus azuis que son comidos polos crocodilos cando atravesan o río Mara na gran migración do Serengeti, acaban pensando que a natureza é sabia e iso é **bo para o cambio climático**. Falso. Durante milleiros de anos houbo ruminantes e nunca foron un problema ambiental. Porén debemos ter en conta que dende finais do século XX ata hoxe, debido aos cambios alimenticios baseados na carne, a poboación de bovinos, segundo a FAO, multiplicouse 80 converténdose nun problema ambiental.

Aínda así e todo o problema dos eructos dos bovinos non supón un grave problema dentro do quecemento global. **O Panel Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático**, coas siglas IPCC (Intergovernmental Panel on Climate Change), que foi creado en 1998 a iniciativa do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e a Organización Meteorolóxica Mundial (OMM) para facilitar avaliacións integrais do estado dos coñecementos científicos, técnicos e socioeconómicos sobre o cambio climático, as súas causas, posibles repercusións e estratexias de resposta nos seus informes explican que a contribución da gandería ao quecemento global é do 10% e só a metade é atribuíbel ás vacas. **A agricultura globalmente colabora cun 25%. As vacas só teñen culpa do 5%.**

O problema do metano é que é un gas con efecto invernadoiro moi potente. Este gas prodúcese de moitos xeitos, tanto naturais como artificiais. Mais o que ten preocupados aos científicos que colaboran nestes programas é a cantidade de gas metano que hai almacenado no fondo dos océanos e no permafrost (a capa do solo permanentemente conxelado nas rexións moi frías do planeta). Durante centos, ou miles de anos **o permafrost acumulou grandes reservas de carbono orgánico**. Co quecemento global aumenta a temperatura do mar e redúcense as zonas conxeladas liberando á atmosfera dióxido de carbono e metano que pode incrementar o efecto invernadoiro.

A sociedade terá que planearse un novo tipo de agricultura. **Menos fertilizantes e menos carne.** Isto dá para outro artigo.

Chegados aquí parece que o escrito non ten moito que ver co título. Ten, e moito. Primeiro quería explicar o que acontecía co animal de referencia en Galicia e, que a min me pagou a carreira: a vaca. No referente a Intelixencia Artificial (IA) fíxome pensar cando no mes de marzo **Elon Musk (Twitter, Tesla ou SpaceX) e Steve Wozniak (cofundador de Apple)** asinaron un manifesto para frear a IA alomenos seis meses. Eu con esta xente non son ben pensado, que lle vou facer. Teñen o diñeiro por condena. Vía algo raro. Pero o que me sorprendeu foi que dixeran: "os sistemas de IA deberían desenvolverse cando esteamos seguros de que os efectos serán positivos e os riscos asumibles".

Como sempre déuseme por remexer e buscar información ao respecto. Esta xente non se caracteriza por ser transparente. As redes sociais das que son propietarios difunden discursos de odio e abunda a desinformación. Nas redes hai moita información, o problema e seleccionar. Eu vou a fontes que penso fiables e logo contraste. Así souben que fan falta

cantidades inmensas de recursos naturais para desenvolver esta tecnoloxía. **Vexo que Open AI, que desenvolve o ChatGPT gastou 1.300.000 kWh para entrenar o modelo lingüístico.** Tamén necesitan moita auga para refrixerar os centros de datos. Greenpeace xa alertaba fai dez anos do incremento do consumo de enerxía (Make IT Green: Cloud Computing and its Contribution to Climate Change). A revista Nature fala pouca información de datos de consumo que pensan poden cuadruplicarse (<http://nature.com/articles/s41545-021-00101-w>)

O máis pavero de todo é que a mellor información estaba na casa. Vexo, nun xornal de gran tirada, un artigo na que fala dun equipo do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade de A Coruña, que busca algoritmos que non destrúan o planeta. Descubro a unha científica, **Verónica Bolón, que dirixe un equipo que son oito persoas (catro homes e con catro mulleres) e fala da importancia dos algoritmos verdes, no que eles traballan.** O seu equipo conseguiu executar algoritmos, sen perder precisión nos resultados con só 16 bits (bit=unidade mínima de información) en vez dos 64 que son os máis usados. Aforrando enerxía. Ela fala que tanto dende o punto de vista ético como de sustentabilidade fai falla unha regulación e que nesta regulación debe incluírse o consumo de enerxía.

A Coruña foi escollida polo Goberno como sede da **Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial.** Aquí os algoritmos verdes serán unha liña de traballo e está incluído no **Plan Nacional de Algoritmos Verdes.** Cando repaso o que acabo de escribir venme á cabeza cando eu me dedicaba á investigación en horticultura, cantos recortes, cantas voltas, canta burocracia. Vendo o que fai este equipo que dirixe Verónica Bolón hai dicir que se deben pular as liñas de investigación (estas e outras), mais a palabra pular neste caso da investigación abrangue a moitas máis e quere dicir menos burocracia, máis orzamentos, máis continuidade da xente e dos programas. Sen ciencia non imos a ningures.

Cando xoguedes, moitas veces a facer parvadas, coa IA, agora está de moda o uso de ChatGPT, pensade no consumo de enerxía que isto leva e as súas repercusións no ambiente. Mirade que vos alivia o facer cousas innecesarias con estas tecnoloxías. Os estudos sobre o consumo da intelixencia artificial falan dunhas **emisións de CO₂ á atmosfera entre o 20 e 30% do total.** Fai falla a IA, tamén fai falla lexislación e cabeciña.

FEGADACE premia o labor do CITIC polo seu compromiso coa inclusión

original

martes, 20 de xuño do 2023



A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) outorgou ao CITIC o Premio Miguel Blanco polo seu compromiso cos dereitos á inclusión social e ao exercicio dunha vida plena e autónoma das persoas con dano cerebral adquirido.

Nun plano máis concreto, FEGADACE destaca "a aposta do centro de investigación por aplicar a innovación e a I+D+i ao ámbito dos servizos sociais, favorecendo desta maneira a inclusión e a autonomía persoal do colectivo con dano cerebral e das persoas con discapacidade en xeral". Por último, tívose en conta que os proxectos do CITIC estean orientados á consecución dunha sociedade máis xusta, igualitaria e accesíbel.

FEGADACE forma parte da Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva promovida polo CITIC coa finalidade de reunir a entidades representativas de persoas con discapacidade ou en situacións de dependencia e que serve para poñer en común necesidades e posibles solucións para a autonomía persoal e de calidade de vida.

A cerimonia de entrega do premio celebrarase o próximo 29 de xullo ás 12:30 horas no primeiro andar do Edificio Museo da Cidade da Cultura. O acto formará parte da II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral.

As VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad chegan este mércores a Vigo

original

martes, 20 de xuño do 2023



Vigo acollerá a partir de mañá, 21 de xuño, e até o 23 de xuño, as [VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad \(JNIC\)](#), organizadas por AtlanTTic, o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo, e polo centro tecnolóxico Gradient, co apoio do Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE).

Cómpre dicir que se prevé que máis de 150 especialistas participen neste evento, que é a primeira vez que se celebra en Galicia, tras o seu paso en edicións anteriores por cidades como León, Granada, Madrid, Donostia, Cáceres e Bilbao.

As JNIC teñen como finalidade xerar un foro de intercambio de coñecemento e experiencias no ámbito da ciberseguridade entre persoal académico, investigador e empresas. Así, as xornadas centraranse en tres eixos: investigación, transferencia e innovación docente en ciberseguridade a través de diversas sesións e mesas redondas.

Sinalar que o programa abrangue dúas conferencias con relatores de recoñecido prestixio internacional, como Mordechai Guri, experto informático e investigador en seguridade, que falará na súa conferencia *Air-Gap Security: Attacks and Defense* sobre canles de ocultación para a comunicación con redes fisicamente illadas, e Carmela Troncoso, profesora da Escola Politécnica Federal de Lausana, que abordará na súa exposición, titulada *Privacidad por diseño: del papel a la práctica*, distintas interpretacións desta filosofía de deseño de sistemas dixitais, con exemplos de uso de tecnoloxías deseñadas para mellorar a privacidade (*Privacy Enhancing Technologies*) combinadas con sistemas que permiten funcionalidades complexas sen necesidade de recoller nin procesar datos.

Alén disto, o congreso comprende dez sesións nas que se presentan os traballos seleccionados, terán lugar dúas mesas redondas que permitirán conversar sobre tecnoloxías disruptivas e o rol da ciberseguridade e o horizonte en tecnoloxías cuánticas durante a primeira e segunda xornada do evento.

As xornadas contan co apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), o Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, Seresco, Plexus Tech, a Cátedra R en Ciberseguridade, RENIC (Red de Excelencia Nacional de Investigación en Ciberseguridad), Eviden, Optare Solutions, Viewnext e CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions).

O programa Inspira STEAM, coordinado por Verónica Bolón (CITIC), esperta vocacións científicas na Coruña

original

mércores, 21 de xuño do 2023



O programa educativo Inspira STEAM, promovido pola Universidade de Deusto e coordinado na Coruña pola investigadora Verónica Bolón do CITIC da Universidade da Coruña, [celebrou este mércores 21 de xuño o peche da edición correspondente a este curso](#). Este programa ten como obxectivo "fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas entre os estudantes, especialmente entre as nenas". Contou este ano coa participación de catro centros: o IES Ramón Menéndez Pidal, o CPR Sagrado Corazón Franciscanas, o Colexio Santo Domingo e o CEIP Teixeira.

Comezo en xaneiro

A nova edición de Inspira STEAM comezou o pasado xaneiro cunha xornada formativa en liña que tivo unha duración de cinco horas. Nesta xornada, participaron mentoras e mentores provenientes do ámbito académico, empresarial e da investigación. A formación foi impartida por Ander Mimenza Aurrecochea, un experto en desenvolvemento organizacional e de persoas.

Unha vez rematada a xornada formativa, desenvolvéronse seis sesións de traballo en centros educativos de ensino Primario e Secundario da provincia da Coruña. Estas sesións tiveron como obxectivos facilitar referentes de mulleres científicas e tecnólogas ao alumnado, dar a coñecer as profesións STEAM, sensibilizar e orientar sobre os estudos en ciencia e tecnoloxía, reivindicar as mulleres STEAM da historia e concienciar sobre os estereotipos existentes nestas áreas, coa finalidade de non condicionar as decisións das nenas e dos nenos. Nesta edición, o programa contou tamén coa colaboración da cátedra NTT Data e do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG), o que enriqueceu a experiencia e permitiu un maior alcance e difusión das actividades realizadas.

"Inspira STEAM está a ser unha iniciativa moi valiosa no fomento das vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado. O compromiso e a colaboración dos diferentes axentes implicados, así como o interese e a participación activa dos estudantes, son clave para o éxito deste programa" segundo explicou a propia Verónica Bolón, quen recordou que xa está aberto o prazo de inscrición para o vindeiro ano. Os centros interesados poden formalizar a súa participación a través de intranet.inspirasteam.net. As sesións comezarán en xaneiro de 2024.



O programa

O programa Inspira STEAM (siglas en inglés de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Artes e Matemáticas) é un proxecto pioneiro para o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, baseado en accións de sensibilización e orientación, que imparten mulleres profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía.

A iniciativa xorde ao detectarse unha carencia crecente de persoas en profesións científico-técnicas e, sobre todo, do feito de que as mulleres elixen e desenvolven profesións científico-técnicas en menor medida que os homes.

Dende a súa posta en marcha no ano 2016 teñen participado 17.248 rapazas e 16.384 rapaces, 2.122 mentoras/es e 725 centros escolares en Euskadi, Madrid, Cataluña, Asturias, Galicia, Murcia, Zaragoza, A Rioxa, Canarias, Castelló, Chile e Arxentina. No caso concreto da Coruña, que cumpriu este ano a súa segunda edición, téñense sumado a esta iniciativa: 111 rapazas e 165 rapaces, 15 mentoras, 5 mentores e 4 centros escolares.



Arrancan en Vigo las VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad

Treintayseis • original



VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad en Vigo.

Doscientas personas participan esta semana en las VIII **Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridad** (JNIC) que se celebran en Vigo desde este miércoles 21 hasta el 23 de junio. El evento es la principal referencia en exponer los avances, el **conocimiento e innovación de ciberseguridad a nivel nacional** y recala por primera vez en Galicia. Las jornadas están organizadas por el centro tecnológico Gradient y el Centro de Investigación en Tecnologías de Telecomunicación de la Universidade de Vigo,atlanTTic. La iniciativa cuenta con la colaboración del Instituto Nacional de Ciberseguridad de España (Incibe).

JNIC es un **congreso científico para el intercambio de conocimiento y experiencias** en el ámbito de la ciberseguridad entre académicos, investigadores y empresas. Las jornadas se centrarán en tres ejes: **Investigación, Transferencia e Innovación docente** en Ciberseguridad, a través de diversas sesiones y mesas redondas.

La programación del evento acoge **dos charlas magistrales con ponentes de reconocido prestigio** internacional en el ámbito de la ciberseguridad: **Mordechai Guri**, experto informático e investigador en seguridad; y **Carmela Troncoso**, doctorada en la KULeuven y *Associate Professor* en EPFL (Suiza). Además de las diez sesiones planteadas en las que se presentan los trabajos seleccionados, **dos mesas redondas permitirán conversar sobre Tecnologías disruptivas** y el rol de la ciberseguridad, y el horizonte en tecnologías cuánticas durante la primera y segunda jornada del evento.


Como novedad en esta edición, se han recogido desafíos tecnológicos para ser incluidos en la **competición de entrenamiento, que finalizó el día 12 de junio**, y cuyos ganadores recibirán sus premios durante las propias jornadas.

Durante la celebración de las Jornadas, se otorgarán **diversos premios a los mejores artículos de distintas categorías y a las mejores soluciones** propuestas a los retos del Programa de Transferencia JNIC. También, tendrá lugar la entrega de premios de la V edición de Premios Renic a la mejor Tesis Doctoral y al mejor Trabajo Final de Máster en Ciberseguridad, dando la posibilidad a los ganadores de presentar sus trabajos durante las jornadas.

Las jornadas cuentan con el apoyo de la Axencia para la Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), el Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo, Seresco, Plexus Tech, la Cátedra R en Ciberseguridade, Renic(Red de



Medio	El Español	Fecha	21/06/2023
Soporte	Prensa Digital	País	España
U. únicos	85 000	V. Comunicación	7 038 EUR (7,688 USD)
Pág. vistas	11 146 061	V. Publicitario	2093 EUR (2286 USD)



https://epservices.eprensa.com/cgi-bin/view_digital_media.cgi?subclient_id=14226&comps_id=965913609

Excelencia Nacional de Investigación en Ciberseguridad), Eviden, Optare Solutions, Viewnext y Citic (Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones).

Vigo acolle o encontro nacional sobre ciberseguridade organizado polo atlantTic da UVigo

Un asunto de Estado de máxima relevancia para as empresas. Serán tres días -desde este mércores ata o venres- nos que especialistas de recoñecido prestixio internacional ofrecerán os últimos avances que están a conseguirse neste eido. A UVigo organiza na cidade unha reunión anual con persoal investigador de nove países europeos.

Metropolitano • original



Un asunto de Estado de máxima relevancia para as empresas. Así se referiu esta mañá en Vigo **Juan Díez**, responsable do Sector Estratéxico de Saúde, Alimentación e Investigación do Instituto Nacional de Ciberseguridade de España, INCIBE, ao concepto de ciberseguridade, unha cuestión que, tal e como expuxo, cobra cada vez máis importancia, sobre todo se temos en conta que a sociedade actual vive nunha contorna xeopolítica complicada, na que o cibercrime é xa un dos grandes riscos globais. Fixo estas declaracións na inauguración das VIII Jornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridad, JNIC, o **encontro máis importante que se celebra en España sobre avances, coñecemento e innovación en ciberseguridade** e no que participan 200 profesionais chegados de diferentes puntos de toda a península.

Organizadas polo Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da **Universidade de Vigo**, atlantTic, e o centro tecnolóxico Gradient, coa colaboración do propio INCIBE, **as xornadas celébranse por primeira vez en Galicia e reúnen na Sede Afundación a arredor de 200 profesionais**, tanto do ámbito universitario, como dos centros de investigación e as empresas. Serán tres días -desde este mércores ata o venres- nos que especialistas de recoñecido prestixio internacional ofrecerán os últimos avances que están a conseguirse neste eido.

Másnoticias

A UVigo organiza na cidade unha reunión anual con persoal investigador de nove países europeos

20/06/2023

Un programa da UVigo e o CNIO busca os fármacos máis eficaces para o cancro de cada paciente

19/06/2023

Unha cuestión estratéxica

A inauguración do encontro tivo lugar a primeira hora da mañá e nela coincidiron diferentes

responsables de todos os organismos implicados, dun ou outro xeito, na organización das xornadas. Desde a Universidade de Vigo contouse coa participación da vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, **Mónica Valderrama**, e do director de atlantTic, **Martín Llamas**. Ambos fixeron fincapé na grande oportunidade que supón esta xuntanza para **visibilizar o potencial investigador e de transferencia que aglutina atlantTic**. Sen dúbida o encontro favorece a difusión nun ámbito de tanta relevancia e actualidade como é este. Titulares espectaculares ao redor de quebras de sistemas e ameazas globais inquietan a unha cidadanía consciente de que a súa vida cotiá pódese ver afectada se non se garante unha estabilidade neste sentido, recalcou a vicerreitora.

A maiores, Martín Llamas, explicou que a **ciberseguridade é unha das tres grandes áreas estratéxicas que vertebran a axenda científica de atlantTic**, xunto ás comunicacións e os servizos dixitais. O noso labor investigador céntrase en dar resposta aos grandes retos en conectividade, dixitalización e ciberseguridade, sendo este último ámbito un vector transversal ás nosas áreas de investigación, no que levamos traballando desde a creación do centro, no 2010, e onde **nos últimos anos nos consolidamos como referentes**, grazas á excelencia científica do noso persoal investigador, aos proxectos e colaboracións de referencia a nivel internacional, ou a iniciativas tractoras impulsadas en tecnoloxías como a criptografía e comunicacións cuánticas a través do Vigo Quantum Communications Center, VQCC.

Vivimos un momento de oportunidade histórico

Pola súa banda, **Luis Pérez**, director xeral de Gradient sinalou que a sociedade non se pode permitir que a investigación quede gardada nos caixóns. Vivimos un **momento de oportunidade histórico para impulsar o sector da ciberseguridade** no noso país, e ese impulso ten que vir da man da innovación tecnolóxica, subliñou o responsable de Gradient, ao que engadiu que é imprescindible que se realice investigación de calidade e **canalizar os resultados á industria**, e este é, ao seu xuízo, o papel no que se deben focalizar os centros tecnolóxicos, facéndoo sempre en colaboración cos axentes da contorna, tanto do ámbito público como do privado. As JNIC son unha grande oportunidade para visibilizar estas cuestións e poñer en contactos a todos os axentes necesarios.

A inauguración das xornadas contou tamén coa participación do director da área de Infraestruturas e Seguridade da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **Adrián Lence**, quen destacou a aposta da Xunta por actuacións que teñen como fin común a **potenciación e o despregamento da ciberseguridade de maneira transversal para toda a rexión**. Citou, entre outros, o Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, que congrega a máis de 55 entidades públicas e privadas, e anunciou a próxima presentación da Estratexia Galega de Ciberseguridade e a creación do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, CECIGA.

Tecnoloxías disruptivas e cuánticas

O programa das xornadas inclúe **dúas charlas maxistras con especialistas de máximo nivel**. A primeira tivo lugar este mércores e correu a cargo de **Mordechai Guri**, experto informático e investigador en seguridade. Impartiu a conferencia Air-Gap Security: Attacks and Defense, na que abordou as principais canles de ocultación para a comunicación con redes fisicamente illadas.

O vindeiro venres, **Carmela Troncoso**, egresada da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo e doutorada na KULeuven e Associate Professor en EPFL (Suíza), abordará no seu relatorio Privacidade por deseño: do papel á práctica, distintas interpretacións desta filosofía de deseño de sistemas dixitais, con **exemplos de uso de tecnoloxías deseñadas para mellorar a privacidade** (Privacy Enhancing Technologies) combinadas con sistemas que permiten funcionalidades complexas sen necesidade de colleitar nin procesar datos.

Ademais das **dez sesións** que inclúe o programa, nas que se **presentan os traballos seleccionados para participar nas xornadas**, levaranse tamén a cabo dúas mesas redondas que permitirán conversar sobre Tecnoloxías disruptivas e o rol da ciberseguridade, así como o

horizonte en tecnoloxías cuánticas.

Entrega de premios

Como novidade nesta edición, recolléronse desafíos tecnolóxicos para ser incluídos na competición de adestramento tipo **Captura a Bandeira**, que finalizou o día 12 de xuño, e cuxos gañadores recibirán os seus premios durante as propias xornadas. A maiores, **outorgaranse tamén diversos premios aos mellores artigos de distintas categorías e ás mellores solucións propostas aos retos do Programa de Transferencia JNIC**. Por outra banda, terá lugar a entrega de premios da V edición de Premios RENIC á mellor Tese de Doutoramento e ao mellor Traballo Final de Máster en Ciberseguridade, dando a posibilidade aos gañadores ou gañadoras de presentar os seus traballos durante as xornadas.

JNIC conta co apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), o Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, Seresco, Plexus Tech, a Cátedra R en Ciberseguridade, RENIC (Rede de Excelencia Nacional de Investigación en Ciberseguridade), Eviden, Optar Solutions, Viewnext e CITIC, Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.



Clausura del programa educativo Inspira Steam

LOC

El programa educativo Inspira Steam, que persigue el fomento de las vocaciones científico-tecnológicas entre los estudiantes, celebró ayer su jornada de clausura de esta edición en la ciudad. La iniciativa, coordinada por la investigadora coruñesa Verónica Bolón, del Centro de Investigación TIC (CITIC) de la Universidade da Coruña, contó este año con alumnos de los centros Ramón Menéndez Pidal, Sagrado Corazón Franciscanas, Santo Domingo y el centro Teixeira.

La UDC promueve las vocaciones científicas entre los escolares a través del programa Inspira STEAM

A CORUÑA / LA VOZ

El programa educativo Inspira STEAM, promovido por la Universidad de Deusto y coordinado en A Coruña por la investigadora Verónica Bolón del Citic de la Universidade da Coruña, celebró ayer el cierre de la edición correspondiente a este curso.

Este programa tiene como objetivo fomentar las vocaciones científico-tecnológicas entre los estudiantes, especialmente entre las niñas, y contó este año con la participación de cuatro centros: el IES Ramón Menéndez Pidal,

el CPR Sagrado Corazón Franciscanas, el Colegio Santo Domingo y el CEIP Teixeiro.

Se desarrollaron seis sesiones de trabajo en los centros educativos. Estos encuentros tuvieron como objetivos facilitar referentes de mujeres científicas y tecnólogas al alumnado, dar a conocer las profesiones STEAM (relacionadas con la ciencia, tecnología, ingeniería, artes y matemáticas), sensibilizar y orientar sobre esos estudios, reivindicar a las mujeres que ejercieron en esas áreas a lo largo de la historia y con-



Los participantes en el proyecto, ayer, durante el acto de clausura.

cienciar sobre los estereotipos existentes, con la finalidad de no condicionar las decisiones de los estudiantes.

«Inspira STEAM está a ser

unha iniciativa moi valiosa no fomento das vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado», indicó Verónica Bolón, que recordó que ya está abier-

to el plazo de inscripción para el próximo año y los centros interesados en participar pueden apuntarse en el enlace <https://intranet.inspirasteam.net/>

Clausura del programa educativo Inspira Steam

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

original

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).



Clausura do programa educativo Inspira Steam

Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad".

original

¡Respetamos su privacidad!

La empresa editora y su sociedad de control Prensa Ibérica Media, S.L., así como otras empresas con las que trabajamos, almacenamos y accedemos a información no sensible de su dispositivo, como cookies y otros identificadores, para personalizar la publicidad y el contenido en base a sus hábitos de navegación y perfiles de interés, que adicionalmente pueden ser compartidos con terceros. Algunas de las empresas con las que trabajamos procesan la información derivada de cookies y otros identificadores con única finalidad estadística. Puede cambiar sus preferencias o rechazar su uso pulsando en "más información" o en cualquier momento en el vínculo inferior de "preferencias de privacidad". Encontrará información más detallada en nuestra [Política de Cookies](#).



Até 200 especialistas en ciberseguridade participan esta semana en Vigo nas JNIC organizadas por atlantTic e Gradient

original



As VIII Jornadas Nacionales de Investigación en Ciberseguridade inauguráronse este mércores en Vigo, organizadas por atlantTic, o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo, e polo centro tecnolóxico Gradient, co apoio do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE). O evento, que se desenvolve até este venres 23, está a contar coa participación de preto de 200 especialistas en protección tecnolóxica. Trátase da primeira vez que se celebra en Galicia, tras o seu paso en edicións anteriores por cidades como León, Granada, Madrid, Donostia, Cáceres e Bilbao. As xornadas poñen o foco nas diferentes modalidades e vertentes da ciberseguridade, "asuntos de Estado de máxima relevancia para as empresas", segundo fixo saber Juan Díez, responsábel de Saúde e Investigación do INCIBE.



As JNIC teñen como finalidade concreta xerar un foro de intercambio de coñecemento e experiencias no ámbito da ciberseguridade entre persoal académico, investigador e empresas. Así, as xornadas céntranse en tres eixos: investigación, transferencia e innovación docente en ciberseguridade a través de diversas sesións e mesas redondas.

Cuestións prioritarias

"Un asunto de Estado de máxima relevancia para as empresas". Así se referiu este mércores,

a primeira hora da mañá, Juan Díez, responsábel do Sector Estratéxico de Saúde, Alimentación e Investigación do Instituto Nacional de Ciberseguridade de España, INCIBE, ao concepto de ciberseguridade, unha cuestión que, tal e como expuxo, cobra cada vez máis importancia, sobre todo se temos en conta que a sociedade actual vive "nunha contorna xeopolítica complicada, na que o cibercrime é xa un dos grandes riscos globais". Fixo estas declaracións na inauguración das VIII Jornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade, JNIC, o encontro máis importante que se celebra en España sobre avances, coñecemento e innovación en ciberseguridade e no que participan 200 profesionais chegados de diferentes puntos de toda a Península.

Unha cuestión estratéxica que marca a axenda científica deatlanTTic

A inauguración do encontro celebrouse a primeira hora da mañá deste mércores e nela coincidiron diferentes responsables de todos os organismos implicados, dun ou outro xeito, na organización das xornadas. Desde a Universidade de Vigo contouse coa participación da vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama, e do director de atlanTTic, Martín Llamas. Ambos fixeron fincapé na grande oportunidade que supón esta xuntanza para visibilizar o potencial investigador e de transferencia que aglutina atlanTTic. "Sen dúbida o encontro favorece a difusión nun ámbito de tanta relevancia e actualidade como é este. Titulares espectaculares ao redor de quebras de sistemas e ameazas globais inquietan a unha cidadanía consciente de que a súa vida cotiá pódese ver afectada se non se garante unha estabilidade neste sentido", recalcou a vicerreitora.

Sandra Penelas • original



Un estudo pioneiro no ámbito da bioestadística evidencia **un aumento da prevalencia do consumo de tabaco nas mulleres españolas de entre 55 e 74 anos**. A investigadora Carla Guerra Tort, que analiza datos das enquisas de saúde nacional e europea (ENSE e EESE), presentará os seus primeiros resultados durante o congreso internacional organizado esta semana no campus de Torrecedeira polo departamento de Estatística Operativa e o grupo SiDOR da Universidade de Vigo.

A información dispoñible en España non permite realizar unha valoración global do tabaquismo e o seu traballo constitúe **a primeira reconstrución detallada para o período 1991-2020 que fixo posible encher os anos para os que non existen datos e ofrecer a serie anual de prevalencia número de casos nunha poboación e un período determinados a un nivel detallado**, tendo en conta o sexo e os grupos de idade.

É o primeiro traballo que ten en conta toda a información dispoñible das enquisas nacionais. En xeral, a prevalencia do consumo de tabaco diminuíu nese período. Con todo, ao facer unha análise en detalle vemos que **esa tendencia xeral cúmprese nos homes pero hai variacións nas mulleres en función das idades**. Entre as máis novas si se observa unha tendencia decreciente, pero entre os 55 e os 74 anos se ha ir incrementando e continúa en ascenso, destaca a autora.

Facultade de Medicina da USC

O traballo forma parte da súa tese sobre o tabaquismo, que desenvolve na **área de Medicamento Preventivo e Saúde Pública da Universidade de Santiagou** baixo a dirección da profesora Mónica Pérez Ríos e de Esther López Biscaíño, experta do Instituto Galego de Estatística.

O primeiro paso do estudo foi completar os anos para os que non había datos de prevalencias. Para iso, as investigadoras estimaron o status de fumador dos individuos a partir dos datos nos períodos en que foron entrevistados. En concreto, utilizaron a información referente a se eran fumadores, exfumadores ou nunca fumaran, así como cando empezaran e cando o deixaban.

Unha vez que tiñamos toda a serie de datos ano a ano, calculamos as prevalencias de fumadores, exfumadores e nunca fumadores. E como último paso, co obxectivo de suavizar e mellorar a precisión desas estimacións, aplicamos un modelo [loxístico multinomial mixto con efectos aleatorios de área e tempo] que utiliza **información auxiliar de tipo sociodemográfico, económico e de morbilidade** recompilada fundamentalmente do censo e a Enquisa de

Poboación Activa (EPA), explica Guerra Tort.

A investigadora destaca que todos os datos empregados son públicos: É un punto importante do estudo. **É información oficial e accesible**, que está aí para poder explotala en estudos deste tipo que poden achegar coñecemento de interese para o medicamento e a saúde.

Predicir os efectos das políticas antitabaco

O traballo que presentará en Vigo constitúe o punto de partida dunha tese moito máis ampla e de gran utilidade para os xestores sanitarios: A reconstrución é o requisito previo para cumprir cos obxectivos dous e tres da miña investigación. O obxectivo dous consiste en establecer **unha relación temporal entre as prevalencias do consumo e a aparición do cancro de pulmón**. É dicir, esa xanela temporal entre a exposición ao factor de risco e a enfermidade. E no terceiro realizarei **proxeccións de tabaquismo a curto, medio e longo prazo en función de distintos escenarios máis ou menos restritivos relacionados coa implantación de políticas relacionadas con esta epidemia**. Por exemplo, que pasaría se aumentan as taxas impostas ao tabaco e os seus produtos asociados ou se as prohibicións de fumar en espazos públicos fanse máis restritivas. A xente fumaría igual, menos ou mesmo máis?.

Guerra, graduada en Bioloxía e con senllos másteres en Bioinformática para Ciencias da Saúde e en Técnicas Estatísticas, exporá o seu traballo na sesión especial da **Sociedade Española de Epidemioloxía**, da que é membro e en cuxa reunión anual participará o próximo setembro. Tamén estivo este ano na Conferencia Europea sobre Tabaco e Saúde que se celebrou en Madrid. Os congresos son un punto de encontro no que podes coñecer que están a facer os demais expertos, compartir ideas ou expor colaboracións E para estudantes de doutoramento como eu constitúen unha oportunidade única, celebra.

O curso impartido onte no campus de Torrecedeira. DUVI

Case douscentos investigadores de España e Latinoamérica e plenarios de prestixio

Case douscentos investigadores do ámbito da bioestadística participan ata o venres na XIX Conferencia Española e o VIII Encontro Iberoamericano de Biometría (CEB-EIB2023), que se celebran conxuntamente na sede de Industriais en Torrecedeira.

O encontro arrincou onte cun **curso sobre modelos de curación impartido por Ricardo Cao e Amalia Jácome, do CITIC da UDC**. E, a partir de hoxe, cando será inaugurado oficialmente, acollerá case 150 presentacións orais e póster que cobren numerosas áreas da bioestadística e as súas aplicacións, desde o medicamento á agricultura.

A reunión conta con tres conferenciantes plenarios de recoñecido prestixio: María Gabriela Cendoya, Andrea Mayr e Anabel Forte. E renderá **homenaxe a Carmen Cadarso, gran impulsora da bioestadística en Galicia**.

O centroatlanTTic organiza este xoves un encontro con catro mulleres enxeñeiras

original

mércores, 28 de xuño do 2023



Universidade de Vigo

atlanTTic
research center
for Telecommunication Technologies

Unidade de Igualdade

Este xoves 29 de xuño ás 11.00 horas o Centro de InvestigaciónatlanTTic organiza a xornada *Enxeñaría x Mulleres*, co apoio das axudas para a organización de actividades de sensibilización da Unidade de Igualdade da UVigo. [Baixo o título *Diálogos con Enxeñeiras*](#) presentárase unha mesa redonda multidisciplinar e interxeracional onde catro mulleres compartiran a súa experiencia no ámbito da enxeñaría e da investigación: Ana María Mejías, Susana Ladra, Ana Larrañaga e Lucía Amaro.

Desenvolverase en horario de 11.00 a 13.30 horas, na sala acristalada da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O programa da xornada é o seguinte:

-11.00 Apertura da xornada:

Martín Llamas Nistal, director do Centro de InvestigaciónatlanTTic Laura Docío Fernández, subdirectora de Difusión e Captación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación -11.05

Presentación da xornada:

Águeda Gómez Suárez, directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo -11.15

Mesa Redonda *Diálogos con Enxeñeiras*

Ana María Mejías Sacaluga, enxeñeira industrial, profesora e subdirectora da E. Enx. Industrial da UVigo Susana Ladra González, enxeñeira informática, profesora da Facultade de Informática da UDC e investigadora do CITIC. Ana Larrañaga Janeiro, graduada en Enx. da

Enerxía UVigo, mestrada en Matemática Industrial e investigadora predoutoral do Grupo GTE-CINTECX. Lucía Amaro Losada, graduada en Enx. Tecnoloxías de Telecomunicación e estudante do Master en Enx. de Telecomunicación Diálogo e Debate -12.40 Pausa Café
-13.00 Dinámicas de grupo e *quiz*
-13.30 Peche
Yolanda Blanco Fernández - Subdirectora deatlanTTic/span>

Unha xornada organizada pola UVigo reivindica a presenza feminina no ámbito da enxeñaría

A fenda de xénero no eido tecnolóxico é ancha e fonda e segue ampliándose coa diminución progresiva da matrícula de mozas nas carreiras STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics). Na actualidade, en España as mulleres supoñen arredor dun 15% do alumnado destas carreiras, que limita, e moito, a presenza de talento feminino nas profesións con máis empregabilidade, impacto socioeconómico e proxección de futuro.

Metropolitano • original



A fenda de xénero no eido tecnolóxico é ancha e fonda e segue ampliándose coa diminución progresiva da matrícula de mozas nas carreiras STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics). Na actualidade, en España as **mulleres supoñen arredor dun 15% do alumnado destas carreiras**, que limita, e moito, a presenza de talento feminino nas profesións con máis empregabilidade, impacto socioeconómico e proxección de futuro. Os motivos que sustentan o afastamento das estudantes respecto destes graos son variados, dende estereotipos de xénero á hora de elixir unha carreira ata o medo ao fracaso ou a falta de referentes femininos. Para tratar de revertir esta situación, o centro de investigaciónatlanTTic da **Universidade de Vigo** celebrou este xoves a xornada **Enxeñaría x Mulleres**, un evento que se desenvolveu no marco das axudas para a organización de actividades de sensibilización da Unidade de Igualdade da UVigo, que neste ano subvenciona máis de 30 actividades nos tres campus.

Visibilizar as profesionais e fomentar vocacións

O acto permitiu coñecer de preto **experiencias, puntos de vista e motivacións de catro mulleres** que imparte docencia e investigan en diferentes ramas da enxeñaría, dende o eido industrial ata as telecomunicacións, a enerxía ou a informática: **Ana Mejías**, da EE Industrial da UVigo, **Susana Ladra**, da Facultade de Informática da Universidade da Coruña; **Ana Larrañaga Janeiro**, investigadora do grupo GTE do Cintecx da UVigo e **Lucía Amaro Losada**, estudante do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación na UVigo.

Másnoticias

Investigadores de la UVigo desarrollan una tecnología para atención en Urgencias a personas sordas

28/06/2023

Diputación de Pontevedra y UVigo revalidan su alianza en la Cátedra de Feminismos 4.0

28/06/2023

Na apertura da xornada, o reitor felicitou a atlantTtic pola organización do evento e reclamou maior asistencia masculina a este tipo de actos, **porque isto é tarefa de todos**. Reigosa amosouse francamente preocupado pola feminización dalgunhas carreiras e a masculinización doutras, perdemos moito talento como sociedade e corremos o risco de algunhas titulacións perdan prestixio fronte a outras, máis masculinizadas que se consideran máis importantes. Ante esta situación, o reitor puxo o foco na necesidade de **intervir antes nos centros educativos para atraer talento feminino ás titulacións STEM**, porque estamos chegando cando nas rapazas xa decidiron que certas carreiras non son para elas e tamén avogou por traballar na visibilización do potencial que teñen as enxeñarías para mellorar a sociedade e mellorar a vida das persoas; iso pode axudar a atraer estudantes.

Pola súa banda, **Martin Llamas**, director de atlantTtic, lembrou que todos sabemos que **o problema da falta de mulleres na enxeñaría é internacional**, dáse en todos os países e é moi complicado de resolver, pero dende aquí queremos amosar que hai mulleres enxeñeiras, moi boi enxeñeiras, e elas poden ter un efecto chamada para que as nenas queiran estudar carreiras de enxeñaría. O responsable de atlantTtic tamén recalcou que, ademais da necesidade de contar con máis alumnas nas titulacións técnicas, **é preciso que as haxa na investigación** e animounas a que, tras o grao e o mestrado, sigan co terceiro ciclo e coa carreira investigadora.

Tamén a subdirectora de Difusión e Captación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, **Laura Docío**, incidiu neste aspecto e destacou a importancia de eventos coma este para dar visibilidade ao feito de que **as mulleres tamén podemos ser enxeñeiras** e achegar referentes de profesionais que xa traballan neste eido.

Finalmente **Águeda Gómez Suárez**, directora da Unidade de Igualdade, quixo poñer en valor o traballo que realizan a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e atlantTtic, que son aliados nesta rede de colaboracións que **temos para impulsar as políticas de igualdade na Universidade**, e mostra disto son os distintivos que ambos centros acadaron neste eido.

Catro visións con puntos coincidentes

A mesa redonda Diálogos con Enxeñeiras foi un **debate multidisciplinar e interxeracional, no que as catro mulleres compartiron as súas experiencias no ámbito da enxeñaría** e da investigación dende diferentes momentos da carreira profesional e diferentes campos da enxeñaría. Así, da man da profesora da EET **Edita de Lorenzo**, intercambiaron puntos de vista **Ana Mejías**, profesora e subdirectora da Escola de Enxeñaría Industrial da UVigo, así como concelleira e deputada provincial; **Susana Ladra González**, profesora da Facultade de Informática da Universidade da Coruña e investigadora do CITIC; **Ana Larrañaga Janeiro**, investigadora de predoutoramento do grupo GTE do Cintecx e **Lucía Amaro Losada**, estudante do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación. Cada unha delas fixo un **percorrido polo camiño que as levou a estudar o que elixiron**, dende referentes familiares como o caso de Mejías, a decisións de última hora ou vocacións espertadas no instituto e guiadas pola curiosidade.

Mejías lembraba que era unha moza moi estudosa que **ía para médica pero os recursos familiares non lle permitiron marchar a Santiago**. A elección de Enxeñaría Industrial estivo moi influída polo seu pai, que se dedicaba ao mantemento nunha empresa e cando chegaba a casa nos contaba as avarías, como as arraxaba e buscaba solucións como moita imaxinación e saber facer; parecíame arte. Hoxe en día **non só non se arrepinte da elección**, senón que está encantada porque a outra vocación que tiña era a docencia.

O caso de Susana Ladra foi moi diferente. Ademais de enxeñeira informática é graduada en matemáticas, como os seus pais. De feito, **o seu obxectivo era ser docente neste eido**, pero descubrín a programación no instituto e a creatividade que hai detrás, foi algo máxico que a fixo decantarse por esta enxeñaría. Con todo, recoñecía que entrou na carreira sen saber que era a Enxeñaría Informática e considera que **a falta de información é un dos problemas que están detrás da falta de vocacións**, os nenos e nenas non se animan a facer unha enxeñaría porque non saben en que consiste nin cales son as súas saídas laborais. Ladra tamén

lombrou que no momento de elixir carreira non percibiu que as titulacións STEM non fosen para mulleres, porque coincidiu co pico da enxeñaría, cun 35% de alumnas, un máximo histórico que non se volveu repetir.

Ana Larrañaga, que agora mesmo a realiza a súa tese de doutoramento no grupo GTE do Cintecx, relatou o camiño que a levou a optar pola Enxeñaría da Enerxía e facer o mestrado de Matemática Industrial. O meu caso é diferente, explicaba, porque **vocación non había, medo ao sangue si**, polo que sabía que non ía facer carreiras do eido da saúde e tampouco de ciencias puras porque pensaba que non ía ser capaz de sacalas, que eran moi difíciles para min. O punto intermedio que lle chamou a atención e respondía á súa enorme curiosidade foi unha titulación que estaba arrancando na UVigo: Enxeñaría da Enerxía. Nos primeiros anos do grao si que me din conta de que era quen de facer moito máis do que eu pensaba e do que dicían os profesores do Bacharelato, e este é un tema no que fixo fincapé, **no medo das nenas ao fracaso, a non ter capacidades suficientes** e na parte de culpa que teñen algúns docentes de secundaria que poñen límites ao potencial do alumnado. Tras unha estada en Noruega convenceuse que a investigación ía ser o seu camiño, porque **permite facer cada día algo diferente** e achegar o meu gran de area en problemas complexos e esa é senda na que continúa na actualidade.

Lucía Amaro, a máis nova das catro, está a piques de rematar o mestrado ao tempo que traballa en atlantTic. Na súa intervención recoñecía que se algo a caracteriza é o caos, e ese **caos levouna a pasar por múltiples e moi variadas vocacións**, incluíndo saxofonista, como a miña curmá e referente, ata acabar decantándose pola enxeñaría. Nesa decisión foi determinante o seu avó, co que pasaba moito tempo cacharreando e que fixo que buscara unha alternativa que lle permitise unir esa vertente técnica co mundo musical: a telecomunicación. Nese proceso de busca **botou en falta recibir información no instituto**, tanto sobre as titulacións como sobre as profesións e vías laborais que se abre con cada unha delas. Agora, considera que todo este camiño a levou a onde quere estar: no Laboratorio de Sistemas de Radio, e a facer o quere: antenas.

Ademais da experiencias persoais e de reflexionar sobre a necesidade de dar a coñecer as titulacións do eido da enxeñaría, **da urxencia de empoderar ás nenas e das vocacións sobrevidas**, outro tema que se abordou na xornada foi o relativo ás notas de corte e ao prestixio de certas titulacións, que fan que se presione aos nenos e nenas cos mellores expedientes cara determinadas carreiras, como medicina. Neste sentido a profesora **Edita de Lorenzo alertaba de que isto xera profesionais sen vocación**, algo moi triste para todos, non só para a propia vítima da súa decisión.

Tras o debate, a xornada completouse con **actividades de dinámicas de grupo e quiz** e a encargada de pechar a xornada foi **Yolanda Blanco Fernández**, subdirectora do centro de investigación atlantTic.

A Xunta reafirma o seu compromiso coas entidades de discapacidade na entrega do Premio Miguel Blanco de Fegadace Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2023.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, asegurou hoxe que o Goberno galego seguirá estando ao carón das entidades e apoiándoas no que precisen para continuar avanzando na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Díxoo na II Xuntanza do movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido (DCA) celebrado hoxe na Cidade da Cultura e durante o que se fixo entrega ao Centro de Investigación en Tecnoloxías (CITIC) da Universidade da Coruña do XI Premio Miguel Blanco que outorga Fegadace.

original





Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2023.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, asegurou hoxe que o Goberno galego seguirá estando ao carón das entidades e apoiándoas no que precisen para continuar avanzando na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Dixoo na II Xuntanza do movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido (DCA) celebrado hoxe na Cidade da Cultura e durante o que se fixo entrega ao Centro de Investigación en Tecnoloxías (CITIC) da Universidade da Coruña do XI Premio Miguel Blanco que outorga Fegadace.

Begoña Abeijón felicitou ao CITIC pola distinción recibida e puxo en valor o traballo desta entidade e das asociacións que forman parte de Fegadace na mellora da calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias. Así mesmo, reiterou o compromiso da Xunta coa atención á discapacidade, que este ano conta cun orzamento récord que supera os 165 millóns de euros, un 16% máis que o exercicio pasado. Unha maior dotación económica que permite seguir ampliando a rede galega de atención temperá, incrementar as prazas de atención diúrna e residencial ou poñer en marcha novas liñas de axuda para mellorar os centros das entidades ou para que poidan renovar os seus vehículos adaptados.


A directora xeral tamén fixo fincapé na importancia deste tipo de xuntanzas para dar máis visibilidade e concienciar á sociedade en xeral sobre a situación das persoas que sofren Dano Cerebral Adquirido, así como para que estas e as súas familias teñan unha nova ocasión para compartir experiencias.



Distribuido para CITIC * Este artículo no puede distribuirse sin el consentimiento expreso del dueño de los derechos de autor.









A Xunta reafirma o seu compromiso coas entidades de discapacidade na entrega do Premio Miguel Blanco de Fegadace

Xunta de Galicia • original



O Centro de Investigación en Tecnoloxías (CITIC) da Universidade da Coruña foi a entidade galardoada este ano

Normal 0 false false false GL XNONE XNONE **Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2023.** A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, asegurou hoxe que o Goberno galego seguirá estando ao carón das entidades e apoiándoas no que precisen para continuar avanzando na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Díxoo na II Xuntanza do movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido (DCA) celebrado hoxe na Cidade da Cultura e durante o que se fixo entrega ao Centro de Investigación en Tecnoloxías (CITIC) da Universidade da Coruña do XI Premio Miguel Blanco que outorga Fegadace. Begoña Abeijón felicitou ao CITIC pola distinción recibida e puxo en valor o traballo desta entidade e das asociacións que forman parte de Fegadace na mellora da calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias. Así mesmo, reiterou o compromiso da Xunta coa atención á discapacidade, que este ano conta cun orzamento récord que supera os 165 millóns de euros, un 16% máis que o exercicio pasado. Unha maior dotación económica que permite seguir ampliando a rede galega de atención temperá, incrementar as prazas de atención diúrna e residencial ou poñer en marcha novas liñas de axuda para mellorar os centros das entidades ou para que poidan renovar os seus vehículos adaptados. A directora xeral tamén fixo fincapé na importancia deste tipo de xuntanzas para dar máis visibilidade e concienciar á sociedade en xeral sobre a situación das persoas que sofren Dano Cerebral Adquirido, así como para que estas e as súas familias teñan unha nova ocasión para compartir experiencias.

Descarga gratis la nueva app de COPE y prueba todas las novedades. Ya disponible para iPhone y Android, con nuevas funcionalidades. Todos los programas, emisoras y noticias. Con la posibilidad de recibir notificaciones en tu móvil. La aplicación para iOS y Android se puede descargar de forma totalmente gratuita a través de la [App Store](#) y [Google Play](#).

La aplicación de COPE es el mejor canal para escuchar la radio en directo, pero es también un completo medio de información digital que cuenta las noticias cuando se están

produciendo, que te alerta de lo que sucede mediante notificaciones en tu móvil. Continúa leyendo las últimas noticias de actualidad en nuestra página web para estar siempre informado de lo que está pasando

La Xunta reafirma su compromiso con las entidades de discapacidad en la entrega del Premio Miguel Blanco de Fegadace

original



La directora general de Personas con Discapacidad de la Xunta de Galicia, Begoña Abeijón, aseguró este jueves que el Gobierno gallego seguirá estando a un lado de las entidades y apoyándolas en el que precisen para continuar avanzando en la atención a las personas con discapacidad y a sus familias.

Lo dijo en la II Reunión del movimiento asociativo del Daño Cerebral Adquirido (DCA) celebrado hoy en la Cidade da Cultura y durante lo que se hizo entrega al Centro de Investigación en Tecnologías (Citic) de la Universidade da Coruña del XI Premio Miguel Blanco que otorga la Federación Gallega de Daño Cerebral (Fegadace).

Abeijón felicitó al Citic por la distinción recibida y puso en valor el trabajo de esta entidad y de las asociaciones que forman parte de Fegadace en la mejora de la calidad de vida de las personas con DCA y de sus familias. Asimismo, reiteró el compromiso de la Xunta con la atención a la discapacidad, que este año cuenta con un presupuesto récord que supera los 165 millones de euros, un 16% más que el ejercicio pasado.

Esta mayor dotación económica "permite seguir ampliando la red gallega de atención temprana, incrementar las plazas de atención diurna y residencial o poner en marcha nuevas líneas de ayuda para mejorar los centros de las entidades o para que puedan renovar sus vehículos adaptados".

La directora general también hizo hincapié en la importancia de este tipo de reuniones para dar más visibilidad y concienciar a la sociedad en general sobre la situación de las personas que sufren Daño Cerebral Adquirido, así como para que estas y sus familias tengan una nueva ocasión para compartir experiencias.

La Xunta reafirma su compromiso con las entidades de discapacidad en la entrega del Premio Miguel Blanco de Fegadace

SERVIMEDIA • original

SERVIMEDIA

29/06/2023 18:19

MADRID, 29 (SERVIMEDIA)

La directora general de Personas con Discapacidad de la Xunta de Galicia, Begoña Abeijón, aseguró este jueves que el Gobierno gallego seguirá estando a un lado de las entidades y apoyándolas en el que precisen para continuar avanzando en la atención a las personas con discapacidad y a sus familias.

Lo dijo en la II Reunión del movimiento asociativo del Daño Cerebral Adquirido (DCA) celebrado hoy en la Cidade da Cultura y durante lo que se hizo entrega al Centro de Investigación en Tecnologías (Citic) de la Universidade da Coruña del XI Premio Miguel Blanco que otorga la Federación Gallega de Daño Cerebral (Fegadace).

Abeijón felicitó al Citic por la distinción recibida y puso en valor el trabajo de esta entidad y de las asociaciones que forman parte de Fegadace en la mejora de la calidad de vida de las personas con DCA y de sus familias. Asimismo, reiteró el compromiso de la Xunta con la atención a la discapacidad, que este año cuenta con un presupuesto récord que supera los 165 millones de euros, un 16% más que el ejercicio pasado.

Esta mayor dotación económica "permite seguir ampliando la red gallega de atención temprana, incrementar las plazas de atención diurna y residencial o poner en marcha nuevas líneas de ayuda para mejorar los centros de las entidades o para que puedan renovar sus vehículos adaptados".

La directora general también hizo hincapié en la importancia de este tipo de reuniones para dar más visibilidad y concienciar a la sociedad en general sobre la situación de las personas que sufren Daño Cerebral Adquirido, así como para que estas y sus familias tengan una nueva ocasión para compartir experiencias.

(SERVIMEDIA)29-JUN-2023 18:19 (GMT +2)DSB/pai

© SERVIMEDIA. Esta información es propiedad de Servimedia. Sólo puede ser difundida por los clientes de esta agencia de noticias citando a Servimedia como autor o fuente. Todos los derechos reservados. Queda prohibida la distribución y la comunicación pública por terceros mediante cualquier vía o soporte.

Mostrar comentarios



Servimedia

A Federación Galega de Dano Cerebral premia o CITIC da UDC por favorecer a inclusión social a través das tecnoloxías

original



O CITIC da Universidade da Coruña recibiu este xoves o 11º premio Miguel Blanco da Federación Galega de Dano Cerebral polo seu compromiso cos dereitos e a inclusión social así como o exercicio dunha vida plena e autónoma por parte do colectivo con dano cerebral adquirido. No acto de entrega do recoñecemento, que tivo lugar na Cidade da Cultura no marco a II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, estiveron por parte do CITIC, o seu director, Manuel F. González Penedo, e os investigadores Thais Pousada García e Manuel Lagos Rodríguez.

"É unha gran honra recibir este recoñecemento polo noso compromiso cos dereitos e a inclusión social. Este premio impúlsanos a seguir traballando no noso labor de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas con dano cerebral. O noso obxectivo é continuar xerando solucións innovadoras que lles permitan alcanzar unha maior independencia e participación activa na sociedade. Quero agradecer á Federación e ás asociacións que a integran a súa colaboración e aos investigadores do CITIC a súa dedicación e compromiso para acadar unha sociedade máis xusta, igualitaria e accesible", sinalou o Manuel F. González Penedo, ao recoller o premio.



Neste senso, o director destacou o traballo do CITIC "no fomento da inclusión no ámbito tecnolóxico e a mellora da calidade de vida de todas as persoas, a través de múltiples iniciativas como o programa Talentos Inclusivos, un proxecto desenvolvido polo CITIC da UDC, en colaboración con ASPACE, que ten como obxectivo espertar vocacións STEM entre a mocidade e dar a coñecer a realidade da discapacidade a través de equipos colaborativos de traballo para resolver desafíos tecnolóxicos propostos por persoas con parálise cerebral".



Espazos personalizados de Realidad Virtual

Así mesmo, persoas usuarias de ADACECO participan no proxecto do CITIC *Espazos Personalizados de Realidade Virtual para a Neurorrehabilitación*, que achega a posibilidade de traballar actividades cotiás sen ter que cambiar de localización, contribuíndo isto á rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido como paso previo a realizalas nas súas contornas reais. Trátase dunha iniciativa na que a Realidade Virtual permite interactuar con diferentes elementos de maneira semellante ao que sucedería no mundo real, tal e como recorda a investigadora Thais Pousada, que dirixe este proxecto, que se atopa en fase de desenvolvemento, cuxos escenarios foron realizados polo informático e doctorando Manuel Lagos e probados por persoas usuarias de ADACECO.

La Federación de Dano Cerebral reconoce la labor del Citic

Caterina Devesa • original



La Federación Galega de Dano Cerebral premia al Citic de la UDC

La Federación Gallega de Daño Cerebral otorgó el premio XI Miguel Blanco de la Federación de Daño Cerebral al centro de investigación **Citic de la Universidad de A Coruña** por su compromiso con los derechos y la inclusión social.

El director del Citic, Manuel F. González Penedo, señaló que el galardón «impúlsanos a seguir traballando na nosa labor de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas con dano cerebral. O noso obxectivo é continuar xerando solucións innovadoras que lles permitan alcanzar unha maior independencia e participación activa na sociedade». La entrega del premio tuvo lugar en la Cidade da Cultura de Santiago.

La Federación Gallega de Daño Cerebral premia al Citic por favorecer la inclusión social

REDACCIÓN A CORUÑA

La Federación Gallega de Daño Cerebral concedió el XI Premio Miguel Blanco al Citic (Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y la Comunicación) de la Universidad de A Coruña por su compromiso con los derechos y la inclusión social, según informó la entidad a través de un comunicado.

Para el director del centro, Manuel F. González, este reconocimiento al Citic de A Coruña supone un impulso "para seguir

trabajando en la investigación y desarrollo de tecnologías que mejoren la calidad de la vida de las persona con daño cerebral", señaló el directivo durante el acto de entrega de premios que se celebró en la Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y la Comunicación desarrolla proyectos centrados en la realidad virtual con el objetivo de favorecer la inclusión y la autonomía personal del colectivo y de personas con discapacidad en general. ●

Premio a la realidad virtual al servicio de la discapacidad

■ La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) entregó ayer el premio XI Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnologías TIC (Citic) de la Universidade da Coruña (UDC) por “su compromiso con los derechos y la inclusión social”, resaltó la organización en un comunicado. Para el director del Citic, Manuel F. González, este reconocimiento al centro coruñés supone un impulso “para seguir trabajando en la investigación y desarrollo de tecnologías que mejoren la calidad de la vida de las personas con daño cerebral”, señaló en la entrega del galardón, que se celebró en la Cidade da Cultura, en Santiago. El Citic desarrolla proyectos centrados en la realidad virtual con el objetivo de favorecer la inclusión y la autonomía personal del colectivo, y de personas con discapacidad en general.



LOC

La Federación de Dano Cerebral reconoce la labor del Citic

A CORUÑA / LA VOZ

La Federación Gallega de Daño Cerebral otorgó el premio XI Miguel Blanco de la Federación de Daño Cerebral al centro de investigación Citic de la Universidade da Coruña por su compromiso con los derechos y la inclusión social.

El director del Citic, Manuel F. González Penedo, señaló que el galardón «impulsanos a seguir traballando na nosa labor de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas con dano cerebral. O noso obxectivo é continuar xerando solucións innovadoras que lles permitan alcanzar unha maior independencia e participación activa na sociedade». La entrega del premio tuvo lugar en la Cidade da Cultura de Santiago.

Premio a la realidad virtual al servicio de la discapacidad

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) entregó ayer el premio XI Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnologías TIC (Citic) de la Universidade da Coruña (UDC) por su compromiso con los derechos y la inclusión social, resaltó la organización en un comunicado. Para el director del Citic, Manuel F.

n • original

La Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) entregó ayer el premio XI Miguel Blanco al Centro de Investigación en Tecnologías TIC (Citic) de la Universidade da Coruña (UDC) por su compromiso con los derechos y la inclusión social, resaltó la organización en un comunicado. Para el director del Citic, Manuel F. González, este reconocimiento al centro coruñés supone un impulso para seguir trabajando en la investigación y desarrollo de tecnologías que mejoren la calidad de la vida de las personas con daño cerebral, señaló en la entrega del galardón, que se celebró en la Cidade da Cultura, en Santiago. El Citic desarrolla proyectos centrados en la realidad virtual con el objetivo de favorecer la inclusión y la autonomía personal del colectivo, y de personas con discapacidad en general.



Premio á realidade virtual ao servizo da discapacidade

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) entregou onte o premio XI Miguel Blanco ao Centro de Investigación en Tecnoloxías TIC (Citic) da Universidade da Coruña (UDC) por o seu compromiso cos dereitos e a inclusión social, resaltou a organización nun comunicado. Para o director do Citic, Manuel F.

n • [original](#)

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) entregou onte o premio XI Miguel Blanco ao Centro de Investigación en Tecnoloxías TIC (Citic) da Universidade da Coruña (UDC) por o seu compromiso cos dereitos e a inclusión social, resaltou a organización nun comunicado. Para o director do Citic, Manuel F. González, este recoñecemento ao centro coruñés supón un impulso para seguir traballando na investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade da vida das persoas con dano cerebral, sinalou na entrega do galardón, que se celebrou na Cidade da Cultura, en Santiago. O Citic desenvolve proxectos centrados na realidade virtual co obxectivo de favorecer a inclusión e a autonomía persoal do colectivo, e de persoas con discapacidade en xeral.



O CITIC acolleu unha nova edición dos Almorzos TIC Talk

O pasado 27 de xuño celebrouse na sede do CITIC (Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña) do Campus de Elviña unha nova sesión dos Almorzos TIC Talk na que se mostraron as liñas de investigación nas que traballan Ana Ribas Rodríguez e Rubén Pérez Jove. Os Almorzos TIC Talk reúnen o último martes de cada mes ao persoal investigador do CITIC que se atopa nas primeiras etapas da súa carreira investigadora, coa finalidade de potenciar a transversalidade e promover posíbeis colaboracións.

original



O pasado 27 de xuño celebrouse na sede do CITIC (Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña) do Campus de Elviña unha nova sesión dos Almorzos TIC Talk na que se mostraron as liñas de investigación nas que traballan Ana Ribas Rodríguez e Rubén Pérez Jove. En primeiro lugar, Ana Ribas presentou *Máis aló da sinapse: as estrelas do cerebro*, na que falou da súa investigación baseada no estudo da función dos astrocitos (un tipo de células do sistema nervioso que interveñen na regulación da actividade neuronal, entre outras funcións) na sinapse tripartita, para o desenvolvemento de redes neuronais artificiais.



Pola súa banda, Rubén Pérez coa súa charla *fingerAI: An Operating System Fingerprinting Tool Based on Artificial Intelligence*, falou de FingerAI, a ferramenta de pegada dixital (*fingerprinting*) de sistemas operativos baseada en técnicas de IA desenvolvida durante o seu traballo de mestrado, a cal foi recentemente premiada polo Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG) na categoría de Traballo Fin de Máster en Enxeñaría Informática.

Os Almorzos TIC Talk reúnen o último martes de cada mes ao persoal investigador do CITIC que se atopa nas primeiras etapas da súa carreira investigadora, coa finalidade de potenciar a transversalidade e promover posíbeis colaboracións.

A Federación Galega de Dano Cerebral premia o CITIC da UDC por favorecer a inclusión social a través da innovación e a I+D+i

O CITIC recibiu hoxe o 11º Premio FEGADACE-Miguel Blanco no transcurso da II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral que tivo lugar na Cidade da Cultura. No acto de entrega do recoñecemento, que tivo lugar na Cidade da Cultura no marco a II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, estiveron por parte do CITIC, o seu director, Manuel F.

original



- A entidade resaltou o compromiso do Centro de Investigación da Universidade coruñesa á hora de aplicar proxectos de tecnoloxías e máis concretamente de realidade virtual co obxectivo de favorecer a inclusión e a autonomía persoal do colectivo con dano cerebral e das persoas con discapacidade en xeral.
- O CITIC recibiu hoxe o 11º Premio FEGADACE-Miguel Blanco no transcurso da II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral que tivo lugar na Cidade da Cultura

A Coruña, 3 de xullo de 2023.- O CITIC da Universidade da Coruña recibiu o pasado xoves o 11º premio Miguel Blanco da Federación Galega de Dano Cerebral polo seu compromiso cos dereitos e a inclusión social así como o exercicio dunha vida plena e autónoma por parte do colectivo con dano cerebral adquirido. No acto de entrega do recoñecemento, que tivo lugar na Cidade da Cultura no marco a II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, estiveron por parte do CITIC, o seu director, Manuel F. González Penedo, e os investigadores Thais Pousada García e Manuel Lagos Rodríguez.

É unha gran honra recibir este recoñecemento polo noso compromiso cos dereitos e a inclusión social. Este premio impúlsanos a seguir traballando no noso labor de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas con dano cerebral. O noso obxectivo é continuar xerando solucións innovadoras que lles permitan alcanzar unha maior independencia e participación activa na sociedade. Quero agradecer á Federación e a asociacións que a integran a súa colaboración e aos investigadores do CITIC a súa dedicación e compromiso para acadar unha sociedade máis xusta, igualitaria e accesible, sinalou o Manuel F. González Penedo, ao recoller o premio.

Neste senso, o director destacou o traballo do CITIC no fomento da inclusión no ámbito

tecnolóxico e a mellora da calidade de vida de todas as persoas, a través de múltiples iniciativas como o programa Talentos Inclusivos, un proxecto desenvolvido polo CITIC da UDC, en colaboración con ASPACE, que ten como obxectivo espertar vocacións STEM entre a mocidade e dar a coñecer a realidade da discapacidade a través de equipos colaborativos de traballo para resolver desafíos tecnolóxicos propostos por persoas con parálise cerebral.

Espazos personalizados de Realidad Virtual

Así mesmo, persoas usuarias de ADACECO participan no proxecto do CITIC Espazos Personalizados de Realidade Virtual para a Neurorrehabilitación, que achega a posibilidade de traballar actividades cotiás sen ter que cambiar de localización, contribuíndo isto á rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido como paso previo a realízalas nas súas contornas reais. Trátase dunha iniciativa na que a realidade virtual na que se pode interactuar con diferentes elementos de maneira semellante ao que sucedería no mundo real, tal e como recorda a investigadora Thais Pousada, que dirixe este proxecto, que se atopa en fase de desenvolvemento, cuxos escenarios foron realizados polo informático e doctorando Manuel Lagos e probados por persoas usuarias de Adaceco.

Rede de I+D+i

Por outra banda, a FEGADACE e as asociacións de dano cerebral da Coruña, ADACECO, e de Compostela, Sarela, forman parte da Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva, unha rede promovida tamén polo CITIC, coa finalidade de reunir a entidades representativas de persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia para establecer un espazo de posta en común de necesidades e posibles solucións para a autonomía persoal e a calidade de vida; un espazo de escoita para definir e desenvolver proxectos I+D+i cun enfoque centrado na persoa.

O CITIC

CITIC é un centro de investigación que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ao TIC, creado en 2008 pola Universidade da Coruña. A actividade científica do centro estrutúrase en catro áreas de investigación principais: Intelixencia Artificial; Ciencia e Enxeñaría de Datos; Computación de Altas Prestacións; e Servizos e Redes Intelixentes, e unha área de investigación transversal a todas elas: a de Ciberseguridad. Na actualidade, o CITIC está acreditado como Centro de Investigación de Galicia. A acreditación, estruturación e mellora do CITIC está cofinanciada pola Xunta de Galicia e a Unión Europea no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, co obxectivo temático de promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade. Un dos obxectivos do CITIC pasa por pór ao alcance da sociedade os resultados das súas investigacións, polo que o centro promove accións de ciencia cidadá e actividades divulgativas que potencien as vocacións científicas e garantan a renovación do talento no ámbito do TIC.

Premio FEGADACE Miguel Blanco

O Premio FEGADACE ten a súa orixe nos recoñecementos entregados no I Foro de Familias de Persoas con Dano Cerebral a diferentes persoas especialmente implicadas no traballo das asociacións e ao psicólogo clínico Miguel Anxo García. Estes recoñecementos institucionalizáronse a través do premio, que recoñece o traballo e a traxectoria dun axente social implicado na defensa do colectivo e na sensibilización sobre o dano cerebral adquirido. En 2016 a Xunta Directiva da Federación aprobou o cambio de nome do galardón para lembrar ao neurólogo Miguel Blanco, falecido repentina e prematuramente en outubro de 2015. Blanco dirixía a Unidade de Ictus do CHUS e foi un estreito colaborador da Federación, que lle quixo render homenaxe incluíndo o seu nome no premio, que el mesmo recibiu no ano 2014.

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

A Federación de Dano Cerebral premia o CITIC por favorecer a inclusión a través da innovación

A entidade resaltou o compromiso do centro da UDC á hora de aplicar a realidade virtual para que as persoas con discapacidade teñan máis autonomía. No acto de entrega do recoñecemento, que se celebrou na Cidade da Cultura no marco a II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, estiveron por parte do CITIC, o seu director, Manuel F.

Redacción • original

A entidade resaltou o compromiso do centro da UDC á hora de aplicar a realidade virtual para que as persoas con discapacidade teñan máis autonomía



Acto de entrega do premio Miguel Blanco ao CITIC.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) vén de recibir o **premio Miguel Blanco** da Federación Galega de Dano Cerebral polo seu compromiso cos dereitos e a inclusión social, así como o exercicio dunha vida plena e autónoma por parte do colectivo con dano cerebral adquirido. No acto de entrega do recoñecemento, que se celebrou na Cidade da Cultura no marco a II Xuntanza do Movemento Asociativo do Dano Cerebral, estiveron por parte do CITIC, o seu director, **Manuel F. González Penedo**, e os investigadores **Thais Pousada García** e **Manuel Lagos Rodríguez**.

É unha gran honra recibir este recoñecemento polo noso compromiso cos dereitos e a inclusión social. Este premio impúlsanos a seguir traballando no noso labor de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas con dano cerebral. O noso obxectivo é continuar xerando **solucións innovadoras** que lles permitan alcanzar unha maior independencia e participación activa na sociedade. Quero agradecer á Federación e a asociacións que a integran a súa colaboración e aos investigadores do CITIC a súa dedicación e compromiso para acadar unha sociedade máis xusta, igualitaria e accesible, sinalou o Manuel F. González Penedo, ao recoller o premio.

Neste senso, o director destacou o traballo do CITIC no **fomento da inclusión no ámbito tecnolóxico** e a mellora da calidade de vida de todas as persoas, a través de múltiples iniciativas como o [programa Talentos Inclusivos](#), un proxecto desenvolvido polo CITIC da UDC, en colaboración con ASPACE, que ten como obxectivo **espertar vocacións STEM** entre a

mocidade e dar a coñecer a realidade da discapacidade a través de equipos colaborativos de traballo para resolver desafíos tecnolóxicos propostos por persoas con parálise cerebral.

Espazos personalizados de realidade virtual

Así mesmo, persoas usuarias de ADACECO participan no proxecto do CITIC *Espazos Personalizados de Realidade Virtual para a Neurorrehabilitación*, que achega a posibilidade de traballar actividades cotiás sen ter que cambiar de localización, contribuíndo isto á **rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido** como paso previo a realizalas nas súas contornas reais.

Trátase dunha iniciativa na que a realidade virtual na que se pode interactuar con diferentes elementos de maneira semellante ao que sucedería no mundo real, tal e como recorda a investigadora Thais Pousada, que dirixe este proxecto, que se atopa en fase de desenvolvemento, cuxos escenarios foron realizados polo informático e doctorando Manuel Lagos e probados por persoas usuarias de Adaceco.

Rede de I+D+i

Por outra banda, a FEGADACE e as asociacións de dano cerebral da Coruña, ADACECO, e de Compostela, Sarela, forman parte da Rede de I+D+i de Tecnoloxías de Apoio para unha Sociedade Inclusiva, unha rede promovida tamén polo CITIC, coa finalidade de reunir a entidades representativas de persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia para establecer un espazo de posta en común de necesidades e **posibles solucións para a autonomía persoal e a calidade de vida**; un espazo de escoita para definir e desenvolver proxectos I+D+i cun enfoque centrado na persoa.

A estudante de doutoramento da UDC Naomi Diz Rosales acada o premio ao mellor póster de investigadores novos da Sociedad Española de Biometría

Este estudo modeliza e predí a ocupación de camas en UCI durante a pandemia da COVID-19 utilizando metodoloxía estatística de modelos mixtos e áreas pequenas. O traballo premiado forma parte da tese de doutoramento de Naomi Diz Rosales, dirixida pola profesora da UDC María José Lombardía e o docente da Universidad Miguel Hernández de Elche Domingo Morales.

original



A Coruña, 4 de xullo de 2023.- A alumna da Universidade da Coruña Naomi Diz Rosales acaba de obter o Premio ao mellor póster realizado por un investigador novo polo seu traballo Modelling the COVID-19 ICU occupancy with area-level random regression coefficient Poisson models, entregado pola Sociedad Española de Biometría.

Este estudo modeliza e predí a ocupación de camas en UCI durante a pandemia da COVID-19 utilizando metodoloxía estatística de modelos mixtos e áreas pequenas.

A estudante de doutoramento do grupo de investigación de Modelización, Optimización e Inferencia Estatística (MODES) do Centro de Investigación TIC (CITIC) da UDC recibiu o premio no transcurso da XIX Conferencia da Sociedad Española de Biometría, organizado conxuntamente co VIII Encontro Iberoamericano de Biometría, realizado na Universidade de Vigo.

O traballo premiado forma parte da tese de doutoramento de Naomi Diz Rosales, dirixida pola profesora da UDC María José Lombardía e o docente da Universidad Miguel Hernández de Elche Domingo Morales.

A Universidade de Vigo acolleu a pasada semana a **XIX Conferencia Española de Biometría e o VIII Encontro Iberoamericano de Biometría** coa participación de investigadores de España, Argentina, Brasil, Chile, Ecuador e países de Centroamérica e o Caribe da International Biometric Society. O obxectivo do encontro era difundir os resultados de investigación obtidos no desenvolvemento e aplicación de métodos estatísticos e matemáticos en Bioloxía, Medicina, Psicoloxía, Agricultura e outras ciencias afíns.

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC



A nova investigadora do CITIC Naomi Diz Rosales, premiada pola Sociedade Española de Biometría

original

martes, 4 de xullo do 2023



A alumna da Universidade da Coruña e investigadora do CITIC Naomi Diz Rosales vén de obter o premio ao mellor póster realizado por un investigador novo polo seu traballo *Modelling the COVID-19 ICU occupancy with area-level random regression coefficient Poisson models*, entregado pola Sociedade Española de Biometría. Este estudo modela e predí a ocupación de camas en UCI durante a pandemia da COVID-19 utilizando metodoloxía estatística de modelos mixtos e áreas pequenas.

A estudante de doutoramento do grupo de investigación de Modelización, Optimización e

Inferencia Estatística (MODES) do Centro de Investigación TIC (CITIC) da UDC recibiu o premio no transcurso da XIX Conferencia da Sociedad Española de Biometría, organizado conxuntamente co VIII Encontro Iberoamericano de Biometría, realizado na Universidade de Vigo.

O traballo premiado forma parte da tese de doutoramento de Naomi Diz Rosales, dirixida pola profesora da UDC María José Lombardía e o docente da Universidad Miguel Hernández de Elche Domingo Morales.

posicionado al centro como un referente internacional, generando un ambiente estimulante y diverso que enriquece aún más la calidad de la investigación realizada».

Innovador programa de doctorado internacional

El 3-i ICT (Programa de Doctorado en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones Internacional, Interdisciplinario e Intersectorial) es un innovador programa de doctorado internacional que ofrece **ocho becas a personal investigador predoctoral** para llevar a cabo sus estudios de doctorado en el Centro de Información y Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la Universidade da Coruña. Cuenta con el apoyo de la Unión Europea a través del Horizon 2020 bajo un acuerdo de Marie Skłodowska-Curie (H2020-MSCA-COFUND), que proporciona financiación para programas regionales, nacionales e internacionales de formación y desarrollo profesional mediante mecanismos de cofinanciación. Además, el 3-i ICT cuenta con la cofinanciación de la Consellería de Cultura, Educación e Universidades de la Xunta de Galicia.

A finales del pasado mes de mayo se presentaron los tres primeros proyectos de tesis de los ocho proyectos de investigación previstos en este programa europeo, que ofrece una amplia formación en habilidades investigadoras y de transferencia y supondrá una sólida ventaja competitiva en el desarrollo profesional de los participantes. Los modelos para la prevención de la artritis, procesamiento del lenguaje natural y sensores virtuales inalámbricos han centrado estos primeros trabajos del 3-i-ICT.

O CITIC da UDC incrementa a captación de talento internacional grazas ao proxecto europeo 3i-ICT

original



O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC incrementou a súa captación de talento internacional a través do proxecto europeo 3i-ICT. Na segunda edición deste programa (cuxa recepción de candidaturas pechouse hai pouco) o centro da Universidade da Coruña recibiu 75 candidaturas de 56 solicitantes, das cales 51 solicitudes de 39 persoas foron admitidas.

O programa europeo, o primeiro outorgado a unha institución galega co apoio da UE a través do Horizon 2020-MSCA-COFUND, ha recibido un 15% máis de solicitudes respecto á primeira edición.

Segundo informaron fontes do CITIC, as candidaturas proceden de todo o mundo, destacando as propostas recibidas de Asia (máis da metade), seguidas de Europa, América e África. Por áreas de investigación, foron as de Intelixencias Artificial e Ciencia e Enxeñería de Datos (CID) as que suscitaron máis interese, seguidas das de Computación de Altas Prestacións e Servizos e Redes Intelixentes.

Unha vez finalizado o proceso de recepción de candidaturas e tras unha primeira avaliación, seleccionáronse aquelas que cumpren cos requisitos para avanzar á seguinte fase de selección.

Será agora un comité externo composto por persoas expertas en cada unha das distintas áreas o que se ocupe da seguinte etapa. A medida que avanza o proceso de avaliación, este comité examinará a formación académica e a experiencia de cada persoa candidata. O CITIC destaca neste punto que "unha vez seleccionados, os participantes neste programa de doutoramento internacional terán a oportunidade única de colaborar e abordar en desafíos do mundo real da man dun centro de investigación que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC". Respecto diso, o director do CITIC, Manuel F. González Penedo, resalta a longa traxectoria de investigación multidisciplinar do centro en áreas de vangarda: "O noso compromiso coa excelencia na investigación levounos a ser líderes en eidos tan diversos como a biomedicina, a Industria 4.0, o Procesamento da Linguaxe Natural e a sustentabilidade. A excelencia das investigacións e as oportunidades de vangarda ofrecidas no CITIC posicionaron o centro como un referente internacional, xerando un ambiente estimulante e diverso que enriquece aínda máis a calidade da investigación realizada".

Innovador programa de doutoramento internacional

O 3-i ICT (Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións Internacional, Interdisciplinario e Intersectorial) é un innovador programa de doutoramento internacional que ofrece oito bolsas a persoal investigador predoutoral para levar a cabo os seus estudos de doutoramento no Centro de Información e Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña. Conta co apoio da Unión Europea a través do Horizon 2020 baixo un acordo de Marie Skłodowska-Curie (H2020-MSCA-COFUND), que proporciona financiamento para programas rexionais, nacionais e internacionais de formación e desenvolvemento profesional mediante mecanismos de co-financiamento. Ademais, o 3i-i ICT conta co co-financiamento da Consellería de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia.

Modelos para a prevención da artrite, Procesamento da Linguaxe Natural e sensores virtuais sen fíos, primeiras teses

A finais do pasado mes de maio presentáronse os tres primeiros proxectos de teses dos oito proxectos de investigación previstos neste programa europeo, que ofrece unha ampla formación en habilidades investigadoras e de transferencia e que "suporá", en palabras do CITIC, "unha sólida vantaxe competitiva no desenvolvemento profesional dos participantes". Os modelos para a prevención da artrite, Procesamento da Linguaxe Natural e sensores virtuais sen fíos centraron estes primeiros traballos do 3i-ICT.

Toda a información do proxecto está dispoñíbel [na súa páxina web](#).

O CITIC da UDC incrementa a captación de talento internacional grazas o proxecto europeo 3i-ICT

Un total de 75 candidaturas presentáronse a esta nova convocatoria que forma parte do primeiro programa outorgado a unha institución galega con apoio da UE a través da iniciativa Horizon 2020. As áreas de Intelixencia Artificial e Ciencia e Enxeñería de datos son as que máis solicitudes recibiron, procedentes de Asia -máis da metade-, Europa, América e Asia.

original



- Un total de 75 candidaturas presentáronse a esta nova convocatoria que forma parte do primeiro programa outorgado a unha institución galega con apoio da UE a través da iniciativa Horizon 2020
- As áreas de Intelixencia Artificial e Ciencia e Enxeñería de datos son as que máis solicitudes recibiron, procedentes de Asia -máis da metade-, Europa, América e Asia

A Coruña, 17 de xullo de 2023.- O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da UDC incrementa a súa captación de talento internacional a través do proxecto europeo 3i-ICT. Na segunda edición deste programa -cuxa recepción de candidaturas pechouse recentemente-, o centro da UDC recibiu 75 candidaturas de 56 solicitantes, das cales 51 de 39 persoas foron admitidas.

O programa europeo, o primeiro outorgado a unha institución galega co apoio da UE a través do Horizon 2020-MSCA-COFUND, recibiu 15% máis de solicitudes respecto da primeira edición. As candidaturas proceden de todo o mundo, destacando as propostas recibidas de Asia (máis da metade), seguidas de Europa, América e África.

Por áreas de investigación, foron as de Intelixencia Artificial e Ciencia e Enxeñería de Datos (CID) as que suscitaron máis interese, seguidas das de Computación de Altas Prestacións e Servizos e Redes Intelixentes.

Unha vez finalizado o proceso de recepción de candidaturas e tras unha primeira avaliación, seleccionáronse aquelas que compren cos requisitos para avanzar á seguinte fase de selección; será agora un comité externo composto por persoas expertas en cada unha das

distintas áreas o que se ocupe da seguinte etapa. A medida que avanza o proceso de avaliación, este comité examinará a formación académica e a experiencia de cada persoa candidata. Unha vez seleccionados, os participantes neste programa de doutoramento internacional terán a oportunidade única de colaborar e abordar en desafíos do mundo real da man dun centro de investigación que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC.

Respecto disto, o director do CITIC, Manuel F. González Penedo, resalta a longa traxectoria de investigación multidisciplinar do centro en áreas de vangarda: O noso compromiso coa excelencia na investigación levounos a ser líderes en campos tan diversos como a biomedicina, a industria 4.0, o procesamento da linguaxe natural e a sustentabilidade. A excelencia das investigacións e as oportunidades de vangarda ofrecidas no CITIC situaron ao centro como un referente internacional, xerando un ambiente estimulante e diverso que enriquece aínda máis a calidade da investigación realizada.

Innovador programa de doutoramento internacional

O 3-i ICT (Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións Internacional, Interdisciplinario e Intersectorial) é un innovador programa de doutoramento internacional que ofrece oito bolsas a persoal investigador predoutoral para levar a cabo os seus estudos de doutoramento no Centro de Información e Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña. Conta co apoio da Unión Europea a través do Horizon 2020 baixo un acordo de Marie Skłodowska-Curie (H2020-MSCA-COFUND), que proporciona financiamento para programas rexionais, nacionais e internacionais de formación e desenvolvemento profesional mediante mecanismos de cofinanciación. Ademais, o 3-i ICT conta coa cofinanciación da Consellería de Cultura, Educación e Universidades da Xunta de Galicia.

Modelos para a prevención da artrite, procesamento da linguaxe natural e sensores virtuais sen fíos, primeiras teses

A finais do pasado mes de maio presentáronse os tres primeiros proxectos de teses dos oito proxectos de investigación previstos neste programa europeo, que ofrece unha ampla formación en habilidades investigadoras e de transferencia e suporá unha sólida vantaxe competitiva no desenvolvemento profesional dos participantes. Os modelos para a prevención da artrite, procesamento da linguaxe natural e sensores virtuais sen fíos centraron estes primeiros traballos do 3i-ICT.

Toda a información do proxecto está dispoñible na a súa páxina web: <https://3i-ict.citic.udc.es/>

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

El CITIC incrementa la captación de talento internacional

Un total de 75 candidaturas se han presentado en la segunda convocatoria de este programa europeo, un 15% más respecto a la primera edición, de las cuales 51 solicitudes han sido admitidas. Las propuestas recibidas proceden de todo el mundo, destacando especialmente las de Asia, más de la mitad, seguidas de Europa, América y África.

original



Presentación de las primeras tesis del programa 3i-ICT.

Un total de **75 candidaturas** se han presentado en la segunda convocatoria de este programa europeo, un 15% más respecto a la primera edición, de las cuales 51 solicitudes han sido admitidas. Las propuestas recibidas proceden de todo el mundo, destacando especialmente las de Asia, más de la mitad, seguidas de Europa, América y África.

Por áreas de investigación del CITIC, han sido las de **Inteligencias Artificial y Ciencia e Ingeniería de Datos** las que han suscitado más interés, seguidas de las de **Computación de Altas Prestaciones y Servicios y Redes Inteligentes**.

Las candidaturas admitidas serán evaluadas por un comité externo, compuesto por personas expertas en cada una de las distintas áreas, que examinará la formación académica y la experiencia de cada persona candidata.

Manuel F. González Penedo, director del CITIC, resaltó la larga trayectoria de investigación multidisciplinar del centro en áreas de vanguardia y señaló que nuestro compromiso con la excelencia en la investigación nos ha llevado a ser líderes en campos tan diversos como la biomedicina, la industria 4.0, el procesamiento del lenguaje natural y la sostenibilidad. La excelencia de las investigaciones y las oportunidades de vanguardia ofrecidas en el CITIC han posicionado al **centro como un referente internacional**, generando un ambiente estimulante y diverso que enriquece aún más la calidad de la investigación realizada.

Programa de doctorado internacional

El 3i-ICT (Programa de Doctorado en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones

Internacional, Interdisciplinario e Intersectorial) es un innovador programa de doctorado internacional que **ofrece ocho becas a personal investigador predoctoral** para llevar a cabo sus estudios de doctorado en el CITIC de la UDC.

El programa, **financiado por la Unión Europea a través del Horizon 2020** bajo un acuerdo de Marie Sklodowska-Curie (H2020-MSCA-COFUND), cuenta con la cofinanciación de la Consellería de Cultura, Educación e Universidades de la Xunta de Galicia.

A finales del pasado mes de mayo se presentaron los tres primeros proyectos de tesis, de los ocho proyectos de investigación previstos en este programa europeo, y que abarcan desde modelos para la prevención de la artritis a sensores virtuales inalámbricos pasando por un trabajo sobre el procesamiento del lenguaje natural.

Pódcast | Que son os robots autónomos? Riscos e beneficios para o futuro

original

Un robot capaz de coidar as persoas maiores ou un coche autónomo que non precise da condución humana para procesar e entender os sinais de tráfico. O futuro está aquí e o obxectivo co que os investigadores conciben os robots non é outro que mellorar a nosa calidade de vida e alixeirar as tarefas cotiás. Pero non todo é doado, e aínda queda moito por facer para conseguir unhas máquinas o máis autónomas posible. Así o expón o investigador **Richard Duro** no terceiro episodio de O Descodificador, un pódcast de GCiencia en colaboración co CITIC. No capítulo *Que son os robots autónomos? Riscos e beneficios para o futuro* falamos do **proxecto PILLAR-Robots**, que lidera Duro dende o centro de investigación coruñés, pero tamén desmontamos moitas falsas crezas que se difunden en medios e redes sociais sobre o futuro da robótica.

De feito, o investigador do CITIC critica as mensaxes catastrofistas que difunden unha idea vil da intelixencia artificial, sobre todo tras o auxe de Chat GPT. "**É unha ciencia en cueiros**", asegura Duro, e insta a ser realistas. De momento, os robots autónomos están nunha etapa moi inicial e moi afastada das profecías máis apocalípticas. O proxecto que lidera, PILLAR-Robots, busca precisamente maximizar a autonomía destas máquinas en varios **campos de actuación**, como a industria, a educación e o entretemento, e a agricultura, susceptibles de ampliarse. Isto e moito máis, neste novo episodio de O Descodificador, onde Duro reclama **maior divulgación contra os prexuízos da robótica**.

A large blue rectangular graphic with the word "SOMOS" written in white, bold, sans-serif capital letters in the center.

Episodio realizado por Laura Filloy

Edición: Carlos Tresandí

Escoita O Descodificador nas plataformas de pódcast: [Spreaker](#), [Spotify](#), [Ivoox](#), [iHeart](#), [Deezer](#), [Podcast Addict](#), [JioSaavn](#) e [Podchaser](#).

El Citic de la UDC incrementa la captación de talento internacional

REDACCIÓN A CORUÑA

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la UDC incrementa su captación de talento internacional a través del proyecto europeo '3i-ICT'.

En la segunda edición de este programa, el centro de la UDC recibió 75 candidaturas de 56 solicitantes, de las cuales 51 solicitudes de 39 fueron admitidas.

El programa, el primero otorgado a una institución gallega con el apoyo de la Unión Europea a través del 'Horizon 2020-MSCA-Cofund', recibió un 15% más de solicitudes respecto a la primera edición. ●

La Universidad capta talento internacional con un programa de investigación en TIC

Hasta 75 candidatos, la mitad de Asia, optan a desarrollar su doctorado en el Citic

REDACCIÓN
A CORUÑA

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la Universidade da Coruña (UDC) incrementa su captación de talento internacional a través del proyecto europeo 3i-ICT, un innovador programa de doctorado internacional que ofrece ocho becas a personal investigador predoctoral para llevar a cabo sus estudios en el centro universitario. En la segunda edición del programa el Citic ha recibido 75 candidaturas de 56 solicitantes de

todo el mundo (más de la mitad de Asia), de las cuales 51 solicitudes de 39 personas fueron admitidas.

El programa europeo, el primero otorgado a una institución gallega con el apoyo de la UE a través del Horizon 2020-MSCA-COFUND, ha recibido un 15% más de solicitudes respecto a la primera edición. De Europa, América y África también se han recibido solicitudes. Por áreas de investigación, las de Inteligencias Artificial y Ciencia e Ingeniería de Datos son las que han suscitado más interés, seguidas de las de Computación de Altas Prestaciones y Servicios y Redes Inteligentes.

Una vez finalizado el proceso de recepción de candidaturas y tras una primera evaluación, se han seleccionado aquellas que cumplen con los requisitos para avanzar a la siguiente fase. A medida que avanza el proceso un comité examinará la formación académica y la experiencia de cada persona candidata.

A finales del pasado mes de mayo se presentaron los tres primeros proyectos de tesis de los ocho proyectos de investigación previstos en este programa, centrados en la prevención de la artritis, el procesamiento del lenguaje natural y sensores virtuales inalámbricos.

El Citic de la UDC incrementa la captación de talento internacional con el proyecto europeo 3i-ICT

A CORUÑA / LA VOZ

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la Universidade da Coruña (UDC) incrementa su captación de talento internacional a través del proyecto europeo 3i-ICT.

El centro recibió en la segunda edición de este programa 75 candidaturas de 56 solicitantes, de las cuales 51 peticiones de 39 personas fueron admitidas. Entre las candidaturas destacan las procedentes de Asia (más de la mitad), seguidas de Europa, América y África.

A Universidade capta talento internacional cun programa de investigación en TIC

Na segunda edición do programa o Citic recibiu 75 candidaturas de 56 solicitantes de todo o mundo (máis da metade de Asia), das cales 51 solicitudes de 39 persoas foron admitidas. O programa europeo, o primeiro outorgado a unha institución galega co apoio da UE a través do Horizon 2020-MSCA-COFUND, recibiu un 15% máis de solicitudes respecto da primeira edición.

Redacción • original

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (Citic) da [Universidade dá a Coruña](#) (UDC) incrementa a súa captación de talento internacional a través do proxecto europeo 3i-ICT, un innovador programa de doutoramento internacional que ofrece oito bolsas a persoal investigador predoctoral para levar a cabo os seus estudos no centro universitario. Na segunda edición do programa o Citic recibiu 75 candidaturas de 56 solicitantes de todo o mundo (máis da metade de Asia), das cales 51 solicitudes de 39 persoas foron admitidas.

O programa europeo, o primeiro outorgado a unha institución galega co apoio da UE a través do Horizon 2020-MSCA-COFUND, recibiu un 15% máis de solicitudes respecto da primeira edición. De Europa, América e África tamén se recibiron solicitudes. Por áreas de investigación, as de Intelixencias Artificial e Ciencia e Enxeñería de Datos son as que suscitaron máis interese, seguidas das de Computación de Altas Prestacións e Servizos e Redes Intelixentes.

Unha vez finalizado o proceso de recepción de candidaturas e tras unha primeira avaliación, seleccionáronse aquelas que cumpren cos requisitos para avanzar á seguinte fase. A medida que avanza o proceso un comité examinará a formación académica e a experiencia de cada persoa candidata.

A finais do pasado mes de maio presentáronse os tres primeiros proxectos de teses dos oito proxectos de investigación previstos neste programa, centrados na prevención da artrite, o procesamento da linguaxe natural e sensores virtuais inalámbricos.



La Opinión
A Coruña

La Universidad capta talento internacional con un programa de investigación en TIC

En la segunda edición del programa el Citic ha recibido 75 candidaturas de 56 solicitantes de todo el mundo (más de la mitad de Asia), de las cuales 51 solicitudes de 39 personas fueron admitidas. El programa europeo, el primero otorgado a una institución gallega con el apoyo de la UE a través del Horizon 2020-MSCA-COFUND, ha recibido un 15% más de solicitudes respecto a la primera edición.

Redacción • [original](#)

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la [Universidade da Coruña](#) (UDC) incrementa su captación de talento internacional a través del proyecto europeo 3i-ICT, un innovador programa de doctorado internacional que ofrece ocho becas a personal investigador predoctoral para llevar a cabo sus estudios en el centro universitario. En la segunda edición del programa el Citic ha recibido 75 candidaturas de 56 solicitantes de todo el mundo (más de la mitad de Asia), de las cuales 51 solicitudes de 39 personas fueron admitidas.

El programa europeo, el primero otorgado a una institución gallega con el apoyo de la UE a través del Horizon 2020-MSCA-COFUND, ha recibido un 15% más de solicitudes respecto a la primera edición. De Europa, América y África también se han recibido solicitudes. Por áreas de investigación, las de Inteligencias Artificial y Ciencia e Ingeniería de Datos son las que han suscitado más interés, seguidas de las de Computación de Altas Prestaciones y Servicios y Redes Inteligentes.

Una vez finalizado el proceso de recepción de candidaturas y tras una primera evaluación, se han seleccionado aquellas que cumplen con los requisitos para avanzar a la siguiente fase. A medida que avanza el proceso un comité examinará la formación académica y la experiencia de cada persona candidata.

A finales del pasado mes de mayo se presentaron los tres primeros proyectos de tesis de los ocho proyectos de investigación previstos en este programa, centrados en la prevención de la artritis, el procesamiento del lenguaje natural y sensores virtuales inalámbricos.


[Facebook](#) [Twitter](#) [Linkedin](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)



La Opinión
A Coruña

Medio	intercoruna.com
Soporte	Prensa Digital
U. únicos	143
Pág. vistas	

Fecha	18/07/2023
País	España
V. Comunicación	542 EUR (608 USD)
V. Publicitario	150 EUR (168 USD)



<https://intercoruna.com/distrito15-1681/>

Distrito15 1681

Paula Pardo (Asociación Mar Seguro); Javier Pérez Bello (Feaga) Francisco Burgos (Estudio Burgos&Garrido); Cristina Villar (Proyectos europeos CITIC); Daniel Cerqueiro (Docuten); El Portal de la Infancia, con Isabel García; Cine, con Javier Somoza; Agenda cultural.

original

Paula Pardo (Asociación Mar Seguro); Javier Pérez Bello (Feaga)

Francisco Burgos (Estudio Burgos&Garrido); Cristina Villar (Proyectos europeos CITIC); Daniel Cerqueiro (Docuten); El Portal de la Infancia, con Isabel García; Cine, con Javier Somoza; Agenda cultural

A Universidade da Coruña e a Federación Española de Enfermidades Raras impulsarán a investigación nesta área e a formación a novos profesionais

O reitor manifestou a súa satisfacción pola firma deste acordo de transferencia de coñecemento e a axuda que supón poñer as tecnoloxías da información e a comunicación ao servizo do avance da sociedade. As institucións públicas temos que estar para avanzar e é unha honra vincularnos a este proxecto e a esta entidade, engadiu.

[original](#)



- O reitor, Julio Abalde, e o presidente da Federación Española de Enfermidades Raras (FEDER), Juan Carrión, asinaron hoxe un acordo que, cunha duración mínima de catro anos, está enfocada na participación de programas de investigación, formación ao persoal asistencial e investigador e o intercambio de coñecemento.

A Coruña, 19 de xullo de 2023.- O reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, e o presidente da Federación Española de Enfermidades Raras (FEDER), Juan Carrión, asinaron hoxe un convenio de colaboración para fomentar o intercambio de experiencias e de persoal nos campos da docencia, a investigación e a cultura especialmente no relativo a estas patoloxías.

Ambas as entidades afianzan así unha colaboración académico-científica que terá unha duración de mínimo catro anos para impulsar a participación en programas de investigación, formar ao persoal asistencial de FEDER e do seu movemento asociativo, así como intercambiar coñecemento que permita tanto á Universidade como á entidade construír os seus obxectivos comúns. As institucións formalizan así unha colaboración que se remonta tempo atrás e que, durante os últimos anos, levoulles a compartir experiencias e asesoramento en tecnoloxías e produtos de apoio, así como Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación (SAAC), formando ás entidades, pacientes e familias que máis os necesitan.

O reitor manifestou a súa satisfacción pola firma deste acordo de transferencia de

coñecemento e a axuda que supón poñer as tecnoloxías da información e a comunicación ao servizo do avance da sociedade. As institucións públicas temos que estar para avanzar e é unha honra vincularnos a este proxecto e a esta entidade, engadiu.

Pola súa banda, o presidente de FEDER explicou que esta colaboración permitirá mellorar a autonomía dos nenos e nenas. Carrión asegurou que a alianza coa UDC fortalécenos e permítenos avanzar e recoñeceu que no tema das enfermidades raras a investigación é o noso futuro e esperanza.

Ao acto de firma asistiron ademais Thais Pousada, doutora en ciencias da saúde, terapeuta ocupacional e enfermeira, profesora da UDC e investigadora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións da UDC (CITIC), e membro do Comité Asesor de FEDER; Manuel González Penedo e Javier Pereira, director e subdirector, respectivamente do CITIC; Fide Mirón, vicepresidenta de FEDER, e Santiago de la Riva, vicepresidente de Fundación FEDER.

A tecnoloxía da UDC, ao servizo das persoas con enfermidades raras

Tras a firma, os representantes de FEDER visitaron o CITIC para coñecer en primeira persoa a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico levado a cabo pola Universidade, así como a súa aplicabilidade ás persoas con enfermidades raras.

FEDER vén traballando nos últimos anos na accesibilidade e a formación vinculadas coa tecnoloxía de apoio, especialmente en SAAC e produtos de acceso ao ordenador e dispositivos móbiles, recursos dirixidos a aquelas persoas que, pola súa enfermidade, necesitan dispositivos ou programas especiais para poder comunicarse.

Nesta liña, durante a visita ao CITIC puideron probar algúns dos dispositivos impulsados desde este centro de investigación, como o desenvolvemento de contornas personalizadas de Realidade Virtual para a Rehabilitación ou o deseño e creación de produtos de apoio en 3D, e que poden poñerse ao dispor do colectivo de persoas con enfermidades raras ou en busca de diagnóstico en Galicia. Un colectivo que, estímase, suma máis de 200.000 persoas a nivel autonómico. Con todo, aínda que a Universidade e o CITIC atópanse situados en Galicia, o convenio aspira a chegar a toda a xeografía española, permitindo que tanto a comunidade profesional como pacientes e familias poidan acceder a estes recursos, especialmente enfocados na comunicación de todas as persoas como ferramenta para a participación social.

A semente do convenio: o Comité Asesor de FEDER

Aínda que o convenio asinouse agora, o certo é que a colaboración entre FEDER e a Universidade da Coruña era xa unha realidade previamente grazas á implicación de Thais Pousada dentro do Comité Científico Asesor do Servizo de Información e Orientación de FEDER.

Trátase dun órgano no que a doutora en Ciencias da Saúde vén colaborando desde a súa constitución, en 2013, xunto a outros 25 expertos especializados en temas clínicos, farmacolóxicos, científicos ou sociais como a terapia ocupacional que axudan á Federación para dar resposta a determinadas consultas sociosanitarias e casos sen diagnóstico que recibe a organización.



Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

Feder y la Universidad de A Coruña impulsan la investigación y la formación para nuevos profesionales

original



La Federación Española de Enfermedades Raras (Feder) y la Universidad de A Coruña firmaron este miércoles un convenio de colaboración para fomentar el intercambio de experiencias y de personal en los campos de la docencia, la investigación y la cultura especialmente en lo relativo a estas patologías, que tendrá una duración mínima de cuatro años.

Ambas instituciones formalizan así una colaboración que se remonta tiempo atrás y que, durante los últimos años, los llevó a compartir experiencias y asesoramiento en tecnologías y productos de apoyo, así como Sistemas Alternativos y Aumentativos de la Comunicación (SAAC), formando a las entidades, pacientes y familias que más los necesitan.

Feder viene trabajando en los últimos años en la accesibilidad y la formación vinculadas con la tecnología de apoyo, especialmente en SAAC y productos de acceso al ordenador y dispositivos móviles, recursos dirigidos a aquellas personas que, por su enfermedad, necesitan dispositivos o programas especiales para poder comunicarse.

La Universidad y el El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) se encuentran ubicados en Galicia, pero el convenio aspira a llegar a toda la geografía española, permitiendo que tanto la comunidad profesional como pacientes y familias puedan acceder a estos recursos, especialmente enfocados en la comunicación de todas las personas como herramienta para la participación social.

Feder y la Universidad de A Coruña impulsan la investigación y la formación para nuevos profesionales

Agencias • original

MADRID, 19 (SERVIMEDIA)

La Federación Española de Enfermedades Raras (Feder) y la Universidad de A Coruña firmaron este miércoles un convenio de colaboración para fomentar el intercambio de experiencias y de personal en los campos de la docencia, la investigación y la cultura especialmente en lo relativo a estas patologías, que tendrá una duración mínima de cuatro años.

Ambas instituciones formalizan así una colaboración que se remonta tiempo atrás y que, durante los últimos años, los llevó a compartir experiencias y asesoramiento en tecnologías y productos de apoyo, así como Sistemas Alternativos y Aumentativos de la Comunicación (SAAC), formando a las entidades, pacientes y familias que más los necesitan.

Feder viene trabajando en los últimos años en la accesibilidad y la formación vinculadas con la tecnología de apoyo, especialmente en SAAC y productos de acceso al ordenador y dispositivos móviles, recursos dirigidos a aquellas personas que, por su enfermedad, necesitan dispositivos o programas especiales para poder comunicarse.

La Universidad y el El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) se encuentran ubicados en Galicia, pero el convenio aspira a llegar a toda la geografía española, permitiendo que tanto la comunidad profesional como pacientes y familias puedan acceder a estos recursos, especialmente enfocados en la comunicación de todas las personas como herramienta para la participación social.

La UDC y Feder se unen para impulsar la investigación en el campo de las enfermedades raras

Myrian Moreno • original



Firma del convenio entre la UDC y Feder

La **Universidade da Coruña (UDC)** y la **Federación Española de Enfermedades Raras (Feder)** han firmado en la mañana de este miércoles un convenio de colaboración para **fomentar el intercambio de experiencias** y de personal en los campos de la docencia, la investigación y la cultura especialmente en lo relativo a estas patologías.

Se trata de una **colaboración académico-científica** con una duración de al menos cuatro años para **impulsar la participación en programas de investigación**, formar al personal asistencial de Feder y de su movimiento asociativo, así como intercambiar conocimiento que permita tanto a la Universidad como a la entidad constituir sus objetivos comunes.

Tras la firma del convenio, los representantes de Feder han visitado el **Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (CITIC)** para conocer en primera persona el desarrollo tecnológico llevado a cabo por la UDC, así como su aplicabilidad a personas con enfermedades raras.

También han podido **probar algunos de los dispositivos impulsados por el centro**, como el desarrollo de entornos personalizados de Realidad Virtual para la rehabilitación o el **diseño y creación de productos de apoyo en 3D**, según informa en nota de prensa la Universidad da Coruña.

O CITIC pon os seus recursos tecnolóxicos ao servizo da Federación Española de Enfermidades Raras

original

xoves, 20 de xullo do 2023



O reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, e o presidente da Federación Española de Enfermidades Raras (FEDER), Juan Carrión, asinaron este 19 de xullo un convenio de colaboración para fomentar o intercambio de experiencias e de persoal nos eidos da docencia, a investigación e a cultura especialmente no relativo a estas patoloxías. [Boa parte deste traballo collerá corpo a través do Centro de Investigación TIC da UDC, o CITIC.](#)

Ambas as entidades buscan afianzar desta maneira unha colaboración académico-científica que terá unha duración de mínimo catro anos e que porá o foco na participación en programas de investigación, en formar ao persoal asistencial de FEDER e do seu movemento asociativo, así como en intercambiar coñecemento.

A colaboración previa entre as dúas institucións traducíuse xa en experiencias e en asesoramento arredor de tecnoloxías e produtos de apoio, así como en Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación (SAAC), formando ás entidades, pacientes e familias.



O reitor manifestou a súa satisfacción pola sinatura deste acordo de transferencia de coñecemento e valorou "a

axuda que supón poñer as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ao servizo do avance da sociedade". E engadiu: "As institucións públicas temos que estar para avanzar e é unha honra vincularnos a este proxecto e a esta entidade".

Pola súa banda, o presidente de FEDER explicou que esta colaboración permitirá mellorar a autonomía dos nenos e nenas. Carrión asegurou que a alianza coa UDC "fortalécenos e permítenos avanzar" e recoñeceu que no tema das doenzas raras "a investigación é o noso futuro e esperanza".

Á formalización do acordo asistiron ademais Thais Pousada, doutora en ciencias da saúde, terapeuta ocupacional e enfermeira, profesora da UDC e investigadora do CITIC, e membro do comité asesor de FEDER; Manuel González Penedo e Javier Pereira, director e subdirector, respectivamente do CITIC; Fide Mirón, vicepresidenta de FEDER, e Santiago de la Riva, vicepresidente de Fundación FEDER.

Trala rúbrica, os representantes de FEDER visitaron o CITIC para coñecer en primeira persoa a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico levado a cabo pola Universidade, así como a súa aplicabilidade ás persoas con enfermidades raras.

FEDER vén traballando nos últimos anos na accesibilidade e a formación vinculadas coa tecnoloxía de apoio, especialmente en SAAC e produtos de acceso ao computador e dispositivos móbiles, recursos dirixidos a aquelas persoas que, pola súa enfermidade, necesitan dispositivos ou programas especiais para poder comunicarse.

Nesta liña, durante a visita ao CITIC puideron probar algúns dos dispositivos impulsados desde este centro de investigación, como o desenvolvemento de contornas personalizadas de Realidade Virtual para a rehabilitación ou o deseño e creación de produtos de apoio en 3D, e que poden poñerse ao dispor do colectivo de persoas con enfermidades raras ou en busca de diagnóstico en Galicia.

Estímase que a nivel autonómico o colectivo estea integrado por máis de 200.000 persoas.

Con todo, aínda que a Universidade e o CITIC atópanse situados en Galicia, o convenio aspira a chegar a toda a xeografía española, permitindo que tanto a comunidade profesional como pacientes e familias poidan acceder a estes recursos, especialmente enfocados na comunicación de todas as persoas como ferramenta para a participación social.

Como dixemos, a colaboración entre FEDER e a Universidade da Coruña era xa unha realidade previamente grazas á implicación de Thais Pousada dentro do Comité Científico Asesor do Servizo de Información e Orientación de FEDER. Trátase dun órgano no que a doutora en Ciencias da Saúde vén colaborando desde a súa constitución, en 2013, xunto a outros 25 expertos especializados en temas clínicos, farmacolóxicos, científicos ou sociais como a terapia ocupacional que axudan á federación para dar resposta a determinadas consultas sociosanitarias e casos sen diagnóstico que recibe a organización.

Dous centros da UVigo e a UDC (CIM e **CITIC**) estudarán a contaminación luminosa nas rías

S.P. • original



O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (**CITIC**) estableceron unha colaboración

Distribuído para CITIC * Este artigo non pode distribuírse sen o consentimento expreso do dono de los derechos de autor.

estratéxica para levar a cabo un estudo sobre a contaminación luminosa nas rías de Vigo e Pontevedra. Ambas institucións, pertencentes á Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS), únense co obxectivo concreto de "avaliar o impacto da luz nocturna na produtividade biolóxica destes importantes ecosistemas".

Trátase, explicaron os seus responsábeis, dun "novo exemplo de creación de sinerxías dentro da rede fomentada pola Xunta de Galicia, que está orientada ao fortalecemento da investigación de excelencia no ámbito nacional e internacional e da que só forman parte oito centros de investigación galegos".





Un problema que vai a máis

Segundo engaden dende o CIM e o **CITIC**, a contaminación luminosa é "un problema en crecemento nos últimos anos" que non só impide gozar do ceo estrelado, senón que tamén afecta a numerosas especies nocturnas e "pode ter consecuencias prexudiciais para a saúde humana". Neste contexto, o proxecto Gaia4Sustainability, coordinado polo **CITIC** da Universidade da Coruña e a Universitat de Barcelona, desenvolveu un modelo de brillo nocturno baseado nos datos do satélite Gaia da Axencia Espacial Europea (ESA). Ademais, crearon un fotómetro de baixo custo, chamado FreeDSM, para medir a contaminación luminosa de maneira estandarizada e accesíbel para a cidadanía.

A participación do CIM neste proxecto permitirá incluír medidas de contaminación luminosa na monitoraxe continua que se realiza das condicións físicas e químicas nas rías galegas. Para

Distribuído para CITIC * Este artigo non pode distribuírse sen o consentimento expreso do dono de los derechos de autor.

iso, instalarán unha unidade de FreeDSM na plataforma de experimentación e observación mariña da ría de Aldán e outra no peirao flotante da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) do CIM. O obxectivo, reiteran, "é medir o grao de contaminación luminosa e avaliar a súa posíbel influencia na produción biolóxica".

Segundo explican, "o uso do modelo de brillo nocturno baseado nos datos de Gaia, combinado coas medicións precisas da contaminación luminosa mediante FreeDSM, permitirá obter unha avaliación máis completa e precisa do impacto da luz artificial nos ecosistemas; esta información será clave para tomar medidas axeitadas que reduzan a contaminación luminosa e promovan sistemas de iluminación máis efectivos, respectuosos co medio ambiente e seguros para a saúde humana.





Investigación de calidade

O director do CIM, Daniel Rey, indicou que "este tipo de sinerxías de traballo entre centros de investigación da Rede CIGUS son de gran importancia para, non só abrir novas liñas de estudo vinculadas con necesidades actuais da sociedade, senón tamén para evidenciar a calidade da investigación que se realiza na nosa comunidade". Amais, subliñou que "para a conservación dos ecosistemas mariños e, como non, o benestar da comunidade local, é imprescindible facer monitoraxe da afección que supón unha cuestión tan de actualidade como a contaminación luminosa. Unha vez a comprendamos poderemos mitigala e, para iso, todo o persoal investigador implicado no proxecto, Ana Ulla e Daniel Rey por parte da Universidade de Vigo e do CIM; e Carlos Dafonte e Minia Manteiga do **CITIC** da UDC, ofrecerán cadansúas visións desde diferentes áreas de estudo para, entre todos, analizar a realidade na que se atopan a día de hoxe as nosas rías".

Daniel Rey insistiu en que "as infraestruturas de investigación de última xeración do CIM demostran que son de grande utilidade para múltiples estudos. De aí a importancia de continuar cos investimentos na súa mellora e ampliación para que as súas capacidades sexan cada vez maiores e manter así a posición do CIM como referente na investigación mariña a nivel nacional e internacional".

Pulo á transferencia de coñecemento

Pola súa banda, o director do **CITIC**, Manuel F. González Penedo, destacou que "este proxecto supón outro avance máis na transferencia de coñecemento á sociedade desde o **CITIC** da UDC. Neste caso, ponse de manifesto a utilidade de determinadas solucións tecnolóxicas (un fotómetro) na industria do mar (producción de mexillón) no contexto de contaminación luminosa e, en definitiva, do desenvolvemento sustentábel", comentou. Ademais, Manuel González Penedo remarcou que "esta iniciativa destaca pola súa versatilidade e aproveitamento de recursos, algoritmos, datos e outras investigacións dun programa como o de GAIA (de investigación espacial) para a investigación mariña máis innovadora".

Respecto da colaboración co CIM, director do **CITIC** mostrouse moi satisfeito porque "podemos fusionar talento e coñecemento con centros e universidades de referencia, sumando valor en proxectos de longo percorrido e por poñer o noso traballo ao servizo da sociedade demostrando, unha vez máis, a nosa capacidade de resposta ás súas necesidades". E engadiu: "Proxectos coma este subliñan a importancia estratéxica de conectar centros de investigación como o **CITIC** e o CIM co tecido produtivo e social, unha conexión que debe ser impulsada desde as administracións como transmisor dos recursos públicos en beneficio de todos",

Gaia4Sustainability

O proxecto Gaia4Sustainability ten como obxectivo fomentar a participación cidadá na recompilación de datos sobre a contaminación luminosa. O dispositivo FreeDSM, de doada fabricación e baixo custe, estará dispoñíbel para institucións educativas, administracións públicas, empresas de astro-turismo e cidadáns interesados en contribuír á ciencia cidadá. Esta iniciativa busca concienciar á poboación sobre o problema da contaminación luminosa e promover un cambio de actitude cara a unha iluminación máis responsábel.

A UVigo e a UDC únense para estudar a contaminación lumínica nas rías de Vigo e Pontevedra

Ambas institucións, pertencentes á Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS), únense co obxectivo de avaliar o impacto da luz nocturna na produtividade biolóxica destes importantes ecosistemas. Trátase dun novo exemplo de creación de sinerxías dentro da rede fomentada pola Xunta de Galicia, que está orientada ao fortalecemento da investigación de excelencia no ámbito nacional e internacional e da que só forman parte oito centros de investigación galegos.

Metropolitano • original



O Centro de Investigación Mariña da **Universidade de Vigo** (CIM) e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña estableceron unha **colaboración estratéxica** para levar a cabo un estudo sobre a contaminación luminosa nas rías de Vigo e Pontevedra.

Ambas institucións, pertencentes á Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (Rede CIGUS), únense co obxectivo de **avaliar o impacto da luz nocturna na produtividade biolóxica** destes importantes ecosistemas. Trátase dun novo exemplo de creación de sinerxías dentro da rede fomentada pola Xunta de Galicia, que está orientada ao **fortalecemento da investigación** de excelencia no ámbito nacional e internacional e da que só forman parte oito centros de investigación galegos.

Másnoticias

Científicos de nove países debaten na UVigo sobre novas ferramentas para a medicina do futuro

20/07/2023

A UVigo será o punto de encontro para máis de 130 docentes de español de todo o mundo

19/07/2023

A contaminación luminosa, un problema en crecemento nos últimos anos, non só impide gozar do ceo estrelado, senón que tamén afecta a **numerosas especies nocturnas** e pode ter consecuencias prexudiciais para a saúde humana. Neste contexto, o proxecto Gaia4Sustainability, coordinado polo CITIC e a Universitat de Barcelona, desenvolveu un modelo de brillo nocturno baseado nos datos do satélite Gaia da Axencia Espacial Europea (ESA). Ademais, crearon un fotómetro de baixo custo, chamado FreeDSM, para **medir a contaminación luminosa** de maneira estandarizada e accesible para a cidadanía.

A participación do CIM neste proxecto permitirá incluír medidas de contaminación luminosa na monitorización continua que se realiza das condicións físicas e químicas nas rías galegas. Para iso, **instalarán unha unidade de FreeDSM na plataforma de experimentación** e observación mariña da ría de Aldán e outra no pantalán da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat) do CIM, lugares ambos representativos da intensa actividade pesqueira na zona. O obxectivo é medir o grao de contaminación luminosa e avaliar a súa posible influencia na produción biolóxica.

O uso do modelo de brillo nocturno baseado nos datos de Gaia, combinado coas medicións precisas da contaminación luminosa mediante FreeDSM, permitirá obter unha **avaliación máis completa e precisa do impacto da luz artificial nos ecosistemas**. Esta información será fundamental para tomar medidas axeitadas que reduzan a contaminación luminosa e promovan sistemas de iluminación máis efectivos, respectuosos co medio ambiente e seguros para a saúde humana.

O potencial das sinerxías

O director do CIM, **Daniel Rey**, explica que este tipo de sinerxías de traballo entre centros de investigación da Rede CIGUS son de grande importancia para, non só abrir novas liñas de **estudo vinculadas con necesidades actuais da sociedade**, senón tamén para evidenciar a calidade da investigación que se realiza na nosa comunidade. Igualmente, subliña que para a conservación dos ecosistemas mariños e, como non, para o benestar da comunidade local, é imprescindible monitorizar a afección que supón unha cuestión tan de actualidade como a contaminación luminosa.

Neste sentido, o director do CIM engade que **unha vez a comprendamos poderemos mitigala** e, para iso, todo o persoal investigador implicado no proxecto, Ana Ulla e o propio Daniel Rey por parte da Universidade de Vigo e do CIM; e **Carlos Dafonte e Minia Manteiga** do CITIC da UDC, ofrecerán **cadansúa visión desde diferentes áreas de estudo** para, entre todos, analizar a realidade na que se atopan a día de hoxe as nosas rías.

Rey insiste en que as infraestruturas de investigación de última xeración do CIM demostran que son de grande utilidade para multitude de estudos. De aí a importancia de **continuar cos investimentos na súa mellora** e ampliación para que as súas capacidades sexan cada vez maiores e manter así a posición do CIM como referente na investigación mariña a nivel nacional e internacional.

Pola súa banda, o director do CITIC, **Manuel F. González Penedo**, destaca que este proxecto supón outro **avance máis na transferencia de coñecemento** á sociedade desde o CITIC da UDC. Neste caso, ponse de manifesto a utilidade de determinadas solucións tecnolóxicas (un fotómetro) na industria do mar, en concreto a produción de mexillón, no contexto de contaminación luminosa e, en definitiva, do desenvolvemento sostible. Ademais, González Penedo remarca que esta **iniciativa destaca pola súa versatilidade e aproveitamento de recursos**, algoritmos, datos e outras investigacións dun programa como o de GAIA, de investigación espacial, para a investigación mariña máis innovadora.

Respecto da colaboración co CIM, o director do CITIC mostrouse moi satisfeito porque **podemos fusionar talento e coñecemento con centros e universidades de referencia**, sumando valor en proxectos de longo percorrido e por poñer o noso traballo ao servizo da sociedade demostrando, unha vez máis, a nosa capacidade de resposta ás súas necesidades. Proxectos coma este poñen de relevancia a **importancia estratéxica de conectar centros de investigación** como o CITIC e o CIM co tecido produtivo e social, unha conexión que debe ser impulsada desde as administracións como transmisor dos recursos públicos en beneficio de todos.

Unha iniciativa de ciencia cidadá

O proxecto Gaia4Sustainability ten como obxectivo **fomentar a participación cidadá na compilación de datos sobre a contaminación luminosa**. O dispositivo FreeDSM, de fácil fabricación e baixo custe, estará dispoñible para institucións educativas, administracións

públicas, empresas de astro-turismo e cidadáns interesados en contribuír á ciencia cidadá. Esta iniciativa busca **concienciar á poboación sobre o problema da contaminación luminosa** e promover un cambio de actitude cara a unha iluminación máis responsable.

O CITIC acolleu a presentación dos seus novos e revolucionarios prototipos

original

venres, 21 de xullo do 2023



Este xoves 20 de

Premio Socio de Honor. El Colegio Oficial y la Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia optaron por romper un tanto la tradición de este galardón para poner en valor el perfil y la trayectoria de Víctor Salgado Seguí, abogado especializado en derecho tecnológico. Salgado Seguí, socio director en Pintos & Salgado Avogados, es un reconocido experto en la normativa relacionada con las TIC, tanto en el campo jurídico como ético.

Galicia Empresas de Tecnología

Rede Aberta llega al faro de Fisterra con fibra ultrarrápida y anuncia un piloto con Huawei para multipl...

Rede Aberta logra financiación de Allianz Global Investors para extender su red de fibra en el rural gal...

La checa Energo-Pro adquiere a Sixth Street las antiguas hidroeléctricas de Villar Mir

ÚLTIMA HORA



19:33 La 'Noite Galega das Telecomunicacións' premia ...

19:15 La británica MetroBank se desploma un 25% ante el...

18:56 La chispa de los fabricantes de tabaco se apaga...

18:54 Junts descarta la abstención y votará 'sí' o 'no' a la...

18:39 Spotify: los audiolibros hablan por sí solos de la falta de...

► INNOVACIÓN


Más de 50 investigadores de Galicia y Portugal participan en el VI Congreso XoveTIC

El Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la Universidad reúne desde ayer y hasta hoy a investigadores junior, predoctorales y posdoctorales de Galicia y Portugal en la sexta edición del XoveTIC, un congreso referente entre los talentos tecnológicos más jóvenes. En esta ocasión son 55 los trabajos que se presentarán entre comunicaciones orales y pósteres, de los que serán premiados los ocho mejor valorados.

O CITIC participou na G-Night con visitas guiadas á súa sede e obradoiros en María Pita

O pasado venres 29 de setembro celebrouse a G-Night, a Noite Galega das Persoas Investigadoras, evento de divulgación científica que se celebra de forma simultánea en toda Europa no que os nosos centros científicos e tecnolóxicos tiveron especial protagonismo. Por exemplo o Centro de Investigación TIC (o CITIC) da UDC, que se sumou ás actividades cunha xornada de portas abertas dirixidas a estudantes de Secundaria e Bacharelato.

original



O pasado venres 29 de setembro celebrouse a G-Night, a Noite Galega das Persoas Investigadoras, evento de divulgación científica que se celebra de forma simultánea en toda Europa no que os nosos centros científicos e tecnolóxicos tiveron especial protagonismo. [Por exemplo o Centro de Investigación TIC \(o CITIC\) da UDC, que se sumou ás actividades cunha xornada de portas abertas dirixidas a estudantes de Secundaria e Bacharelato.](#)

Neste caso, 19 alumnos e alumnas do IES Ortigueira, puideron gozar dunha visita guiada polas instalacións do centro probando diversos dispositivos tecnolóxicos e coñecendo as súas salas relevantes como o Demostrador Tecnolóxico, a sala de Realidade Virtual e o Laboratorio de Robótica.



Durante a tarde, os investigadores do CITIC, Thais Pousada García, Manuel Lagos Rodríguez, Patricia Concheiro Moscoso e Eva Pardo Otero, dirixiron na praza de María Pita da Coruña un obradoiro sobre tecnoloxías 3D para persoas con discapacidade. Alí presentaron produtos e tecnoloxías de apoio en 3D e de baixo custo, entre os que destacaron escenarios de Realidade Virtual e creacións que levaron a cabo a través do proxecto Talentos Inclusivos. Ademais, ás 19:20, Thais e Manuel impartiron unha breve charla sobre os escenarios de Realidade Virtual aplicados a persoas con discapacidade e sobre desenvolvementos para a plataforma Optitrack.

Ao día seguinte, durante a mañá do sábado, varios investigadores do CITIC, Paula M^a Castro Castro, Adriana Dapena Janeiro, Óscar Fresnedo Arias e Daniel I. Iglesia Iglesias ofreceron no MUNCYT un taller sobre circuitos electrónicos para mozos inventores de entre 6 e 10 anos. Os asistentes puideron aprender conceptos básicos de electrónica e a súa aplicación para o día a día, ademais de pequenas curiosidades relacionadas co electromagnetismo.

O CITIC da UDC imparte un seminario sobre cualificacións e habilidades na intelixencia artificial e a dixitalización, en colaboración co grupo Jean Monnet

O encontro, que terá lugar na sala Cloud do CITIC a partir das 11:30 horas, afondará en como o Big Data e a Intelixencia Artificial están a revolucionar os mercados laborais, dando a coñecer de que xeito anticipa tendencias e emparella demandas e oferta laborais de maneira máis eficiente. Participarán, Fabio Manca, coordinador Biga Data, Dirección de Emprego e Asuntos Sociais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Zeltia Lado, directora Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia.

original



A Coruña, 9 de outubro de 2023.- O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña acollerá mañá martes, día 10 de outubro, o seminario e foro de debate Cualificacións e Habilidades Prácticas na Era da Intelixencia Artificial e a Dixitalización Avanzada, organizada polo CITIC e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento da UDC.

O encontro, que terá lugar na sala Cloud do CITIC a partir das 11:30 horas, afondará en como o Big Data e a Intelixencia Artificial están a revolucionar os mercados laborais, dando a coñecer de que xeito anticipa tendencias e emparella demandas e oferta laborais de maneira máis eficiente.

Participarán, Fabio Manca, coordinador Biga Data, Dirección de Emprego e Asuntos Sociais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Zeltia Lado, directora Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia.

Manca será o encargado de impartir a primeira das charlas, ás 12:00 horas, baixo o título The demand for Skills in online labor markets: Towards a Big Data approach and new tools for detecting skills shortages and improving matching, que pretende ser unha inmersión profunda na intersección da demanda de habilidades nos mercados laborais en liña, o poder do Big Data e as ferramentas intelixentes para enfrontarse á escaseza de habilidades e mellorar a eficiencia no emaprellamento laboral. Zeltia Lado, pola súa banda, falará ás 12:00 horas sobre a iniciativa de Emprego Intelixente (Emi), unha solución innovadora que utiliza a intelixencia artificial para mellorar a procura de emprego e a xestión de recursos humanos, afondando en como enfrontarse aos desafíos actuais no ámbito laboral e en como o Emi beneficia tanto aos

candidatos como ás empresas.


Foto: Fabio Manca, coordinador Big Data, Dirección de Emprego e Asuntos Sociais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE); e Zeltia Lado Lago, directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia.

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

O CITIC da UDC acolle un seminario sobre Intelixencia Artificial e dixitalización no mercado laboral

Como xa anunciamos dende Código Cero, mañá, martes 10 de outubro, celebrarase o seminario e foro de debate **Cualificacións e Habilidades Prácticas na Era da Intelixencia Artificial e a Dixitalización Avanzada**, organizada polo CITIC e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento da UDC. Participarán, Fabio Manca, coordinador de Big Data, Dirección de Emprego e Asuntos Sociais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Zeltia Lado, directora Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia.

original



Como xa anunciamos dende Código Cero, mañá, martes 10 de outubro, celebrarase o seminario e foro de debate *Cualificacións e Habilidades Prácticas na Era da Intelixencia Artificial e a Dixitalización Avanzada*, organizada polo CITIC e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento da UDC.

O punto de encontro deste evento estará na sala Cloud do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña a partir das 11:30h e dará comezo analizando como o Big Data e a Intelixencia Artificial están a revolucionar os mercados laborais, dando a coñecer de que xeito anticipa tendencias e emparella demandas e oferta laborais de xeito máis eficiente.

Participarán, Fabio Manca, coordinador de *Big Data*, Dirección de Emprego e Asuntos Sociais da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e Zeltia Lado, directora Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Xunta de Galicia.

Manca será o encargado de impartir a primeira das charlas, ás 12 horas, baixo o título *The demand for Skills in online labor markets: Towards a Big Data approach and new tools for detecting skills shortages and improving matching*, que pretende ser unha inmersión profunda na intersección da demanda de habilidades nos mercados laborais en liña, o poder do Big Data e as ferramentas intelixentes para enfrontarse á escaseza de habilidades e mellorar a eficiencia no emparellamento laboral. Zeltia Lado, pola súa banda, falará ás 12:25 horas sobre a iniciativa de Emprego Intelixente (Emi), unha solución innovadora que usa a Intelixencia Artificial para mellorar a procura de emprego e a xestión de recursos humanos, aprofundando en como enfrontarse aos desafíos actuais no ámbito laboral e en como o Emi beneficia tanto aos candidatos como ás empresas.

El Citic aborda en un foro el avance de la inteligencia artificial y el «big data»

A CORUÑA / LA VOZ

El Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós (Citic) de la UDC acoge hoy el seminario y foro de debate «Cualificación e habilidades prácticas na era da intelixencia artificial e a dixitalización avanzada», organizada por el organismo con el grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento de la UDC.

El encuentro, que comenzará a las 11.30 horas, profundizará en cómo el *big data* y la inteligencia artificial están revolucionando los mercados laborales. En la jornada participan Fabio Manca, coordinador de *big data*, dirección de Empleo e Asuntos Sociais de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE) y Zeltia Lado, directora xeral de Formación para o Empleo e Orientación de la Xunta.

La UDC en Panamá y Chile

La UDC es la única universidad española admitida en el LXVII Curso Internacional Método Arcón, que se celebra en Panamá desde el pasado día 2 y hasta el 27. La universidad coruñesa estará representada por la decana de la Facultade de Ciencias da Saúde, Adriana Ivette Ávila, que fue admitida como investigadora internacional para constatar científicamente de forma teórica la efectividad del método.

Por otro lado, Jaime Rodríguez-Arana, catedrático de Dereito Administrativo y director del grupo de investigación de Dereito Público Global de la UDC, acaba de ser reelegido en Santiago de Chile para presidir el Foro Iberoamericano de Dereito Administrativo (FIDA), corporación académica que reúne a más de 250 profesionales de la disciplina.

▶▶ EMPLEO

El Citic acoge un debate sobre la Inteligencia Artificial y el mercado de trabajo

El Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (Citic) de la Universidad acoge hoy un seminario y foro de debate sobre las cualificaciones y habilidades prácticas en la era de la Inteligencia Artificial y la Digitalización Avanzada. Tendrá lugar en la sala Cloud del Citic a partir de las 11:30 horas, ahondará en como el Big Data y la Inteligencia Artificial están revolucionando los mercados laborales, emparejando demandas y ofertas laborales

Publicación	Diario de Bergantiños
Soporte	General, 16
Circulación	Prensa Escrita
Difusión	9814
Audiencia	8020
	22 931

Fecha	10/10/2023
País	España
V. Comunicación	324 EUR (341 USD)
Tamaño	39,43 cm ² (4,0%)
V.Publicitario	91 EUR (96 USD)

▶▶ EMPLEO

El Citic acoge un debate sobre la Inteligencia Artificial y el mercado de trabajo

El Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (Citic) de la Universidad acoge hoy un seminario y foro de debate sobre las cualificaciones y habilidades prácticas en la era de la Inteligencia Artificial y la Digitalización Avanzada. Tendrá lugar en la sala Cloud del Citic a partir de las 11:30 horas, ahondará en como el Big Data y la Inteligencia Artificial están revolucionando los mercados laborales, emparejando demandas y ofertas laborales



A Xunta expón na Universidade da Coruña as vantaxes do novo sistema de intelixencia artificial, EMI, para axustar oferta e demanda de traballo

Así, a nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, pretende axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Trátase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia artificial e a analítica avanzada para favorecer a xeración de máis e mellor emprego en Galicia.

original

A Coruña, 10 de outubro de 2023

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Zeltia Lado, puxo hoxe en valor na Universidade da Coruña as vantaxes de Emprego Intelixencia Artificial (EMI), a nova ferramenta que a Xunta está a implantar na rede de oficinas de emprego de Galicia co propósito de axustar oferta e demanda de traballo. Lado explicou o obxectivo desta iniciativa na súa intervención no relatorio *A iniciativa de emprego intelixente (EMI)* na Xornada sobre cualificacións e habilidades na intelixencia artificial e a dixitalización avanzada, que organizou o Centro de Investigación en TIC (Citic) e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento (GCD) da Universidade da Coruña.

A directora xeral sinalou que a Administración autonómica está a acometer un ambicioso proceso de modernización que, entre outras vantaxes, está a permitir casar oferta con demanda laboral, dando resposta ás necesidades de persoal traballador do tecido produtivo co reto de dar resposta ás vacantes laborais.

Así, a nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, pretende axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Trátase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia artificial e a analítica avanzada para favorecer a xeración de máis e mellor emprego en Galicia.



A Xunta expón na Universidade da Coruña as vantaxes do novo sistema de intelixencia artificial, EMI, para axustar oferta e demanda de traballo

Xunta de Galicia • [original](#)

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Zeltia Lado, participou hoxe no relatorio A iniciativa de emprego intelixente (EMI) nunha xornada sobre cualificacións e habilidades na intelixencia artificial e a dixitalización avanzada

A Xunta está a levar a cabo unha modernización integral do Servizo de Emprego de Galicia para, entre outros, dar resposta ás vacantes laborais, atendendo as necesidades do tecido produtivo e das persoas que buscan un traballo

Normal 0 21 false false false ES ZHCN ARSA **A Coruña, 10 de outubro de 2023** A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Zeltia Lado, puxo hoxe en valor na Universidade da Coruña as vantaxes de Emprego Intelixencia Artificial (EMI), a nova ferramenta que a Xunta está a implantar na rede de oficinas de emprego de Galicia co propósito de axustar oferta e demanda de traballo. Lado explicou o obxectivo desta iniciativa na súa intervención no relatorio *A iniciativa de emprego intelixente (EMI)* na Xornada sobre cualificacións e habilidades na intelixencia artificial e a dixitalización avanzada, que organizou o Centro de Investigación en TIC (Citic) e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento (GCD) da Universidade da Coruña. A directora xeral sinalou que a Administración autonómica está a acometer un ambicioso proceso de modernización que, entre outras vantaxes, está a permitir casar oferta con demanda laboral, dando resposta ás necesidades de persoal traballador do tecido produtivo co reto de dar resposta ás vacantes laborais. Así, a nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, pretende axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Trátase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia artificial e a analítica avanzada para favorecer a xeración de máis e mellor emprego en Galicia.

Descarga gratis la nueva app de COPE y prueba todas las novedades. Ya disponible para iPhone y Android, con nuevas funcionalidades. Todos los programas, emisoras y noticias. Con la posibilidad de recibir notificaciones en tu móvil. La aplicación para iOS y Android se puede descargar de forma totalmente gratuita a través de la [App Store](#) y [Google Play](#).

La aplicación de COPE es el mejor canal para escuchar la radio en directo, pero es también un completo medio de información digital que cuenta las noticias cuando se están produciendo, que te alerta de lo que sucede mediante notificaciones en tu móvil. Continúa leyendo las últimas noticias de actualidad en nuestra página web para estar siempre informado de lo que está pasando

O CITIC da UDC premia a excelencia tecnolóxica na VI Edición do XoveTIC

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) vé de premiar un total de nove investigacións no ámbito das TIC dentro da VI Edición do XoveTIC, que tivo lugar os pasados 5 e 6 de outubro na sede do centro. No evento presentáronse 55 traballos (entre comunicacións e pósteres).

original



O Premio Cátedra R

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) vé de premiar un total de nove investigacións no ámbito das TIC dentro da VI Edición do XoveTIC, que tivo lugar os pasados 5 e 6 de outubro na sede do centro. No evento presentáronse 55 traballos (entre comunicacións e pósteres). Ao remate do mesmo outorgáronse os galardóns en diversas categorías para recoñecer a destacados profesionais e investigadores nos eidos da IA (Intelixencia Artificial), a ciberseguridade, a enxeñaría de datos, a Computación de Altas Prestacións (*High Computing Performance*) ou a análise de datos a gran escala (*Big Data*).



O Premio Cátedra Aldaba

O Premio Cátedra R ao proxecto máis relevante no ámbito da seguridade, entendida esta en sentido amplo, tanto ciberseguridade en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións como temáticas de seguridade aplicada a outros ámbitos recaeu en Marc Bernice Angoue Avele, Darian Pérez-Adán e Dariel Pereira Ruisánchez polo traballo *Espionaxe e interferencia mediante ataques piloto en MIMO masivo 5G (Eavesdropping and jamming via pilot attacks in 5G massive MIMO)*. O director xeral da operadora galega R, Alfredo Ramos, foi o encargado de entregalo.

Pola súa banda, Hilda Romeu Velo, Susana Ladra, José R. Paramá e Fernando Silva Coira recibiron de mans da directora da cátedra, Virginia Mato Abad, o Premio Cátedra Aldaba - WIB (Women, ICT & Business) ao traballo máis relevante liderado como primeira autora unha muller pola investigación titulada *Indexación e Recuperación de partituras por tarareo baseada en características extraídas*.



O Premio Cátedra NTT Data

O Premio Cátedra NTT Data á contribución máis relevante no ámbito da diversidade, economía social e promoción da igualdade, entregado por Marianne Blanco Martiño (directora Sector Público en NTT Data) recaeu no traballo *Amosando ou lado escuro das redes sociais: desenvolvemento do primeiro corpus en lingua galega para a detección de misoxinia en Twitter e Mastodon* de Lucía María Álvarez Crespo e Laura M. Castro.



O Premio CICAS Sngular

A directora da Cátedra CICAS Sngular, Laura Castro Souto, foi a encargada de entregar o Premio Cátedra CICAS Sngular ao mellor traballo aliñado coas boas prácticas de *Open Science*, *Open Data*, *Open Access* e *Open Source*. Resultaron gañadores Eva Pardo, Iago Fernández, Santiago Fernández Noriega, María Martínez e Laura Nieto Riveiro pola súa investigación *Solución para a captura e visualización de datos de dispositivos wearable*.



O Premio ITG

Pola súa banda, o proxecto *Predición do caudal de entrada en presas hidráulicas usando redes neuronais* de Alberto Fernández Sánchez, Juan Ramón Rabuñal Dopico, Daniel Rivero Cebrián, Alejandro Celestino Pazos Sierra, Marcos Gestal foi merecedor do Premio ITG ao traballo máis relevante con aplicación industrial, que entregou Gonzalo Blázquez Gil da área de tecnoloxías do Instituto Tecnolóxico de Galicia.



O Premio do CPEIG

Pola súa banda, o Premio CPEIG ao mellor traballo con primeiro autor estudante titulado en Enxeñaría Informática recibírono Francisco Prado Valiño, Roi Santos Ríos, Carlos Gómez Rodríguez e Jesús Vilares da man da vogal do CPEIG, Pilar Vila, pola investigación titulada *Prototipo dun sistema de recoñecemento de entidades para a xestión dixital da resistencia a antimicrobianos*.



O Premio Clúster TIC a Patricia Concheiro

Dous foron os Premio Clúster TIC concedidos. O que recoñeceu o mellor póster concedeu-se a Patricia Concheiro Moscoso, Betania Groba, María del Carmen Miranda Duro, Diego Álvarez Estévez pola *Efectividade da Xiaomi Mi Band 5 fronte á polisomnografía na medición do sono*.



Iago Fernández Garrido recollendo o Premio Clúster TIC

Mentres, Iago Fernández Garrido e Ángel Gómez foron os gañadores do apartado de mellor comunicación oral pola súa exposición sobre *Realidade Virtual para estimulación cognitiva de terceira idade e persoas con discapacidade*. Alfredo Ramos, Director xeral de R, entregou ambos premios en representación do Clúster TIC.



Por último, o Premio Fundación CITIC á contribución máis relevante en investigación básica ou teórica, entregado pola concelleira de Innovación, Mobilidade e Infraestruturas de A Coruña, María Canosa, e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya, recibírono Roberto Prado Rodríguez, Patricia González, Julio R. Banga e Ramón Doallo polo seu traballo *Esquema de cooperación autoadaptativo nun algoritmo CAO paralelo para problemas combinatorios binarios*.



Distribuído para REDE DE CENTROS E UNIDADES DE I+D+I DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA * Este artigo non pode distribuírse sen o consentimento expreso do titular dos derechos de autor

Os premios destacan a diversidade dos enfoques propostos, que impulsan a innovación e a excelencia nos ámbitos da Intelixencia Artificial, a Ciberseguridade, o *Big Data*, as Redes Intelixentes e a Computación de Altas Prestacións.



Adega Eidos



Zeltia Lado expón na Coruña as vantaxes do uso da IA nas oficinas de emprego

Así, a nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, pretende axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Trátase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia artificial e a analítica avanzada para favorecer a xeración de máis e mellor emprego en Galicia.

Redacción • [original](#)

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación, Zeltia Lado, puxo hoxe en valor na Universidade da Coruña as vantaxes de Emprego Intelixencia Artificial (EMI), a nova ferramenta que a Xunta está a implantar na rede de oficinas de emprego de Galicia co propósito de axustar oferta e demanda de traballo. [Lado explicou o obxectivo desta iniciativa na súa intervención no relatorio A iniciativa de emprego intelixente \(EMI\)](#) na Xornada sobre cualificacións e habilidades na intelixencia artificial e a dixitalización avanzada, que organizou o CITIC e o grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento (GCD) da Universidade da Coruña.

A directora xeral sinalou que a Administración autonómica está a acometer un ambicioso proceso de modernización que, entre outras vantaxes, está a permitir casar oferta con demanda laboral, dando resposta ás necesidades de persoal traballador do tecido produtivo co reto de dar resposta ás vacantes laborais.

Así, a nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Intelixente), baseada na intelixencia artificial, pretende axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Trátase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia artificial e a analítica avanzada para favorecer a xeración de máis e mellor emprego en Galicia.

» INVESTIGACIÓN

El Citic premia a nueve de los 55 trabajos que se presentaron en el Xovetic

El Centro de Investigación en Tecnoloxías de la Información y de las Comunicacions (CITIC) de la Universidad premió nueve investigaciones dentro de la VI Edición do Xovetic. Al evento se presentaron 55 trabajos -entre comunicaciones orales y pósteres-, se otorgaron los galardones en diversas categorías para reconocer a destacados profesionales e investigadores e los campos de la IA, la ciberseguridad, la ingeniería de datos, o el 'big data'.

Nueve de los 55 trabajos de investigación del XoveTIC reciben reconocimiento

El Citic destaca la “calidad, excelencia y originalidad” de los proyectos presentados

REDACCIÓN

A CORUÑA

El Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (Citic) de la Universidade da Coruña premió un total de nueve investigaciones en el ámbito de las TIC dentro de la VI edición del Congreso Xovetic, que reunió la pasada semana en la ciudad a jóvenes investigadores de Galicia y Portugal.

Al acabar el evento, en el que se presentaron un total de 55 trabajos durante las dos jornadas de celebración —entre comunicaciones orales y pósteres—, se otorgaron los galardones en diversas categorías para reconocer a destacados profesionales e investigadores en el campo de la Inteligencia Artificial (IA), la ciberseguridad, la ingeniería de datos, la computación de altas prestaciones o el *big data*.

Según informa el Citic, los premios otorgados por el Comité Científico el pasado viernes en el XoveTIC destacan la “diversidad de los enfoques propuestos, que impulsan la innovación y la excelencia”.

FABIO MANCA DIRECTOR DE EMPLEO EN LA OCDE

«Vamos a hablar con la Xunta para usar el “big data” para ajustar el mercado laboral»

Analizan las ofertas de empleo en internet para adaptar los cursos de formación

CATERINA DEvesa

A CORUÑA / LA VOZ

Fabio Manca, uno de los mayores especialistas en el análisis de los factores y las consecuencias del desajuste y la escasez de habilidades en el mercado laboral, dio ayer las claves en A Coruña de cómo el uso del *big data* puede ayudar a ajustar la oferta y la demanda. Una metodología que pondrá a la Xunta y que el coordinador de *big data* y director de Empleo y Asuntos Sociales de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico de la (OCDE), explicó en un foro organizado por el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la UDC y el grupo Joan Monnet de Competencia y Desarrollo (GCD).

—¿En qué consiste su trabajo?

—Lo que hacemos en la OCDE es analizar con *big data* las vacantes de empleo que se publican en línea. Tenemos información de más de 400 millones de ofertas en diferentes países, también en España y Galicia. Lo interesante es mezclar esa información con la oferta de formación.

—Ya han realizado ese estudio en diferentes países, ¿cómo ha ido?

—Sí, por ejemplo en Italia, en la región de Umbría, hicimos un

proyecto en el que comparamos la demanda de empleo, las vacantes que estaban disponibles en línea, con la formación de la agencia de empleo a través de los diferentes cursos. Analizamos el contenido para saber si se adaptaban a las peticiones de habilidades que se recogen en las ofertas. Con esos datos, observamos dónde no hay una alienación y así obtener las prioridades a la hora de mejorar la oferta de formación en competencias.

—¿Podría hacerse en Galicia?

—Sí, es algo que vamos a hablar con la Xunta para ver cómo usar el *big data* con la demanda de empleo del territorio gallego y poder así analizar las prioridades en el marco de política laboral.

—La irrupción de las nuevas tecnologías supone cambios constantes, ¿cómo se deben gestionar?

—La verdad es que los cambios son muy rápidos. Ahora tenemos la irrupción de la inteligencia artificial, el chatGPT, que estamos seguros de que va a revolucionar la demanda de empleo y la competencia en el mercado laboral. Una de las ventajas de utilizar *big data* es que con los análisis de las vacantes podemos recopilar los datos que hay cada día. No hay que esperar al último informe del mercado laboral del INE ni del SEPE para conocer la situación,



El director de Empleo de la OCDE, Fabio Manca. ÁNGEL MANSO

sino que podemos verlo en tiempo real. Así, podemos anticipar o hacer una previsión concreta de lo que ocurrirá en los próximos meses y adelantar las tendencias.

—¿Los análisis se adaptan a cada escenario?

—Sí, se piensa en el *big data* solo en el sector de las TIC, pero en realidad las vacantes de empleo que se ofertan *online* son de todos los sectores. Lo interesante de este instrumento es que permite entender lo que ocurre en distintos campos y ajustar así las formaciones para el empleo, además de ayudar y dar soporte a las personas que están buscando trabajo o a los estudiantes, que no saben por dónde tirar por la incertidumbre ante el futuro.

—¿Esa herramienta permite reorientar el mercado laboral?

—Es importante para los trabajadores que quieren o que van a necesitar cambiar de sector, debido a que en el suyo hay poca demanda o existe riesgo de automatización.

—Hace mención al riesgo de la automatización de los trabajos, ¿cómo debe afrontarse la llegada de la inteligencia artificial?

—Estamos en un momento muy interesante con un cambio muy fuerte, que igual no estamos lis-

tos para afrontar. Nos coge algo de sorpresa. Sobre todo, en cuanto a la capacidad de lenguaje natural de la inteligencia artificial generativa, que puede hacer muchas tareas. Desde la OCDE realizamos un estudio para saber cuál es la habilidad de este tipo de IA y conocer los riesgos de la automatización.

—¿Cuál es el siguiente paso?

—Ahora lo que tenemos que saber, y para ello haremos un nuevo análisis, son los riesgos de la implantación de la IA en la ocupación, para poder entender en qué dirección debe orientarse el mercado de trabajo y sugerir qué hacer en términos de política laboral.

—¿Cómo podemos evitar esos riesgos ante la llegada de la IA?

—Desde la OCDE tenemos un grupo que se ocupa específicamente de abordar la ética en la inteligencia artificial y otro destinado a trabajar en su regulación. Estamos en contacto con academias, universidades y expertos del sector privado, porque es un esfuerzo que tenemos que hacer todos conjuntamente. Es clave entender las ventajas de la IA, que son muchas, pero también los potenciales problemas y riesgos para que adoptemos su implantación de una manera responsable.

Distribuido para REDE DE CENTROS E UNIDADES DE I+D+IDA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A * Este artículo no puede distribuirse sin el consentimiento expreso del dueño de los derechos de autor.

FABIO MANCA DIRECTOR DE EMPLEO EN LA OCDE

«Vamos a hablar con la Xunta para usar el “big data” para ajustar el mercado laboral»

Analizan las ofertas de empleo en internet para adaptar los cursos de formación

CATERINA DEVEZA

A CORUÑA / LA VOZ

Fabio Manca, uno de los mayores especialistas en el análisis de los factores y las consecuencias del desajuste y la escasez de habilidades en el mercado laboral, dio ayer las claves en A Coruña de cómo el uso del *big data* puede ayudar a ajustar la oferta y la demanda. Una metodología que pondrá a la Xunta y que el coordinador de *big data* y director de Empleo y Asuntos Sociales de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico de la (OCDE), explicó en un foro organizado por el Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones (Citic) de la UDC y el grupo Joan Monnet de Competencia y Desarrollo (GCD).

—¿En qué consiste su trabajo?
—Lo que hacemos en la OCDE es analizar con *big data* las vacantes de empleo que se publican en línea. Tenemos información de más de 400 millones de ofertas en diferentes países, también en España y Galicia. Lo interesante es mezclar esa información con la oferta de formación.

—Ya han realizado ese estudio en diferentes países, ¿cómo ha ido?
—Sí, por ejemplo en Italia, en la región de Umbría, hicimos un

proyecto en el que comparamos la demanda de empleo, las vacantes que estaban disponibles en línea, con la formación de la agencia de empleo a través de los diferentes cursos. Analizamos el contenido para saber si se adaptaban a las peticiones de habilidades que se recogen en las ofertas. Con esos datos, observamos dónde no hay una alienación y así obtener las prioridades a la hora de mejorar la oferta de formación en competencias.

—¿Podría hacerse en Galicia?

—Sí, es algo que vamos a hablar con la Xunta para ver cómo usar el *big data* con la demanda de empleo del territorio gallego y poder así analizar las prioridades en el marco de política laboral.

—La irrupción de las nuevas tecnologías supone cambios constantes, ¿cómo se deben gestionar?

—La verdad es que los cambios son muy rápidos. Ahora tenemos la irrupción de la inteligencia artificial, el chatGPT, que estamos seguros de que va a revolucionar la demanda de empleo y la competencia en el mercado laboral. Una de las ventajas de utilizar *big data* es que con los análisis de las vacantes podemos recopilar los datos que hay cada día. No hay que esperar al último informe del mercado laboral del INE ni del SEPE para conocer la situación,



El director de Empleo de la OCDE, Fabio Manca. ÁNGEL MANSO

sino que podemos verlo en tiempo real. Así, podemos anticipar o hacer una previsión concreta de lo que ocurrirá en los próximos meses y adelantar las tendencias.

—¿Los análisis se adaptan a cada escenario?

—Sí, se piensa en el *big data* solo en el sector de las TIC, pero en realidad las vacantes de empleo que se ofertan *online* son de todos los sectores. Lo interesante de este instrumento es que permite entender lo que ocurre en distintos campos y ajustar así las formaciones para el empleo, además de ayudar y dar soporte a las personas que están buscando trabajo o a los estudiantes, que no saben por dónde tirar por la incertidumbre ante el futuro.

—¿Esa herramienta permite reorientar el mercado laboral?

—Es importante para los trabajadores que quieren o que van a necesitar cambiar de sector, debido a que en el suyo hay poca demanda o existe riesgo de automatización.

—Hace mención al riesgo de la automatización de los trabajos, ¿cómo debe afrontarse la llegada de la inteligencia artificial?

—Estamos en un momento muy interesante con un cambio muy fuerte, que igual no estamos lis-

tos para afrontar. Nos coge algo de sorpresa. Sobre todo, en cuanto a la capacidad de lenguaje natural de la inteligencia artificial generativa, que puede hacer muchas tareas. Desde la OCDE realizamos un estudio para saber cuál es la habilidad de este tipo de IA y conocer los riesgos de la automatización.

—¿Cuál es el siguiente paso?

—Ahora lo que tenemos que saber, y para ello haremos un nuevo análisis, son los riesgos de la implantación de la IA en la ocupación, para poder entender en qué dirección debe orientarse el mercado de trabajo y sugerir qué hacer en términos de política laboral.

—¿Cómo podemos evitar esos riesgos ante la llegada de la IA?

—Desde la OCDE tenemos un grupo que se ocupa específicamente de abordar la ética en la inteligencia artificial y otro destinado a trabajar en su regulación. Estamos en contacto con academias, universidades y expertos del sector privado, porque es un esfuerzo que tenemos que hacer todos conjuntamente. Es clave entender las ventajas de la IA, que son muchas, pero también los potenciales problemas y riesgos para que adoptemos su implantación de una manera responsable.

O CITIC premia a excelencia tecnolóxica de nove investigacións no congreso Xovetic

O Comité Científico destacou a calidade e orixinalidade dos 55 traballos presentados á sexta edición do evento celebrado na UDC. O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) vén de premiar nove investigacións no ámbito das TIC dentro da VI Edición do Xovetic, que se celebrou os días 5 e 6 de outubro.

Redacción • [original](#)

O Comité Científico destacou a calidade e orixinalidade dos 55 traballos presentados á sexta edición do evento celebrado na UDC



Edificio do CITIC na Coruña

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) vén de premiar nove investigacións no ámbito das TIC dentro da **VI Edición do Xovetic**, que se celebrou os días 5 e 6 de outubro. Ao remate do evento, no transcurso do cal se presentaron 55 traballos entre comunicacións orais e pósteres, outorgáronse os galardóns en diversas categorías para recoñecer a destacados profesionais e investigadores nos eidos da intelixencia artificial, a ciberseguridade, a enxeñaría de datos, a computación de altas prestacións e o *big data*.

Publicidade



O Premio Cátedra R: Ao máis relevante no ámbito da seguridade, entendida esta en sentido amplo, tanto ciberseguridade en tecnoloxías da información e as comunicacións como temáticas de seguridade aplicada a outros ámbitos recaeu en Marc Bernice Angoue Avele, Darian Pérez-Adán e Dariel Pereira Ruisánchez polo traballo *Espionaxe e interferencia mediante ataques piloto en MIMO masivo 5G (Eavesdropping and jamming via pilot attacks in 5G massive MIMO)*. O director xeral de R, Alfredo Ramos, foi o encargado de entregalo.

Pola súa banda, Hilda Romeu Velo, Susana Ladra, José R. Paramá e Fernando Silva Coira recibiron de mans da directora da cátedra, Virginia Mato Abad, o **Premio Cátedra Aldaba WIB (Women, ICT & Business): Ao máis relevante liderado como primeira autora unha muller** pola investigación titulada: *Indexación e Recuperación de partituras por tarareo baseada en características extraídas*.

O Premio Cátedra NTT Data: Ao máis relevante no ámbito da diversidade, economía social e promoción da igualdade, entregado por Marianne Blanco Martiño (directora Sector Público en NTT Data) recaeu no traballo *Amosando ou lado escuro das redes sociais: desenvolvemento do primeiro corpus en lingua galega para a detección de misoxinia en Twitter e Mastodon* de Lucía María Álvarez Crespo e Laura M. Castro.

A directora da **Cátedra CICAS Sngular**, Laura Castro Souto, foi a encargada de entregar o **Premio Cátedra CICAS Sngular Ao mellor traballo aliñado coas boas prácticas de Open Science, Open Data, Open Access e Open Source**, do que resultaron gañadores Eva Pardo, Iago Fernández, Santiago Fernández Noriega, María Martínez e Laura Nieto Riveiro pola súa investigación *Solución para a captura e visualización de datos de dispositivos wearable*.

Predición do caudal de entrada en presas hidráulicas usando redes neuronais de Alberto Fernández Sánchez, Juan Ramón Rabuñal Dopico, Daniel Rivero Cebrián, Alejandro Celestino Pazos Sierra e Marcos Gestal foi merecedor do **Premio ITG: Ao traballo máis relevante con aplicación industrial**, que entregou Gonzalo Blázquez Gil da área de tecnoloxías do Instituto

Tecnolóxico de Galicia.

Pola súa banda, o **Premio CPEIG: Ao mellor traballo con primeiro autor estudante titulado en Enxeñaría Informática** recibíronno Francisco Prado Valiño, Roi Santos Ríos, Carlos Gómez Rodríguez e Jesús Vilares da man da vogal do CPEIG, Pilar Vila, pola investigación titulada *Prototipo dun sistema de recoñecemento de entidades para a xestión dixital da resistencia a antimicrobianos*.

Dous foron os **Premio Clúster TIC** concedidos. O de **Ao mellor póster** concedeuse a Patricia Concheiro Moscoso, Betania Groba, María del Carmen Miranda Duro, Diego Álvarez Estévez pola *Efectividade da Xiaomi Mi Band 5 fronte á polisomnografía na medición do sono*. Mentres que Iago Fernández Garrido e Ángel Gómez foron os gañadores **Á mellor comunicación oral** pola súa exposición sobre *Realidade Virtual para estimulación cognitiva de terceira idade e persoas con discapacidade*. Alfredo Ramos, Director xeral de R, entregou ambos premios en representación do Clúster TIC.

Por último, **Premio Fundación CITIC: Ao máis relevante en investigación básica ou teórica**, entregado pola concelleira de Innovación, Mobilidade e Infraestruturas da Coruña, María Canosa, e o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya, recibírono Roberto Prado Rodríguez, Patricia González, Julio R. Banga e Ramón Doallo polo seu traballo *Esquema de cooperación autoadaptativo nun algoritmo CAO paralelo para problemas combinatorios binarios*.

Os premios destacan a diversidade dos enfoques propostos, que impulsan a innovación e a excelencia nos ámbitos da Intelixencia Artificial, a Ciberseguridade, Big Data, Redes Intelixentes e a Computación de Altas Prestacións.

Un equipo galego participa na nova actualización do mapa máis completo da Vía Láctea

Os últimos descubrimentos da misión Gaia superaron o alcance previsto inicialmente ao revelar medio millón de estrelas novas en zonas moi densas. A Axencia Espacial Europea (ESA) fixo público un novo arquivo de datos astronómicos da misión Gaia, denominado Gaia FPR, que está xa dispoñible para a comunidade internacional.

Redacción • [original](#)

Os últimos descubrimentos da misión Gaia superaron o alcance previsto inicialmente ao revelar medio millón de estrelas novas en zonas moi densas



O equipo do CITIC que participa na Misión Gaia. Foto: CITIC

A Axencia Espacial Europea (ESA) fixo público un novo arquivo de **datos astronómicos da misión Gaia**, denominado Gaia FPR, que está xa dispoñible para a comunidade internacional. O grupo de investigadores galegos, liderado polo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña, tivo un papel fundamental na validación dos datos contidos neste arquivo. A **validación de datos** é un proceso esencial no que se garante a calidade e coherencia da información científica, para o que se realizaron exhaustivas probas estatísticas para eliminar calquera información errónea ou de calidade insuficiente.

Publicidade

Apoiámoste coa pata

Ademais do seu papel na validación, a astrofísica **Minia Manteiga** e o enxeñeiro informático **Carlos Dafonte**, ambos os investigadores do CITIC da UDC, xunto co resto de equipo de Gaia na UDC, participan como autores nos artigos científicos que acompañarán a apertura deste arquivo. Este novo lanzamento marca **un importante fito na Astronomía** en áreas moi diversas, que cobren desde o estudo de asteroides próximos á Terra e outros obxectos do Sistema Solar, ata os **cuásares**, os obxectos máis antigos e afastados do Universo.

Como sempre ocorre coas medidas do satélite Gaia, os datos son **inmediatamente compartidos** e postos ao dispor dos investigadores de todo o mundo, que é a maneira máis efectiva para conseguir que o coñecemento, neste caso do Universo, avance rapidamente.

O mellor mapa da nosa galaxia

Gaia está a **cartografar** a nosa galaxia e outras máis afastadas cun extraordinario grao de detalle e en varias dimensións, non só obtendo posicións de estrelas da Vía Láctea e de galaxias próximas, senón tamén as súas velocidades e a medida da súa luz en multitude de cores. Isto permítenos obter **o censo estelar máis preciso xamais realizado**. A misión está a brindar unha imaxe detallada do noso lugar no universo, ao permitir comprender mellor a natureza e propiedades dos diversos obxectos que o integran.

Entre os produtos que se inclúen en Gaia FPR, atópanse datos únicos e dunha calidade sen precedentes sobre unha ampla variedade de obxectos astronómicos. Isto contempla a obtención das órbitas detalladas de **asteroides e satélites planetarios** dentro do noso sistema solar. Esta información é fundamental para predicir con precisión as súas futuras posicións, o que é particularmente relevante para os NEOs (do inglés *Near Earth Objects*, obxectos próximos á Terra) debido ao seu potencial perigo.



A astrofísica Minia Manteiga. Foto: CITIC

No que se refire aos obxectos máis distantes no universo, os cuásares, Gaia FPR tamén ofrece información valiosa. En concreto fixo pública unha lista de **381 obxectos** que son candidatos firmes a ser lentes gravitacionais. Estas lentes son imaxes repetidas dun único cuásar, producidas cando a luz do mesmo se curva debido á presenza dunha galaxia no seu camiño, creando **imaxes repetidas no ceo**. Detectar estes obxectos é un desafío significativo, e Gaia logrou descubrir novos obxectos deste tipo.

Outro achado destacado de Gaia FPR é a información detallada sobre a presenza de **nubes de po** na Vía Láctea que afectan a intensidade lumínica das estrelas en certas cores, coñecidas como **Bandas Difusas Interestelares (DIBs)**. Gaia logrou medir estas DIBs en todo o ceo por primeira vez, proporcionando unha información que será crucial para entender a orixe química das moléculas que conteñen estas enigmáticas nubes de po interestelar.

Ademais, o arquivo contén unha lista detallada de brillos e posicións precisas de máis de medio millón de estrelas no centro do cúmulo estelar **Omega Centauri**, o grupo de estrelas máis grande da Vía Láctea, que se sospeita que pode albergar un **buraco negro** no seu núcleo. Finalmente, Gaia FPR ofrece información sobre velocidades na liña de visión dun conxunto de estrelas cuxo brillo varía ao longo do tempo, coñecidas como estrelas variables de período longo.

Liderazgo coruñés

A misión espacial Gaia é actualmente a misión científica máis exitosa da **Axencia Espacial Europea** e está a supoñer un salto xigantesco na comprensión da estrutura e a formación da nosa galaxia, a Vía Láctea, así como noutros moitos campos da astrofísica. O **grupo CU8** que no que participa o CITIC, ten responsabilidades importantes no procesado dos datos obtidos polo satélite, e colabora na obtención das características físicas das estrelas, como a súa temperatura, composición química, tamaño e masa, entre outros.

Os catálogos de datos de Gaia publicados ata o momento supuxeron un enorme éxito para a Axencia Espacial Europea e para o consorcio europeo DPAC responsable do procesado de datos, que mesmo recoñeceu a **Sociedade Astronómica Americana** ao outorgarlles o premio Lancelot M. Berkeley en 2022. DPAC está formado por 450 científicos e enxeñeiros de máis de 20 países e máis de 100 universidades e institutos europeos.

Entre eles atópanse a astrofísica Minia Manteiga e o enxeñeiro informático Carlos Dafonte, ambos os investigadores do CITIC da UDC, quen lidera a participación galega na misión Gaia. Concretamente, traballan nas unidades CU8 e CU9, achegando técnicas e ferramentas para a validación científica dos datos do satélite, e desenvolvendo algoritmos baseados en IA para clasificar e derivar propiedades das fontes que observa o satélite, tanto estrelas como **obxectos extragalácticos**. O número de traballos científicos baseados nos datos de Gaia publicados anualmente supera ao telescopio Hubble, ata o de agora o que maior produción científica xerara.

Membros do CITIC da UDC participan no arquivo de datos da misión espacial Gaia

A misión espacial Gaia, da Axencia Espacial Europea (ESA), está a supor un paso importante na comprensión da estrutura e a formación da nosa galaxia (a Vía Láctea). Dende a ESA veñen de publicar un novo arquivo de datos astronómicos da dita misión Gaia, o Gaia FPR, que está xa dispoñíbel para a comunidade internacional.

[original](#)



A misión espacial Gaia, da Axencia Espacial Europea (ESA), está a supor un paso importante na comprensión da estrutura e a formación da nosa galaxia (a Vía Láctea). Dende a ESA veñen de publicar un novo arquivo de datos astronómicos da dita misión Gaia, o *Gaia FPR*, que está xa dispoñíbel para a comunidade internacional. Detrás deste achado atópanse un [grupo de investigadores galegos, o CU8 e CU9, liderado polo CITIC \(Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions\) da UDC \(Universidade da Coruña\)](#), que tivo un papel fundamental na validación dos datos contidos neste arquivo.

Trátase dun proceso esencial no que se garante a calidade e coherencia da información científica, para o que se realizaron exhaustivas probas estatísticas para eliminar calquera información errónea ou de calidade insuficiente.

Amais do seu papel na validación, a astrofísica Minia Manteiga e o enxeñeiro informático Carlos Dafonte, investigadores do CITIC da UDC, xunto co resto de equipo de Gaia na UDC, participan como autores nos artigos científicos que acompañarán a apertura deste arquivo. Este novo lanzamento marca un importante fito na Astronomía en áreas moi diversas, que abranguen desde o estudo de asteroides próximos á Terra e outros obxectos do Sistema Solar, até os cuásares, os obxectos máis antigos e afastados do Universo.



A investigadora do CITIC da UDC Minia Manteiga

O mellor mapa da nosa galaxia Gaia está cartografando a nosa galaxia e outras máis afastadas cun extraordinario grao de detalle e en varias dimensións, non só obtendo posicións de estrelas da Vía Láctea e de galaxias próximas, senón tamén as súas velocidades e a medida da súa luz en multitude de cores. Isto permítenos obter o censo estelar máis preciso xamais realizado.

Pola súa banda, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta, **Judith Fernández**, sinalou que a universidade pública é un verdadeiro motor de xeración de coñecemento que debe ser aplicado no mundo empresarial. Para facer esa transferencia é fundamental crear canles de comunicación entre a empresa e a universidade. A transferencia é algo que non só beneficia ás empresas senón á sociedade no seu conxunto, engadiu Fernández.

Edita de Lorenzo, representante de PuntoGal e membro do xurado dos Premios, explicou a dificultade da tarefa do xurado para elixir entre propostas de moita calidade. Destacou que a investigación segue a estar inxustamente valorada e debe contar con maior apoio. Finalmente, o director de comunicación de Gadis, **José Luis Fernández**, destacou o feito de que dous dos proxectos premiados (Saega e Hifas da Terra) saíron da Galicia rural.

Os premiados

- Os premiados con Judith Fernández, directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta. Foto: Anxo Iglesias



Os premiados da sétima edición dos premios Spin-Off. De esquerda á dereita: Iván Antón, de Hifas da terra; Óscar Piñeiro, de Soluciones Aeronáuticas de Galicia; e Carlos Dafonte, do Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA (2). Foto: Anxo Iglesias



Os premiados con Judith Fernández, directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta. Foto: Anxo Iglesias

- Os premiados da sétima edición dos premios Spin-Off. De esquerda á dereita: Iván Antón, de Hifas da terra; Óscar Piñeiro, de Soluciones Aeronáuticas de Galicia; e Carlos Dafonte, do Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA (2). Foto: Anxo Iglesias

No apartado Selo de Calidade, que distingue a empresas innovadoras que consolidaran unha traxectoria de prestixio, o premio foi para a empresa **Hifas da Terra**. É unha compañía pontevedresa que ten case 25 anos de traxectoria e que se consolidou como unha empresa biotecnolóxica líder en Europa na comercialización de produtos sanitarios e farmacéuticos baseados en fungos. O director comercial de Hifas da Terra, **Iván Antón**, foi o encargado de recoller o premio.

Na categoría Idea Emerxente, que premia a empresas de nova creación ou que levaran ao mercado unha idea innovadora recentemente, a gañadora foi a empresa **Soluciones Aeronáuticas de Galicia (Saega)** de Serra de Outes. A compañía está a desenvolver un proxecto empresarial para poñer no mercado o próximo ano un tipo de dron, o Anduriña 25, con características moi especiais. Un dos socios fundadores da empresa, **Oscar Piñeiro**, recolleu o galardón.

No apartado de Grupos de Investigación, o xurado elixiu como gañador ao **Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA (2)**, un grupo integrado no Citic da Universidade da Coruña, composto por investigadores de diferentes áreas que traballan na aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación. **Carlos Dafonte**, principal responsable do grupo, recolleu o premio.

Alentar o emprendemento

Entre os obxectivos destes galardóns figuran recoñecer a transferencia de coñecemento entre a universidade e a empresa e **alentar o emprendemento** que xorde desde os grupos de investigación universitarios. Tamén se tiveron en conta polo xurado factores como a capacidade de internacionalización dos proxectos presentados e a participación da muller nestas iniciativas.

As integrantes do xurado foron as investigadoras Edita de Lorenzo, María José Rodríguez Malmierca, Andrea Muras e Sonia Martínez Arca, a representante da Secretaría Xeral de Universidades, Irene Bonome Gradaille, e a CEO da empresa Galchimia, Carme Pampín. En anteriores edicións destes galardóns xa foron premiadas empresas consolidadas e de longa traxectoria como Casa Grande de Xanceda ou Mestrelab, xunto a outras que se distinguiron por achegar innovacións importantes ao tecido empresarial galego como Situm ou All Genetics. Ademais, recibiron o galardón grupos de investigación universitarios como VARPA ou SING.

Distribuído para REDE DE CENTROS E UNIDADES DE I+D+I DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA * Este artigo non pode distribuírse sen o consentimento expreso do dono dos derechos de autor.

Amparo Alonso: «Temos que ser áxiles e eficientes na regulación da intelixencia artificial, porque a tecnoloxía nos está adiantando a moita velocidade»

«O nomeamento foi unha sorpresa, pero tamén unha honra e unha gran responsabilidade», asegura a tamén coordinadora do grupo Lidia, xa que «a esta Academia pertenceron moita das mentes españolas máis brillantes nestes campos e é a nosa obriga manter o seu legado». En realidade, na institución académica profundará no seu traballo para conseguir unha IA «ética, responsable e sostible», ao que se dedicou non só no campo da investigación senón tamén como integrante do consello asesor do Goberno en intelixencia artificial.

original



CESAR QUIAN

Amparo Alonso Betanzos (Vigo, 1961), catedrática de Computación e [Intelixencia Artificial](#) e investigadora do Citic da [Universidade da Coruña](#) (UDC) acaba de ser nomeada académica correspondente na sección de Matemáticas da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais de España, un organismo asesor do goberno en política científica e desde onde **liderará o debate sobre a intelixencia artificial.**

«O nomeamento foi unha sorpresa, pero tamén unha honra e unha gran responsabilidade», asegura a tamén coordinadora do grupo Lidia, xa que «a esta Academia pertenceron moita das mentes españolas máis brillantes nestes campos e é a nosa obriga manter o seu legado». En realidade, na institución académica profundará no seu traballo para conseguir unha IA «ética, responsable e sostible», ao que se dedicou non só no campo da investigación senón tamén como integrante do consello asesor do Goberno en intelixencia artificial.

Neste contexto, Amparo Alonso insiste na súa mensaxe: «Temos que ir dando pasos sólidos e máis rápidos, porque **a tecnoloxía nos está adiantando a moita velocidade.** Temos que ser áxiles e eficientes na regulación porque non podemos deixar isto por máis tempo fóra dunha normativa que cumpra cos requisitos éticos, de confianza, responsabilidade e sustentabilidade».

A [Unión Europea](#) confía en aprobar a fin de ano, baixo a presidencia española, unha normativa propia cuxo camiño se iniciou no 2018, aínda que moi probablemente non entre en vigor ata finais do 2024. «**Seguimos agardando**, porque estamos a dar pasos pequenos», advirte. De feito, Estados Unidos, que iniciou o debate máis tarde que Europa, anunciou fai

uns días un acordo coas principais compañías tecnolóxicas para regular a IA.

En tanto a normativa europea non entre en vigor, si se porá en marcha unha **guía de boas prácticas para as empresas** que certificará o bo uso das ferramentas de intelixencia artificial, aínda que, neste caso, trátase dun acordo voluntario.

En todo caso, Amparo Alonso confía en que Galicia e as empresas da comunidade sigan sendo un referente neste ámbito, unha situación de privilexio que se conseguiu grazas ao esforzo de «todo o ecosistema galego de IA». «Entre todos -engade- **estamos a conseguir que Galicia se relevante en intelixencia artificial en España e o mundo**».

A Coruña e Galicia están na actualidade **na vangarda do debate científico sobre IA e desenvolvemento tecnolóxico**. A sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (**Aesia**) ou a Cidade das TIC, unidas á existencia de centros de excelencia como o Citic, fan da Comunidade un polo de atracción e desenvolvo TIC, tanto desde o punto de vista do talento científico e tecnolóxico como industrial, despertando gran interese por parte das empresas, e de transferencia para a sociedade.

«Hai que ter en conta tamén que, unida aos elementos éticos, a sustentabilidade da IA é unha das liñas prioritarias da Aesia; e isto axuda a situar o noso traballo no Citic e en toda a nosa rede de influencia, **no mapa tecnolóxico global**», asegura a catedrática da UDC. Trátase dun escenario no que se implicaron todos os axentes institucionais e do que «deberíamos sentirnos orgullosos do traballo que se desenvolveu na UDC, en todo o Sistema Universitario Galego, e tamén do esforzo político que fixeron diferentes estamentos como o Concello, a Deputación ou a Xunta, axuntando esforzos. A ilusión coa concesión da sede da Aesia notábase na rúa e creo que iso é moi ilusionante para Galicia».

Coa incorporación de Amparo Alonso, a abordaxe da IA cun enfoque ético pasará a formar parte do programa da Real Academia de Ciencias. O seu discurso de ingreso, previsto para o primeiro trimestre do 2024, estará centrado na chamada **intelixencia artificial verde**, unha liña de traballo que se está impulsando desde diferentes grupos do Citic da UDC, en sintonía co Plan Nacional de Algoritmos Verdes do Goberno. A IA aplicada aos algoritmos verdes é un conxunto de sistemas cuxa meta é interpretar todos os datos dunha entidade e traducilos da forma máis sostible, máis responsable e menos contaminante para o planeta.

Uso de cookies

Nesta web utilizamos cookies propias e de terceiros para prestar os nosos servizos, contabilizar as visitas, mostrarlle publicidade relacionada coas súas preferencias e integramos con varias redes sociais. Se continúa navegando, consideramos que acepta o seu uso. Pode consultar a nosa [información detallada](#).

 Acepto

Cultura

Temas: REDES SOCIAIS TIK TOK INTELIXENCIA ARTIFICIAL RAGC ROBOTS ACTOR SPOTIFY

POLÉMICA VIDEO CANTANTE DEREITOS

A polémica Bad Bunny: a intelixencia artificial xa é quen de crear 'hits' e cantalos como se fose un artista real

En que punto nos deixa isto? É hora de tomar medidas legais como xa fixeron os actores de Hollywood? Chegou a IA a un punto que non imaxinábamos hai un ano, coa irrupción de Chat GPT nas nosas vidas? Cal é o seguinte paso? Robots humanos?

- ▶ E se fose unha intelixencia artificial a que nos diagnosticase as enfermidades?
- ▶ "Por primeira vez a Intelixencia Artificial rivaliza co ser humano nunha característica da especie: a intelixencia"

Por Ángela Precedo | SANTIAGO | 10/11/2023 | Actualizada ás 16:00

O avance da intelixencia artificial aterra. Xa non é cousa do futuro, senón que é algo presente, e moi presente. Parece que **todos os sectores se ven afectados pola súa chegada e pola irrupción tan abrupta que tivo**, estando ao alcance de calquera. Un novo exemplo disto é o **caso da canción xerada por intelixencia artificial que simula a voz do cantante de reggaeton portorriqueño Bad Bunny**. Así, se fai uns días coñeciamos na Coruña ao gañador do festival da **Eurovisión de Intelixencia Artificial**, no que participaba unha canción recreada coa voz da xa falecida Ana Kiro, agora é **Bad Bunny o que se recrea cantando un tema que non foi composto por el nin gravado coa súa voz orixinal**. Con todo, **mesmo para aqueles que son verdadeiros fans do artista, dá o pego perfectamente**.



Bad Bunny | Fonte: FlowGPT - YouTube

As letras, as rimas e ata o ritmo teñen ese toque inconfundible de Bad Bunny que o fai recoñecible para calquera que o escoita. E, de feito, **en Tik Tok a canción non tardou en volverse viral**, chegando a ser moi usada en *trends* ou coreografías de múltiples *influencers* do momento. Ninguén sospeitaba nin por asomo que a canción titulada '**Nostalgia**' non era cousa do portorriqueño... Ata que **el mesmo saiu a desmentilo**. A polémica estaba servida. Foi o martes

Comparte esta noticia



¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

Achegas



Últimas noticias: Cultura

- ▶ A polémica Bad Bunny: a intelixencia artificial xa é quen de crear 'hits' e cantalos como se fose un artista real
- ▶ Nomean os catro finalistas do premio de xornalismo Julio Camba: María Sánchez, Armando Álvarez e José María Paz
- ▶ Thirty Seconds to Mars, a banda de Jared Leto, segundo nome confirmado de O Son do Camiño 2024
- ▶ Máis de cen debuxantes chegan ás rúas e prazas de Santiago con Compostela Ilustrada
- ▶ Un proxecto que leva música e danza á España baleirada chegará este outono a Galicia
- ▶ Queres saber como foi a evolución das osquestras en Galicia?

PUBLICIDADE

CONCELLO DE VIGO



PUBLICIDADE

REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE ATENCIÓN A MAIORES



PUBLICIDADE

APP CORUÑA



cando estalou contra o éxito acadado nas redes sociais por esta **canción que usa, digamos que de xeito ilícito (aínda que polo momento é legal) a súa voz, recreada de xeito artificial**. "Se a vostedes lles gusta esa merda de canción que está viral en Tik Tok, salan deste grupo agora mesmo. Vostedes non merecen ser os meus amigos", escribiu o artista nunha mensaxe publicada no seu canal de difusión de WhatsApp.

A canción xa no propio título xoga co nome de '*NostalgIA*' (iniciais da ferramenta tecnolóxica empregada para a súa creación), e xa **levaba medio millón de reproducións en Tik Tik, chegando case ao millón en Spotify, aínda que seguramente tras saltar o escándalo xa sexan moitas máis. O creador do tema é FlowGPT, un usuario de redes que xoga coa IA para crear colaboracións insólitas**. "(FlowGPT) foi creado para compoñer éxitos globais baseándose en toda a data que teña dispoñible dos artistas do momento", expón en terceira persoa o usuario nas súas propias contas. Así, chegou a unir voces como as de Anuel AA con Feid, ou de Luis Miguel con Peso Pluma. **Cunha docena de cancións no seu repertorio, xa superou os 200.000 oíntes mensuais en Spotify**. Todo un éxito, sen lugar a dúbidas.

En '*NostalgIA*', Bad Bunny (IA) **alude á cantante catalana Bad Gyal**. A artista chegou a compartir un vídeo en Tik Tok coa canción de fondo e o texto: "Eu toda emocionada e logo descubro que é IA". Horas despois borrou o vídeo. E FlowGPT deu resposta ás palabras do portorriqueño, ao que se dirixiu polo seu nome de pila, Benito: "Recordas a ese Benito de antes? A súa fame de ser escoitado? De ser un antes e un despois na música? Hai millóns de Benitos polo mundo, frustrados, pero cun talento increíble. Lamentablemente, estes Benitos nunca terán a mesma oportunidade ca ti". Así, **referíase directamente á colaboración que tivo Bad Bunny co consolidado trapeiro Arcángel en 'Tú no vive así (2016), que foi o tema que lle serviu de trampolín para lanzarse aos primeiros postos nas listas de éxitos**. "Que tería sido do Bad Bunny sen un Arcángel?", cuestiona FlowGPT.




TEN A IA UNHA PARTE CREATIVA? É INTELIXENTE?

Así que **neste punto estamos, nun mundo no que xa non podemos saber o que é certo e o que non**. Pois por moito que pensemos unha cousa pode desmontárenos ao segundo. **Se xa nin nos podemos fiar do que escoitamos nin do que vemos, que nos queda?** E é que agora o que se está a facer é plaxiar as voces dos cantantes para simular que un tema é seu, chegando ao punto de que a intelixencia artificial é quen de adaptarse ao seu estilo e de crear letras que serían propias do artista en cuestión só cunha análise do seu repertorio, pero **cal é o seguinte paso? Quizáis**



+lidas +comentadas comentarios

- Os veciños dun piso en Santiago onde...
- Aparece un iate de bandeira eslovaca...
- "Prostitutas, especialistas en destroz...
- Un axente forestal denuncia na Garda Civil...
- Rescatan a unha anciá que levaba dous...
- Castiñeiros versus eucaliptos: só tardan...





Medio	galiciaconfidencial	Fecha	10/11/2023
Soporte	Prensa Digital	País	España
U. únicos	119 176	V. Comunicación	6 095 EUR (6,504 USD)
Pág. vistas	372 396	V. Publicitario	2475 EUR (2641 USD)



https://epservices.eprensa.com/cgi-bin/view_digital_media.cgi?subclient_id=14226&comps_id=1066915191

robots que sexan idénticos aos propios cantantes e poidan realizar os seus propios shows? Canto perigo encerra isto para a industria? Onde quedarían os dereitos de imaxe? E onde están agora? Cando entrará a legalidade no asunto?

Dende Galicia Confidencial botamos man das explicacións dun experto en intelixencia artificial, **Richard J. Duro**, pertencente ao Grupo Integrado de Enxeñaría do Centro de Investigacións en Tecnoloxía da Información (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC), participante nunhas xornadas sobre intelixencia artificial organizadas pola Real Academia Galega de Ciencias (RAGC). El pensa nos **robots creados con IA precisamente como ese ser que pode aprender a ser intelixente nun entorno determinado**. "En 2023 temos xa robots que son quen de realizar auténticas virguerías, como o Atlas, da empresa Boston Dynamics, un robot con capacidades que fai 10 anos pensabamos que non eran factibles, **capaz de moverse sobre dúas patas, saltar, subir escaleiras, facer bromas, tirar cousas e todo o que lle dea a gana**", asegura. Así as cousas, aínda que os seus movementos aínda deixan moito que desexar para semellar humanos, tamén ata o ano pasado as intelixencias artificiais que creaban imaxes facían persoas con seis dedos e agora unha imaxe ficticia é case indistinguible da realidade.

"Chegamos a un punto no que logramos robots que mecanicamente son repetidores incansables, precisos, rápidos e fortes", que nunca se cansan, ao contrario que os humanos, "que nos aburrimos, non somos precisos, somos bastante imprecisos, lentos e fráxiles, rompémonos á mínima", afirma o experto, insistindo no feito de que "os robots son moito máis capaces que nós en termos físico-mecánicos". O problema está en que desde fai ben pouco, a estas habilidades sumóuselles outra. **"Estes novos robots xa non só siguen ordes, son capaces de adaptarse aos cambios, como os humanos, que decidimos o que facemos e nos adaptamos con gran facilidade ás novas situacións e propósitos dentro dun rango"**. Ademais, se esta canción realmente foi creada de forma íntegra pola IA, **tamén se podería dicir que ten unha parte creativa, intelixente, capaz de entender o que está a escoitar previamente e reproducir o que se lle pide de xeito exacto**.

"A INTELIXENCIA ARTIFICIAL TRATA DE SIMULAR A INTELIXENCIA HUMANA"

E é que, como explica J. Duro, "a intelixencia mide a capacidade dunha persoa para alcanzar obxectivos nunha ampla gama de entornos", sendo todo isto medible. Polo tanto, **nunha máquina a intelixencia estaría en "ter a capacidade para realizar funcións cognitivas que normalmente asociamos coas mentes humanas"**. Sería algo así como coller a intelixencia e metela nunha máquina. En opinión deste experto, **"o mundo é moi complexo e non é factible formalizar todo o coñecemento a man nun robot, polo que os novos sistemas teñen que ser quen de adquirilo por eles mesmos, o que chamaríamos aprender: coller datos do mundo a través de sensores e convertilos en unidades de coñecemento"**. Deste xeito, "un dato non é un coñecemento, solo é un dato, pero pode usarse para predecir ese modelo e converterse así en coñecemento". Así, a IA lograría "ser capaz de predecir, modelar e facer unha acción orientada a conseguir un obxectivo", neste caso, a crear unha canción de Bad Bunny, pero tamén hai intelixencias artificiais que deseñan textos periodísticos, como o propio Chat GPT.

Pola súa banda, **Francisco Javier Bellas Bouza**, catedrático do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxía da Información da Universidade da Coruña (UDC), tamén apuntaba neste encontro da RAGC que **a intelixencia artificial trata de simular a intelixencia humana**, "o que non quere dicir que sexa humana, aínda que na actualidade se lle tendan a asignar cualidades humanas para poder simplificar a mensaxe" que se lanza ao gran público. O que si é certo, segundo opina, é que visto o visto, **"por primeira vez, un sistema de intelixencia artificial fai cousas que ata o de agora só facíamos nós, os humanos, e a intelixencia artificial xa está rivalizando co ser humano no que ten que ver coa súa principal característica como especie: a intelixencia"**. Tamén recorda que, **"aínda que pareza que leva con nós toda a vida, Chat GPT vai cumprir un ano o mes que vén, un ano dende que todo isto explotou"**. Como siga avanzando a este ritmo, quen o freará?

O NOVO ACORDO PARA OS ACTORES IMPLICARÍA A POSIBILIDADE DE ESCANEALOS

Á pregunta de cando tomará parte a lei sobre o asunto, Hollywood xa o ten claro. Debe ser xa. Así, **esta semana, tras 118 días de folga, os actores chegaron a un acordo cos grandes estudos de Hollywood. Realmente vían peligrar os seus postos de traballo coa chegada destas ferramentas que mesmo foron quen de reproducir a Tom Cruise nun vídeo de xeito que a**

imaxe resultaba indistinguible do verdadeiro actor. Así, selaron un acordo que terá un grande impacto e que, previsiblemente, podería marcar as liñas de actuación dos próximos anos en dous grandes aspectos como son o *copyright* da intelixencia artificial e os beneficios do *streaming*. Disney, Netflix, Warner Bros e o resto de grandes estudos aceptan as peticións. O sindicato de actores SAG-AFTRA que representa a miles de traballadores chegou a un acordo coa Alliance of Motion Picture and Television Producers (AMPTP), a organización que agrupa aos principais estudos.

O acordo, entre outras cuestións, recolle precisamente a **protección fronte a un uso non autorizado da intelixencia artificial**. Segundo explicaba o sindicato de actores "a intelixencia artificial plantexa unha ameaza para as profesións creativas, e todos os actores e intérpretes merecen unha linguaxe contractual que lles protexa da explotación da súa identidade e talento sen consentimento nin remuneración". Aí está a clave, **unha das preocupacións dos actores era precisamente o uso da IA e dos deepfakes para crear xemelgos dixitais, xemelgos que non cobrarían nada por realizar o mesmo traballo**. E, aínda que non se coñecen os pormenores sobre como se levará a cabo esta protección, The Hollywood Reporter explica que os produtores querían ter a **posibilidade de escanear aos actores 'Schedule F'**, aqueles que gañan máis de 32.000 dólares por episodio de televisión ou de 60.000 por película.

Noticias relacionadas

- ▶ E se fose unha intelixencia artificial a que nos diagnosticase as enfermidades?
- ▶ "Por primeira vez a Intelixencia Artificial rivaliza co ser humano nunha característica da especie: a intelixencia"

Temas: [REDES SOCIAIS](#) [TIK TOK](#) [INTELIXENCIA ARTIFICIAL](#) [RAGC](#) [ROBOTS](#) [ACTOR](#) [SPOTIFY](#)
[POLÉMICA](#) [VIDEO](#) [CANTANTE](#) [DEREITOS](#)



Comenta

Texto



© GC 2023

Séguenos



Quen somos


Legal

Achegas

RSS

Política de cookies

Publicidade



Seguir a @gconfidencial



GC está baixo licenza Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIguál 4.0 .

Amparo Alonso ingresa na Academia de Ciencias Exactas e Naturais

A investigadora do CITIC da UDC liderará o debate sobre o impacto da intelixencia artificial na sociedade cun enfoque ético e sostible. O impacto da intelixencia artificial na sociedade e aspectos éticos relacionados é unha prioridade para a presidencia española do Consello da Unión Europea. Un momento, por tanto, clave para fixar criterios coa axuda de especialistas como a catedrática galega, referente en investigación en IA.

Redacción • [original](#)

A investigadora do CITIC da UDC liderará o debate sobre o impacto da intelixencia artificial na sociedade cun enfoque ético e sostible

10/11/2023



Amparo Alonso.

A científica do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) **Amparo Alonso** acaba de ser nomeada **Académica Correspondente na sección de Matemáticas** da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais de España (**RAC**), a entidade que asesora o Goberno en **política científica** nas súas áreas de actuación. O impacto da **intelixencia artificial** na sociedade e aspectos éticos relacionados é unha prioridade para a presidencia española do Consello da Unión Europea. Un momento, por tanto, clave para fixar criterios coa axuda de especialistas como a catedrática galega, referente en **investigación en IA**.

O nomeamento significa para Alonso unha inmensa honra, pero tamén unha gran responsabilidade porque a esta Academia pertenceron moitas das mentes españolas máis brillantes nestes campos e é a nosa obriga manter o seu legado. A RAC ten ademais un papel esencial á hora de determinar as axendas institucionais e é importante que os políticos dun país teñan en conta o coñecemento dos seus científicos e tecnólogos, porque lles dará a capacidade de tomar decisións de maneira máis informada. A contribución da ciencia e da tecnoloxía é indispensable para o progreso dunha sociedade e para impulsar o seu crecemento e o seu benestar, engade.

Publicidade



IA verde e responsable

Coa incorporación de **Amparo Alonso**, a abordaxe da IA cun enfoque ético pasará a formar parte do programa da RAC. O seu discurso de ingreso, previsto para o primeiro trimestre do 2024, estará centrado na chamada **intelixencia artificial verde**, unha liña de traballo que se está impulsando desde diferentes grupos do CITIC, en sintonía co Plan Nacional de Algoritmos Verdes do Goberno. A IA aplicada aos **algoritmos verdes** é un conxunto de sistemas cuxa meta é interpretar todos os datos dunha entidade e traducilos da forma máis sostible, máis responsable e menos contaminante para o planeta.

Hai dúas formas de aplicar este tipo de algoritmos. Por unha banda, temos a **Green in AI**, algoritmos que se crean de forma sostible, que consomen menos recursos na súa xestión e que conseguen o mesmo resultado. E, pola outra, a **Green by AI**, algoritmos que xeran un impacto sostible, aqueles que relacionan a IA aproveitando o seu potencial para mellorar a sustentabilidade.

O impulso da IA é un dos eixos estratéxicos da **Axenda España Dixital 2025**, dentro da que se enmarca o plan nacional. O seu obxectivo é situar a España á vangarda do desenvolvemento dunha IA máis respectuosa co medioambiente, dando soporte aos centros de investigación punteiros e ao tecido económico do noso país.

Ademais, xusto esta semana acaba de anunciarse a aprobación do Real Decreto que habilita o Goberno para abrir a convocatoria para as empresas que desexen participar no coñecido como **sandbox de IA**, unha contorna de probas cuxo obxectivo é testar o futuro **Regulamento Europeo** e no que, tamén aquí, España é pioneira.

Galicia, no mapa tecnolóxico

A Coruña e Galicia están na actualidade na vangarda do debate científico sobre IA e desenvolvemento tecnolóxico. A sede da **Aesia ou a Cidade das TIC**, unidas á existencia de

centros de excelencia como o **CITIC**, fan da comunidade un polo de atracción e desenvolvemento TIC, tanto desde o punto de vista do talento científico e tecnolóxico como industrial, despertando gran interese por parte das empresas, e de transferencia para a sociedade.

Hai que ter en conta tamén que, unida aos elementos éticos, a sustentabilidade da IA é unha das liñas prioritarias da Aesia; e isto axuda a situar o noso traballo no CITIC e en toda a nosa rede de influencia, no mapa tecnolóxico global, di catedrática da UDC. Trátase dun escenario no que se implicaron todos os axentes institucionais e do que deberíamos sentirnos orgullosos do traballo que se desenvolveu na UDC, en todo o Sistema Universitario Galego, e tamén do esforzo político que fixeron diferentes estamentos como o Concello, a Deputación ou a Xunta, xuntando esforzos. A ilusión coa concesión da sede da Aesia notábase na rúa e creo que iso é moi ilusionante para Galicia, apunta Alonso.

Equilibrio de xénero

O equilibrio de xénero é un compromiso estatutario da RAC, pero é difícil avanzar, apunta Alonso. Os estatutos fixan un número de 72 académicos numerarios, 144 correspondentes, e un número non determinado de supernumerarios e estranxeiros. Neste momento, hai 46 numerarios, dos que 8 son mulleres (17%). Na sección de matemáticas, hai 33 académicos correspondentes, dos que 5 son mulleres (15%). Por agora non houbo ningunha presidenta da RAC, pero si neste momento a sección de **Naturais** ten unha presidenta muller. Tamén hai mulleres na directiva, concretamente como secretaria xeral. Á vista dos datos, Amparo Alonso móstrase optimista neste aspecto: Creo que con este compromiso estatutario iranse incorporando máis mulleres, o que supón un paso adiante e o reflexo do que ocorre no conxunto da sociedade.

Máis cerca da sociedade

O achegamento á sociedade de institucións académicas foi en aumento nos últimos anos. A RAC foi referente neste sentido cun **amplo programa divulgativo** dirixido especialmente aos máis novos. Ciencia para todos, Academia de Ciencias nas Aulas ou Promoción da Cultura son algunhas das iniciativas para aproximarse á sociedade e, á vez, espertar vocacións científicas.

A traxectoria de **Amparo Alonso como divulgadora científica** significa un novo impulso para a apertura á sociedade da RAC, que está a facer, ao seu xuízo, un traballo fantástico na divulgación da Ciencia. Considero, con todo, que é á sociedade á que nos falta un pouco abrírnos á ciencia. Parece que non se entende como cultura, e nada máis lonxe. O coñecemento sobre a ciencia e a tecnoloxía é importante para o individuo, para poder entender mellor que pasa ao noso redor, que cuestións son verdade; o non saber fainos menos libres e máis manexables. Ademais, é importante, insiste, que os científicos poidamos dedicar parte do noso tempo á divulgación e é difícil porque cada vez temos máis traballo non só de investigación e de docencia, senón tamén burocrático. Por iso é fundamental que entidades como a RAC se ocupen deste importante labor.

Hifas da Terra, SAEGA e o grupo de Investigación LIA reciben os Premios Spin-Off PuntoGal

A entrega de premios da VII edición dos Premios Spin-Off PuntoGal, que distingue ás empresas e grupos máis innovadores da economía e da rede de investigación galegas, celebrábase este venres 10 de novembro no Edificio Fontán da compostelá Cidade da Cultura de Galicia. Os galardoados foron: as empresas Hifas da Terra e SAEGA e o grupo de Investigación Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA (2).

original



A entrega de premios da VII edición dos Premios Spin-Off PuntoGal, que distingue ás empresas e grupos máis innovadores da economía e da rede de investigación galegas, celebrábase este venres 10 de novembro no Edificio Fontán da compostelá Cidade da Cultura de Galicia.

Os galardoados foron: as empresas [Hifas da Terra](#) e [SAEGA](#) e o grupo de Investigación [Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA \(2\)](#).

O acto, presentado pola xornalista Lara Capelo, acudiron a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, o presidente da Real Academia Galega de Ciencias, Juan Manuel Lema Rodicio, representantes das universidades galegas e outras personalidades do mundo da ciencia e da cultura.

A alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, felicitou aos gañadores e gañadoras desta edición por representar á Galicia audaz e tamén pola súa aposta polo papel das mulleres na empresa e polo uso da lingua galega. Tamén aludiu á necesidade de que as universidades galegas poidan reter o talento xerado nas súas aulas e reivindicou a necesidade de seguir loitando para que as mulleres teñan o espazo que merecen nas empresas TIC e nos seus equipos directivos.

Pola súa banda, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta, Judith Fernández, sinalou que a universidade pública é un verdadeiro motor de xeración de coñecemento que deber de ser aplicado no mundo empresarial.

Edita de Lorenzo, representante de PuntoGal e membro do xurado dos Premios, explicou a dificultade da tarefa do xurado para elixir entre propostas de moita calidade e salientou que a

investigación segue a estar inxustamente valorada e debe contar con maior apoio. Finalmente, o director de comunicación de Gadis, José Luis Fernández, subliñou o feito de que dous dos proxectos premiados (SAEGA e Hifas da Terra) saíron da Galicia rural.

No apartado *Selo de Calidade*, que distingue a empresas innovadoras que consolidaran unha traxectoria de prestixio, o premio foi para a empresa Hifas da Terra, compañía pontevedresa que leva xa 25 anos de traxectoria e consolidouse coma empresa biotecnolóxica líder en Europa na comercialización de produtos sanitarios e farmacéuticos baseados en fungos. O director Comercial de Hifas da Terra, Iván Antón, foi o encargado de recoller o premio.

Na categoría *Idea Emerxente*, que premia a empresas de nova creación ou que levaran ao mercado unha idea innovadora recentemente, a gañadora foi a empresa Soluciones Aeronáuticas de Galicia (SAEGA) de Serra de Outes. A compañía está a desenvolver un proxecto empresarial para poñer no mercado o vindeiro ano un tipo de dron, o Anduriña 25, con características moi especiais. Un dos socios fundadores da empresa, Oscar Piñeiro, recolleu o galardón.

No apartado de *Grupos de Investigación*, o xurado elixiu como gañador ao Laboratorio Interdisciplinar de Aplicacións da Intelixencia Artificial LIA (2), un grupo integrado no CITIC da Universidade da Coruña, composto por investigadores de diferentes áreas que traballan na aplicación das tecnoloxías da información e as comunicación. Carlos Dafonte, principal responsábel do grupo, recolleu o premio.

Entre os obxectivos destes galardóns figuran recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xurde desde os grupos de investigación universitarios. Tamén se tiveron en conta polo xurado factores como a capacidade de internacionalización dos proxectos presentados e a participación da muller nestas iniciativas.

As integrantes do xurado foron as investigadoras Edita de Lorenzo, María José Rodríguez Malmierca, Andrea Muras e Sonia Martínez Arca, a representante da Secretaría Xeral de Universidades, Irene Bonome Gradaille, e a CEO da empresa Galchimia, Carme Pampín.



Quinta do Buble

INVESTIGADORA CIENTÍFICA elegida como miembro de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España en la sección de matemáticas. En esta institución abordará la utilización de la inteligencia artificial y la divulgación científica.

Amparo Alonso | “Estamos al lado de la IA y su diseño ético y responsable”

KOSE ALDÁMIZ A CORUÑA

El Citic (Centro de Innovación y Tecnología) y la UDC vuelven a elevar su prestigio con sus representantes. La investigadora Amparo Alonso ha sido elegida miembro de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España. Este organismo ofrece consejo al Gobierno sobre estos campos de estudios. La participación de la experta servirá de apoyo para tratar la relevancia de la inteligencia artificial en la sociedad actual y otra serie de cuestiones de actualidad.

¿Cómo se siente ante este reconocimiento?

Es un inmenso honor ser miembro de la Real Academia de Ciencias (RAC), pero también sientes una gran responsabilidad porque estás en una institución que ha albergado a científicos muy relevantes en España.

¿Cuáles cree que serán los mayores desafíos de este cargo?

Hay varios. La idea es poder discutir sobre inteligencia artificial desde un punto de vista profesional. De hecho, ya hemos celebrado una mesa redonda en la que afrontamos el tema desde los aspectos multidisciplinarios. Otro tema importante es el de la divulgación científica, que es algo que la RAC tiene bastante interés en



Amparo Alonso, investigadora y experta en inteligencia artificial

seguir haciendo. Hay mucho material en su página web y a través de las redes sociales. Desde otro punto de vista, me parece importante luchar por la igualdad de género dentro de la institución. Por ahora somos muy pocas, pero se ha incorporado en los estatutos e interesa que la Academia sea reflejo de la población científica en nuestro país.

En Galicia tenemos buenos equipos de IA, y la UDC es la más antigua en cuanto a titulación de ingeniería informática



¿Qué hace que la Universidad de A Coruña tenga tantos expertos en inteligencia artificial?

No es casualidad. En Galicia tenemos buenos equipos de IA (Inteligencia artificial), y la UDC es la más antigua en cuanto a la titulación de ingeniería informática en toda la comunidad. Llevamos muchos años formando profesionales en este tema y hemos tenido la suerte de tener un equipo que incorpora un gran número de personas de investigación de IA en distintos aspectos. Esto hace que el Citic sea el centro que incorpora más profesionales en este tema en el sistema gallego.

¿Cual será el planteamiento que mantendrán en lo relacionado con la IA?

Estamos al lado de la IA y su diseño ético y responsable. Debemos considerar la privacidad, el diseño de algoritmos desde la diversidad y la responsabilidad en su creación. Hay muchas variables éticas y todas ellas estarán presentes en el debate de la Real Academia.

¿Cuales serán sus próximos proyectos?

Seguir con mi investigación, mi docencia y contribuyendo para conseguir que mi centro de investigación, mi universidad, y mi Comunidad sigan teniendo relevancia en el campo de la Inteligencia Artificial. ●

Amparo Alonso ■ Investigadora de la UDC, nueva miembro de la Real Academia de las Ciencias

“Tenemos que aprovechar en beneficio de todos la buena posición de España en la IA”

“Es importante tener diversidad en la ciencia para diseñar el mundo en el que vamos a vivir”

JACOBO CARUNCHO
A CORUÑA

Galicia y A Coruña están en el mapa de la investigación en inteligencia artificial (IA). Y a partir de ahora lo estará incluso más con la incorporación de Amparo Alonso, investigadora del Centro de Investigación en TIC (Citic) de la UDC a la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España para liderar el debate sobre la IA. “Conseguir una inteligencia artificial más sostenible está entre nuestras prioridades”, asegura.

La Academia de Ciencias juega un papel clave como entidad que asesora al Gobierno en política científica. ¿Cuál es su prioridad en el campo de la inteligencia artificial?

Ahora lo importante es ver cómo proceder con la regulación de la inteligencia artificial. Está el Parlamento Europeo con las últimas deliberaciones acerca de la ley que se pretende publicar a principios del año que viene.

¿Qué peso tiene todo esto en la agenda política española?

España tiene un peso importante en la inteligencia artificial. Se ha ofrecido como *sandbox*, un campo de pruebas para la IA. Hace días el Gobierno en funciones aprobó la puesta en marcha de unas guías prácticas para ver cuáles se pueden recomendar a las empresas españolas para que las implementen. Y ahora mismo estamos también aprovechando la circunstancia de que España es el país que está llevando la presidencia de la Unión Europea. España tiene una buena posición en el ámbito de la inteligencia artificial y tenemos que aprovecharla en mejor beneficio de todos.

Y dentro de España, ¿qué papel juega Galicia en este ámbito?

En Galicia estamos consiguiendo ser relevantes dentro de España y el mundo. En Galicia tenemos la sede de la primera Agencia Española de Supervisión de la Inteligencia Artificial (Aesia), que estará en A Coruña.



Amparo Alonso, miembro de la Academia de las Ciencias. // Xurxo Lobato

¿Para cuándo está prevista su puesta en marcha?

Se adjudicó ya en noviembre del año pasado, pero con el panorama político actual es difícil dar una fecha. Estamos con un Gobierno en funciones y hasta que no se forme el nuevo Gobierno no se avanzará. Estamos viviendo un momento que no era el esperado y se ha retrasado todo el tema.

¿Sería posible que usted asumiese algún cargo en la agencia?

Lo desconozco totalmente. La verdad, no lo creo.

Su incorporación a la Academia le va a dar a la inteligencia artificial un enfoque ético.

Sí, en nuestro grupo de investigación del Citic trabajamos en aspectos

relacionados que tienen que ver con la incorporación de estos temas éticos pero desde algoritmos de inteligencia artificial. Diseño de algoritmos para la privacidad que hay en los datos, factores de seguridad o algoritmos verdes, que lo que hacen es reducir el consumo energético de la inteligencia artificial.

Su discurso de ingreso en la Academia estará centrado en la llamada inteligencia artificial verde. ¿Cuál es su relevancia?

Conseguir una inteligencia artificial más sostenible está entre las prioridades de la Aesia. Tenemos que bajar el consumo energético de los algoritmos de la inteligencia artificial, bajar el consumo en su uso de datos, que necesitan mucha

agua para refrigeración, y aplicar la inteligencia artificial a entornos en los que podamos ser más sostenibles como en la lucha contra el cambio climático o una agricultura más sostenible.

¿Y a día de hoy no se está trabajando en ese sentido?

No todo el mundo está aplicando la inteligencia artificial verde, pero sí que hay cada vez más experiencia en eso. España tiene un programa nacional de algoritmos verdes y Europa lo considera también importante porque el consumo energético es muy grande.

El equilibrio de género es un compromiso estatutario de la Academia. ¿Se está cumpliendo?

La Academia incorpora en sus estatutos la importancia de ser lo más equilibrada posible en materia de género. Ahora mismo en la sección de ciencias exactas somos nada más que cinco mujeres, un porcentaje muy pequeño. En la población científica hay un porcentaje de mujeres que no se refleja en la Academia en este momento. Es importante tener diversidad en la ciencia para diseñar el mundo en el que vamos a vivir todos y todas.

¿Le falta a la sociedad abrirse a la ciencia?

Sí, quizás la sociedad científica se percibe como algo más complicado de divulgar. Como sociedad no nos abrimos demasiado, tenemos que abrimos más a todo tipo de culturas, no solo a la cultura humanística. La cultura científica es muy importante, ya lo hemos visto durante la pandemia.

¿Sería necesaria más divulgación científica?

Es difícil a veces, porque todos estamos muy ocupados. Pero la Academia está haciendo un esfuerzo muy importante, ofrece un montón de materiales, recursos que igual no todo el mundo quiere acceder a ellos, pero están. Que a la gente le interesen otro tipo de contenidos no quita el esfuerzo que están haciendo los científicos. Hay una labor muy importante.

VERÓNICA BOLÓN

Medalla a esta experta en IA nacida en Carballo

Ingeniera, doctora en informática, profesora en la Universidade da Coruña e investigadora en Inteligencia Artificial del Citic, la carballesa Verónica Bolón se colgará el 21 de este mes la Medalla de la Real Academia de Ingeniería. Esta distinción reconoce sus contribuciones en el área de aprendizaje de máquina, una rama que la IA que permite que aprendan sin ser programadas expresamente para ello.



O CIFP Montecelo e o IES de Soutomaior, seleccionados en Talentos Inclusivos

► O programa busca desenvolver solucións tecnolóxicas para persoas con parálise cerebral

CHUS GÓMEZ

PONTEVEDRA. O CIFP Montecelo e o IES de Soutomaior son os dous únicos centros educativos da provincia seleccionados na cuarta edición do programa educativo Talentos Inclusivos, impulsado pola Consellería de Educación, segundo a resolución publicada onte por este organismo e que inclúe once centros da provincia da Coruña, un de Guitiriz (Lugo) e outro de Ourense.

O obxectivo xeral deste programa, no que o CIFP Montecelo (antes IES) xa participara nalgunha edición anterior, é incrementar o coñecemento e competencias no ámbito da ciencia e da tecnoloxía da mocidade a través da participación activa e colaborativa no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para persoas con parálise cerebral, no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña.

Entre os obxectivos específicos figuran combinar a atención á diversidade coa xestión do talento do alumnado en centros educativos galegos, traballar na atención á diversidade a través de equipos colaborativos e visibilizar ás persoas con parálise cerebral ou con outra diversidade funcional.

O número máximo de alumnado participante será de dez por reto. Un centro poderá participar en máis dun, ata un total de 40 estudantes.

O programa consiste en crear grupos de traballo colaborativos coordinados por investigadores do CITIC, profesionais de ASPACE Coruña e o profesorado dos centros educativos participantes. Estes grupos estarán formados por persoas con parálise cerebral e alumnado dos centros educativos para resolver, mediante a aplicación da tecnoloxía, retos que sexan de aplicación directa para mellorar a calidade de vida das persoas con parálise cerebral.

As accións formativas desenvolveranse desde agora ata o 6 de xuño de 2024.

VERÓNICA BOLÓN

Medalla a esta experta en IA nacida en Carballo

Ingeniera, doctora en informática, profesora en la Universidade da Coruña e investigadora en Inteligencia Artificial del Citic, la carballesa Verónica Bolón se colgará el 21 de este mes la Medalla de la Real Academia de Ingeniería. Esta distinción reconoce sus contribuciones en el área de aprendizaje de máquina, una rama de la IA que permite que aprendan sin ser programadas expresamente para ello.



AMPARO ALONSO BETANZOS ■ Experta en inteligencia artificial; académica de la RAC

“Una aplicación como la que genera desnudos falsos no debería existir”

La investigadora viguesa aboga por una inteligencia artificial con un enfoque ético y sostenible, y apela a la responsabilidad de usuarios, empresas e investigadores

ÁGATHA DE SANTOS
VIGO

La investigadora del CITIC de la Universidad de A Coruña (UDC) Amparo Alonso Betanzos (Vigo, 1961) acaba de ser nombrada académica correspondiente en la sección de Matemáticas de la Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales de España (RAC), la entidad que asesora al Gobierno en política científica en sus áreas de actuación. Para la científica, este nombramiento supone “un inmenso honor, pero también una gran responsabilidad”. “A esta real academia han pertenecido muchos científicos brillantes cuyo legado debemos preservar”, afirma. Alonso, referente en investigación en inteligencia artificial (IA), centrará su discurso de ingreso en la inteligencia artificial verde, un conjunto de sistemas cuya meta es interpretar todos los datos de una entidad y traducirlos de la forma más sostenible, más responsable y menos contaminante para el planeta.

—A pesar del peso de la ciencia en el progreso de la sociedad, hay un déficit de vocaciones científicas.

—Certo. Las vocaciones científicas disminuyen y cada vez necesitamos más científicos y más tecnólogos. Por eso, es importante que podamos llegar a personas de todas las edades, especialmente a los más jóvenes, para que sientan esa vocación y para que entendamos que la ciencia es importante para todos. Cuanto mejor entendemos y sabemos qué es lo que pasa a nuestro alrededor, qué es verdad y qué no, más libertad tenemos y más capaces somos de elegir mejor. El desconocimiento siempre nos hace más manejables.

—¿Se siguen asociando las carreras tecnológicas y científicas a la dificultad y al sacrificio?

—Es cierto que la ciencia tiene su dificultad. Pero también es cierto que cuanto más estudias y mejor la entiendes, más te gusta. Creo que es una cuestión que se debe inculcar desde pequeños y que debemos hacer un esfuerzo en la divulgación para intentar que sea motivador. Pero también las personas que estudian tienen que entender que es necesario hacer un esfuerzo para poder llegar a un cierto nivel en el entendimiento de la ciencia.

—¿Ese déficit es mayor aún entre las mujeres?

—Depende del campo. En general, en todas las disciplinas STEM (ciencia, tecnología, ingeniería y matemáticas), hay un déficit de vocaciones femeninas, sobre todo en ingenierías. Por ejemplo, en ingeniería infor-

mática estamos en un 18 o 19%, que está muy bien porque hace un par de años estábamos en el 12%. En otras titulaciones científicas, más relacionadas con el campo de ciencia de la salud, sí que hay más vocaciones femeninas.

—La presencia de científicas es muy minoritaria en instituciones como la RAC.

—El equilibrio de género recogido está en los estatutos de la RAC. En este momento, hay unos 46 numerarios y solamente 8 son mujeres y en la sección de matemáticas somos 5 de 33 académicos correspondientes. Estamos dando pasos, pero tenemos que ver cómo mejorar estos números. Esperemos que con este compromiso estatutario, que estamos viendo que está funcionando, nos vayamos incorporando más mujeres.

—Usted es experta en IA. ¿Qué impacto tiene esta tecnología en la sociedad y cuáles son los principales retos que plantea?

—La inteligencia artificial está impactando de manera importante en prácticamente cualquier campo. To-

dos estamos usando IA todos los días: cuando encendemos nuestro móvil y usamos la huella o el reconocimiento facial, cuando usamos una aplicación del móvil para guiarnos por la ciudad, cuando nos recomiendan una serie o una película en nuestra plataforma... ¿De qué tenemos que preocuparnos? Pues de aspectos que tienen que ver con el desarrollo de una IA ética y responsable, es decir, de temas que tienen que ver con la privacidad de los datos, con el monopolio tecnológico, con las ‘deepfakes’, con los engaños que se pueden hacer con las herramientas o con su uso indebido, como los falsos desnudos de las niñas en Extremadura y otros puntos del país... La IA aprende de los datos del mundo real y el mundo real no es ideal, sino que está sesgado, y hay que ser muy cuidadoso para detectar todos estos sesgos a tiempo. Pero una cosa es que tú desarrolles una herramienta que inadvertidamente tenga un sesgo o que se pueda usar para hacer cosas que no se deben y otra es el caso de esta herramienta que genera desnudos falsos porque no sirve para otra cosa que pa-

ra eso. Es una herramienta que no se debería desarrollar y que no debería de estar permitida.

—¿Esto es una cuestión de regular o también de educación?

A min transmitíronme sempre ideas moi positivas: houbo quen me agradeceu que me presentara, outros que me animaban, algunha persoa si que me preguntaba se estaba seguro, porque tiña que deixar de facer moitas cousas. É evidente; eu penseino bastante. Quixen pensalo porque isto vai supoñer que non poida dedicar nada de tempo á docencia, e moi pouco á investigación, que son dúas facetas que me gustan moito. Fixemos grandes cousas no noso



Ricardo Cao, reitor electo da Universidade da Coruña. // Iago López

grupo, no Citic, e creo que hai un grande equipo humano de xente que pode continuar facendo unha fantástica labor. Ninguén é imprescindible, e menos eu. Creo que isto é, modestamente, unha boa oportunidade para devolverlle á Universidade parte do meu tempo despois de recibir tanto dela. A miña vocación de servizo público tivo tamén tivo importancia. Ninguén me dixu que estaba tolo, ao contrario, sentíame moi apoiado.

O seu fillo fixo un alegato no seu favor en redes sociais, no que destacaba o carácter “humano” do seu perfil. Faltan perfís comprometidos coa sociedade e en contacto coa realidade nos órganos de gobernanza das universidades?

Quero pensar que non. Os seres humanos temos unha faceta humana moi importantísima. Eu pode que sexa algo tímido para manifestar as miñas propiedades como ser humano, pero si que é certo que temos que utilizar todas as nosas ferramentas como seres humanos para entendernos. Unha parte importante dos conflitos veñen por non comunicarse axeitadamente, por non poñerse no lugar do outro, por non escoitar. Como en calquera equipo humano, tamén nunha Universidade, é indispensable ter esa actitude. Tratei de poñela en práctica durante a campaña, e xa antes. Ao mellor non é tan típico? Pois se cadra non, pero sería moi fermoso que, a partir de agora, as campañas electorais na Universidade, que se supón o templo do coñecemento e da racionalidade, sirvan de exemplo para outras campañas puramente enfrontistas. Se podó axu-

dar poñendo unha pinga nisto, é bo. Estou contento porque o electorado así o viu. Temos que ser así, potenciar o humano. É algo que vin no propio proceso de escoita, é importante a humanización da universidade, facer as normas interpretables, comprensibles, simplificadas tamén; humanizar os espazos. Unha das cousas que teñen que ver co infrafinanciamento é que moitos dos nosos edificios, onde pasamos o noso tempo de traballo, empezan a ter problemas graves de mantemento porque se priorizou o que é lóxico: manter ás persoas contratadas. Iso ten que ver co financiamento, que se reduciu na UDC, por moito que en números absolutos pareza que non é así.

O financiamento foi unha das pedras angulares do seu programa.

Diminuíu moito dende o 2019, despois repuntou, pero se se quita o efecto da inflación temos un 4,9% menos de financiamento fronte a 2019. Diminuíu sobre todo nos custos estruturais, nos fondos que recibimos da Xunta, que serven para pagar os salarios. Hai que revertir isto, e estamos nunha situación moi propicia, no sentido de que a LOSU, que entrou en vigor en abril, establece como de obrigado cumprimento que a financiación ás universidades públicas ten que achegarse a un 1%. Iso supón un aumento importante. O que precisamos é que ese aumento de financiamento se produza moi especialmente na parte estrutural. É unha cuestión de vontade política.

No seu discurso deste luns chamou a comunidade universitaria a participar deste proceso. Durante a campaña, falou do aumento da par-

ticipación como un dos retos. Nesa liña vai a crítica de Fermín Navarrina, que xulga que non hai debate na UDC. Faise cargo da crítica?

A participación diminuíu moito na Universidade, en parte pola COVID, mais non só por iso. Eu tivemos moi en conta, por iso dende o minuto 0 no que din o paso á fronte fixen o proceso de escoita, moi participativo. Honradamente, sempre crimos que tiñamos que potenciar a participación; xa na propia conformación do noso programa. Queremos que se siga producindo, e o primeiro exemplo dende a toma de posesión vai ser o inicio do proceso para o cambio dos Estatutos. A nosa idea é que ese proceso sexa moi participativo, para chegar a uns Estatutos consensuados ou cunha amplísima maioría que os avale, aínda que sexa o claustro o que teña que aprobalos. Hai grandes decisións que tomar con respecto á estrutura da universidade. A LOSU dá bastante liberdade.

Cales son as prioridades quando tome posesión?

O primeiro son os Estatutos. Hai outra cousa que foi un clamor durante o proceso de escoita: as reformas na Relación de Postos de Traballo. Iso témo-lo que facer dun xeito dialogado cos representantes dos traballadores, detectar que cambios cómpre facer. Despois, aprobar un calendario e uns contidos que non son tan inminentes, pero si importantes para os seguintes meses. Se o facemos dun xeito dialogado, a xente vaíse implicar. Despois, o financiamento, que é un diálogo intenso que temos que iniciar coa Xunta e coas outras Universidades.

Ricardo Cao: «Temos un 4,9 % de fondos menos que no 2009, non dá para pagar salarios»

original



Ricardo Cao, este martes na facultade de Informática da UDC.

ÁNGEL MANSO

A Ricardo Cao Abad (Os Mallos, A Coruña, 1965) non lle gusta falar sin pensar nin ler con presa. Considera a afabilidade que practica a cotío «unha obriga» dos servidores públicos, incluídos os que se adican a ser mestres, unha faceta que xa está botando de menos porque, confesa, a docencia «apaixóame». Saúda dando as grazas polos parabéns acaba de ser elixido reitor da [Universidade da Coruña](#) e despídese con un «ó voso dispor». Así é o matemático que dirixirá os próximos seis anos a UDC, un eminente catedrático, Premio Nacional de Estatística 2023 e un dos investigadores máis reputados da contorna. Concibido na migración da Gran Bretaña, foi o primeiro universitario da súa familia máis estreita, vive preto de onde naceu, en Catro Camiños, ten na mesilla de noite algunha novela policíaca a carón do Ulises en galego, e non concibe unha xuntanza familiar cos seus curmáns sen un remate cantando «os clásicos galegos». Apenas quince horas despois de saír elixido reitor, polos pasillos da Facultade de Informática, páranno as apertas e saúdos alegres de noraboa dos seus compañeiros .

E agora, que? Cal vai a ser a súa primeira decisión?

Estamos nun período de transición. A toma de posesión non será ata mediados de xaneiro, pero nestas semanas teremos que estar moi en contacto porque o que non pode ser é que a institución se resinta en absoluto por non traballar arreo. As primeiras medidas? En realidade están no programa electoral: iniciar o proceso participativo para mudar os estatutos, tal e como establece a LOSU (Lei Orgánica do Sistema Universitario), que non se puido acometer xa por mor de ter un Goberno do Estado en funcións. Eso provocou que cousas tan importantes como o estatuto do persoal docente e investigador, que nunca foi aprobado de feito en España aínda que na época de Zapatero estivo a piques, se retrasara. Vai ser unha ferramenta que ogallá teñamos, alomenos o proxecto, en dous ou tres meses enriba da mesa. Vai a coincidir co inicio do noso período. Vaise acumular unha chea de traballo. Queremos establecer un proceso moi participativo, a nosa idea é que toda a comunidade universitaria teñamos a posibilidade de pronunciarnos sobre as grandes decisións. A LOSU en aspectos é moi concreta, pero noutros da grande liberdade. Na estrutura en particular da Universidade temos que tomar decisións. Evidentemente haberá grupos de traballo específicos en temas como dereito administrativo, pero as grandes ideas faranse de xeito moi participativo. Os estatutos van ser

unha das nosas prioridades, e logo o desenvolvemento normativo doutrass cousas que nos obriga a propia lei: as convocatorias dos concursos do profesorado, normativas académicas que van ter que cambiar Dentro do noso programa levamos un aspecto moi importante. Fixemos un proceso de escoita amplo. En xuño-xullo tiveren escoita estreita co reitor actual, cos anteriores reitores e e cos candidatos que se presentaran as eleccións, entre eles Navarrina, co presidente do Consello Social Froito dese proceso de escoita tamén fun quen de conformar un marabilloso, se se me permite, equipo de persoas que me acompañaron nesta andaina e me acompañarán agora no goberno da Universidade cando tomemos posesión. Despois, esa escoita colectiva seguiu en setembro, outubro e novembro, e tamén tivemos as reunións xa preelectorais e de campaña. En total calculo que estiveron nesas reunións un milleiro de persoas, entre as vinte xuntanzas que tivemos de escoita e as outras vinte e tantas en precampaña e campaña. Creo que temos unha diagnose moi interesante dos asuntos que temos que cambiar na Universidade e de xeito inmediato.

Por exemplo?

Hai algún, como é a relación de postos de traballo, a RPT. Froito diso o que xurdiu con forza é que temos que facer algún cambios e nós apostamos por facer uns de xeito inminente, acordado e dialogado cos representantes dos traballadores. Hai que determinar cales son eses aspectos urxentes que hai que cambiar xa e acordar e fixar tamén un calendario doutros cambios cos contidos correspondentes para os seguintes meses e mesmo anos, porque algúns asuntos poden non ser tan urxentes, a acometer. Entón ese dialogo social e proceso de escoita querémolo manter durante todo o noso mandato e en especial para os cambios da RPT.

Toca tamén falar da financiación.

A lei establece e que dende agora ata o 2023, que é practicamente o tempo do mandato, seis ano, o financiamento das universidades públicas ten que chegar a ser o 1 % do PIB. Eso vai supoñer un aumento que temos que acordar, evidentemente. coas Administracións públicas, o Goberno coas comunidades autónomas e as comunidades coas universidades, para fixar como se vai a facer ese incremento. É moi importante, pero para nós aínda máis importante é ter aumentado o financiamento da parte estrutural do plan aumentado. Na campaña foi un clamor xeneral. No caso da UDC, o que chaman os expertos as transferencias correntes, que é o diñeiro que percibimos para afrontar os salarios, non chegan para afrontar todos os soldos do persoal docente e de administración e servizos, co cal víronse resentidas moitras outras cousas, coma o mantemento dos edificios, entre outras. Para nós ese diálogo tense que facer o máis rápido e axilmente posible, evidentemente consensuado entre as tres universidades e a Xunta. Non como medida do primeiro día, pero sí como traballo dende os primeiros momentos témolo que facer.

Lémbrenos as cifras, non subiron nos últimos anos?

Realmente o orzamento que tiñamos no 2009 era de 138 millón de euros correntes, en números redondos. Foi diminuindo nos anos seguintes, aumentou o ano pasado ata algo máis de 140 e este ano con 20 máis. Pero aínda cos 168, de orzamento este ano, se un quita a inflación é un 4,9 % menos que o que tiñamos no 2009. É especialmente importante porque tivemos certo grado de éxito en convocatorias competitivas que son conxunturais. A parte estrutural do financiamento no 2009 chegaba con certa folgura para acometer os custos dos salarios e agora quedannos certos millóns de euros de diferenza negativa, non abonda. E eso e unha cousa que é o máis urxente para nós. Acometer ese aumento de financiamento pero moi especialmente de xeito que os custes estruturais realmente sexan cubertos polo plan.

Ise é un problema compartido. Farán os reitores unha fronte común?

Eu espero que si porque nos afecta a todas. É certo que dependendo do tamaño das universidades e doutros aspectos do plan non a todas nos afecta por igual. Seguramente a UDC é á que nos afecta máis- Pero neste momento eu creo q debe de haber un consenso desde as tres universidades de que este é un aspecto prioritario.

Hai que negociar coa Xunta.

Por suposto, dialogar e negociar.

Con boas perspectivas?

A min gústame moito dialogar, gústame moito escoitar e cando temos posturas que, obviamente, serán diferentes nalgúns aspectos, pois falar, falar, falar e chegar a un acordo. Porque eso é o importante. A [Xunta de Galicia](#) ten a responsabilidade de facer un sistema universitario galego máis forte, máis competitivo e, máis apoiando no tecido productivo. Aquí temos neste momento o gran proxecto da Cidade das TIC que é un exemplo de colaboración, neste caso da universidade, das Administracións e do tecido productivo. O TIC é un ámbito no que temos moita experiencia de colaboración. Os grupos de investigación, como os do Citic_e inclúome porque son tamén membro dese centro de investigación_, temos unha tradición longa de cooperación coa empresa. E o sector productivo TIC en Galicia é potente. De feito que a [Aesia](#) (Agencia Española de Supervisión de la [Inteligencia Artificial](#)) se implantara na Coruña un dos motivos foi tamén o ter un centro de investigac forte e un tecido productivo moi forte concretamente na área da Coruña. É un exemplo bo de cooperación. A Xunta e o Concello da Coruña como administracións públicas, o Cluster TIC como agrupación das empresas, puxéronse a colaborar coa Universidade e a Universidade con elas facendo uso deses terreos que todos sabemos que estaban tamén deteriorado. Son boas prácticas. No ámbito concreto das TIC, o tecido productivo refórzase moito de ter o coñecemento, a creación do coñecemento, ao seu carón. En Galicia estamos no Noroeste de España, na periferia, e a súa vez, na periferia de Europa. Pero unha das cousas que para nós é un dos nosos fortes é que nestes ámbitos nos que non precisamos ter unhas comunicacións por carretera ou por avións, que evidentemente sería boo, tendo unha boa conexión por internet e unha comunidade moi cualificada facendo innovación, facendo investigación, podemos facer grandes cousas. E esa é unha das apostas que temos non só, evidentemente, no ámbito TIC. Estou poñendo o exemplo da Cidade das TIC, pero en xeral a nosa Universidade distínguese porque moitas das nosas titulacions son fortemente profesionalizantes, no ámbito das enxeñerías, no ámbito das ciencias da saúde, e tamén temos titulacions básicas, graos como Bioloxía, Química, pero tamén graos innovadores neses ambito: Nanociencia e Nanotecnoloxía, que están tendo unha grande implantación.

Xa dixo o anterior reitor antes de marchar, Xulio Abalde, que a Cidade das TIC tamén precisa urxente financiamento para seguir avanzando.

Hai moitos edificios que para remozalos, para remodelalos e facelos dispoñibles para o uso precisan fondos. Hai fondos comprometidos, outros en negociación ou por comprometer.. Dende a Universidade temos que ser un vehículo para que, sobre todo, se poidan acometer. Loxicamente co apoio financeiro das Administracións. E logo tamén das empresas.

Vaise abrir o mapa de titulacions. Cales vai demandar a UDC?

Insisto no que dixen en campaña o temos tamén no programa electoral. A Xunta anunciou que se vai abrir ese mapa. Evidentemente, eu imaxino que iso se vai facer despois das eleccións galegas. Podeáa darse dentro de dous ou de seis meses, pero están a volta da esquina. No momento en que realmente se abra o mapa, para nós o que realmente é moi importante é coñecer que pensa a Xunta respecto a toda Galicia, o grado de liberdade que imos ter nas decisions dos títulos a implantar e, sobre todo, é moi importante coñecer a opinion de todos os centros. Temos 21 centros docentes na UDC, cada un coas súas especializacións e para nós é fundamental que todos eles participen no proceso. Evidentemente, hai exemplos bos que tivemos nos últimos anos: grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía, que foi un grao que veu a cubrir unha necesidade social, pero tamén o temos no grao de Intelixencia Artificial que se acaba de implantar, que ademais é interuniversitario das tres universidades galegas O grao en Ciencia e Enxeñería de Datos, que é propio e solo temos na UDC é outro bo exemplo, temos tamén o de videoxogos e seguramente hai outros que entroncan ben co noso perfil, tanto tecnolóxico como en ciencias da saúde, e sendo sempre respetuosos cos centros docentes que temos na universidade, 21, e coa súa opinión, E se cadra tamén nalgún deles tendo en conta os títulos que teñen actualmente, algún deles están tendo problemas, e tratando de

arreglar ou mellorar eses problemas. Nas titulacións hai un aspecto tamén moi importante, e moitos dos nosos centros teñene ahí un grande futuro: as microtitulacións ou microcredenciais. O Ministerio de Universidades, xa o anterior ministro, puxo enriba da mesa o compromiso do ministerio por a creación dun marco normativo para que titulacións de moi corta duración, digamos de formación continua, teñan o título oficial universitario en aspectos moi concretos. Vou poñer un exemplo. Ó mellor hai aspectos en IA nos que queremos millorar a competencia de traballadores do sector que sexa. Creo que eso para nós e tamén unha oportunidade. Porque tendo moitas titulacións con moi alto e moi boa incardinación no tecido productivo, e con números interesantes de incorporación nas empresas, pois seguramente que temos tamén cancha para detectar cales son eses títulos microcredenciais de interés para o quechamamos o aprendizaxe ao longo de toda a vida. E dicir, poñer titulacións atractivas para que se formen os profesionais, que xa é xente seguramente egresada dende hai algúns anos, que sexan atractivas para nós e que sexan atractivas para a sociedade, as dúas cousas.

Acabamos de pasar unha pademia e A Coruña ten unha certa tradición sanitaria. Temos un complexo hospitalario de referencia, o Chuac, o Instituto de Investigación Biomédica (Inibic), o Citic con proxectos de investigación en saúde. Volverase a abrir o debate sobre unha nova facultade de Medicina en Galicia?

O outro candidato nestas eleccións abriuno ao meu parecer dun xeito un pouco brusco. Para min.. As oportunidades que temos na UDC precisamente na combinación das ciencias biomédicas coas TIC son tremendas. De feito, hai xa proxectos moi interesantes e algúns que se maduran e se van adiante van a selo tamén. Entón, o que temos é que ser moi proactivos nesa interacción entre as TIC e as ciencias da vida, a biomedicina en concreto. Con respecto á titulación, o que comentei na campaña e o sigo mantendo: temos que ter un diálogo franco co hospital, co Inibic, co complexo hospitalario, coas dúas consellerías, Educación e Sanidade, e determinar se o mellor para eso é ter realmente unha facultade de Medicina. A min dame a impresión de que o que é realmente importante é que o convenio que está asinado dende hai aproximadamente nove anos, porque se asinou cando era rector Xosé Luis Armesto e eu tiven a honra de ser vicerrector de Investigación e Transferencia con el, é un convenio que contempla que as outras dúas universidades galegas, Vigo e A Coruña, colaboremos moi intensamente na docencia clínica, que é a docencia de medicina qque acontece nos tres últimos cursos do grao, 4.º, 5.º e 6.º. Ese convenio aplicouse moi levemente e entendemos que o que é moi importante é que ese convenio permita dar extensivamente toda a docencia deses tres cursos nas outras dúas universidades.

Como se fai agora con sexto de Medicina?

Efectivamente. Faise moi ben, e o noso hospital é moi atractivo. É bo para todos, totalmente. Para nós ese é o punto de partida: temos que conseguir que ese convenio realmente se execute en todas as posibilidades que permitía cando se asinou. Que aínda así a conclusión final é que realmente temos que ter unha titulación de Medicina propia? Se todos os actores cremos que eso é o mellor, eu traballarei arreo para que así sexa. Pero o primeiro que temos que facer é conseguir que ese convenio se aplique en todo o que el prevía. Que teñamos prazas de profesores vinculadas, profesores de Universidade que estean dando docencia en cuarto, quinto e sexto. Temos algunhas, pero son contadas. Son recursos que temos e está moi ben que se utilicen en sexto, pero tamén nos outros cursos porque temos magníficos profesionais no no noso ámbito sanitario da área da Coruña e Ferrol, que tamén compre non esquecer. A clínica universitaria podolóxica é un exemplo magnífico do que se pode facer, noutro ámbito das ciencias da saúde, non é medicina, pero onde se está a facer un traballo fantástico, a comunidade, os doentes do ámbito de Ferrol, están tendo unha atención fantástica nun aspecto, o podolóxico, que cada vez as persoas sufrimos máis.

En todo caso, para novas titulacións buscarase consenso e a vía prioritaria será a tecnolóxica porque é a seña de identidade da UDC?

Tecnolóxico e sanitario casan moi ben.

As Universidades agora compiten por captar alumnos nun entorno con cada vez menos xente nova e cun mercado laboral que a miúdo ofrece ós egresados con máster con sorte un salario

mínimo. Cree que están en condicións de gañar estudantes?

Eu creo que si. E ademais danse circunstancias variopintas. Hai titulacions nas que non é que haxa pouco paro, é que non hai ningún. No ambito TIC eso especialmente. Por exemplo, o grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, que coñezo ben porque son profesor nel e a primeira promoción saeu hai uns meses, é un exemplo. Eu atopábame á saída das manifestacións do 25 N con dous recién titulados, unha rapaza e un rapaz aos que lle din aulas, e estaban xa traballando dende hai tempo. Son ámbitos nos que hai moita necesidade e en moitos sectores, porque o emprego dos titulados do sector TIC non necesariamente téñen porque ser en empresas do sector TIC. Pode ser en aspectos totalmente distintos, empresas de vendas [Inditex](#), que témola ó noso carón, precisa de moita xente con formación tanto en informática, como en análise de datos. Porque agora para as empresas todo eso é fundamental, é o que lle dá valor. Hai un pouco de todo. As titulacións sanitarias en xeral teñen moi boa incardinación no mercado laboral. Outras igual non tanto, igual por as tendencias neste momento. Temos que axudar tamén e reconvertir as titulacións que non teñan ese atractivo e mellorar as súas saídas profesionais.

Ten dito que América Latina é unha das vías de captación.

A América Latina é un dos lugares porque ademais temos relativamente bastantes estudantes no doutoramento que proveñen dalí. No mesmo grupo de investigación que coordino xa perdo a conta de cantos estudantes de doutoramento con teses, neste caso de estatística e investigación operativa, procedentes de Ecuador, México, de Arxentina, de Chile seguramente quedame algún que outro país. Entendemos que no mestrado tamén está ocorrendo. Son profesor do mestrado de Bioinformática para as Ciencias da Saúde onde a maioría dos que entran son de fóra de Galicia, de moitas comunidades españolas e tamén hai un número tódolos anos, non a maioría, de Latinoamérica. Nos graos acontece menos, pero creemos que temos tamén que afondar niso, publicitar os nosos graos aínda máis e conseguir que veñan a facer un grao completo, porque mobilidade haina, veñen un trimestre.. E ademais, estando como estamos inmersos nunha crise demográfica que especialmente afecta a Galicia, penso que tamén é axeitado a incorporación de xente nova que veña a estudar e que logo algún deles asentarse aquí tamén. Eu boto en falta que haxa unha política a nivel autonómico clara sobre estes aspectos, a [demografía](#) temos a que temos, pero eso podemos axudar a melloralo cunha política adecuada e axeitada de inmigración, que ademais é unha ferramenta de desenvolvemento e solidariedade con outros países. Con algúns deles temos lazos culturais fantásticos e non só en América, tamén noutros continentes, sobre todo no que chamariamos a lusofonía: países de fala portuguesa, que xa non están necesariamente todos en América. Hai exemplos moi concretos, como Cabo Verde. Tivemos tamén unha serie de persoas que viñeron para traballar na pesca e témolos ademais moi integrados na comunidade, neste caso na costa norte de Lugo. Poño o exemplo para dicir que realmente podemos ter un aporte importante de persoas, de recursos humanos, que veñan a paliar un pouco o problema que temos coa demografía e ademais levar a cabo as profesións de maior valor engadido. Os fillos deses pescadores van a ir a [Universidade](#). O outro día con motivo da campaña tiveron o pracer de atoparme cun rapaz que está facendo o dobre grao en Dereito e ADE que é senegalés. É fantástico ver as cousas que el falaba, e ademais xa ten aquí parella e seguramente será unha familia que se implante aquí en Galicia e que nos axude a combatir tamén aspectos da demografía tan baixa, con tan poucos novos nacementos en Galicia. Eu boto un pouquiño en falta que haxa unha política autonómica máis clara neste sentido e as universidades modestamente podemos axudar tamén a iso.

A captación tamén é importante para un dos seus ámbitos, a investigación.

A investigación é absolutamente fundamental. Cambiaron as cousas moito nos últimos anos, algunhas delas para ben, para moito ben. Temos que continuar co que xa se estivo a facer coa captación de proxectos europeos, moi especialmente cos do Consello Europeo de Investigación. Cando fun vicerrector de investigación hai 8 anos foi cando se acadou o primeiro de este tipo, son proxectos de millón, millón e medio, dous millóns. Por certo foi sobre tecnoloxías e saúde, sobre a modelización en crecemento tumoral. Neste momento, coa última concesión hai cousa de 10 días, xa é o sexto proxecto deste estilo, o cual é moi importante

para nós como Universidade. Foi o proxecto de Daniel Martín sobre un tema apaixonante de bioimpresión de órganos 3D, de cousas que logo terán que ter o seu percorrido biolóxico para poder acadar un sono da humanidade: poder facer órganos e axudar as persoas que precisan trasplantes. Neste tipo de cousas temos que coidar o que se fixo ben, a captación de **fondos europeos**, tamén a incorporación de persoal, porque non todas, pero moitas persoas, dos seis proxectos tres deles foron conseguidos por persoas que xa estaban anteriormente na UDC e os outros 3 son persoas que se incorporaron logo precisamente como froito do programa Intalent, un programa que, hai que agradecer tamén, foi financiado importantemente pola empresa Inditex, e tamén por o programa Berce, propio da UDC. E non só estes proxectos q son como os máis relumbrosos, senón tamén na captación de investigadores Ramon y Cajal. Onde tiñamos unha incorporación de un ou dous cada ano, no último foron oito. E agora mesmo chegamos a preto de 30. Son cousas que se fixeron ben. Temos que seguir niso e unha das cousas que a min me preocupan mais, e foi tamén unha constante no proceso de escoita, é a axilización dos procesos de xestión. Os propios proxectos e a súa xustificación económica, especialmente os europeos, son moi farragosos. A propia xestión na universidade é farragosa en si mesma. Entón unha das cousas que temos que facer de novo de xeito dialogado e poñendo a funcionar grupos de traballo que incorporen a todos os axentes de cada proceso de xestión, é determinar onde temos os cuellos de botella e ver como resolvemos, que os procesos de xestión sexan máis áxiles e mais rápidos e non tan farragosos porque ás veces crean frustración dentro do propio persoal. Tamén dentro dos PAS, porque temos que evitar as duplicidades. Os PAS están a facer unha fantástica labor, pero moitas veces non ben organizada. Esas cousas, que son cuestións propias da universidade, témolas que organizar moito mellor. Traballo hai arreo, pero tamén é mo ilusionante.

Foi esa ilusión o que lle levou a decidir presentarse a reitor? Q lle impulsou a dar o paso?

Primeiro que houbo moita xente que me animou. Hai case un ano, nove ou dez meses. Logo penseino moito. Faleino coa xente do meu entorno, eu son coordinador dun grupo grande, metido en moitos proxectos, falei con eles para contar co seu apoio, porque dende o momento de ser elixido a miña dedicación á docencia, lamentablemente porque me apaixonou, vai ser cero, E a investigación, baixísima, vou poder adicarlle os fins de semana un ratiño se cadra. Para min foi importante a resposta deles, moi positiva, e moi especialmente a dos estudantes do doutoramento. Estou dirixindo catro teses, afortunadamente codirixidas con outros colegas. Foi moi importante o apoio deses colegas porque non quixera eu que se resentira o desenvolvemento das teses. E despois está que tiña moito traballo e un traballo apaixonante, pero sempre creín na célebre frase de Nelson Mandela, que a educación é a ferramenta máis poderosa que temos para cambiar o mundo. E dentro dela, a universitaria é unha ferramenta moi potente para o benestar social. Eu sintome moi afortunado de poder terme desenvolvido como docente, como investigador e tamén como persoa gracias á UDC, coa que levo vinculado xa 32 anos. Moveume tamén devolverlle á UDC en parte esa situación afortunada, adicando unha parte importantísima destes seis anos en labores de organización e xestión.

Este é o seu único posicionamiento público máis aló da presenza nas listas das municipais do 2019 coa Marea.

Si, fun nas listas cando concurriu Xulio Ferreiro por segunda vez. Antes tiveron cargos de xestión na Axencia Nacional de Evaluación e Prospectiva, que foi un pouco o antecedente da actual Axencia Estatal de Investigación, levei tamén a área de matemática,, pero bueno, son postos de xestión.

É do grupo Nova Luce, o mesmo que o anterior reitor. Haberá cousas ás que lle dará continuidade e cousas que non?

Puxen exemplos, hai aspectos de xestión que temos que melloralos, a participación tamén q é unha cousa que a propia covid aplanou e temos que mellorar, como fixemos cos procesos de escoita nas eleccións. Temos que ter un diálogo social permanente cos traballadores a respecto de como mellorar as súas condicións e facer máis eficientes os seus procesos, que os traballadores estean máis a gusto e facer os procesos máis áxiles. E tamén xurdiron con moita forza dúas ideas no proceso de escoita que asumimos dende o principio como nosos: a humanización da universidade, da normativa, máis sinxela, que os estudantes non estean

perdidos, facela mais visible na web, máis fácil de entender con pequenas guías q vaian ao gran, e tamén a humanización dos espazos, do lugar onde pasamos unha gran parte do noso tempo de traballo, de estudo e de lecer ás veces, que tamén temos instalacións deportivas onde non só a comunidade universitaria, senon toda a cidadanía desenvolve parte do seu lecer. Para iso precisamos acometer tamén melloras nos propios edificios nos que estamos. Temos pingas, goteiras, e deles importantes obras que acometer. Para eso é importante o financiamento. Os cartos son fundamentais. A humanización xurdiu con moita forza, máis tamén a equidade, a igualdade, a atención á diversidade En suma, os obxectivos de desenvolvemento sustentable, que son 17: o benestar, a educación de calidade, a xustiza E ahí o benestar e a atención á saúde. Xurdiron cousas concretas como a saúde mental, o apoio psicoloxico na universidade. Xa temos un proxecto interesante, que se chama Afrontemos, que da apoio psicolóxico a toda a comunidade, pero moi especialmente usado por os estudantes. Neste momento dase atención presencial no campus de Ferrol. A nosa aposta e intensificar e non só dar teleasistencia ós da Coruña, senon implantalo tamén físicamente. E unha cousa que está mo i ben, pero hai que melloralo. Hai cousas que se fixeron moi ben e que hai que coidar, Por exemplo, o o campus industrial en Ferrol. Foi unha iniciativa propiciada pola Xunta, e hai que agradecerlo, e con unha resposta fantástica dentro da universidade e con moi alta avaliación por os auditores que viñeron a velo. En dento do campus industrial un elemento moi concreto, o centro mixto de investigación entre Navantia e a UDC. Creouse como o que se chamaba unidade mixta de investigac hai nove anos. Pasou por varios períodos e dende ano e medio é un centro mixto de investigación donde a empresa Navantia aporta unha parte importante de fondos, a UDC unha pequena parte e Axencia Galega de Innovación outra. Hai que camiñar aínda máis nesa dirección que é moi positiva, que fai que as empresas, neste caso unha publica, teña aínda un maior compoñente de innovación gracias coa Universidade. Coñezo ben porque nunha das liñas de investigación

Con todo isto, a UDC pegará un xiro máis cara a esquerda?

É posible que si. Un xiro cara as persoas, pero sí seguramente que sí. Facer unha universidade por e para as persoas. A mellor universidade posible, sendo conscientes das nosas limitacions, pero a mellor universidade posible por e para as persoas. Eso para min é un resumo. Á esquerda? Pois seguramente que sí. Abalde tamén era de Nova Luce, que é unha plataforma progresista moi plural e gustárame resaltalo. No meu equipo hai persoas que non pertencen formalmente, pero que teñen en común unha defensa a ultranza da universidade pública e que ademais o teñen amosado e o amosan co seu labor previo, dentro e fora da UDC.

Quero devolverlle á Universidade algo do meu tempo despois de recibir tanto dela

Ou catedrático de Estatística Ricardo Cao é dende este luns reitor electo dá Universidade dá a Coruña tras impoñerse a Fermín Navarrina con máis do 65% dous apoios. A espera dá toma de posesión oficial, Cao reivindica o carácter colectivo dá súa proposta e chama a conformar de xeito participativo unha Universidade máis aberta, actualizada e humana.

Marta Otero Mayán • original



Ricardo Cao, reitor electo dá Universidade dá a Coruña. | // IAGO LÓPEZ

Ou catedrático de Estatística **Ricardo Cao** é dende este luns reitor electo dá [Universidade dá a Coruña](#) tras impoñerse a Fermín **Navarrina** con máis do 65% dous apoios. A espera dá toma de posesión oficial, Cao reivindica o carácter colectivo dá súa proposta e chama a conformar de xeito participativo unha **Universidade** máis aberta, actualizada e humana.

Foi escollido como novo reitor tras unha vitoria contundente. Como viviu a xornada electoral?

Vivina moi tranquilo, sobre todo polo traballo feito dende que tomei a decisión de presentarme ás eleccións co apoio de Nova Loce. Ese proceso de escoita individual que fixen con moita xente, como o actual reitor ou cos anteriores, mesmo coas persoas que se presentasen a reitor e non foran elixidas, entre outros Fermín Navarrina, valeume para algo moi importante: conformar o equipo de persoas que me acompañaron na candidatura e ou farán lestes seis anos. Un equipo fantástico de sete profesoras e tres profesores, cos que, en setembro, outubro, novembro, se fixo un traballo en equipo moi importante. Reunímonos con 550 persoas non proceso inicial, logo elaboramos o programa electoral, calculo que tivemos unhas 40 ou máis reunións cun milleiro de persoas, que, sobre as 19.000 dá universidade, é unha proporción importante. Estabamos satisfeitos e tranquilos por todo ese traballo, pero despois sempre estás expectante porque ten que opinar a comunidade universitaria. Resultar foron bos, estamos moi contentos polo apoio grande que tivemos. Dalgún xeito, cremos que na Universidade ten que calar a idea de que as cousas teñen que facerse de xeito argumentado, falando, escoitando, e non criticado de xeito destrutivo. Estou contento de que esa idea fose apoiada. Estou con moita ilusión e tamén con moita responsabilidade.

A celebración pola súa escolla foi transversal. Dixéronlle máis aquilo de que xa estaba a tardar en presentar candidatura, ou foron máis as voces que durante o proceso lle dixeron que toleara?

A min transmitíronme sempre ideas moi positivas: houbo quen me agradeceu que me

presentase, outros que me animaban, algunha persoa se que me preguntaba estábese seguro, porque tinga que deixar de facer moitas cousas. É evidente; eu penseino bastante. Quixen pensalo porque isto vai supoñer que non poida dedicar nada de tempo á docencia, e moi pouco á investigación, que son dúas facetas que me gustan moito. Fixemos grandes cousas non noso grupo, non Citic, e creo que hai un grande equipo humano de xente que pode continuar facendo unha fantástico labor. Ninguén é imprescindible, e menos eu. Creo que isto é, modestamente, unha boa oportunidade para devolverlle á Universidade parte do meu tempo despois de recibir tanto dela. A miña vocación de servizo público tivo tamén tivo importancia. Ninguén me dixó que estaba tolo, ao contrario, sentínme moi apoiado.

Ou seu fillo fixo unha alegación non seu favor en redes sociais, non que destacaba ou carácter humano do seu perfil. Faltan perfís comprometidos coa sociedade e en contacto coa realidade nos órganos de gobernanza das universidades?

Quero pensar que non. Vos seres humanos temos unha faceta humana importantísima. Eu pode que sexa algo tímido para manifestar as miñas propiedades como ser humano, pero se que é certo que temos que utilizar todas as nosas ferramentas como seres humanos para entendernos. Unha parte importante dous conflitos veñen por non comunicarse axeitadamente, por non poñerse non lugar do outro, por non escoitar. Como en calquera equipo humano, tamén nunha Universidade, é indispensable ter esa actitude. Tratei de poñela en práctica durante a campaña, e xa antes. Ao mellor non é tan típico? Pois se cadra non, pero sería moi fermoso que, a partir de agora, as campañas electorais na Universidade, que se supón ou templo do coñecemento e dá racionalidade, sirvan de exemplo para outras campañas puramente enfrontistas. Podar axudar poñendo unha pinga nisto, é bo. Estou contento porque ou electorado así ou viu. Temos que ser así, potenciar ou humano. É algo que vin non propio proceso de escoita, é importante a humanización dá universidade, facer as normas interpretables, comprensibles, simplificadas tamén; humanizar vos espazos. Unha das cousas que teñen que ver co infrafinanciamento é que moitos dous nosos edificios, onde pasamos ou noso tempo de traballo, empezan a ter problemas graves de mantemento porque se priorizou ou que é lóxico: manter ás persoas contratadas. Iso ten que ver co financiamento, que se reduciu na UDC, por moito que en números absolutos pareza que non é así.

Ou financiamento foi unha das pedras angulares do seu programa.

Diminuíu moito dende ou 2019, despois repuntou, pero quitar ou efecto dá inflación temos un 4,9% menos de financiamento fronte a 2019. Diminuíu sobre todo nos custes estruturais, nos fondos que recibimos dá Xunta, que serven para pagar vos salarios. Hai que reverter isto, e estamos nunha situación moi propicia, non sentido de que a LOSU, que entrou en vigor en abril, establece como de obrigado cumprimento que a financiamento ás universidades públicas ten que achegarse a un 1%. Iso supón un aumento importante. Ou que precisamos é que ese aumento de financiamento se produza moi especialmente na parte estrutural. É unha cuestión de vontade política.

Non seu discurso deste luns chamou á comunidade universitaria a participar deste proceso. Durante a campaña, falou do aumento dá participación como uns dous retos. Nesa liña vai a crítica de Fermín Navarrina, que xulga que non hai debate na UDC. Faise cargo dá crítica?

A participación diminuíu moito na Universidade, en parte pola COVID, mais non só por iso. Eu tíveno moi en conta, por iso dende ou minuto 0 non que din ou paso á fronte fixen ou proceso de escoita, moi participativo. Honradamente, sempre crimos que tingamos que potenciar a participación; xa na propia conformación do noso programa. Queremos que se siga producindo, e ou primeiro exemplo dende a toma de posesión vai ser ou inicio do proceso para ou cambio dous Estatutos. A nosa idea é que ese proceso sexa moi participativo, para chegar a uns Estatutos consensuados ou cunha amplísima maioría que vos avale, aínda que sexa ou claustro ou que teña que aprobalos. Hai grandes decisións que tomar con respecto á estrutura dá universidade. A LOSU dá bastante liberdade.

Cales son as prioridades para cando tome posesión?

Ou primeiro son vos Estatutos. Hai outra cousa que foi un clamor durante ou proceso de

escoita: as reformas na Relación de Postos de Traballo. Iso témolo que facer dun xeito dialogado cos representantes dous traballadores, detectar que cambios cómpre facer. Despois, aprobar un calendario e uns contidos que non son tan inminentes, pero se importantes para vos seguintes meses. Se ou facemos dun xeito dialogado, a xente vaise implicar. Despois, ou financiamento, que é un diálogo intenso que temos que iniciar coa Xunta e coas outras Universidades.

[Facebook](#) [Twitter](#) [LinkedIn](#) [Whatsapp](#) [Telegram](#) [Correo electrónico](#)

O investigador do CITIC, Ricardo Cao, novo reitor da UDC

A Universidade da Coruña (UDC) anunciou a elección do investigador do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), Ricardo Cao, como o seu novo reitor para os próximos seis anos. Ricardo Cao conta cunha ampla experiencia nos eidos da estatística e as matemáticas, que inclúen máis de 200 traballos de investigación e colaboracións con científicos de todo o mundo.

original



A Universidade da Coruña (UDC) anunciou a elección do investigador do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), Ricardo Cao, como o seu novo reitor para os próximos seis anos. Ricardo Cao conta cunha ampla experiencia nos eidos da estatística e as matemáticas, que inclúen máis de 200 traballos de investigación e colaboracións con científicos de todo o mundo.

O seu labor destacou especialmente no proxecto COVIDBENS, onde combinou o servizo público nun momento social crítico co desafío científico de desenvolver un modelo estatístico eficiente, aplicable non só ao COVID-19 senón tamén a outras problemáticas sanitarias como a gripe.

Desde 2008, o CITIC da UDC foi unha plataforma fundamental para Ricardo Cao, permitiéndolle desenvolver proxectos singulares centrados na funcionalidade estatística. Recentemente, o Instituto Nacional de Estatística (INE) recoñeceu a versatilidade da súa traxectoria outorgándolle o Premio Nacional de Estatística, unha distinción colectiva que resalta a importancia do traballo en equipo na investigación.

O novo reitor destaca o factor humano como o principal valor que define o seu traballo; tamén para abordar cuestións tan de actualidade como a Intelixencia Artificial, unha ferramenta de enormes posibilidades, nas súas palabras.

Considera ademais, respecto do seu labor vindeiro á fronte da UDC, que unha das prioridades da universidade debe ser estreitar a súa colaboración coas empresas e as administracións, así como fomentar a participación a todos os niveis, esencial nun mundo globalizado e para abrir o horizonte da UDC á internacionalización. E engade: Trátase de xerar unidades de investigación conxuntas que permitan competir no escenario global. Neste sentido, a aposta estratéxica polos centros singulares como o CITIC, con profesionais TIC altamente demandados hoxe en día, constitúe unha excelente panca de impulso, avanza.

Antonio Rodríguez del Corral ■ Presidente del Clúster TIC, promueve el programa Tech Angels

“Ahora no hay ningún negocio que no necesite IA, aplicaciones, servicios en nube...”

“Hay buenas ideas comerciales impulsadas por quien no sabe de tecnología” ▶ “A veces el emprendedor cree que con la web ya funciona su negocio y descuida aspectos comerciales”

R. D. RODRÍGUEZ
A CORUÑA

Acceder a herramientas tecnológicas puede resultar más complejo de lo esperado para cualquier emprendedor que quiera poner en marcha un negocio que necesite, por ejemplo, soluciones de Inteligencia Artificial para ofrecer un servicio. El Clúster TIC de Galicia prestará a las empresas emergentes, a través de sus socios, una ayuda en transformación digital con el programa Tech Angels. Hasta el próximo viernes 15 pueden enviar sus solicitudes los responsables de proyectos de emprendimiento que precisen ese apoyo tecnológico; habrá una selección según criterios de calidad y en enero dos talleres asesorarán a las *start ups* para exponer su plan ante los socios del clúster. Antonio Rodríguez del Corral, presidente del Clúster TIC, explica el alcance del programa.

¿Qué es un ángel tecnológico?
Viene del concepto *business angel*: alguien con recursos que invierte en las fases tempranas de un proyecto. Por analogía, un *tech angel* es quien aporta la tecnología que un proyecto necesita. Se da en muchos casos de emprendimiento comercial, en ideas que no tienen que ser puramente tecnológicas pero que

necesitan tecnología para el desarrollo de un proyecto, o en ideas muy tecnológicas que tienen algoritmos de IA pero carecen de web para vender, plataformas de servicio, orquestación *cloud*... En las empresas del Clúster TIC tenemos ya esa tecnología disponible.

¿Eso tech angels son los socios?
Si el clúster ve una idea que es buen proyecto de negocio, nos podemos asociar, en vez de aportar dinero aportamos recursos tecnológicos. Por ejemplo: quiero abrir un tipo de hotel que funcione sin recepcionista, con reservas mediante aplicación; pues el clúster aporta eso y el emprendedor se encarga de atraer clientes, visitas... Es decir, somos un experto socio que entra para cubrir la parte tecnológica. Ahora no hay ningún negocio que no necesite aplicaciones, servicios en nube, programas informáticos, IA...

¿El tech angel es producto de la creciente dependencia tecnológica?

Creo que es producto de la madurez del sector tecnológico gallego, con empresas que han acumulado mucha tecnología en su interior, que la venden caro a empresas, pero que si ven que hay emprendedores que pueden crecer y la necesitan, se pueden asociar en vez de vender.

¿Sin un tech angel es mucho más difícil desarrollar un proyecto?



Rodríguez del Corral en el Citic de la Universidad. // Arcay/Roller Agencia

Hemos visto que hay buenas ideas comerciales impulsadas por alguien que no sabe de tecnología. No es tan fácil hacer una buena web si no sabes del tema, si confundes especificaciones, y tienes dinero pero lo gastas mal. Con un *tech angel* te pones en manos de un experto, te de-

jas aconsejar. Es dinero con doble valor: dominas la tecnología y dominas cómo se aplica en el mercado.

¿Cuántas empresas nuevas aspiran a atraer?

Puede concurrir cualquier empresa, tecnológica o no. No queremos que se presenten cien, con tres

o cuatro buenos proyectos sería fantástico para la primera edición, y veremos que haya más ediciones.

¿El abuso de la tecnología puede generar problemas en el emprendimiento?

Estamos de acuerdo en que a veces hay sobrecarga de tecnología. Ahí también puede ayudar el *tech angel*. A veces los emprendedores creen que con la web ya va a funcionar el negocio y no se concentran en aspectos comerciales.

Además de la tecnología, ¿qué otros factores son claves para que funcione un proyecto?

Lo importante es tener clara la necesidad de mercado que se va a cubrir, verificar que quien necesita algo puede pagar por ello al precio que necesitas que lo pague. No hay que construir la solución y ver después que el precio encaja, que hay necesidad de mercado. Hay que analizar bien el segmento y ver que la demanda tenga la capacidad de pagar lo que cuesta.

El Clúster TIC es uno de los impulsores de la Ciudad de las TIC, que lleva más de un mes y medio de actividad. ¿Qué balance inicial hace?

Estamos muy satisfechos, no hemos recibido más que felicitaciones tras una decena de eventos y estamos deseosos de que se muevan las empresas. La gente está encantada con los servicios prestados, y eso hay que reivindicarlo. En el entorno del Centro de Servicios Avanzados aún no terminó la obra de urbanización.


¿Qué expectativa tiene respecto a los fondos para próximas navas?

Los edificios no empresariales ya tienen programa de financiación, falta la financiación de los empresariales. Debemos encontrar esquemas mixtos de préstamos o préstamos combinados con subvención. No tenemos ninguna duda de que los fondos van a aparecer.

LIA (2), pioneiros galegos no desenvolvemento da intelixencia artificial na astronomía

A intelixencia artificial (IA) é hoxe, sen dúbida, a disciplina da que máis se está a falar no mundo da ciencia e da tecnoloxía, pero hai xa preto de 30 anos en Galicia algúns xa comezaban a traballar con investigacións neste terreo e acadaron os primeiros logros importantes. Entre eles atópanse os impulsores do Grupo LIA (2) da Universidade da Coruña (UDC), proxecto galardoado co Premio Spin-Off Punto Gal na súa sétima edición, na categoría de Grupos de Investigación, polo seu traballo dos últimos anos.

José Luis Estévez • original


Integrantes do Grupo LIA (2) da Universidade da Coruña. Foto: Cortesía Grupo LIA (2)

A intelixencia artificial (IA) é hoxe, sen dúbida, a disciplina da que máis se está a falar no mundo da ciencia e da tecnoloxía, pero hai xa preto de 30 anos en Galicia algúns xa comezaban a traballar con investigacións neste terreo e acadaron os primeiros logros importantes. Entre eles atópanse os impulsores do **Grupo LIA (2)** da Universidade da Coruña (UDC), proxecto galardoado co Premio Spin-Off Punto Gal na súa sétima edición, na categoría de Grupos de Investigación, polo seu traballo dos últimos anos.

Carlos Dafonte, director e fundador do grupo, explica que a orixe do mesmo está noutro grupo chamado GIB (Grupo de Informática Biomédica) que se formou arredor do ano 1995 por profesores da UDC que traballaban en informática aplicada á medicina. A partires de 2000 Dafonte comezou a traballar coa profesora **Minia Manteiga** en materia de IA e Big Data na Astronomía e pouco despois púxose en marcha o Grupo LIA (2).


Misión Espacial Gaia

Comezamos traballando con sistemas expertos e redes de neuronas artificiais para a clasificación de espectros de estrelas, algo que se facía de xeito manual e comparando con espectros de obxectos digamos prototípicos. Diriximos varios traballos de fin de grao, comezamos a publicar sobre o tema e conseguimos entrar no Consorcio da **Misión Espacial Gaia** da ESA, e aínda hoxe seguimos colaborando, con financiamento continuado dende 2007. Gaia é unha misión astrométrica que acadou o mapa 3D da nosa galaxia máis completo e detallado ata o momento. É unha misión referente a nivel mundial, sinala Dafonte.

Hoxe en día a liña do grupo máis activa e con maior financiamento segue a ser a do Big Data Astronomy, cun proxecto con fondos do MICINN para colaborar coa Misión Gaia e tamén cuns primeiros traballos para a **Misión Euclid** da ESA. Neste último caso trátase dunha misión cosmolóxica que estuda a orixe do universo e a súa velocidade de expansión. Ademais, analízase a enerxía e a materia escura que se supón que é do que está formado o 95% do universo.

20 anos de traxectoria ligada á astronomía

Dafonte sinala que os principais fitos que marcan a traxectoria do grupo ao longo de máis de 20 anos están moi ligados á astronomía. Especialmente lembra a data do 19 de decembro de 2013, día do lanzamento do satélite Gaia. Foi un día moi especial para todos nos xa que levabamos sete anos traballando con simulacións e tres teses defendidas nesta temática, sinala Dafonte, quen apunta tamén que hoxe en día case a metade dos membros dos consorcios espaciais son **enxeñeiros informáticos**, xa que é necesario traballar con grande volumes de datos que deben procesarse de xeitos moi distintos, combinando a estatística, a IA e as técnicas de cómputo de grandes volumes de datos.

 **Carlos Dafonte** recolle o premio Galicia Spin-off 2023, no apartado Grupo de Investigación. Foto: Anxo Iglesias

Pero a actividade do Grupo LIA (2) vai máis alá da astronomía e hoxe en día traballa noutros

ámbitos como a ciberseguridade e tamén hai varias colaboracións en diversos proxectos con empresas como Abanca, Odeene Ingeniería ou EMETEL. Dafonte apunta que a IA está a ter avances moi importantes nestes últimos anos e as empresas demandan cada vez máis aplicacións para esta disciplina. A veces as empresas non saben moi ben para que utilizar a IA e están pensando unicamente no famoso **ChatGPT**, cando a IA e moito máis ca iso, sinala Dafonte.

Regulamentar a IA

O responsable do grupo prognostica que a IA vai traer nos próximos anos a automatización de moitos procesos que ata o de agora se facían de xeito manual, con traballos pouco cualificados e mal pagados, pero tamén vai supoñer unha mellora na seguridade de **tarefas de precisión** coma a cirurxía. Neste sentido, Dafonte apunta que hai que ter en conta os dilemas éticos no deseño das decisións que pode tomar a IA por nós e resulta necesario que haxa un desenvolvemento de regulamentación ao respecto.

Sobre o futuro do grupo, Dafonte indica que se está a traballar en moitos proxectos a pesar de que LIA (2) conta con **poucos membros estables** e que algúns investigadores tiveron que marchar a outros lugares por non conseguir a estabilidade no emprego que precisaban para seguir no grupo. Quero agradecer o apoio que nos presta a Xunta de Galicia coas axudas para a consolidación de grupos de investigación e o fantástico traballo que fai o CITIC da UDC, que nos apoia en moitas das accións que levamos a cabo e tamén co equipamento que necesitamos, facilitando moito o día a día. A pesar das dificultades a nosa ilusión por facer as cousas ben e as ganas de superar cada día novos retos mantéñennos no camiño, sinala Dafonte.

A AXEGA e o CITIC traballan nun proxecto para mellorar con IA a predición e a resposta ante grandes emerxencias

A cidade portuguesa de Porto acolleu este mércores 13 de decembro a presentación do proxecto ATEMPO, centrado en aplicar as vantaxes da Intelixencia Artificial e outras innovacións tecnolóxicas nas grandes emerxencias transfronteirizas. Desde a Comunidade galega, é a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) a encargada de marcar as grandes liñas de actuación; e o CITIC da UDC, baixo a coordinación do seu director Manuel G.

original



A cidade portuguesa de Porto acolleu este mércores 13 de decembro a presentación do proxecto ATEMPO, centrado en aplicar as vantaxes da Intelixencia Artificial e outras innovacións tecnolóxicas nas grandes emerxencias transfronteirizas. Enmarcado no POCTEP 2021-2027 de Asistencia Transfronteiriza de Emerxencias, está impulsado por diferentes institucións públicas e centros de investigación de Galicia, Portugal e Castela e León, [incluído o Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña \(CITIC\)](#), referente galego e estatal en intelixencias artificiais e usos prácticos e útiles das mesmas.

Desde a Comunidade galega, é a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) a encargada de marcar as grandes liñas de actuación; e o CITIC da UDC, baixo a coordinación do seu director Manuel G. Penedo, asume o desenvolvemento tecnolóxico baseado en IA deste proxecto, no que participan tamén investigadores do Campus Industrial de Ferrol.

Tras unha reunión do comité de xestión e coordinación do proxecto, o acto de presentación de ATEMPO tivo lugar este mércores 13 na cidade portuguesa de Porto e contou coa presenza de diferentes autoridades luso-españolas, entre as que destacaron o vicepresidente da CCDRN, Beraldino Pedrés; e o xerente da axencia galega AXEGA, Marcos Araújo.

A investigadora do CITIC Amparo Alonso impartiu, no transcurso do evento, unha conferencia sobre *As posibilidades da aplicación da IA nas emerxencias*. Na súa intervención, Alonso destacou o papel da IA como ferramenta para facer fronte a situacións de emerxencia, sendo imprescindible para ser capaces de anticiparnos ás mesmas, planificar e xestionar os recursos á hora de facer fronte ás emerxencias ou realizar simulacións. Tamén destacou a importancia da cooperación transfronteiriza ante a necesidade de actuar de forma conxunta neste tipo

destas situacións. Ademais, falou sobre as posibilidades que ofrece a IA para o coñecemento de campo, para a coordinación e comunicación interadministrativa e para suplir as necesidades loxísticas.

Pola súa banda, o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, Salvador Naya, agradeceu que contasen coa Universidade para este proxecto e recalcou a importancia da cooperación entre estes territorios (Galicia e Norte de Portugal, así como Castela e León).



A investigadora do CITIC Amparo Alonso nun intre da presentación en Porto

Resposta anticipada, racional e intelixente

Segundo engadiron, trátase dun ambicioso programa colaborativo de tratamento e xestión de emerxencias, que busca, grazas á actuación conxunta de administracións e centros de investigación, mellorar a resposta a grandes desastres naturais, como incendios ou asolagamentos como principais consecuencias do cambio climático.

O labor do CITIC no proxecto ATEMPO centrarase no desenvolvemento de sistemas de predición de accidentes mediante técnicas de aprendizaxe profunda (*deep learning*) a partir das bases de datos dos diferentes socios e doutras fontes como os servizos de meteoroloxía, a actividade económica de polígonos, fontes demográficas ou ordenación do territorio. Inclúe ademais o desenvolvemento de algoritmos de análises de datos baseados en IA, en concreto ferramentas de predición na xestión de emerxencias e modelos avanzados de anticipación que poidan contribuír á toma de decisións e á correspondente dotación de recursos a través de sistemas de recomendación de dimensionado.

Estas tarefas serán desenvolvidas por equipos de persoal investigador liderados polos membros do CITIC Miguel Luaces e Elena Hernández Pereira.

Para o director do CITIC, Manuel G. Penedo, este programa supón un importante avance para demostrar a capacidade do noso centro na transferencia de coñecemento ás necesidades reais da sociedade e por iso estamos moi satisfeitos por poder achegar a nosa experiencia en IA a este proxecto e colaborar estreitamente coa AXEGA da Xunta de Galicia e outros socios como a Junta de Castilla y León, o CIM Alto Minho, CCDD Norte, a Guarda Nacional Republicana ou o Instituto Nacional de Emérgencia Médica, entre outros.

E engadiu: Significa tamén profundar na cooperación coa AXEGA, que mantemos desde o pasado 2021, ano no que iniciamos reunións para valorar o papel das TIC no tratamento intelixente e a xestión de emerxencias a partir, nese momento, dos sinais de voz e análise de noticias falsas. O reto de estender esta colaboración transfronteiriza con outros socios de alto nivel é unha mostra máis da confianza institucional na nosa capacidade competitiva, concluíu.

Publicación	La Voz de Galicia Vigo, 26
SopORTE	Prensa Escrita
Circulación	11 626
Difusión	10 167
Audiencia	30 480

Fecha	14/12/2023
País	España
V. Comunicación	2 451 EUR (2,641 USD)
Tamaño	196,85 cm² (31,6%)
V.Publicitario	688 EUR (741 USD)

Galicia y Portugal aplicarán la inteligencia artificial para mejorar la respuesta ante emergencias

BRAIS MÉNDEZ, R ROMAR
REDACCIÓN / LA VOZ

Responsables de la región Norte de Portugal, de la Xunta y de la Junta de Castilla y León, presentaron ayer, miércoles, en Oporto Atempo, un proyecto para la atención transfronteriza de emergencias que sucede a los programas Ariem+ y Ariem 112, que operaron durante los últimos ocho años. Con una inversión de 4,8 millones de euros procedentes de fondos europeos, este plan se propone mejorar la previsión de desastres y reducir los tiempos de respuesta ante el riesgo de emergencias utilizando herramientas de inteligencia artificial.

El desarrollo tecnológico, con aplicaciones de inteligencia, corre a cargo del Citic de la Universidade da Coruña, mientras que de la parte de la ingeniería se encargará el Campus de Ingeniería Industrial de Ferrol. En Galicia

será la Axencia Galega de Emerxencias (Axega) la que marcará las grandes líneas de actuación.

«El sistema te permitirá realizar una predicción del riesgo de que ocurra un incendio o una inundación de acuerdo con el análisis de los datos históricos de determinadas zonas», explica Manuel G. Penedo, director del Citic. «Luego —añade—, te puede ayudar a decir cuántos medios se necesitan para afrontarlo, y, en el caso de un incendio, calcular cuál será su dirección, si va a afectar a viviendas o no, y mejorar los tiempos de respuesta». «Optimizaremos, ante incendios o inundaciones, la utilización de todos los medios disponibles para obtener la mayor eficiencia», resume Penedo. Durante la presentación del proyecto, la investigadora del Citic Amparo Alonso impartió una conferencia, en la que destacó el papel de la inteligencia artificial como herramienta para hacer frente a



Planificar la respuesta a inundaciones, como la que ocurrió en Sada, es uno de los objetivos. MARCOS MÍGUEZ

situaciones de emergencia. «Es imprescindible —dijo— para ser capaces de anticiparnos a las misiones, planificar y gestionar los recursos a la hora de hacerles frente o realizar simulaciones».

«Este proyecto afianza los lazos culturales y de confianza entre las tres regiones fronterizas», dijo Beraldo Pinto, vicepresidente de la Comisión de Coordi-

nación y Desarrollo Regional del Norte de Portugal. «Es un avance —añadió— hacia la integración, interacción y desarrollo para nuestras poblaciones, y recalca las líneas invisibles que nos unen». Tanto Pinto como el gerente de la Axencia Galega de Emerxencias, Marcos Araújo, insistieron en que lo esencial es «mejorar la sensibilización y concienciación ciu-


dadana» para saber cómo actuar ante las emergencias y prevenirlas. «Es esencial dar una respuesta coordinada y homogénea en todos los niveles», explicó Araújo.

El proyecto abarca toda Galicia, cuatro provincias de Castilla y León y doce regiones portuguesas de las áreas norte y centro. Es decir, una población total de nueve millones de personas.

O CITIC capta máis da metade das axudas para contratación de persoal predoutoral da Xunta concedidas á UDC

Un total de 14 investigadores adheridos ao CITIC obtiveron as axudas para a contratación de persoal predoutoral da Xunta concedidas á Universidade da Coruña. O Centro de Investigación TIC da UDC logrou un 58,33% das axudas outorgadas á institución académica, á cal concedéronse un total de 24 contratos cunha partida orzamentaria que ascende a 2,7 millóns.

original



Un total de 14 investigadores adheridos ao CITIC obtiveron as axudas para a contratación de persoal predoutoral da Xunta concedidas á Universidade da Coruña. O Centro de Investigación TIC da UDC logrou un 58,33% das axudas outorgadas á institución académica, á cal concedéronse un total de 24 contratos cunha partida orzamentaria que ascende a 2,7 millóns. Unha análise detallada das solicitudes totais mostra que 15 delas corresponden á rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura, na que se inclúen os investigadores do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. Destas 15 solicitudes, 10 foron concedidas, o que representa un 66,66% do total. Ademais, todas as solicitudes concedidas nesta categoría están dirixidas por membros do CITIC. Pola súa banda, na área de Ciencias, que tamén abarca aos investigadores do CITIC, solicitáronse 20 axudas, obténdose un total de 8.

A Universidade da Coruña obtivo dúas partidas orzamentarias por parte da Xunta de Galicia, unha de 426.171,04 euros e outra de máis de 2 millóns de euros. Estes fondos permitirán a contratación de persoal predoutoral e a continuación de investigacións en campos clave de Enxeñaría, Arquitectura e Ciencias.

Intelixencia Artificial para mellorar a predición e resposta a grandes emerxencias transfronteirizas da man do CITIC da Universidade da Coruña

O proxecto ATEMPO, que consiste en aplicar as vantaxes da intelixencia artificial nas emerxencias transfronteirizas, vén de presentarse estes días na cidade portuguesa de Porto. O desenvolvemento tecnolóxico baseado en IA do proxecto está coordinado desde a UDC polo director científico do CITIC, Manuel González Penedo.

original



- O proxecto ATEMPO, que consiste en aplicar as vantaxes da intelixencia artificial nas emerxencias transfronteirizas, vén de presentarse estes días na cidade portuguesa de Porto. O desenvolvemento tecnolóxico baseado en IA do proxecto está coordinado desde a UDC polo director científico do CITIC, Manuel González Penedo
- Participan no proxecto institucións públicas e centros de investigación de Galicia, Portugal e Castela e León.
- O acto de presentación contou cunha conferencia da investigadora do Centro de Investigación TIC da UDC Amparo Alonso Betanzos.

A Coruña, 14 de decembro de 2023.- Aplicar as vantaxes da intelixencia artificial e outras innovacións tecnolóxicas nas grandes emerxencias transfronteirizas é o principal obxectivo do proxecto ATEMPO, presentado en Porto. Enmarcado no POCTEP 2021-2027 de Asistencia Transfronteiriza de Emerxencias, está impulsado por diferentes institucións públicas e centros de investigación de Galicia, Portugal e Castela e León. Desde a comunidade galega, é a Axencia Galega de Emerxencias a encargada de marcar as grandes liñas de actuación; e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions da Universidade da Coruña (CITIC), baixo a coordinación do seu director, Manuel González Penedo, asume o desenvolvemento tecnolóxico baseado en IA deste proxecto, no que participa tamén persoal investigador do Campus Industrial de Ferrol.

Tras unha reunión do comité de xestión e coordinación do proxecto, o acto de presentación de

ATEMPO tivo lugar onte na cidade portuguesa de Porto e contou coa presenza de diferentes autoridades luso-españolas, entre as que destacaron o vicepresidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte, Beraldino Pinto; e o xerente da Axencia Galega de Emerxencias, Marcos Araújo.

A investigadora do CITIC Amparo Alonso impartiu, no transcurso do evento, unha conferencia sobre as posibilidades da aplicación da IA nas emerxencias. Na súa intervención, Alonso destacou o papel da IA como ferramenta para facer fronte a situacións de emerxencia, sendo imprescindible para ser capaces de anticiparnos ás mesmas, planificar e xestionar os recursos á hora de facer fronte ás emerxencias ou realizar simulacións. Tamén destacou a importancia da cooperación transfronteiriza ante a necesidade de actuar de forma conxunta neste tipo de situacións. Ademais, falou sobre as posibilidades que ofrece a IA para o coñecemento de campo, para a coordinación e comunicación interadministrativa e para suplir as necesidades lóxicas.

Pola súa banda, o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, Salvador Naya, recalcou a importancia da cooperación entre estes territorios, Galicia e Norte de Portugal, así como Castela e León.

Resposta anticipada, racional e intelixente

Trátase dun ambicioso programa colaborativo de tratamento e xestión de emerxencias, que busca, grazas á actuación conxunta de administracións e centros de investigación, mellorar a resposta a grandes desastres naturais, como incendios ou inundacións, como principais consecuencias do cambio climático.

O labor do CITIC no proxecto ATEMPO centrarase no desenvolvemento de sistemas de predición de accidentes mediante técnicas de *deep learning* a partir das bases de datos dos diferentes socios e doutras fontes, como os servizos de meteoroloxía, a actividade económica de polígonos, fontes demográficas ou ordenación do territorio. Inclúe ademais o desenvolvemento de algoritmos de análises de datos baseados en IA, en concreto ferramentas predictivas na xestión de emerxencias e modelos avanzados de predición que poidan contribuír á toma de decisións e á correspondente dotación de recursos a través de sistemas de recomendación de dimensionamento. Estas tarefas serán desenvolvidas por equipos de persoal investigador liderados polos membros do CITIC Miguel Luaces e Elena Hernández Pereira.

Para o director do CITIC, Manuel González Penedo, este programa supón un importante avance para demostrar a capacidade do noso centro na transferencia de coñecemento ás necesidades reais da sociedade. Significa tamén afondar na cooperación coa AXEGA, que mantemos desde o ano 2021, en que iniciamos reunións para valorar o papel das TIC no tratamento intelixente e a xestión de emerxencias a partir, nese momento, dos sinais de voz e análise de noticias falsas, sinala o director do CITIC. O reto de estender esta colaboración transfronteiriza con outros socios de alto nivel é unha mostra máis da confianza institucional na nosa capacidade competitiva, conclúe.

Publicado por: Gabinete de Comunicación da UDC

Intelixencia artificial con selo galego para actuar ante as grandes emerxencias

Aplicar as vantaxes da intelixencia artificial e outras innovacións tecnolóxicas nas grandes emerxencias transfronteirizas é o principal obxectivo do proxecto **ATEMPO**, presentado este mércores en Porto. Enmarcado no POCTEP 2021-2027 de Asistencia Transfronteiriza de Emerxencias, está impulsado por diferentes institucións públicas e centros de investigación de Galicia, Portugal e Castela e León.

Redacción • [original](#)



Edificio do CITIC na Coruña

Aplicar as vantaxes da intelixencia artificial e outras innovacións tecnolóxicas nas grandes emerxencias transfronteirizas é o principal obxectivo do **proxecto ATEMPO**, presentado este mércores en Porto. Enmarcado no POCTEP 2021-2027 de Asistencia Transfronteiriza de Emerxencias, está impulsado por diferentes institucións públicas e centros de investigación de Galicia, Portugal e Castela e León. Desde a Comunidade galega, é a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) a encargada de marcar as grandes liñas de actuación; e o CITIC da Universidade da Coruña (UDC), baixo a coordinación do seu director **Manuel G. Penedo**, asume o desenvolvemento tecnolóxico baseado en IA deste proxecto, no que participan tamén investigadores do Campus Industrial de Ferrol.

Tras unha reunión do comité de xestión e coordinación do proxecto, o acto de presentación de ATEMPO celebrouse na cidade portuguesa de Porto e contou coa presenza de diferentes autoridades luso-españolas, entre as que destacaron o vicepresidente da CCDRN, **Beraldino Pinto**; e o xerente da AXEGA, **Marcos Araújo**. A investigadora do CITIC **Amparo Alonso** impartiu, no transcurso do evento, unha conferencia sobre as posibilidades da aplicación da IA nas emerxencias. Na súa intervención, Alonso destacou o papel da IA como ferramenta para facer fronte a situacións de emerxencia, sendo imprescindible para ser capaces de anticiparnos ás mesmas, planificar e xestionar os recursos á hora de facer fronte ás emerxencias ou realizar simulacións. Tamén destacou a importancia da cooperación transfronteiriza ante a necesidade de actuar de forma conxunta neste tipo de situacións. Ademais, falou sobre as posibilidades que ofrece a IA para o coñecemento de campo, para a coordinación e comunicación interadministrativa e para suplir as necesidades loxísticas.

Pola súa banda, o Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, **Salvador Naya**, agradeceu que contasen coa Universidade para este proxecto e recalcou a importancia da cooperación entre estes territorios (Galicia e Norte de Portugal, así como Castela e León).

Resposta anticipada, racional e intelixente

Trátase dun programa colaborativo de tratamento e xestión de emerxencias que busca, grazas á actuación conxunta de administracións e centros de investigación, mellorar a resposta a grandes desastres naturais, como incendios ou inundacións como principais consecuencias do cambio climático.

O labor do CITIC no proxecto ATEMPO centrarase no **desenvolvemento de sistemas de predición de accidentes mediante técnicas de *deep learning*** a partir das bases de datos dos diferentes socios e doutras fontes como os servizos de meteoroloxía, a actividade económica de polígonos, fontes demográficas ou ordenación do territorio. Inclúe ademais o desenvolvemento de algoritmos de análises de datos baseados en IA, en concreto ferramentas preditivas na xestión de emerxencias e modelos avanzados de predición que poidan contribuír á toma de decisións e á correspondente dotación de recursos a través de sistemas de recomendación de dimensionamiento. Estas tarefas serán desenvoltas por equipos de persoal investigador liderados polos membros do CITIC **Miguel Luaces** e **Elena Hernández Pereira**.

Presentación do Proxecto ATEMPO este mércores en Porto.

Para o director do CITIC, Manuel G. Penedo, este programa supón un importante avance para demostrar a capacidade do noso centro na transferencia de coñecemento ás necesidades reais da sociedade e por iso estamos moi satisfeitos por poder achegar a nosa experiencia en IA a este proxecto e colaborar estreitamente coa AXEGA da Xunta de Galicia e outros socios como a Junta de Castilla y León, o CIM Alto Minho, CCDR Norte, a Garda Nacional Republicana ou o Instituto Nacional de Emérgencia Medica, entre outros.

Significa tamén profundar na cooperación coa AXEGA, que mantemos desde o pasado 2021, ano no que iniciamos reunións para valorar o papel das TIC no tratamento intelixente e a xestión de emerxencias a partir, nese momento, dos sinais de voz e análise de noticias falsas, sinala o director do CITIC. O reto de estender esta colaboración transfronteiriza con outros socios de alto nivel é unha mostra máis da confianza institucional na nosa capacidade competitiva, conclúe.

A UVigo e a Deputación activan unha revista para difundir coñecemento crítico, tecnolóxico e feminista

A Cátedra de Feminismos 4.0, impulsada pola Deputación de Pontevedra e a UVigo, presentou en sociedade unha nova revista que permitirá difundir coñecemento científico, crítico e feminista, sobre os riscos éticos da transformación tecnolóxica e o seu impacto negativo sobre os dereitos das persoas.

original



A Cátedra de Feminismos 4.0, impulsada pola Deputación de Pontevedra e a UVigo, presentou en sociedade unha nova revista que permitirá difundir coñecemento científico, crítico e feminista, sobre os riscos éticos da transformación tecnolóxica e o seu impacto negativo sobre os dereitos das persoas. [Chamada Gender on Digital. Journal of Digital Feminism, a nova publicación foi dada a coñecer no edificio Redeiras](#) nun acto no que participaron a directora da Unidade de Igualdade da UVigo, Águeda Gómez; a xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, Lucía Muradas e as investigadoras Amparo Alonso e Soledad Torres, que forman parte do comite científico da revista e son autoras de dous dos artigos no primeiro número.

Segundo comentou a directora da Unidade de Igualdade da UVigo e responsábel do equipo directivo da revista, estamos inmersas nunha nova revolución e debemos garantir que este novo universo dixital sexa máis xusto elaborando diagnoses desde unha ollada feminista que nos leve no sentido dun mundo máis igualitario.

Pola súa banda, Lucía Muradas destacou que a publicación desta revista supón un importante fito e agradeceu o traballo realizado desde a Unidade de Igualdade da UVigo durante estes anos, especialmente a través das iniciativas da cátedra nas que a Deputación participou cúbado con cúbado. A nova publicación conta tamén co apoio do Servizo de Publicacións e da Vicerreitoría de Investigación.

O primeiro número, con Amparo Alonso

A revista terá unha periodicidade anual e conta cun equipo científico conformado polo Comite de Sabias da Catedra Feminismos 4.0 DEPO- UVigo que recollerá en cada publicación os temas tratados nos obradoiros *Hackeando o Patriarcado*. O primeiro número reúne os resultados das achegas científicas desenvolvidas no primeiro obradoiro da catedra titulado *Sociedade dixital e negos de xenero* e conta tamén con artigos de fondo doutras expertas, entre elas a catedrática da Universidade da Coruña Amparo e investigadora do CITIC, Alonso Betanzos, que asina un artigo no que indaga sobre os fortes desafíos éticos que propón a Intelixencia Artificial. Alonso, que participou no acto a través de vídeo-conferencia, asegurou que a IA esta a resultar unha disciplina transversal omnipresente en todas as dimensións da vida humana e, polo tanto, leva consigo fortes desafíos éticos: un deles e a posíbel aparición

de nesgos de xenero, o que nos obriga a permanecer vixilantes para garantir unha IA ética, fiable e xusta. A investigadora asegura que o adestramento de algoritmos realízase seguindo modelos con datos históricos cuxa calidade non é a axeitada, e advirte de que os rumbos non so están nos algoritmos, tamen poden derivar de desigualdades no acceso á tecnoloxía, ou de falta de diversidade nos equipos.

No acto estivo tamén presente Soledad Torres, profesora da EE de Telecomunicación e investigadora de atlantTic, que participa neste primeiro número cun artigo no que reflexiona sobre os asistentes dixitais en español que segundo explicou, maioritariamente reforzan as imaxes estereotipadas da muller, utilizan unha linguaxe sexista e toleran os comentarios e o acoso sexual.

Ademais das colaboracións de Amparo Alonso e Soledad Torres, no apartado *Investigación* recóllese un artigo colectivo, liderado pola profesora da Universidade de Vigo, Teresa Rivas, no que analiza con perspectiva de xenero o percorrido académico e laboral dentro da área da enxeñaría, no contexto xeográfico de Pontevedra e no período de 1967 a 2018.

Na sección de *Miscelánea*, a experta en comunicación e feminismos Guiomar Rovira, da Universitat de Girona, traça unha xenealoxía dende os inicios de internet e o ciberfeminismo como vangarda ata a incursión de multitudes de mulleres conectadas nas redes dixitais, iniciando movementos feministas horizontais, sen liderados fixos e con vocación transnacional. Nel, analiza a capacidade agregativa e de acción en rede dos *femitags* (cancelos feministas) e da transnacionalización dos feminismos desta era. Nesta mesma sección, a comunicadora Marga Tojo, como representante da Asociación de Xornalistas Galegas, aborda o rol dos medios como parte dos actores discursivos que garanten o mantemento do estatus en termos de xenero e de certa violencia simbólica. No texto tamen analiza as consecuencias da crecente dixitalización nas narrativas mediáticas, o que está a supor unha interesante xanela de oportunidade para o cambio no eido da comunicación.



Adegas Eidos



Publicación	La Voz de Galicia Vigo, 3
SopORTE	Prensa Escrita
Circulación	11 626
Difusión	10 167
Audiencia	30 480

Fecha	18/12/2023
País	España
V. Comunicación	3 461 EUR (3,775 USD)
Tamaño	381,68 cm ² (61,2%)
V.Publicitario	1112 EUR (1213 USD)

De un gemelo digital de Galicia a la detección del cáncer, proyectos en la vanguardia

Las nuevas aplicaciones tecnológicas se impulsan en casi todos los sectores

R. ROMAR
REDACCIÓN / LA VOZ

Prácticamente no quedan en Galicia sectores donde no se estén aplicando herramientas de inteligencia artificial. Desde el energético al naval pasando por el agropecuario, el textil, el sanitario o el aeronáutico, el espacial, el de las telecomunicaciones, el envejecimiento, el marino, el turístico o el audiovisual. Bien porque se utilizan aplicaciones ya existentes o porque se están desarrollando otras propias, tanto las empresas por sí mismas o en colaboración con los centros tecnológicos o de investigación. A lo que hay que añadir las propuestas por la propia Administración. Estas son solo un pequeño ejemplo.

SANIDAD
Sector en ebullición. Es prácticamente imposible cuantificar los proyectos dedicados a este ámbito en Galicia. Hay iniciativas dedicadas a predecir desde el Alzheimer y enfermedades neurovasculares, al procesado de retinografías para detectar el infarto agudo o el de miocardio, al diagnóstico precoz de cáncer de pulmón y de colon o a la selección de pacientes para el cribado de los tumores de próstata o mama. También se han desarrollado sistemas para la detección precoz de la artrosis de rodilla —incluso se están llevando a cabo iniciativas de procesado de imágenes para diagnosticar la enfermedad en segundos— y se están estudiando sistemas para determinar la gravedad de las enfermedades infecciosas. La mejora de la gestión de citas médicas es otra de las mejoras que está en el horizonte. Galicia, en este

campo, parte también con ventaja porque ha sido la primera comunidad en digitalizar los datos clínicos de los pacientes y en impulsar la receta electrónica. Aquí también se ha creado un Consejo Asesor en Inteligencia Artificial y Datos de Salud. Además, empresas como Qbiotech utilizan el procesamiento de imágenes por IA para diagnosticar enfermedades del cerebro.

ASTILLEROS 4.0
Naval. La unidad mixta de Navantia, Xunta y Citic de la UDC trabaja en el desarrollo de un astillero virtual que permita simular diferentes diseños y estrategias constructivas sin necesidad de actuar sobre un sistema real.

REALIDAD VIRTUAL
Nanovr. El proyecto europeo Nanovr, que desarrolla en el Citius David Glowacki plantea aplicar la tecnología de realidad virtual a múltiples ámbitos. Las simulaciones se utilizarán para analizar problemas importantes, como las interacciones entre proteínas y ligandos que son necesarias para hacer frente a las cepas emergentes de virus o para enfermedades mentales.

DRONES
Integración en el espacio aéreo. El ITG coordina a nivel europeo un plan para que los drones puedan convivir en el espacio aéreo en entornos urbanos puedan convivir en el espacio aéreo. El modelo se ha testado con éxito.

ENERGÍA
Comunidades energéticas. El Instituto Tecnológico de Galicia también desarrolla un proyec-



El laboratorio de control de drones por inteligencia artificial desarrollado por ITG. MARCOS MÍGUEZ

to sobre comunidades energéticas. El objetivo es conocer cuánta energía se va a generar y producir para predecir luego cuál puede ser la gestión más adecuada.

GEMELO DIGITAL DE GALICIA
Herramienta para la planificación. Impulsado por la Amtega en colaboración con varias consellerías, esta herramienta permitirá planificar y gestionar de manera inteligente, en base a simulaciones y analíticas predictivas, la prestación de servicios y actuaciones públicas y privadas, sobre todo en entornos rurales e impulsar iniciativas de cohesión social. Para obtener información utilizan más de 300.000 sensores y datos de vehículos aéreos.

ICOUSAS
Monitoreo del territorio. El proyecto de monitorización del territorio iCousas, de la Xunta, ensaya un plan piloto en la aldea modelo de Moreda (Lugo) para conocer y analizar la posición y la actividad de cada animal, de tal modo que se puedan detectar situaciones anómalas e intervenir si es necesario.

GESTIÓN DE RESIDUOS
Recogida y clasificación. Galicia lidera un proyecto europeo con Portugal que permite aplicar la IA y la robótica en los procesos de recogida y clasificación de residuos de envases de origen doméstica que se llevan a ca-

bo en Sogama. También en colaboración con Portugal se acaba de anunciar un plan para mejorar el tiempo de respuesta ante emergencias y poder predecirlas.

PLANIFICACIÓN FORESTAL
Control de plagas. Entre otras herramientas desarrolladas al amparo de la Plataforma Agroforestal de Galicia está un sistema automatizado de alertas epidemiológicas, de tal modo que en cuanto se detecte una posible plaga en masas forestales se dé un aviso a los productores.

PROXECTO NÓS
Traductor y asistente virtual en gallego. En el ámbito de la lengua, el Citius ha desarrollado con IA tres herramientas para incorporar el gallego a los nuevos lenguajes digitales: un traductor neuronal multilingüe, un sistema de reconocimiento de voz —el Siri gallego— y una aplicación de síntesis de voz que, a partir de un texto, es capaz de leer en este idioma.

RESIDENCIAS
Detección de riesgos. Amtega, Política Social y la empresa Co-remain desarrollan un plan para que las residencias cuenten con estaciones portátiles, o «carros de enfermería» y de monitorización de pacientes, con las que los profesionales podrán recoger las constantes vitales en tiempo real e incorporarlas automáticamente al sistema de gestión de las resi-

dencias. También permitirá identificar con antelación situaciones de riesgo en usuarios.

COMO CHATGPT
Bots conversacionales. El proyecto Epicolen de AtlanTTic de la Universidade de Vigo, en colaboración con la de Santiago, utiliza técnicas de procesado del lenguaje natural para el desarrollo de chatbots conversacionales. Está orientado a facilitar la evaluación psicológica y cognitiva de personas mayores y niños o adolescentes con problemas de conducta.

PROYECTO SALS
Lenguaje natural. El Consejo Europeo de Investigación ha financiado el proyecto Salsa, del Citic, para crear algoritmos que traduzcan el lenguaje natural a entornos digitales actuales propios de la inteligencia artificial.

LENGUAJE DE SIGNOS
Reconocimiento automático. Los proyectos Train, SignaMed y SignaSalud de la Universidade de Vigo se centran en el reconocimiento automático del lenguaje de signos a través de una solución que pueda funcionar en cualquier dispositivo móvil.

TORUSWARE
Costes de producción. La empresa Torusware lidera una plataforma de *software* basada en la IA para que las empresas reduzcan sus costes de producción.

La retención y captación de talento es el gran desafío

Que Galicia esté bien situada en la carrera mundial de la inteligencia artificial no significa que todo sean luces. También hay sombras. Hacen falta más recursos, una mayor inversión en I+D+i, una mayor interrelación entre empresas y grupos de investigación y, sobre todo, poder retener y captar nuevo talento en un sector muy competitivo y el que, a diferencia de otros, hay más oferta que demanda de empleo.

Es en lo que coinciden los expertos consultados por La Voz. «Estamos dando los pasos adecuados para ser un referente europeo, pero necesitamos per-

sonal especializado. El talento es primordial, pero no se trata solo de retener el que ya tenemos, sino de atraer al de fuera, tener la capacidad de importarlo», apunta Óscar González, director de proyectos del Instituto Tecnológico de Galicia (ITG), una institución que mantiene activos 40 proyectos en IA obtenidos en convocatorias competitivas a nivel nacional y europeo.

Conseguir más masa crítica, tanto en número como en calidad, es el reto, pero no es fácil. «Necesitamos un apoyo más fuerte para la retención del talento, porque en un escenario de te-

letrabajo una empresa de los Países Bajos, de Bélgica o de Estados Unidos puede contratar a un gallego de un día para otro, ofreciéndole el doble de sueldo y con la posibilidad de trabajar desde su casa. En Galicia tenemos mucho talento bien formado, pero retenerlo es complicado», advierte Amparo Alonso, responsable del grupo Lidia en el Citic de la UDC, centro que mantiene en vigor 69 proyectos de todo tipo relacionados con este ámbito.

«En los proyectos que he generado tengo 12 vacantes que no consigo cubrir», apostilla Antonio Rodríguez del Corral, presi-

dente del Clúster TIC de Galicia, quien asegura que «nunca hubo tantos empleos en este sector pero tampoco hubo tanta movilidad como ahora». En todo caso tiene claro que «el talento hay que pagarlo». Senén Barro, director del Citius de la USC, centro que tiene activos más de 30 proyectos de IA, coincide en que «o que hai que facer é atraer talento, traer a xente de fóra con novas ideas, pero para iso ademais dos soldos é necesario xerar proxectos punteiros e relevantes que os estimulen, porque aínda que en Galicia poida que gañen menos é un bo sitio para vivir».

Galicia, epicentro de la inteligencia artificial

Reúne el potencial necesario para convertirse en referente europeo en esta tecnología

R. ROMAR

REDACCIÓN / LA VOZ

No es un deseo ni una fantasía. Es un hecho objetivo. Galicia tiene el potencial para convertirse en un referente europeo en inteligencia artificial fiable, ética y verde. Los datos así lo demuestran. Con cerca de 200 proyectos activos en este ámbito que abarcan todo tipo de sectores; con grupos de investigación líderes a nivel mundial; con centros punteros como el Citius de la USC —especializado en esta área— el Citic de la UDC y AtlanTTic de la Universidade de Vigo o tecnológicos como el ITG; con un ecosistema creciente de empresas que apuestan por esta tecnología, con 34 directamente especializadas en este ámbito y con muchas otras implicadas cada vez más en los procesos de digitalización; con un centro de supercomputación como el Cesga, que ha sumado un ordenador cuántico a sus capacidades, y con un programa de formación de estudiantes bien definido, con el grado y el máster interuniversitario en IA que imparten las tres universidades públicas, existe el caldo de cultivo más que suficiente para posicionarse en primera línea.

A ello se suma la inminente puesta en marcha de la Agencia Estatal de Supervisión de la IA en A Coruña (Aesia) después de que hace unos días se haya constituido su consejo rector, que elegirá en breve al director, y el hecho de que Galicia se vaya a convertir en la primera comunidad con una regulación específica en este ámbito, adelantándose al marco general que la UE aprobará entre febrero y marzo del próximo año.

«Estamos nunha situación pri-

vilexiada. Podemos decir que estamos no epicentro da IA a nivel nacional e europeo e estamos ante unha oportunidade única que non podemos deixar escapar para ser referentes en IA», subraya Julián Cerviño, director de la Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Este organismo acaba de designar un comité de sabios encargado de guiar este proceso.

La suya no es la única visión optimista ante un escenario ventajoso para la comunidad. «En Galicia se ha hecho una apuesta muy fuerte por la IA y tenemos lo necesario para ser un referente, pero las Administraciones tienen que empezar a poner las piedras en el camino», apunta Manuel G. Penedo, director del Citic. Una idea en la que abunda la catedrática de la UDC en Ciencias de la Computación e IA Amparo Alonso. «Si es-

tamos —dice— en una situación de privilegio», pero también advierte que «para estar al nivel de otros países tenemos que poner más carne en el asador».

Parte de este impulso llegará con la ley gallega de IA, que ha iniciado su tramitación y que aboga por un uso eficaz, eficiente, ético y seguro de esta tecnología, en la línea del futuro marco europeo. Pero la normativa también pone las bases para atraer a Galicia a empresas multinacionales mediante incentivos fiscales, que también beneficiarán a las pymes locales que incorporen sistemas de inteligencia artificial a sus procesos productivos. Lo previsible es que la Aesia propicie un entorno de atracción de empresas e inversiones que podría verse beneficiado por las facilidades que ofrecerá la Administración gallega, que también espera tener una mayor implicación en el organismo estatal. «Ofrecemos a nosa colaboración ao Goberno, pero estamos á espera dunha resposta», señala Julián Cerviño.

Este escenario de optimismo es compartido por el Clúster TIC de Galicia. «Claro que Galicia puede ser un referente, porque tenemos los recursos y también tenemos empresas que quieren serlo», reflexiona Antonio Rodríguez

del Corral, presidente de la entidad. Al mismo tiempo, lanza una reflexión: «Si de verdad queremos ser referentes necesitamos tomar decisiones estratégicas. Aquí ya no se trata de desarrollar I+D que ya existe, sino de utilizar las plataformas que hay y decidir en qué podemos ser líderes en aplicaciones y en productos, para lo que necesitamos entrenar modelos con un conjunto de datos concreto. Tenemos que ir hacia modelos específicos y personalizados».

Concurso de ideas

No se trata, en esencia, de competir con los gigantes tecnológicos, algo imposible porque en Galicia no existen los recursos económicos suficientes. «OpenAI, el creador de ChatGPT, emplea 600.000 euros al día en recursos para entrenar sus modelos, y nosotros no podemos. Tenemos que dirigirnos hacia segmentos específicos si queremos ser líderes», sostiene Rodríguez, que apuesta por un concurso de ideas para ordenar las prioridades y «decidir cómo queremos ser referentes en aplicaciones y productos». Para avanzar en esta línea se necesita una mayor digitalización de los datos —el alimento de la IA— en distintos ámbitos, e incluso más capacidad de computación.

En esta línea, la Xunta ha puesto en marcha, en colaboración con Portugal, un espacio de datos (Sandbox) en el que se preserva la privacidad, una especie de laboratorio en vivo en el que las empresas puedan testar sus algoritmos para ofrecer soluciones a los retos que se planteen.




ILUSTRACIÓN
MARÍA PEDREDA

«Pensar en ser o Silicon Valley da IA é ilusorio, pero podemos destacar en innovación»

«Galicia está claramente por encima da media de España en proxectos e grupos de investigación en IA e en capacidade empresarial relacionada con este ámbito. E porque temos este ecosistema é polo que podemos ser sede da Aesia, que tamén esperamos que sexa, aínda que non dun día para o outro, o elemento tractor desta tecnoloxía, o faro no que o mundo mira a Galicia e tamén un importante revulsivo», destaca Senén Barro, director del Citius de la USC.

La comunidad no puede aspirar a competir con los gigantes tecnológicos, pero sí ofrecer soluciones innovadoras a partir de sistemas de IA para que empresas y administraciones mejoren su eficiencia y productividad para aumentar su competitividad, en el primer caso, y para que ofrezcan mejores servicios a los ciudadanos, en el segundo.

«Pensar que Galicia vai ser o Silicon Valley da IA é algo ilusorio, porque non vai ser un referente de empresas de IA no mundo, porque só Google ten máis de 1.000 investigadores dedicados a esta área, pero si pode selo en innovación, en xeración de novos produtos e aplicacións», atestigua Senén.

También puede ser líder en algunas áreas. Como en la generación de algoritmos verdes, con los que se pretende rebajar el elevado consumo energético derivado de la utilización de ingentes cantidades de datos que son necesarios para el entrenamiento y uso de los sistemas de IA. El Citic de la Universidade da Coruña es líder en este ámbito, posición que espera reforzar con la consecución del primer grado de toda España dedicado a esta materia.

Todos los expertos consultados destacan, además, que con la entrada en vigor de la Aesia, la primera agencia del mundo reguladora de esta especialidad, la comunidad podrá situarse como líder en fiabilidad. «La confiabilidad de las herramientas de IA va a ser uno de los temas que más se van a tener en cuenta, y la Aesia nos va a ayudar mucho a desplegar aplicaciones de IA fiables y éticas», señala Óscar Rodríguez, director de proyectos del Instituto Tecnolóxico de Galicia.

O IES Ramón Menéndez Pidal - Zalaeta visita a sede do CITIC

Posteriormente, no laboratorio de impresión 3D, explicouse o funcionamento das impresoras de extrusión de plástico, resina e fusión de po. A visita finalizou no laboratorio de Realidade Virtual e Localización onde se mostrou, entre outros, un supermercado virtual. Neste escenario, os participantes puideron facer a compra de produtos dunha lista ou seleccionar os ingredientes adecuados para preparar unha receita de cociña.

original



O Centro de Investigación TIC da UDC (CITIC) recibiu na mañá deste martes 19 a visita de 24 alumnas e alumnos de 1.º e 2.º de Bacharelato do IES Ramón Menéndez Pidal Zalaeta (A Coruña), que este ano participa de novo na cuarta edición de Talentos Inclusivos, iniciativa impulsada polo CITIC en colaboración con ASPACE Coruña a favor da tecnoloxía sen barreiras.



Tras unha breve exposición das liñas de actividade do CITIC, o alumnado puido coñecer o Demostrador Tecnolóxico onde se presentaron proxectos de robótica, como o *Robobo*, deseñado integramente por persoal investigador do CITIC, ou o *Nao*, robot que conta con diversos mecanismos e sensores para realizar todo tipo de movementos e tarefas. Posteriormente, no laboratorio de impresión 3D, explicouse o funcionamento das impresoras de extrusión de plástico, resina e fusión de po.



A visita finalizou no laboratorio de Realidade Virtual e Localización onde se mostrou, entre outros, un supermercado virtual. Neste escenario, os participantes puideron facer a compra de produtos dunha lista ou seleccionar os ingredientes adecuados para preparar unha receita de cociña. I

Durante o encontro recolléronse as opinións dos asistentes, o cal, segundo sinalaron fontes do CITIC, permitirá coñecer o interese do alumnado polas profesións no ámbito STEM (siglas de

Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemática).



Terxy - Quercus

Mapeando la Vía Láctea

Si quieres apoyar el periodismo de calidad y comprometido puedes hacerte socio de Ethic y recibir en tu casa los 4 números en papel que editamos al año a partir de una cuota mínima de 30 euros, (IVA y gastos de envío a ESPAÑA incluidos). La Vía Láctea es nuestro hogar en un universo ilimitado y en constante expansión.

Siglo XXI • original

